



VALEDOR DO CIDADÁN

# INFORME AO PLENO DO CONCELLO 2011

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE  
ACTUACIÓNS DE OFICIO





**VALEDOR DO CIDADÁN**  
**INFORME AO PLENO DO CONCELLO 2011**

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE  
ACTUACIÓNS DE OFICIO

**Edita:** Valedor do Cidadán

**Fotografía da capa:** Diego Durán

**Maquetación:** Diego Durán

**Imprime:** Grupo SR

**Depósito Legal:** VG 231-2012

**ISBN:** 978-84-939053-5-4

**Oficina do Valedor do Cidadán**

R. Policarpo Sanz, 15 4º

(Casa das Artes) - 36202 Vigo

Telefone: 986 430 047

e-mail: [valedordocidadan@vigo.org](mailto:valedordocidadan@vigo.org)

web: <http://hoxe.vigo.org/oconcello/valedor>

## ÍNDICE

Presentación .....	7
Introdución .....	9
<b>PARTE I</b>	
<b>ACTUACIÓN A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2006 CON INCIDENCIAS NO ANO 2011 .....</b>	<b>11</b>
Capítulo I: Medio Ambiente.....	11
Capítulo II: Mobilidade e seguranza .....	17
Capítulo III: Urbanismo e Vivenda .....	23
Resumo estatístico .....	63
<b>PARTE II</b>	
<b>ACTUACIONES A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2007 CON INCIDENCIAS NO ANO 2011 .....</b>	<b>65</b>
Capítulo I: Medio Ambiente.....	65
Capítulo II: Mobilidade e Seguranza.....	98
Capítulo III: Urbanismo e Vivenda .....	106
Resumo estatístico .....	122
<b>PARTE III</b>	
<b>ACTUACIONES A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2008 CON INCIDENCIAS NO ANO 2011 .....</b>	<b>125</b>
Capítulo I: Medio Ambiente.....	125
Capítulo II: Mobilidade e Seguranza.....	127
Capítulo III: Tribunal Económico Administrativo.....	138
Capítulo IV: Servizos Xerais .....	139
Capítulo V: Urbanismo e Vivenda .....	144
Capítulo VI: Xestión Municipal .....	177
Resumo estatístico .....	180
<b>PARTE IV</b>	
<b>ACTUACIONES A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2009 CON INCIDENCIAS NO ANO 2011 .....</b>	<b>181</b>
Capítulo I: Medio Ambiente.....	181
Capítulo II: Mobilidade e Seguranza.....	186
Capítulo III: Urbanismo e Vivenda .....	191
Resumo estatístico .....	210
<b>PARTE V</b>	
<b>ACTUACIONES A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2010, CON INCIDENCIAS NO ANO 2011 .....</b>	<b>211</b>
Capítulo I: Deportes.....	211
Capítulo II: Medio Ambiente .....	212

Capítulo III: Mobilidade e Seguraza .....	220
Capítulo IV: Participación Cidadá .....	231
Capítulo V: Servizos Xerais .....	232
Capítulo VI: Urbanismo e Vivenda.....	233
Capítulo VII: Xestión Municipal.....	249
Resumo estatístico .....	251

## **PARTE VI**

<b>ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DURANTE O ANO 2011 .....</b>	<b>253</b>
Capítulo I: Benestar Social.....	254
Capítulo II: Educación .....	255
Capítulo III: Medio Ambiente .....	260
Capítulo IV: Participación Cidadá .....	271
Capítulo V: Promoción económica e Emprego .....	275
Capítulo VI: mobilidade e Seguraza .....	276
Capítulo VII: Servizos Xerais.....	306
Capítulo VIII: Urbanismo e Vivenda .....	313
Capítulo IX: Xestión Municipal .....	321
Capítulo X: Tenencia de Alcaldía .....	336
Resumo estatístico .....	337

## **PARTE VII**

<b>ENTREVISTAS E CONSULTAS POR CORREO ELECTRÓNICO NO ANO 2011 .....</b>	<b>345</b>
Entrevistas .....	345
Consultas por correo electrónico .....	345

## **PARTE VIII**

<b>ACTUACIÓNS DE OFICIO .....</b>	<b>347</b>
-----------------------------------	------------

<b>ANEXOS .....</b>	<b>371</b>
Expedientes actualizados até marzo de 2012 .....	373
IV Encontro Estatal de Defensorías Locais.....	375
Resumo das actuacións levadas a cabo no ano 2011 .....	379

## PRESENTACIÓN

A Oficina do Valedor do Cidadán iniciou as súas actividades en setembro de 2002. Vanse facer, xa que logo, dez anos dese evento. Consoante a normativa estatutaria que rexe o funcionamento desta institución, preséntase o noveno Informe Anual que recolle as principais actuacións levadas a cabo ao longo do ano 2011. Estas dividíronse, do mesmo xeito que a metodoloxía utilizada en anos anteriores, en Actuacións a Instancia de parte e Actuacións de Oficio.

Así pois, de acordo con estas indicacións, o contido do texto que se presenta dividiuse en seis partes diferenciadas e relacionadas entre si, as cales se corresponden con Actuacións a Instancia de parte. Por outra banda, noutro apartado pormenorízanse as entrevistas realizadas e as consultas atendidas por correo electrónico. Finalmente, conclúese cun resumo detallado das Actuacións de Oficio, previo aos preceptivos anexos que complementan outras actuacións implementadas no ano de referencia. Seguindo a estrutura metodolóxica citada, analízanse as Actuacións de Instancia de parte con incidencia no ano 2011 e que se corresponden, respectivamente, con expedientes iniciados nos anos 2006, 2007, 2008, 2009 e 2010. Naturalmente, as relacionadas co propio ano 2011 son analizadas separadamente.

As entrevistas mantidas a pedido da cidadanía así como as consultas establecidas por correo electrónico constitúen unha parte importante que se acrecentan á análise dos expedientes establecidos, cando non se alcanzou a avinza entre diversas concellarías do Concello e o Valedor do Cidadán.

As Actuacións de Oficio centráronse na publicación de dúas monografías, como resultado da análise de 4028 enquisas realizadas á cidadanía.

Nun anexo descríbense as principais conclusións, propostas e acordos do IV Encontro Estatal de Defensorías Locais para o coñecemento da cidadanía que habita en cada unha das 72 cidades que dispón da figura de Defensor Local, así como un resumo de todas as actuacións realizadas no ano 2011, que constitúen un total de 1250 (11% máis que no ano 2010).

Coa esperanza e o desexo de que o contido deste Informe sexa de utilidade para a cidadanía vaguesa, fica esta institución do Valedor do Cidadán dispoñíbel para calquera consulta adicional que se lle formule.

Luis Espada Recarey





## INTRODUCCIÓN

De novo faise preciso relembra e reiterar o manido tema da reforma administrativa, cada vez mais mencionado pero non por iso tan tido en conta como sería necesario.

Non está de máis recordar, de novo, que a innovación convértese nunha necesidade sempre e cando entendemos que esta é a carencia do que resulta imprescindible, do que non se pode pasar sen el.

No ámbito da xestión (privada ou pública) estase a vivir unha situación de afán renovador; de acadar mellores resultados mediante un axeitado uso dos medios pertinentes. Non é outra cousa que a chamada Calidade.

Hoxe a mellora tense que buscar polas vías dos rendementos, e neste ámbito as estratexias son inesgotábeis, pero para iso é necesario modernizar a xestión.

Dentro do ámbito da Calidade na Administración Pública existen exemplos de iniciativas verdadeiramente notábeis e até espectaculares que poden e deben considerarse como pauta ou exemplo. Para elo é preciso ter conciencia da realidade local, tal como xa funcionan en Castela e León, Concello de Zaragoza, Concello de Alcobendas, e outros.

Hoxe o exemplo do Concello supérase con novas fórmulas, como Grandes Áreas de Expansión, Áreas Metropolitanas, etc, o que obriga a implantación de mecanismos de cooperación, presididos pola idea de estender o Plan de Calidade aos correspondentes cooperantes.

Xa a Lei 30/1992, de 26 de novembro, na súa exposición de motivos indica que a eficacia das Administracións Públicas fai que a cooperación entre elas resulta un principio activo non só desexábel senón indispensable no seu funcionamento.

Esta cooperación xa se considera como un principio que debe presidir o exercicio de tódalas competencias compartidas ou das que se exercen sobre un mesmo espazo físico e polo tanto está previsto que presida toda a actuación local. Os entes locais, sempre actúan en ámbitos de competencias compartidas ou concorrentes. De aí que a cooperación sexa un deber xeral.

Xa non resulta estraño que se magnifique, cada vez máis, o criterio seguinte: "Fai falla un novo deseño administrativo".

Hoxe indícase que a poboación, o pesponto que une as pezas que compoñen o mapa administrativo galego dividido en máis de trescentos municipios, empeza a esfiañarse.



Case un 36% da poboación está localizada no entorno das sete grandes poboacións da comunidade dos que aproximadamente 200 concellos censan menos de 5000 habitantes cada un, cando a estimación, que para que un concello sexa financeiramente solvente, ten que ter un mínimo de 20.000 habitantes.

Tense que mencionar que Galicia conta con máis de 150.000 empregados públicos, dos que 30.400 traballar na Administración local.

Isto ven a indicar como o deseño actual e algo que falla e que, polo tanto, precisa dun cambio substancial.

A unión teórica de Concellos xa foi formulada no ano 2000, apúntase a que a mesma se concibiú seriamente.

A armazón organizativa actual deriva nunha duplicidade de servizos, algúns prestados a un tempo por concellos, deputacións, gobernos autonómicos e central.

Ante estas galimatías xurde a pregunta : A nova Administración: ¿reforma ou ruptura?; neste senso maniféstase R.L. Blanco Valdés (Catedrático da USC). "Neste país non se deu nin unha nin a outra. O resultado final debería traducirse nunha clasificación da súa estrutura e competencias para darlle axilidade ás Administracións e Seguridade xurídica aos administrados traducíndose nunha redución substancial dun gasto público que non é posíbel soportar".

# PARTE 1

## ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2006 CON INCIDENCIAS NO ANO 2011

### INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de 14 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2006 con incidencias durante o 20011 e que corresponden a:

- MEDIO AMBIENTE .....2
- MOBILIDADE E SEGURIDADE.....2
- URBANISMO ..... 10
- TOTAL ..... 14

### EXPEDIENTES

#### CAPÍTULO I - MEDIO AMBIENTE

##### EXPEDIENTE 16/2006

##### ASUNTO

Queixa en relación cos ruídos que soportan os veciños da rúa XX, tanto de día como de noite, pola actividade dos talleres de Renfe. O promotor da queixa solicitou a protección á que ten dereito no Concello, tentando que se sometese a actividade de Renfe a un procedemento de avaliación da incidencia ambiental e se lle aplicasen, de ser o caso, as medidas correctoras necesarias.

##### SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/03/2006. Con data 16/03/2006 solicítase á Concellería de Medio Ambiente o preceptivo informe, pedimento que tivo que reiterarse o 17/04/2006, o 18/05/2006 e o 12/06/2006.

Con data 16/06/2006 recíbese escrito do Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, no que informa o seguinte: *“Con data 6/06/2006 solicítase información ao enxeñeiro técnico de Licenzas e Actividades das actuacións a seguir con respecto ás zonas consideradas de servidume, como rectores do territorio afectado por servidumes sonoras a favor de sistemas xerais de infraestruturas viarias, ferroviarias ou outros equipos públicos que as reclamen”.*

Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 19/06/2006 indicándolle que, en datas vindeiras, instarase información actualizada en relación co contido do informe antes citado, o que se fai nas seguintes datas: 13/07/2006, 22/08/2006 e 25/09/2006.

Con data 6/10/2006 recíbese o informe, no que se reflite que se procede a aplicar o disposto na ordenanza municipal e na Lei de ruídos da Xunta de Galicia, polo que se están a realizar as actuacións previas para determinar se concorren circunstancias que xustifiquen a iniciación do expediente.

O anterior trasládase ao promotor da queixa, quen, o 6/11/2006, remite escrito no que proporciona nova información, que se traslada ao Concelleiro Delegado de Medio Ambiente o 8/11/2006, interesando, ademais, información actualizada con respecto ao expediente. Con data 5/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

## REFLEXIÓNS

Coñecido é o dilema entre descansar ou durmir, face a determinadas actividades (lecer, dereitos empresariais, servidumes, etc.), dilema que é totalmente falso, xa que o dereito ao descanso é máis primario, máis fundamental. O debate está falseado, o vieiro de integración europea non pode reducirse ao estritamente político-económico.

Hai que lembrar, máis unha vez, a introdución da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións que, na realidade, ten de ser considerada como algo máis cunha mera lenda. Nela indícase claramente que: *“O ruído é unha das perturbacións ambientais que de xeito máis importante afectan ás persoas, proba diso é o aumento de denuncias por parte das e dos cidadáns.”*

A ordenanza pretende protexer ás persoas e aos bens contra este tipo de agresión, e abranxe a todo tipo de actividades, instalacións e comportamentos que xeren ruídos ou vibracións susceptíbeis de producir inkomodos, lesións ou danos materiais ás persoas ou bens situados no municipio.

Sabido é que o ruído pode producir efectos fisiolóxicos non desexados, e que a actividade aludida neste expediente é unha das principais fontes de contaminación, non só pola actividade de circulación ou tráfico, mais tamén pola actividade sectorial dos talleres, polo que é

preciso cuantificar a intensidade do ruído e ter en conta, alén diso, a duración do mesmo, daí que sexa preciso actuar sobre as vías de transmisión e nas zonas de recepción.

Hoxe existen decisións xurídicas que obrigan a realizar medicións dos ruídos xerados por actividades similares á que nos ocupa, xa que, en virtude do principio de subsidiariedade proclamado pola Carta Europea de Autonomía Local, os Concellos terán que velar para que os veciños gocen dun medio ambiente axeitado e para que as molestias que producen os aeroportos (ou actividades similares) se reduzan ao máximo.

### RECOMENDACIÓN

Cabe tomar exemplo do ramo laboral do dereito que cada día está a conceder máis importancia aos trastornos que produce a contaminación acústica, pasar de ser o convidado de pedra e adoptar con realismo medidas serias e concluíntes, cortando unha problemática que cada vez se lle vai máis das mans, como se descoñecéndoa fose a desaparecer. A administración, en especial a local, ten de axir e evitar que o cidadán se torne a cotío en xustizábel para poder resolver as situacións anómalas que na súa existencia e paz social provocan os ruídos e todos os seus condicionantes (Izquierdo Carbonero).

Durante o ano 2008, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2008 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo o 19/02/2008, 27/03/2008, 05/05/2008, 21/05/2008, 26/06/2008, 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008 e 29/10/2008.

Non recibíndose información algunha durante o ano 2008.

Con data 20/05/2009, retómase o pedimento informativo e de novo o 22/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009 e 27/10/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse de novo a petición de informe, e, de novo o 02/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010 e 09/12/2010.

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 04/01/2011 reiterase a petición de informe, e, de novo o 01/02/2011, 02/03/2011, 01/04/2011, 02/05/2011, 01/06/2011, 04/07/2011 e 03/08/2011,

## EXPEDIENTE 61/2006

### ASUNTO

Queixa en relación co estado de abandono dun terreo propiedade do Concello, o que supón un perigo para a saúde dos residentes na zona.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 6/10/2006, solicitándose o preceptivo informe o 9/10/2006, petición que se reitera o 8/11/2006 e o 4/12/2006.

### REFLEXIÓNS

As Entidades locais son un dos principais fundamentos dun réxime democrático. O dereito dos cidadáns a participar na xestión pública permite unha administración eficaz e próxima aos mesmos.

Os poderes públicos teñen de velar pola utilización racional dos recursos naturais, contribuíndo para a conservación, protección e mellora da calidade do medio ambiente, especialmente cando o seu descoido afecta á saúde dos cidadáns, e deben establecerse como servizos mínimos a recolla de residuos, a limpeza viaria, a protección sanitaria, etc.

A Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos, subliña como obrigatorio para os propietarios (entre eles o Concello) o mantemento en constante estado de limpeza, salubridade e ornato público das súas propiedades. O Concello, de oficio, ordenará a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións. Que sucede cando o Concello se esquece dos terreos que lle son propios?, a quen sancionará?

### RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións áxiles e eficaces en temas que afectan a propiedades municipais en relación coa sanidade e o decoro públicos.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 14/02/2007, 13/03/2007, 11/04/2007, con data 17/04/2007 recébase escrito de Sanidade no que se informa que dadas as dificultades para acceder os terreos, remitiuse o expediente a Xerencia de Urbanismo para a realización das pescudas sobre a existencia dun acceso público para poder realizar a limpeza do mesmo, sen invadir propiedades privadas. Do que se dá cumprida

información á interesada o 19/04/2007. De novo o 14/05/2007, ínstase información sobre a situación, e, o 22/05/2007, recibe novo informe da Sanidade no que se indica que se descoñece a situación da oficina de Urbanismo a quen se lle trasladou o expediente, e que non é da súa competencia pesquisar a situación de dita oficina que non depende xerarquicamente do negociado de Sanidade.

É obvio que a coordinación brilla, unha vez mais, pola súa ausencia.

Do que damos cumprida información á interesada o 23/05/2007, e coa mesma data dirixímonos á Xerencia de Urbanismo que con data 12/06/2007, nos informa que existe un expediente en tramitación sobre as competencias de mantemento do talude existente nas traseiras do edificio, sobre orde de execución do mantemento do dito talude, o que lle participamos a interesada o 13/06/2007.

Con data 30/07/2007, interésase, de novo, información actualizada, e de novo o 30/08/2007.

Con data 06/11/2007, recébase comunicación da interesada na que nos participa, que están a seguir padecendo molestias constantes, por causa das picadelas dos insectos con perigo para súa saúde, do que se dá cumprida información a Urbanismo, instando, máis unha vez, a unha solución axeitada o 08/11/2007.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/02/2008 reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 26/03/2008, 05/05/2008, 20/05/2008, recibíndose escrito de Disciplina Urbanística o 26/05/2008, do que se deu cumprida información á interesada ficando o tema pendente das xestións ante Patrimonio. Con data 24/06/2008 solicitouse información ao respecto, e de novo o 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008 e 17/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse por sexta vez o pedimento informativo do 24/06/2008, e de novo, o 18/02/2009, 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 16/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 24/09/2009, 26/10/2009. Con data 06/11/2009 recébase escrito de Medio Ambiente informando que se procedeu á limpeza de parte do recinto, ordenándose de novo a limpeza do resto, e que con respecto ao peche débese actuar ante Patrimonio do que se deu cumprida información á interesada o 10/11/2009. Con data 4/12/2009 interésase información actualizada.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:



Con data 22/01/2009, recébase escrito da Concellería de Medio Ambiente no que se informa o seguinte:

*“En relación co seu escrito de data 1 de decembro, con respecto ao expediente 61/2006 (expediente municipal), segundo me informan os servizos municipais, prácame informarlle do seguinte:*

*Que por non resultar posíbel a notificación persoal ao interesado no lugar indicado como domicilio da orde de execución de limpeza, tal e como esixe a lexislación en vigor, con data 8 de xaneiro de 2010 foi remitido anuncio á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia no que se notifica á Comunidade de Propietarios o trámite de audiencia do expediente de incoación de orde de execución, dándolle un prazo de dez días hábiles, contados a partires do seguinte á publicación do anuncio no BOP para presentar as oportunas alegacións.*

*No caso de que no prazo indicado no se presentasen alegacións, ordease ao interesado para que no prazo máximo de 30 días naturais proceda á realización dos traballos precisos no terreo para manter as condicións de limpeza estipuladas na Ordenanza Municipal de Limpeza de Residuos Sólidos Urbanos, apercibíndolle de que de non cumprir esta orde procederase á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas que van desde 300 a 6.000 euros, reiterábeis até lograr a execución do ordenado.”*

Do anterior deuse cumprida información á interesada o 27/01/2010. Con data 24/02/2010 solicitouse información actualizada ao respecto, pedimento que se reitera o 22/04/2010, 24/05/2010, 23/06/2010.

Coa mesma data recébase informe de Medio Ambiente no que indica os trámites seguidos desde 28/01/2010.

- Anuncio no BOP, coa orde de execución de limpeza de terras.
- A Inspección informa que o 11/05/2010 non se tiñan realizados os traballos de limpeza.
- O 03/05/2010 dítase resolución impondo multa coercitiva por incumprimento de orde de execución de limpeza.

Do que se dá cumprida información á interesada o 24/06/2010, indicando que en datas vindeiras ínstase nova información actualizada, que se fai o 26/07/2010, 25/08/2010, 23/09/2010 e 21/10/2010. Con data 09/11/2010 recébase escrito de Medio Ambiente no que se informa que o 28/09/2010 realizase visita de inspección comprobándose que o

terreo limpouse en parte pero non na súa totalidade, sendo necesaria a limpeza de novo na súa totalidade coa advertencia de que teñen que retirar a maleza, entendendo que nestes momentos non se debería sancionar por crer que houbo vontade de cumprir co requirimento feito no seu momento.

Non obstante, O 14/10/2010 dítase resolución indicando:

1. Orde de que no prezo máximo de 30 días naturais se proceda a limpeza adecuada na súa totalidade, e retirada da maleza.
2. De non cumprir a orde, procederase a execución forzosa ben en forma subsidiaria e a costa da propiedade, ben mediante a imposición de multas coercitivas de 300 a 600 euros, reiterábeis. Sen prexuízo de tramitación do expediente sancionador.

Do que se dá cumprida información á interesada o 10/11/2010, indicando que en datas vindeiras solicitarase informe actualizado, o que se efectúa o 09/12/2010.

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 04/01/2011, reiterouse a petición de informe, e de novo, o 01/02/2011, 02/03/2011, 01/04/2011, 02/05/2011, 01/06/2011, 04/07/2011 e 03/08/2011

## CAPÍTULO II: MOBILIDADE E SEGURANZA

### EXPEDIENTE 35/2006

#### ASUNTO

Queixa en relación coas dificultades que ten o interesado para acceder á súa vivenda polo feito de ter sinais de dirección prohibida en ambos os sentidos, sendo sancionado nunha ocasión, aínda que facendo uso dunha autorización verbal pola que se lle permitía aparcar entre as 20 e as 8 horas.

Hai que ter en conta, ademais, que os bolardos fixos impiden o acceso de servizos necesarios (butano, etc.) e existe un sinal que só permite o paso aos vehículos de emerxencia.

O interesado tramitou unha solicitude ao respecto en abril de 2006, sen obter resposta ningunha.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 7/06/2006. Con data 8/06/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera nas seguintes datas: 12/07/2006, 9/08/2006, 18/09/2006, 23/10/2006, 22/11/2006 e 13/12/2006.

## REFLEXIÓNS

Independentemente das razóns polas que se prohíbe a mobilidade na rúa en cuestión, sería desexábel unha revisión exhaustiva que delimitase fidedignamente as limitacións, coa posibilidade de acceso restrinxido aos veciños da rúa mediante unha reordenación dos bolardos, como existe noutras rúas con limitacións de mobilidade.

Por outro lado, o interesado ten dereito a recibir información puntual e detallada en relación coa solicitude formulada no seu día.

## RECOMENDACIÓN

O cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valador do Cidadán, que establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A revisión da situación dos bolardos, adaptándoos ás medidas de mobilidade, como noutras rúas.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 20/02/2007, 20/03/2007, 18/04/2007 e 04/10/2005.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008, reiterouse por doceava vez, o pedimento informativo anterior, é de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, 21/05/2008, o 26/06/2008, 24/07/2008, 27/08/2008, 29/10/2008 e 25/11/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes.

Con data 23/01/2009 reitérase por vixésima vez, os pedimentos anteriores, e, de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 24/04/2009, 21/05/2009, 22/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009 e 28/09/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes.

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 02/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010 e 09/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 04/01/2011 reitérase a petición do informe, e, de novo, o 01/02/2011, 02/03/2011, 01/04/2011, 02/05/2011, 01/06/2011, 04/07/2011 e 03/08/2011.

## EXPEDIENTE 48/2006

### ASUNTO

Queixa en relación coa retirada dun vehículo da vía pública por aparente abandono do mesmo. O automóbil atopábase correctamente estacionado na rúa debido ás obras que se estaban a realizar no garaxe do promotor da queixa e este non recibeu notificación ningunha no seu domicilio ao respecto.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/08/2006. Solicítase o preceptivo informe o 19/07/2006, petición que se reitera o 22/08/2006, o 25/09/2006, o 23/10/2006, o 22/11/2006 e o 20/12/2006.

### REFLEXIÓNS

O vehículo non estaba en situación de abandono e a notificación efectuada non foi correcta, xa que existen probas mediante documentos oficiais de que o enderezo do interesado non é o que figura na notificación que se indica en relación co expediente de abandono. Este feito supón unha situación de indefensión do promotor da queixa por un erro da Administración municipal.

### RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A declaración da nulidade do expediente, xa que os datos non son verdadeiros por erro imputábel ao Concello, o arquivo do mesmo e a corrección dos danos ocasionados.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2007, recébase escrito de Seguridade no que se informa que a interesada solicita a declaración de nulidade das actuacións do expediente, cuxa resolución está en trámite.

Con data 22/02/2007, ínstase información ao respecto e de novo o 21/03/2007, 27/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 22/08/2007, 23/10/2007, 22/11/2007 e 20/12/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2008, reitérase por oitava vez, o pedimento informativo, é, de novo, o 11/06/2008, despois de diversas xestións ante o Tribunal Económico-Administrativo e diversas actuacións da interesada ante a Policía de Tráfico e a Policía Municipal, instando unha solución urxente, do tema, despois da exposición das irregularidades por parte do Concello que poderían dar lugar a responsabilidades ante outras instancias, tras facer as seguintes puntualizacións:

*“Con data 19 de xullo de 2006, iníciase a solicitude de D<sup>a</sup> ..., con domicilio na rúa ..., en Vigo o expediente de referencia por retirada da vía pública do vehículo, marca XXX, modelo 190D, matrícula ..., alegando pola Policía Local que o mesmo estaba abandonado, estimando a interesada que o vehículo estaba correctamente estacionado, e que o motivo de estar estacionado na vía pública, de xeito correcto, debíase a circunstancia de que o seu garaxe estaba sometido a obras de acondicionamento.*

A interesada non recibeu notificación oficial algunha con respecto a retirada do vehículo, xa que as notificacións enviadas polo Concello non eran correctas, tal como consta nos arquivos municipais, polo que solicitou a anulación de expediente sancionador e a devolución do vehículo no estado en que estaba no momento da retirada do mesmo.

A tal fin, a interesada acreditou, no seu día, ante o Concello e segundo certificación que se adxunta o seu domicilio correcto.

Esta puntualización foi reiteradamente presentada no Concello, coas probas correspondentes, sen que fose tido en conta en ningún momento.

Como é posíbel que o 23/02/2006, desde Seguridade e Transportes se lle comunique á interesada no seu enderezo correcto que as notificacións enviadas en 2005, o enderezo incorrecto, resulten negativas, e obvio, xa que tal domicilio non é o mesmo.

Con data 22/02/2007, en escrito nºXX, documento ZZZ, solicítase informe en relación coa solicitude de Dª ...interesando a nulidade das actuacións polos defectos de forma (errónea identificación de domicilio).

Con data 09/01/2007, a interesada solicita ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello, a anulación do imposto de circulación, alegando a destrución do vehículo por orde de Mobilidade e Seguranza, da que se fai cargo esta oficina do Valedor do Cidadán ante dito Tribunal, sen deixar por iso a Xestión ante Mobilidade e Seguranza, a quen nos diriximos por última vez o 18 de febreiro de 2008, n/s 148, documento 80020857, aínda sen resposta.

Con data 09/04/2008, recébase resposta do Tribunal Económico Administrativo, indicándonos que o 11/04/2007 (é dicir un ano antes) foi resolta a solicitude formulada por Dª ...

Con data 07/05/2008, a interesada fainos entrega dunha copia desa resolución co resultado desestimatorio, toda vez que se alegan cuestións sobre as débedas apresadas, as cales deberan ser alegadas no momento oportuno.

O 20/05/2008, a interesada comparece no Concello (Seguranza) onde se lle indica que non aparece parte algún; e na Policía de Tráfico indícaselle que solicite unha isención de imposto de rodaxe, xa que nesa dependencia carecese de datos e polo tanto non o poden dar de baixa. O vehículo foi despezado por Orde do Concello baseándose en datos erróneos, o vehículo non estaba abandonado, as pescudas non foron axeitadas, a Policía Local tería que esgotar todos os medios ao seu alcance, certificación veciñal, seguimento nos enderezos operantes e diferentes (dentro do mesmo edificio) etc., etc.

A interesada non foi atendida nos seus dereitos a ser informada, a ser asesorada convenientemente, o Concello como as demais administracións públicas no seu réxime xurídico debe transcender as regras de funcionamento interno, para integrarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

Estamos perante un suposto en que a obxectividade non se albisca por nengures, así como os criterios de eficiencia e Servizo aos cidadáns, sen esquecer o principio de transparencia.

A Policía de Tráfico informa a interesada (19/05/2008) que o papel ou documento da Policía Local non serve para nada, xa que no mesmo non figura a empresa de despece.

A Policía Local ten a obriga de notificar a Policía de Tráfico o despece do vehículo e a empresa encargada de tal operación, trámite que non se fixo axeitadamente, de tal modo que aínda hoxe o vehículo figura de alta.

O vehículo despézase o mesmo día en que se retirou, achégase parte do mesmo, como ANEXO-4.

O 20/05/2008, a interesada presenta nova solicitude no rexistro de entrada, documento nº XX, sobre o tema en cuestión en relación coas obrigas do Concello.

A baixa temporal que lle suxire Tráfico non é realmente satisfactoria, e que o Concello ten un número significativo de vehículos na mesma situación, é dicir, carecen da baixa de oficio." Reiterase o pedimento o 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008 e 25/11/2008.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/01/2009 reitéranse os pedimentos anteriores e, de novo, o 18/02/2009 e o 24/03/2009. Con data 13/04/2009 recébase informe da Concellería de Mobilidade e Seguranza no que indica unha serie de actuacións en relación co vehículo afectado. Do que se dá cumprida información ao interesado o 14/04/2009.

Datas despois recébase, chamada telefónica da interesada que manifesta o seu desacordo co informe da Concellería e comunica que presentará por escrito as obxeccións correspondentes.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 27/01/2010 recébase escrito de alegacións da interesada no que indica que esta a padecer un agravio comparativo porque ten noticia dun suposto caso idéntico o seu e solicita devolución do imposto cobrado por vía executiva e indemnización polo despezamento do vehículo, o que se comunica a Mobilidade e Seguranza o 28/01/2010, solicitando información ao respecto, achegando documentación achegada pola interesada; pedimento que se reitera o 24/02/2010, 30/03/2010, 22/04/2010, 22/05/2010, 24/06/2010, 26/07/2010, 25/08/2010, 23/09/2010, 21/10/2010, 18/11/2010 e 09/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 04/01/2011 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 01/02/2011, 03/03/2011, 01/04/2011, 02/05/2011, 01/06/2011, 04/07/2011 e 03/08/2011.

## CAPITULO III-URBANISMO E VIVENDA

### EXPEDIENTE 25/2006

#### ASUNTO

Queixa en relación coas obras efectuadas nun local con actividade de bar con música na zona vella de Vigo que provoca contaminación acústica.

Indica o interesado que non está de acordo coa comunicación efectuada pola XMU o 1/03/2006 en relación cun expediente, polos motivos seguintes:

*“1. Que o local en cuestión realizou reformas interiores e obras sen a preceptiva licenza, segundo comprobacións e notificación oficial, o que se considera unha aldraxe.*

*2. Que estima lamentábel que nunha zona “residencial e de servizos” (PERI/2002), como é a zona en cuestión, se outorguen licenzas para “bar con música”, o que favorece incomodidades pola contaminación acústica até altas horas da madrugada, confundindo a citada actividade coa de discoteca, tal como se acreditou nas medicións sonométricas feitas pola Policía local, segundo consta no expediente do departamento de Medio Ambiente.*

*O local en cuestión incumpriu reiteradamente a Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica.*

*3. O local carece de insonorización, o que debe conducir, cando menos, a unha suspensión cautelar da actividade, interesando unha revisión da licenza, así como a redefinición do Casco Vello como zona habitábel sen rúidos. Sublíñase, ademais, que a ... é zona BIC, polo que non entende que coa Lei de patrimonio cultural español e galego se produzan na zona actividades dese tipo que só carrexan prexuízos patrimoniais e culturais.”*

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/04/2006. Con data 2/05/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 5/06/2006 e o 3/07/2006.

Con data 8/08/2006 recébase escrito do servizo de Participación Cidadá, no que indica que achega copia da resposta remitida ao Valedor do Pobo e que ten relación coa solicitude des-



ta oficina do Valador do Cidadán. Ademais, remite copia das respostas dadas polos servizos de Medio Ambiente, Policía local e Licenza de actividades e instalacións, relativas ao mesmo concepto. De todo o anterior dáse cumprida información ao interesado o 18/08/2006.

Con data 18/09/2006 solicítase ao servizo de Participación Cidadá información actualizada, sinalando que a recibida do departamento de Licenza de actividades e instalacións, indica que *“a denuncia, ao igual que o informe de inspección evacuado, foi remitido ao departamento de Inspección de obras: infraccións, para a incoación, se procede, do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística. En todo caso cómpre subliñar, sen prexuízo do exposto, que a insonorización esixida para a actividade de restaurante (sen música) é menor que a esixida para a actividade de bar con música que está autorizada no local.”*

Con data 29/09/2006 recébase escrito do servizo de Participación Cidadá, co que se achega copia dos informes da Inspección de obras da X.M.U., da Inspección técnica de obras, no que inclúe o do Inspector xefe da Policía local, e do arquitecto municipal.

Con data 2/10/2006 dáse cumprida información ao interesado do contido dos escritos anteriores, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada, especialmente en relación coa execución de obras de adaptación do local sen previa licenza e coa cheminea para a saída de fumes, petición que se formula ao servizo de Participación Cidadá o 26/10/2006, o 22/11/2006 e o 12/12/2006.

Con respecto á contaminación acústica, sublíñase que a Policía local, en informe de 15/09/2006, indica que o interesado manifestou que non é necesario levar a cabo máis medicións sonométricas, xa que non é tanto un problema de rúidos como das vibracións producidas pola música e a xente que se atopa no local, ademais dos fumes e cheiros que saen da cociña do local.

## REFLEXIÓNS

Da proliferación de informes e inspeccións realizadas dedúcese que non se aclaran os distintos aspectos formulados polo interesado na súa queixa, destacando que na mesma indica que se fixeron reformas interiores sen licenza.

En canto ás medicións sonométricas, xa o Valador do Pobo indica que non é preciso solicitar que se realicen expresamente por escrito, e as realizadas non se corresponden cos tempos actuais.

Pódese dicir que, unha vez máis, a resposta do Concello é lenta e, polo tanto, carente de eficacia.

## RECOMENDACIÓN

A adopción de medidas coherentes, áxiles e eficaces en temas de urbanismo, seguindo a pauta constitucional, que indica que a Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais, e actúa (debería) de acordo cos principios de eficacia..., con sometemento pleno á lei e ao dereito.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008 reiterouse o pedimento informativo, e, de novo, o 01/04/2008, 05/05/2008, 04/06/2008, 04/07/2008, 18/08/2008, 17/09/2008, 17/10/2008, 17/11/2008 e 15/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009, reiterouse, por onceava vez, o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 11/05/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 21/08/2009, 21/09/2009 e 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 27/01/2010 recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*“En relación co asunto de referencia, comunícolle que co número 13756/423 tramitouse expediente de protección da legalidade urbanística a polas obras realizadas no local situado no número 8 da Praza da Constitución.*

*- Con data 24 de agosto de 2007, a delegada da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu declarar como realizadas sen licenza as obras obxecto do presente expediente, executadas na, sendo legalizábeis as obras de adaptación de local para exercer a actividade de tapería-restaurante e ilegalizábeis as da cheminea para saída de fumes e requirir a para que presente a solicitude da oportuna licenza para as obras de adaptación de local para exercer a actividade de tapería-restaurante e para que proceda voluntariamente á desinstalación da cheminea para saída de fumes existente. Achego copia da resolución.*

*- Con data 13 de decembro de 2007, a delegada da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu desestimar o recurso de reposición interposto por contra a resolución de data 24/08/2007. Achego copia da resolución.*

*- O expediente de protección da legalidade urbanística núm. 13756/423 atópase finalizado e arquivado.*

*- Co número 15007/423 estáse a tramitar o procedemento de execución forzosa para dar cumprimento o ordenado na resolución da delegada da Área de Urbanismo e Vivenda de data 24 de agosto de 2007.*

*O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos procedentes”.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 28/01/2010, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada ao respecto o que se fai o 24/02/2010, 30/03/2010, 19/04/2010, 21/06/2010, 21/07/2010, 24/08/2010, 22/09/2010, 18/10/2010, 18/11/2010, 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 08/02/2011.

Con data 21/02/2011 recébase escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo-Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios no que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte: 25/2006) infórmolle do seguinte:*

*Como comunicámoslle con anterioridade mediante dilixencia con data 19/01/2010, sendo notificada con data 27/01/2010, o expediente número 15007/423 atópase en trámite de procedemento de execución forzosa para dar cumprimento o ordenado na resolución da delegada da Área de Urbanismo e Vivenda de data 24 de agosto de 2007.*

*Actualmente atópase en espera de que se presente solicitude da oportuna licenza para as obras de adaptación de local para exercer de taparía-restaurante.*

*Remíttolle copia da dilixencia mencionada.”*

Con data 22/02/2011 dáse cumprida información á interesada indicándolle que, en datas vindeiras, instarase nova información actualizada de que se lle dará oportuna notificación.

Con data 17/03/2011 solícítase a información actualizada, que se reitera o 19/04/2011, 18/05/2011, 17/06/2011 e 14/07/2011.

## EXPEDIENTE 33/2006.

### ASUNTO:

Queixa en relación co estreitamento dun camiño público mediante postes de madeira e rede de plástico que afecta a unha curva moi pechada, o que supón un elevado risco para os cidadáns. Esta situación denunciouse reiteradamente polo interesado.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 1/06/2006. Con data 5/06/2006 solicítase o preceptivo informe ao servizo de Vías e Obras, desde onde, o 20/06/2006, nos indican que trasladaron o expediente á Concellería de Urbanismo, por ser da súa competencia. Con esa mesma data solicítase a esa concellería o preceptivo informe, que se reitera nas seguintes datas: 18/07/2006, 22/08/2006, 26/09/2006, 26/10/2006, 27/11/2006 e 21/12/2006.

### REFLEXIÓN:

Trátase dun suposto denunciado en xuño de 2005 e que afecta a unha vía pública de titularidade municipal, con numerosas intervencións da Policía local desde o ano 2004. Apesar de todo, a finais do ano 2006 seguen as mesmas circunstancias, como se fose un asunto descoñecido.

Neste suposto obviase claramente a función que corresponde á Administración municipal, que debe servir aos intereses xerais con obxectividade e actuar de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito. Este mandato, imposto polo artigo 103 da Constitución española, confirma, xunto co artigo 106, a concepción constitucional dunha administración eficaz e controlada, con implicacións de diversa índole; concluíndo, portanto, coa falta de racionalización dunha actividade pública, tal como pretende a Lei 57/2003, de modernización dos gobernos locais, ao facer caso omiso da obriga de actuar en defensa da legalidade urbanística.

### RECOMENDACIÓN:

O cumprimento da legalidade que dimana do artigo 12 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

O cumprimento axeitado da protección da legalidade urbanística.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2007, 22/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 30/07/2007 e 28/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 13/02/2008, reitérase por décimo terceira vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, 04/06/2008, 04/07/2008, 18/08/2008, 17/09/2008, 17/10/2008, 17/11/2008 e 15/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 11/05/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 21/08/2009, 21/09/2009 e 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 03/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011 reitérase a petición de informe que se repite o 08/02/2011, e o 09/03/2011 e o 07/04/2011.

Con data 11/04/2011 recébase escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo-Disciplina Urbanística no que se informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte: XX/2006) infórmolle do seguinte:*

*· 12600/423 tramitado pola construción dunha planta sobre un galpón existente sen licenza en solo non urbanizábel especialmente protexido de paisaxe e masas forestais (SNU4).*

*O citado expediente foi remitido a Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda en data 29/09/2004, por ser ésta administración a competente para a protección da legalidade urbanística en solo rústico de especial protección conforme co artigo 214 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*

· 13711/423 tramitado pola realización dun peche de parcela con fronte a vial público non amparadas en licenza, que estase a tramitar nesta administración.

· 13091/423 tramitado pola realización de obras de vivenda unifamiliar e dous galpóns sen licenza en solo non urbanizábel de protección agrícola (SNU 5).

O citado expediente foi remitido a Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda en data 27/07/2004, por ser esta administración a competente para a protección da legalidade urbanística en solo rústico de especial protección conforme co artigo 214 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A vista do exposto anteriormente límitome a informarlle do expediente 13711/423 por ser da nosa competencia, sendo os dous restantes competencia da Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

Con data 23/06/04 presenta escrito de alegacións no que denuncia que o camiño público foi reducido por un veciño de 4,60 metros a 2,80 metros.

Con data 06/07/04 xírase visita de inspección onde compróbase que:

“existe unha malla plástica nuns 7,65 m de longo e 1 de alto, suxeita por uns paos de madeira.

Dista entre 3 e 3,85 m do peche existente enfronte conformando así a anchura do camiño nese lugar.

Non atopei a ninguén no lugar que me puidera informar da titularidade do peche e/ou da parcela onde se sitúa”

Con data 30/05/05 o interesado presenta escrito de alegacións no que denuncia o estreitamento do camiño mediante postes de madeira e rede plástica.

Con data 14/06/05 Outorgouse Licenza de obras menores para “limpeza e encintado de muro” e “restauración de muro de pedra”, respectivamente. Coas solicitudes achegáronse fotografías dun muro de pedra tradicional, que en principio parece que non se corresponde co peche obxecto deste expediente, se non co que está ao outro lado do camiño.

Con data 01/07/05 o Servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo, emitiu informe (expte. nº 44.796/250), no que aclara que dito muro non invade o camiño, que consta como público.

*Con data 06/07/05 A unidade de Patrimonio emitiu informe no que fai constar que a titularidade do camiño, na data de emisión do informe, é municipal.*

*Na dilixencia remitida a este departamento, con data de 08/07/2005, comunica a existencia de indicios de que se construíron edificacións ilegais no entorno. O inspector de urbanismo informou con data de 04/11/2005, que todas as edificacións que se atopan no entorno e que poderían ser causa de infraccións urbanísticas, xa se inspeccionaron e se corresponden cos expedientes nos 12.600/423, 12.769/423 e 13.091/423, que foron remitidos á Xunta de Galicia nas remesas 23º (Outubro de 2004) e 29º (Xullo 2005).*

*Con data 31/05/06 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*PRESUNTA INFRACCIÓN: Obras de peche de parcela con fronte a vial público non amparadas por Licenza Municipal. En principio estas obras poderían ser legalizábeis sempre que se axusten ás condicións que determinan as normas urbanísticas, o artigo 42.1.c) da Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e á preceptiva Acta de Aliñación e Rasante.*

*VALORACIÓN: O presuposto de execución material das obras excluídos o beneficio empresarial, honorarios profesionais e impostos considérase en: 200 euros.*

*Con data 24/02/09 o inspector municipal informa:*

*En relación coa Dilixencia da Técnica da Arquitecta municipal de data 20 de xaneiro de 2.009 e xirada visita de inspección. Púidose comprobar que o muro de peche mantense nas mesmas condicións que as comprobadas en anteriores inspeccións, sen que o mesmo foro derrubado.*

*Con data 17/03/09 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*NOVAS CONDICIÓNS URBANÍSTICAS: o vixente PXOM, con aprobación definitiva parcial en data 16/05/2008 (DOG 03/06/2008 e BOP 06/08/2008), clasifica a parcela como solo urbanizábel delimitado incluído dentro do ámbito, pendente de desenvolvemento. A parcela está cualificada como sistema xeral de zonas verdes. Plano 21-B.*

*PRESUNTA INFRACCIÓN:*

*Obras de peche de parcela con fronte a vial público non amparado por licenza municipal.*

*Co PXOM vixente estas obras poderían ser legalizábeis como peches provisionais. A parcela está situada nun ámbito pendente de desenvolvemento, e segundo o art. 2.6.5., en zonas*

*pendentes de planeamento de desenvolvemento, ou en sistemas Xerais Viarios ou dotacionais, e con anterioridade ao inicio da xestión correspondente poderanse autorizar usos ou obras de carácter provisional. Entre os usos provisionais inclúense os valados de obras e soares.*

*Con data 21/05/09 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística. A devandita resolución foi notificada ao interesado con data 25/06/2009.*

*Concedido trámite de audiencia ao interesado, este non presentou alegacións.*

*Con data 22/12/09 prodúcese a seguinte resolución municipal que lle remitimos*

*PRIMEIRO.- Declarar como realizadas sen licenza e compatíbeis co planeamento vixente e, xa que logo, ordenar a solicitude da correspondente licenza, as obras obxecto do presente expediente, consistentes na realización de peche de parcela con fronte a vial público.*

*SEGUNDO.- Requirir para que, no prazo de TRES MESES a contar da data de notificación da presente resolución, solicite a oportuna licenza respecto ás obras referidas no apartado anterior, co apercibimento de que, se transcorrido o prazo o interesado non solícítase a oportuna licenza, por este concello acordarase a derruba das obras a costa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos a que deran lugar. De igual xeito se procederá no suposto de que a licenza fose denegada por ser o seu outorgamento contrario á legalidade.*

*TERCEIRO.- Proceder á notificación ao interesado da presente resolución, advertíndolle que contra a mesma poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar desde a recepción da presente, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen dítarase e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación. Isto sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a Dereito”.*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 11/04/2011, indicándolle que, en datas vindeiras, instarase información actualizada en relación cos prazos que se citan no informe anterior o que se fai o 11/05/2011, e o 07/06/2011, 07/07/2011 e 04/08/2011.



## EXPEDIENTE 43/2006.

### ASUNTO:

Queixa en relación coa instalación dunha estación de telefonía móbil sen licenza, feito denunciado repetidamente.

O interesado indica que existe unha notificación da X.M.U., de 24/04/2006, na que se reflicte unha resolución pola que se ordena a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística pola execución de obras sen licenza e non legalizábeis, en principio; así como a concesión do trámite de audiencia ao interesado. Ademais, hai outra notificación da mesma xerencia, de 3/02/2006, na que se indica a suspensión do procedemento para o outorgamento de licenza de obras e instalacións.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/06/2006. Con data 29/06/2006 solicítase o preceptivo informe, que se reitera nas seguintes datas: 19/07/2006, 23/08/2006, 26/09/2006, 26/10/2006, 27/11/2006 e 21/12/2006.

### REFLEXIÓNS:

Estamos, máis unha vez, perante unha falta de accións decididas, áxiles e eficaces, no que á protección da legalidade urbanística se refire.

Non é clarificador indicar só que se ordena a incoación dun expediente de protección da legalidade urbanística cando o prioritario sería o precinto e a interrupción da subministración eléctrica, tal como se reflicte na lexislación ao respecto (Decreto 28/1999, de Disciplina urbanística de Galicia).

O promotor da queixa achega informes dun centro de investigación médica, nos que se fan precisións sobre os efectos deste tipo de instalación: alteración do sono, cefaleas, perdas de memoria, alteracións cardiovasculares e formación de tumores; e conclúe dicindo que parece que o que se intenta é non danar os intereses económicos das empresas proveedoras, mais que protexer a saúde dos cidadáns.

Que acontece entre a instalación e o funcionamento do equipo até que se produza un acordo definitivo? Que pasa no suposto contemplado na Lei 38/1972, modificada pola Lei 16/2002, de Prevención e control integrados da contaminación, no caso de que haxa presenza de formas de enerxía no aire que impliquen risco, dano u molestias graves para as persoas e bens de calquera natureza?

Na memoria do ano 2004 xa se indicaba que a planificación estratéxica das cidades cobra unha dimensión prioritaria debido a que o desenvolvemento futuro depende, en grande medida, dunha axeitada identificación das súas vantaxes comparativas e da posta en práctica de actuacións orixinais e específicas. Isto ten que basearse en compromisos nos que a imaxinación, a planificación e a produción condúzan a xestionar as cidades dun xeito máis transparente, eficiente e eficaz.

Noutros expedientes de denuncia destas instalacións acordouse suspender os outorgamentos de licenza en toda a área territorial do municipio nos casos en que a nova ordenación, inicialmente aprobada, resultase incompatible coa establecida no ordenamento vixente.

### RECOMENDACIÓN.

O exercicio eficaz das competencias que teñan por finalidade a preservación de dereitos constitucionais dos cidadáns e a incoación dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2007 reiterouse o pedimento anterior e, de novo, o 22/02/2007, 22/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007. Con data 28/08/2007, recébase escrito de Urbanismo no que se indica que se resolveu ordenar a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística o 19/04/2006, caducado o procedemento procederase a incoación de novo expediente, o que se comunica a interesada o 19/09/2005 e coa mesma data instase a Urbanismo información actualizada o respecto.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 13/04/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e de novo, o 01/04/2008, 05/05/2008, o 04/06/2008, 04/07/2008, 18/08/2008, 17/09/2008, 17/10/2008, 17/11/2008 e 15/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 11/05/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 27/08/2009, 21/09/2009 e 22/10/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 03/03/2010, 03/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 08/02/2011, 09/03/2011 e 07/04/2011.

Con data 11/04/2011 recébase escrito de Urbanismo e Vivenda no que se informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas pola comunidade de veciños (ref. expte: 43/2006) infórmolle do seguinte :*

*Con data 28/01/2005, a entidade mercantil. Solicitou licenza para a instalación dunha estación base de telefonía móbil na cuberta do edificio (expte. XX/422).*

*Coa mesma data, solicitou licenza de obras para a instalación da actividade (expte: XX/412).*

*Con datas do 21/07/05, 4/08/05, 9/08/2005, 28/09/05, preséntase escritos de alegacións pola comunidade de veciños opoñéndose as instalacións.*

*Con data 11/10/2005 acórdase a suspensión do procedemento para o outorgamento de licenzas de obra e instalación de actividade solicitadas.*

*Con data 29/03/2006, preséntase escritos de alegacións pola comunidade de veciños, opoñéndose á instalacións.*

*Con data 24/04/06 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística.*

*Informe da inspección: o inspector municipal con relación á obra con data de 16.03.2006 informou: “... que no tellado de dito inmovible hai instalada unha antena presumibelmente de telefonía..”*

*Licenza de obras: Expte. nº XX/421): Solicitouse con data de 28.01.2005 Licenza de Obras para instalación dunha estación base de telefonía móbil. Dita solicitude tramitouse conxuntamente coa solicitude de Licenza de Actividades para a mesma. Segundo informe técnico que consta no expediente, de data de 25.08.2005 a instalación non cumpre coas condicións urbanísticas que fixa a ordenanza 1.1.B do vixente PXOM que lle resulta de aplicación. Así mesmo incumpe as condicións que fixa o novo PXOM, aprobado inicialmente con data de 30.12.2004, por non estar permitida a instalación de antenas nas cubertas de edificacións*

*residenciais. Incumpre, así mesmo, a ordenanza municipal de Telecomunicacións ao non aportar, coa documentación achegada xunto coa solicitude, Proxecto Técnico aprobado polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.*

*Licenza de actividade (Expte. nº XX/421): con data de 20.10.2005 resolveuse declárala suspensión do procedemento de outorgamento de Licenza de Obras e Instalación de Actividade para Estación Base de Telefonía Móbil.*

*Con data 17/09/07 acórdase nova incoación debido a caducidade do procedemento de protección da legalidade urbanística, sendo notificada o 11/01/08.*

*Con data 6/03/08 interponse recurso contencioso-administrativo polas comunidades de propietarios.*

*Con data 10/07/08 ditouse sentenza estimando recurso contencioso administrativo interposto pola representación das comunidades de propietarios no que se condena a Administración municipal demandada a:*

*1. ordenar e executar no prazo máximo de dez días a suspensión inmediata da actividade desenvolvida pola estación base de telefonía móbil instalada na azotea do edificio onde pertencen as Comunidades recorrentes.*

*2. tramitar e resolver até o fin, no prazo máximo de seis meses, o expediente de reposición da legalidade urbanística incoado polo concello de Vigo seguido como expediente número 13613/423 de 2006, debendo ditar algunha das resolucións previstas no artigo 209.3º da LOUGA.*

*Actualmente o expediente 13613-423 atópase pendente de execución”.*

Do que se dá cumprida información á interesada o 18/04/2011, indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase información actualizada con respecto á execución do expediente municipal citado no informe, o que se fai o 05/05/2011, 07/06/2011, 07/07/2011 e 04/08/2011

## **EXPEDIENTE 62/2006**

### **ASUNTO:**

Queixa en relación coa situación de abandono na que se acha o edificio no que reside o interesado. Indica que desde o 15/11/2001 presentou catro denuncias na X.M.U., sen recibir resposta.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 13/10/2006. Con data 18/10/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 17/11/2006 e o 11/12/2006.

### REFLEXIÓN:

O interesado sente desprotexidos os seus dereitos ao non obter información nin orientación en relación coas solicitudes presentadas. As súas queixas son obxecto de demora, o que implica unha manifesta desatención por non ser orientado sobre a natureza e o modo de exercer o seu dereito e, incluso, sobre as institucións e órganos aos que se ten que dirixir se a denuncia presentada non for competencia do Concello. Todo isto de acordo co previsto no artigo 35 da Lei 30/1992 e co contido do Real Decreto 208/1996.

Doutra perspectiva, a Constitución impón aos poderes públicos a obriga de garantir a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguranza dos mesmos. Do mesmo xeito, o cidadán ten dereito á protección da saúde de forma específica e da súa dignidade como persoa.

### RECOMENDACIÓN:

Unhas actuacións puntuais, áxiles e eficaces en relación coas peticións que se formulan, que son facilmente contrastábeis con visitas de inspección.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 19/02/2007, 15/03/2007, 17/04/2007, 16/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007. Con data 14/09/2007, recébase escrito da X. M. de Urbanismo no que se informa que o 18/07/2007 se resolveu ordenar a Comunidade de Propietarios par que proceda de inmediato, e baixo dirección técnica competente, a adoptar as medidas de seguranza que procederen no contorno do edificio, debendo presentar o correspondente proxecto técnico, oficio de dirección, e estudio de seguranza e saúde visados polo correspondente colexio profesional e garantindo durante o transcurso das obras a adopción das medidas de seguranza necesarias coa vía pública. O prazo para a execución das obras é dunha semana para o seu inicio e dous meses para a súa finalización.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 19/07/2007. Sen actuacións posteriores.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 10/04/2008, solicitouse información en relación coas manifestacións feitas polo interesado na súa visita de 08/04/2008, reiterándose o pedimento o 26/06/2008, e o 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008. Con data 27/10/2008, o interesado entrega copia de resolución de 07/10/2008, na que se acorda denegar o recurso de reposición e ordenar a adopción de medidas urxentes, de seguridade. Con data 29/10/2008 instase información actualizada, e de novo o 25/11/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/04/2009, solicítase información en relación coa imposición dunha multa coercitiva por incumprimento da orde de execución citada o 18/06/2007.

O pedimento anterior reiterouse o 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 28/08/2009, 24/09/2009, 26/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 20/01/2010 recébase escrito da Oficina de Conservación de Xerencia Municipal de Urbanismo no que se indica o seguinte:

*“En resposta aos seus escritos de data 16 de abril, 22 de maio, 20 de xuño, 23 de xullo, 25 de agosto, 23 de setembro e 23 de outubro de 2009 (a súa referencia: expediente 62/2006), nos que solicita información actualizada relativa á queixa realizada ante esa Institución, infórmolle o seguinte:*

*Na data 19 de febreiro de 2009 o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu, no expediente XX/423, impoñer á comunidade de propietarios da edificación sita na, a cada un deles; como propietarios da devandita edificación, multa coercitiva en contía de 600,51 euros, polo incumprimento da orden de execución ditada polo alcalde do Concello de Vigo con data 18 de xuño de 2007 e a fin de lograr a súa execución forzosa, co apercibimento de que dita multa podería ser reiterada e aumentada na súa contía até lograr a execución polos obrigados se, transcorrido o prazo dun mes, a contar desde a notificación da presente resolución, as obras non se tivesen realizado, sen prexuízo de esixir perante os tribunais da orde penal as correspondentes responsabilidades por delito de desobediencia, tipificado no artigo 556 do Código penal.*

*Na data 13 de abril de 2009 a entidade mercantil presenta escrito no Rexistro da XMU (doc. ZZ), no que interpón recurso de reposición contra a resolución de data 19 de febreiro de 2009.*

*Na data 21 de maio de 2009 a Comunidade de Propietarios presenta escrito no Rexistro da XMU (doc. ZZ), no que comunica que se están levando a cabo as obras de reparación, segun-*

*do expediente XX/421 de licenza de obras menores autorizadas o mesmo día 21 de maio de 2009.*

*No día de hoxe envíanse os expedientes XX/423 (orde de execución) e YY/423 (execución forzosa) ao Servizo de Inspectores para que xiren nova visita de inspección ao inmovible sito no número e emitan informe sobre se se deu cumprimento á resolución do alcalde do Concello de Vigo de data 18 de xuño de 2007”.*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 20/01/2010 indicándolle que, en datas vindeiras, instarase nova información actualizada en relación coa visita de inspección antes citada, o que se fai o 17/02/2010, e de novo, o 23/03/2010, 19/04/2010, 21/06/2010, 21/07/2010, 24/08/2010, 22/09/2010, 18/10/2010, 18/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011, reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 08/02/2011, 09/03/2011, 07/04/2011, 05/05/2011, 07/06/2011, 07/07/2011 e 04/08/2011.

### **EXPEDIENTE 63/2006**

#### **ASUNTO:**

Queixa en relación coa invasión da vía pública por parte duns veciños. O interesado indica que desde o 3/01/2005 presentou varias denuncias no Concello, xa que uns veciños forraron unha columna que estreita o camiño e puxeron unha balaustrada e lanzadeiras de ferro para tendais, ademais de que producen vertidos de auga que anegan o camiño público e impiden o tránsito.

#### **SITUACIÓN:**

Queixa presentada o 18/10/2006. Con data 24/10/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 20/11/2006 e o 11/12/2006.

#### **REFLEXIÓNS:**

Á queixa xúntase documentación da unidade de Patrimonio do Concello de Vigo, na que se acredita a titularidade municipal do camiño, e da unidade técnica de obras na que se comproba que as obras realizáronse sen licenza (16/01/2006); así como outro informe técnico (23/06/2006), polo que se ordena a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística.

Resulta que, dezaoito meses despois da primeira denuncia, acórdase incoar expediente de protección da legalidade urbanística, o que demostra, máis unha vez, unha falta na mellora dos métodos de traballo. A racionalización non se pon de manifesto, polo que cabe adoptar sistemas de calidade na xestión, unha metodoloxía de mellora continua que facilite unha avaliación da calidade dos servizos que chegue a provocar a satisfacción dos cidadáns, e unha mellora da lexitimidade da actividade pública pola vía dos rendementos.

Nun caso como este, o que está a primar é o pesadelo dos cidadáns.

### RECOMENDACIÓN:

Un proceder axeitado na protección da legalidade urbanística.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007, reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 19/02/2007, 15/03/2007, 17/04/2007, 16/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007. Con data 31/08/2007, recíbese informe da Concellería de Urbanismo no que se indica que o expediente atópase pendente de sinatura da resolución de incoación. O que se lle comunica ao interesado o 20/09/2007 e coa mesma data instase á Concellería de Urbanismo información actualizada o respecto, indicándolle que tal acordo data de 23/06/2006, é dicir, 14 meses antes.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 07/02/2008 solicítase información actualizada como continuación o pedimento de 20/09/2007, que se recibe o 29/02/2008 e no que informase da orde de retirada dos elementos que invaden a vía pública, así como a que se solicite a oportuna licenza respecto ás obras de reforma do expediente, do que se dá cumprida información ao interesado o 06/03/2008.

Con data 10/04/2008, solicitouse a Urbanismo información actualizada en relación coa orde antes citada, pedimento que se reitera o 05/05/2008, o 20/05/2008. Con data 17/06/2008, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que se indica que a persoa interesada no expediente presentou recurso contencioso-administrativo no xulgado nº 1 de Vigo, do que se deu cumprida información ao promotor da queixa indicándolle que, portanto, esta Institución non pode continuar coas súas xestións encanto non se substancie o procedemento xudicial aberto. Non obstante, e segundo escrito achegado polo interesado no que conta a data do xuízo (16/07/2008), con data 25/08/2008 solicítase a Urbanismo información no suposto de que se teña coñecemento da sentenza, petición que reitera o 29/09/2008 e o 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.



Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 16/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 24/09/2009 e 26/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores e, de novo, o 22/02/2010, 22/03/2010, 19/04/2010, 21/06/2010, así como o 21/07/2010, insistindo na retirada total do revestimento do pilar e dos cascallos de forma correcta, e de novo o 24/08/2010 e o 22/09/2010, 18/10/2010, 05/11/2010, e o 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011 reiterase o pedimento informativo e, de novo, o 08/02/2011, 09/03/2011, 07/04/2011, 05/05/2011, 18/05/2011, 17/06/2011, e o 14/07/2011, facendo precisión sobre os continuos escritos declamatorios que estea a facer o interesado (os últimos o 29/06/2011) aos que non se lle presta a mínima atención.

## **EXPEDIENTE 66/2006**

### ASUNTO:

Queixa en relación coa colocación dun valo na terraza dun edificio de dezasete alturas. O interesado indica que lles comunicaron a colocación do mesmo con dous días de antelación.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 24/10/2003. Con data 30/10/2006 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 28/11/2006 e o 26/12/2006.

### REFLEXIÓNS:

A colocación do valo vulnera a Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior, aprobada o 24 de febreiro de 2003, especialmente os artigos seguintes:

- Artigo 6.1: indica que os soportes publicitarios e os seus elementos e estruturas de sustentación, así como o seu conxunto, deberán reunir as condicións suficientes de calidade e seguridade, mesmo en condicións atmosféricas adversas.

- Artigo 8.4: cando as instalacións produzan molestias aos ocupantes, será requisito indispensábel acreditar, mediante documento fidedigno, a expresa aceptación polos afectados de tales limitacións ou molestias.
- Artigo 8.5.4: non se autorizarán instalacións publicitarias que poidan afectar á seguridade dos inmobles.
- Artigo 17.2: as superficies publicitarias só poderán instalarse sobre a coroación da última planta do edificio (cornixa de fachada, cumio ou terraza) sempre que ningunha zona da mesma se dedique a vivenda.
- Artigo 17.6: non existirán zonas do anuncio a menos de 15 metros dos ocios das ventás.

Precísase que a descrición do valo non se axusta ás prescricións expostas. Ademais, realizouse unha inspección ocular, co apoio de fotografías que constan no expediente, por parte de técnicos do Concello que expuxeron o seu asombro ante semellante desatino.

Esta situación causa alarma entre os veciños, máxime cando, ao parecer, dáse unha apropiación de elementos comúns, produciuse a rachadura da varanda da terraza e o elemento colouse a distancias inferiores ás establecidas na normativa municipal.

Por outra banda, existe unha contradición entre a colocación do valo e o informe solicitado polos veciños a técnicos municipais, xa que este indica que o acondicionamento e a colocación non se axusta á licenza, o que debe conducir a unha acción rápida e eficaz por parte da concellería competente para devolver o edificio ás condicións que lle son debidas.

#### RECOMENDACIÓN:

Unha acción áxil e eficaz para a protección da legalidade urbanística.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 25/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 27/02/2007, 27/03/2007, 23/04/2007, 21/05/2007, 21/06/2007, 27/07/2007 e 30/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 13/02/2008, reiterouse máis unha vez o pedimento anterior, informe que se recibe o 10/03/2008 indicando que se achega copia do informe técnico, municipal de 04/12/2006, no que se indica que a carteleira obxecto do informe cumpre co artigo 17.2 da Ordenanza de

publicidade exterior, o que se lle participa aos interesados na queixa o 18/04/2008, que comparecen nesta Oficina o 12/05/2008 e expoñen unhas precisións sobre o tema obxecto de queixa, achegando fotografías e informes técnicos, que se trasladan a Urbanismo o 19/05/2008 solicitando revisión do expediente e información actualizada, pedimento que se reitera o 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008 e 17/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo 12/02/2009, 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 16/06/2009, 24/07/2009, 24/09/2009 e 26/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 03/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2011 reiterase o pedimento informativo, e, de novo, o 14/02/2011.

Con data 21/02/2011 recíbese escrito de Urbanismo no que informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (no expte.: 66/2006) infórmolle do seguinte:*

*Con data 02/10/2008, o delegado da área de Urbanismo e Vivenda resolveu inadmitir a trámite a solicitude de revisión de oficio da licenza outorgada polo Vicepresidente da Xerencia Municipal de urbanismo de data 28 de setembro de 2006, no expediente XXX/421, á entidade mercantil*

*Así mesmo remítolle copia da resolución adoptada.”*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 22/02/2011. Sen incidencias posteriores.

### **EXPEDIENTE 69/2006**

Expediente iniciado ante Medio Ambiente.

### ASUNTO:

Queixa en relación coas molestias (ruídos e cheiros) producidas por unha campá extractora instalada, sen licenza, nun patio exterior.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 9/11/2006. Con data 13/11/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 20/12/2006.

### REFLEXIÓNS

Estamos ante un feito denunciado o 30/12/2004 e do cal existe un informe do departamento de Medio Ambiente de 21/01/2005 no que se indica que a instalación incumpre a ordenanza protectora do ambiente atmosférico. Ademais, con data 10/02/2005 esténdese dilixencia do servizo de Licenza de actividades e instalacións da X.M.U. no que se reflite que non consta a licenza de actividades e instalacións.

Cabe salientar que en escrito do 24/10/2005 o departamento Medio Ambiente traslada o expediente ao servizo de Disciplina urbanística para que se incoase, de ser o caso, expediente de protección da legalidade urbanística.

Que acontece coas molestias que o interesado está a padecer desde que fixo a súa denuncia?

O cidadán non pode soportar tanta realidade. A falta de axilidade conduce a unha ineficacia que produce danos na saúde e na tranquilidade ás que ten dereito a gozar o promotor da queixa, como calquera outro cidadán, e que, polo acontecido, non se lle proporciona.

### RECOMENDACIÓN:

O cumprimento axeitado da defensa dos dereitos do cidadán e da legalidade urbanística.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 26/02/2007, 26/03/2007, 23/04/2007, 21/05/2007, 19/06/2007, 26/07/2007, 30/08/2007. Con data 02/11/2007, recíbese informe de Urbanismo indicando que con data 09/10/2007, se solicita informe a la inspección para comprobar que tipo de actividade se está a realizar (e dicir vintedous meses desde producida a primeira denuncia), o que se comunica o interesado o 05/11/2007.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/02/2008, solicitouse a Concellería de Urbanismo e Vivenda información actualizada sobre as comprobacións dos feitos denunciados (en especial falta de licenza).

Con data 17/03/2008, recébase escrito de Urbanismo no que se informa que se expediu título de cambio de titularidade da actividade e toda vez que o local conta con licenza non procede incoación de expediente de protección de legalidade urbanística; e que nesa mesma data (07/03/2008) trasládase o expediente a Medio Ambiente aos efectos oportunos de contaminación acústica; do que se dá traslado o interesado.

Con data 06/05/2008, instouse información ao respecto a Concellería de Medio Ambiente, solicitude que se reitera o 20/05/2008 o 24/06/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reitérase por novena vez o pedimento informativo, e, de novo o 18/02/2009, 18/03/2009, 23/04/2009.

Con data 28/04/2009, recébase escrito da Concellería de Medio Ambiente, sen rexistro de saída, no que comunica que se ten solicitado información á Xerencia de Urbanismo sobre a licenza concedida de actividade de café-bar sen música permite o servizo de comidas, actividade que ocasiona as molestias de fume ou cheiros obxecto da denuncia.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 30/04/2009, indicando que, en datas vindeiras instárase información actualizada ao respecto, e que se fai o 24/07/2009, 24/08/2009 e o 24/09/2009, e o 26/10/2009. Con data 13/11/2009, recibe informe de Medio Ambiente indicando que seguen á espera da información solicitada, do que se dá cumprida información ao interesado o 18/11/2009.

Con data 26/03/2010 recébase escrito de Medio Ambiente que se dá traslado do mesmo ao Departamento de Disciplina Urbanística, ante o que se solicita información actualizada o 05/04/2010, 29/04/2010, previa notificación ao interesado, e, de novo, o 31/05/2010, e o 29/06/2010, 27/07/2010, 25/08/2010, 23/09/2010, 21/10/2010, 18/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2011 reiterouse o pedimento informativo, e, de novo, o 14/02/2011.

Con data 07/03/2011, recébase escrito de Urbanismo e Vivenda no que informa o seguinte:

*"Con data 30/12/04 os veciños da rúa XX e da rúa ZZ presentan escrito de alegacións no que denuncian que o baixo situado na rúa XX no que se atopa o bar XX modifica a súa saída de gases levándoa o patio de luces que ambos edificios comparten.*

*Con data 21/01/05 a Concellería de Medio Ambiente emite un informe onde manifesta:*

*"A existencia dunha campá extractora na cociña do local que desemboca nun patio exterior dos edificios nº 51 e 53 da rúa XX e 48 e 50 da rúa ZZ a altura dunha fiestra e a unha distancia dun metro incumprindo o artigo 26 da ordenanza de protección de ambiente atmosférico".*

*Con data 10/02/05 o departamento de licenzas de actividades e instalacións informa que o local situado na rúa XX 53 non consta de licenza de actividades e instalacións.*

*Con data 13/02/08 emítase un novo informe onde se manifesta que revisados novamente os arquivos da Oficina de Licenzas de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo, consta no Libro Rexistro da Aperturas do ano 1973.*

*Con data 4/03/08, a delegada da área de Urbanismo e Vivenda expediu título de cambio de titularidade da actividade de café bar sen música no mencionado local autorizado por resolución de 28 de febreiro de 2008 a favor de don ZZ (expte. XX/422).*

*Toda vez que o local conta con licenza non procede incoación de expediente de Protección da Legalidade Urbanística."*

Do que se deu cumprida información ao interesado. Sen incidencias posteriores.

### **EXPEDIENTE 75/2006**

#### **ASUNTO:**

Queixa en relación coa construción dun muro de cerramento nun camiño público sen deixar ningún tipo de retranqueo.

#### **SITUACIÓN:**

Queixa presentada o 4/12/2006. Con data 5/12/2006 solicítase o preceptivo informe.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e, de novo, lo 14/02/2007, 12/03/2007, 11/04/2007, 09/05/2007, 12/06/2007, 13/07/2007 e 13/08/2007.

Con data 27/08/2007, recébase escrito de X. M. Urbanismo no que se informa que o acordo do Concello de X. M. de Urbanismo de data 24/05/2007 declara como realizadas sen licenza e incompatíbel coa ordenación urbanística vixente e, xa que logo, decretar a súa derruba, as obras obxecto do presente expediente, e que o interesado presentou recurso de reposición pendente de resolver. Do que se dá cumprida información ao interesado o 19/09/2007.

Con data 08/10/2007, comparece o interesado na queixa e indícanos que segue a padecer moitas dificultades para acceder a súa propiedade, existindo un furado que se enche de lixo e auga que as incrementa, así como o depósito de plantas que se fixo polo propietario de obra denunciada. Previamente o 19/09/2007, instouse nova información con respecto o recurso pendente de resolver.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008, reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 10/04/2008 o 05/05/2008, o 20/05/2008 o 24/06/2008 o 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 16/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 24/09/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 03/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010, 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 14/02/2011.

Con data 21/02/2011, recébase escrito de Urbanismo e Vivenda no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (do Expte: 75/2006) infórmolle do seguinte:*

*Con data 24/06/03 presentan escrito de alegacións no que informan da construción dun muro de peche no camiño público.*

*Con data 18/09/03 realízase unha inspección onde constátase:" a existencia dun peche duns 47 m de longo, composto por postes prefabricados de formigón, dúas fiadas de bloques cunha altura de 0,5 m e arame até unha altura media duns 1,80 m en total. Este peche sitúase a unha distancia mínima das propiedades da súa fronte duns 2,48 m, constituíndo polo tanto un camiño dese ancho.*

*Asemade existen dous piares de formigón na fronte da edificación que accede a este camiño que distan 0,8 m do peche; a edificación sitúase a 3 m deste nesta zoa.*

*Con data 14/10/03 o Auxiliar Técnico Oficial do Inventario Municipal informa que o camiño XX R-2 consta no Inventario Municipal coa conseguinte titularidade Municipal do mesmo. Sen embargo, este camiño non figura grafado na folla cartográfica nº 6-40, e neste mesmo informe considéranos un erro de transcripción, xa que si consta no listado oficial do Epígrafe I de Bens Inmóveis e Viales Públicos.*

*Con data 11/12/03 Incóase procedemento de restauración da legalidade urbanística.*

*Informe de inspección: o inspector municipal con relación á obra executada informou:*

*"Á vista do documento de cabeceira, realicei unha inspección o día 18 de setembro de 2003 e comprobei que existe un peche duns 47 m de longo, composto por postes prefabricados de formigón, dúas fiadas de bloques cunha altura de 0,5 m e arame até unha altura media duns 1,80 m en total. Este peche sitúase a unha distancia mínima das propiedades da súa fronte duns 2,48 m, constituíndo polo tanto un camiño dese ancho."*

*Licenza de Obras:(Expte. nº.XX/421): Por resolución do presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 29-8-2002 autorízase a construción dunha vivenda unifamiliar composta de soto para garaxe, planta baixa e planta alta, así como baixo cuberta, para vivenda, segundo proxecto redactado polo arquitecto.*

*Superficie da parcela s/escritura: 1.224,00 m<sup>2</sup>*

*Con data 24/12/03, presenta recurso potestativo de reposición no que alega que a resolución ditada, pese a tratarse dun acto de trámite, produce indefensión e prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos do recorrente o amparo do artigo 107 da Lei 30/1992 de*



*26 de novembro, por fundamentarse nun feito incerto e no acreditado de que o camiño cuestionado é de dominio público.*

*Con data 22/12/04 publícase no B.O.P. Un edito no que se informa:*

*“A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 13 de setembro de 2004, acordou aprobar a corrección material dun erro de grafía existente no plano (folla 6-4º) da palimetría de viais do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, grafiando o ramal 2 do camiño.”*

*Con data 22/06/06 declárase a caducidade do proceso e prodúcese unha nova incoación do mesmo.*

*Con data 24/11/06 presenta escrito de alegacións solicitando a nulidade de pleno dereito da resolución de 22/06/06, como do acto administrativo como da súa notificación.*

*Con data 3/08/07 presenta escrito de alegacións solicitando a execución forzosa da demolición da obra.*

*O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 25/05/2007, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Declarar como realizadas sen licenza e incompatíbeis coa ordenación urbanística vixente e, xa que logo, decretar a súa derruba, as obras obxecto do presente expediente, executadas, consistentes en realización de peche.*

*SEGUNDO.- Requirir concedéndolle o prazo DUN MES a contar da data de notificación do presente acordo, para que proceda voluntariamente á derruba das obras referidas no apartado anterior, co apercibimento de que, en caso de incumprimento, procederase por este concello á execución forzosa da citada demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas reiterábeis até lograr a execución polo suxeito obrigado, de conformidade cos artigos 95 e seguintes da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*Actualmente atópase pendente de execución e de resolución do recurso contencioso-administrativo, presentado con data 24/12/03.*

*Do que se dá cumprida información ao interesado o 22/02/2011, indicándolle que, en datas vindeiras, instarase información actualizada; o que se fai o 17/03/2011, 19/04/2011, 18/05/2011, 17/06/2011 e 14/07/2011.*

## EXPEDIENTE 77/2006

### ASUNTO:

Queixa en relación coa instalación dunha antena de telefonía móbil sen licenza.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 13/12/2006, solicitándose na mesma data o preceptivo informe.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 19/02/2007, 15/03/2007, 17/04/2007, 16/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007 e 30/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008, reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 10/04/2008, o 05/05/2008, o 20/05/2008, o 24/06/2008 o 23/07/2008, 23/10/2008 e 19/11/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/02/2009 reitera o pedimento anterior, e, de novo o 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 16/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 24/09/2009 e 26/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 03/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010 e 20/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2011 reiterase o pedimento anterior, e, de novo, o 14/02/2011.

Con data 21/02/2011 recébase escrito de Urbanismo e Vivenda no que informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas pola Comunicade de propietarios de XXX, (ref. expte: 77/2006) infórmolle o seguinte:*

*Con datas 29/11/06, 20/12/06, 5/07/07, 18/07/07, a comunidade de propietarios de XXX presentou escritos de alegacións no que informan da colocación dunha antena de telefonía móbil no edificio lindeiro, que segundo eles, corresponde ao edificio situado en.. número.*

*Segundo informe de inspección con data 15/12/06 observase que no edificio situado en XX, hai colocada unha antena de telefonía móbil con data de entrada no Rexistro Xeral do 30/09/2006 correspondente a entidade que presentou unha solicitude de licenza de actividades e instalacións que se está tramitando.*

*Con data 4/01/07 a arquitecta da oficina técnica de licenzas notificou que "con data 30/12/2004 o Pleno do Concello acordou aprobar inicialmente o Novo Plan Xeral de Ordenación Municipal e suspender o outorgamento de licenzas en toda área territorial do municipio de Vigo, nos casos nos que a nova ordenación inicialmente aprobada resultase incompatible coa establecida no planeamento vixente. Xa que no artigo 5.9.3 do novo plan xeral determinase que para a nova implantación de antenas ou elementos repetidores das telefonías móbiles as empresas distribuidoras de sinais deberán elaborar conxuntamente un Plan Especial de Infraestruturas no que se determinen as condicións de localización de elementos portantes das citadas antenas ou repetidores para garantir a cobertura telefónica, ou doutra natureza, que se considere necesario para a total cobertura do municipio e a expresa prohibición da súa instalación en edificios de uso residencial, non é posíbel continuar coa tramitación en tanto non se aprobe o novo planeamento xeral."*

*Con data 23/05/07 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística, sendo notificado o 31/08/07.*

*Con data 29/07/07 preséntanse alegacións pola comunidade de propietarios de XX solicitando a denegación da autorización para a instalación de antena de telefonía móbil no edificio.*

*Con data 25/09/07 preséntanse alegacións por o solicitante.*

*Con data 4/04/08 acórdase resolución municipal:*

*PRIMEIRO.- Declarar como realizadas sen licenza as obras obxecto do presente expediente, executadas consistentes en realización de obras para a colocación de unha estación base de telefonía móbil. A Posibilidade de legalización da instalación depende do seu axuste co establecido na Ordenanza Municipal Reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos de equipos de telecomunicacións no termo municipal de Vigo ( A.D. 26.02.01 BOP 05-04-01) e demais normativa de aplicación.*

*SEGUNDO.- Requirit para que, no prazo de TRES MESES a contar da data de notificación da presente resolución, para que complete a documentación precisa para a tramitación da licen-*

*za de obras que ten solicitada. De non aportar esta documentación ou de non axustar as obras ás condicións da licenza, ordenarase a retirada da citada instalación impedindo definitivamente os usos aos que dera lugar, de igual modo ordenarase a súa retirada no suposto de que a licenza fose denegada por ser o outorgamento contrario á legalidade”.*

*Con data 19/01/11 o departamento de Licenzas de actividades e instalacións informa o seguinte:*

*En contestación á dilixencia da Oficina de Disciplina Urbanística de data 12/01/2011, na que instan se informe sobre o estado da tramitación dos expedientes de solicitude de licenza de acondicionamento e instalación de estación base de telefonía móbil esta Oficina de Actividades e Instalacións comunica:*

*Con data 17/02/2009 a arquitecta municipal requiriu a presentación de determinada documentación técnica para poder informar a súa instancia (saída 1417-2009). Porén, con data 25/06/2009 a entidade interesada presentou un escrito no que solicitaba unha ampliación do prazo concedido para achegar a documentación requirida (núm. doc. XXX).*

*Remítolle copia do acordo de data 4/04/08”.*

Do que se deu cumprida información á interesada o 23/02/2011, indicando que, en datas vindeiras solicitarase información actualizada o que se fai o 17/03/2011, 19/04/2011, 18/05/2011, 17/06/2011 e 14/07/2011.

## **EXPEDIENTE 78/2006**

### **ASUNTO**

Queixa en relación cunha obra declarada ilegal e incompatíbel coa legalidade, segundo acordo do ano 1997, e que segue sen solución.

### **SITUACIÓN:**

Queixa presentada o 26/12/2006, solicitándose o preceptivo informe na mesma data.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 29/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 27/02/2007, 27/03/2007, 23/04/2007, 21/05/2007, 21/06/2007, 26/07/2007 e 30/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2008 recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa que despois das sentenzas do xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, de 08/05/2005, e do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza de 04/10/32007, procédese á abertura de expediente de execución subsidiaria.

Do que se deu cumprida información á interesada o 24/01/2008.

Con data 10/04/2008, e dado o tempo transcorrido, solicítase información actualizada en relación co expediente de execución subsidiaria citada, e de novo, o 07/05/2008, 27/05/2008, 26/06/2008, 24/07/2008, 28/08/2008, 29/09/2008, 25/11/2008 e 17/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/01/2009, reiterouse o pedimento anterior, por nona vez, que se reitera o 18/02/2009, 24/03/2009, 24/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009, 24/09/2009 e 26/10/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 03/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 14/02/2011.

Con data 21/02/2011 recébase escrito de Urbanismo e Vivenda no que informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte: 78/2006) infórmolle do seguinte:*

*O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 6 de xuño de 1997 no expediente de protección da legalidade urbanística nº XXX/423, acordou declarar como realizadas sen licenza e incompatíbeis coa ordenación urbanística vixente, e xa que logo, decretar a súa derruba, as obras obxecto do expediente, executadas na rúa XX, consistentes en: edificación unifamiliar composta de planta baixa e aproveitamento baixo cuberta, e xa que logo, requirir, concedéndolle o prazo dun mes a contar da data de notificación do acordo, para que procedera voluntariamente á derruba das obras, co apercibimento de que en caso de incumprimento desta orde de demolición, procederíase por este Concello á súa execución*

*forzosa, ben en forma subsidiaria a costa do interesado ben mediante imposición de multas coercitivas ao interesado en contía de 50.000 a 500.000 ptas, reiterábeis até lograr a execución polo obrigado.*

*Con data 6/09/01 dítase sentenza polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestimando o recurso contencioso-administrativo 02/00618/97 interposto contra o acordo 6/06/97 do Concello de Vigo no que se declaran como realizadas sen licenza e incompatíbeis coa ordenación urbanística vixente e na que se decreta a demolición as obras de construción da edificación unifamiliar no número XX da rúa XXX.*

*Realizada visita de inspección o día 10 de xuño de 2002, o inspector municipal informa que as obras obxecto deste expediente non foron derrubadas.*

*O presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, mediante resolución de data 21 de xuño de 2002, impuxo multa coercitiva en contía de 600 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo co apercibimento da posibilidade da imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado.*

*Con data 14 de outubro de 2003 o inspector municipal informa que as obras obxecto deste expediente non foron derrubadas.*

*O vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, mediante resolución de data 13/11/2003 impuxo multas coercitivas en contía de 400 euros a cada un polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo co apercibimento da posibilidade da imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado.*

*Realizada visita de inspección o día 08/04/2005 o inspector municipal informa que as obras obxecto deste expediente non foron derrubadas.*

*O vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, mediante resolución de data 8/04/2005 impuxo multas coercitivas en contía de 600 euros a cada un polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo co apercibimento da posibilidade da imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado.*

*O Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, en sentenza de 08/05/2005 recaída no P.A nº 305/2004, interposto estima a demanda contra a inexecución polo Concello de Vigo da resolución firme de 06/06/1997 pola que se declaraban ilegais e incompatíbeis coa ordenación urbanística vixente as obras de construción dunha edificación unifamiliar na rúa*

*XXX nº XX, e condena ao Concello á execución da dita resolución nun prazo máximo de dous meses desde a firmeza da dita resolución.*

*O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na sentenza nº 760/2007 de 04/10/2007 desestima o recurso de apelación interposto contra a sentenza de 08/05/2005.*

*En consecuencia, co obxecto de dar debido cumprimento as resolucións xudiciais, de conformidade co mandato establecido no artigo 118 da norma constitucional, esta Administración procedeu a iniciar o procedemento de execución subsidiaria da sentenza número 126/2005 dita polo Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº1 de Vigo (expediente número XX/423).*

*Deste xeito, a Delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, con data 6 de febreiro de 2008, resolve dispoñer o cumprimento nos seus propios termos da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº1 de Vigo de 8 de maio de 2005, requirindo o seu cumprimento voluntario no prazo dun mes e ordenando, para o caso de incumprimento, a incoación de expediente para a contratación de empresa de construción para a execución das obras de derruba, redacción de proxecto técnico e dirección das obras de demolición da edificación obxecto do presente expediente.*

*Constatado o incumprimento voluntario da anterior resolución, segundo reflite o informe da inspectora municipal de data 14 de maio de 2008, iníciáanse as actuacións para a contratación de empresa que leve a cabo as obras de demolición da construción de referencia.*

*Mediante providencia do Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Vigo, de data 9 de xuño de 2008, requírese a esta Administración a fin de que no prazo de 30 días acredite a execución da sentenza recaída no procedemento abreviado 305/2004.*

*O arquitecto municipal, con data 23 de xuño de 2008, realiza unha valoración da execución subsidiaria consistente na redacción de proxecto de derruba, dirección de obra e execución das obras de derruba na edificación, valoración que estima no importe de 30.197,96 euros.*

*Á vista do anterior, mediante decreto de 30 de xuño de 2008, a xerente de Urbanismo resolve autorizar o gasto por importe máximo de 30.197,96 euros a favor, correspondente á redacción de proxecto, dirección e execución das obras de demolición da vivenda.*

*Dando conta aos interesados e o Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº1 de Vigo das actuacións realizadas, con data 29 de xullo de 2008 o Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolve:*

*“PRIMEIRO.- Dispoñer o cumprimento nos seus propios termos da sentenza número 126/2005, de data 18 de abril de 2005, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrati-*

vo Nº 1 de Vigo, recaída no recurso contencioso administrativo nº 305/2004, procedendo a realización a costa do obrigado, da derruba da construción executada, consistente nunha edificación unifamiliar composta de planta baixa e aproveitamento baixo cuberta.

*SEGUNDO.- A presente execución subsidiaria, conforme ao ordenado na citada sentenza de data 18 de abril de 2005, levarase a efecto o próximo día 5 de setembro de 2008, executando as obras de derruba a empresa adxudataria, de conformidade co proxecto de obras de demolición que se aprobe.*

*TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao interesado por axentes do corpo da Policía Local, ao efecto de que na data sinalada, facilite o acceso ao inmovible, toda vez que segundo reiterada xurisprudencia constitucional, a sentenza obxecto de cumprimento constitúe título habilitante suficiente para a entrada na edificación.*

*CUARTO.- Advírtese ao interesado que os custos efectivos que se deduzan da demolición serán pola súa conta e se lle imputarán o efecto de que proceda o seu aboamento nos prazos que se indiquen na oportuna liquidación, procedéndose en caso contrario a súa esixencia mediante o procedemento de constrinximento legalmente previsto consonte ao establecido no Regulamento xeral de recadación e na Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*QUINTO.- Comunicarlle que, de conformidade co disposto no artigo 556 do vixente Código Penal, a resistencia á autoridade ou aos seus axentes ou a grave desobediencia aos mesmos no exercicio das súas funcións pode resultar ser unha conduta constitutiva de delito de desobediencia.*

*SEXTO.- Sinalar ao interesado que a demolición non se suspenderá salvo causas de forza maior debidamente xustificadas polo interesado. No suposto de que con carácter previo á data fixada para a demolición o interesado tivera interés en executala na súa totalidade polos seus propios medios, deberá previamente, con antelación suficiente, poñelo en coñecemento municipal e achegar a documentación que corresponda ás obras de demolición e que garantan a seguridade tanto das persoas como dos bens que se puidesen ver afectados.*

*SÉPTIMO.- Déase traslado aos distintos servizos municipais afectados, Obras e Proxectos Municipais e Policía Local, ao efecto de que dispoñan o necesario para dar cumprimento ao ordenado mediante a presente resolución.*

*OITAVO.- Dése traslado da presente resolución ao Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Vigo, á efecto de que tome razón do actuado."*



*A transcrita resolución é notificada a empresa adxudicataria das obras obxecto do presente expediente con data 5 de agosto de 2008 e recibida polos obrigados con datas 11 de agosto e 21 de agosto de 2008, segundo se reflite en acuse de recibo e na notificación practificada pola policía local, toda vez que a devandita notificación se intentou realizar por ambos medios.*

*Mediante resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, de data 1 de setembro de 2008, apróbase o proxecto de derruba da vivenda, redactado polo arquitecto técnico e presentado pola empresa adxudicataria da redacción de proxecto, dirección e execución das obras obxecto do presente expediente.*

*Ante a entrada en vigor do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente con data 16 de maio de 2008 e publicado no BOP o día 6 de agosto de 2008, co obxecto de coñecer a nova situación na que se atopa a vivenda obxecto do presente expediente, o arquitecto municipal informa a este respecto:*

*“O novo PXOM, aprobado definitivamente o 16/05/2008 (DOGA 03/06/2008), e publicado no BOP o 06/08/2008, clasifica a parcela na que se sitúa a edificación obxecto do presente expediente coma solo urbano consolidado, con ordenanza de aplicación 10 grao 2º de edificación residencial exterior.*

*A edificación atópase situada parcialmente en terreo cualificado como viario no planeamento vixente, nunha profundidade de aproximadamente 3’5 m. Ademais, invade os recuados mínimos obrigatorios, de 3 m. Ambos motivos provocan que a edificación non sexa legalizábel no seu estado actual.”*

*Con data 4 de setembro de 2008, ten entrada no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo, escrito que achega providencia do Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Vigo, de data 4 de setembro de 2008. Na citada providencia maniféstase a solicitude de levar a cabo dun modo voluntario as obras de demolición ordenadas, acordando ese Xulgado o seguinte:*

- “conceder a la Administración demandada Concello de Vigo el plazo de cinco días para que pueda alegar lo que estime oportuno sobre la concesión de una prórroga de quince días para realizar la demolición ordenada”;*
- “se autoriza expresamente en esta resolución al Concello para que el interin pueda suspender dicha ejecución”.*

*Á vista da anterior providencia, o Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, con data 5 de setembro de 2008, ditou a seguinte resolución:*

*"PRIMEIRO.- Suspender a execución subsidiaria da demolición das obras executadas, consistentes nunha edificación unifamiliar composta de planta baixa e aproveitamento baixo cuberta, fixada mediante resolución de data 29 de xullo de 2008 do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda para o día 5 de setembro de 2008, en execución da sentenza número 126/2005, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº1 de Vigo con data 18 de abril de 2005; toda vez que mediante providencia dese Xulgado de data 4 de setembro de 2008 se autoriza expresamente ao Concello para suspender a devandita execución.*

*SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao interesado e á empresa adxudicataria da redacción de proxecto, dirección e execución das obras de demolición.*

*TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución ao xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Vigo."*

*A resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de 29 de xullo de 2008, na que se fixaba como data para proceder a execución subsidiaria das obras de derruba da edificación sita na rúa XXX, nºXX, o día 5 de setembro de 2008, que motivou a providencia dese Xulgado de data 4 de setembro de 2008, foi ditada nun procedemento de execución de sentenza, sentenza número 126/2005, na que expresamente se condenaba a esta Administración a levar a cabo a devandita execución subsidiaria.*

*Con data 7 de novembro de 2008, ten entrada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo, escrito co que achega informe do arquitecto sobre o estado actual da derruba.*

*Mediante providencia de data 12 de febreiro de 2009, o Xulgado do Contencioso-Administrativo Número Un de Vigo, manifesta que "se considera procedente continuar adelante con la ejecución forzosa de la sentencia firme recaída en estos autos, hasta el completo cumplimiento de la ejecutoria por parte del Concello de Vigo".*

*Con data 27 de febreiro de 2009, o delegado da área de Urbanismo e Vivenda resolveu proceder ao cumprimento da Sentenza número 126/2005, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo Número Un de Vigo con data 28 de abril de 2005; sinalando o día 6 de marzo, ás 9.00 horas, para completar a execución da referenciada sentenza, mediante a demolición das obras sinaladas no informe da arquitecta municipal de data 27 de febreiro de 2009. Esta resolución foi debidamente notificada en data 2 de marzo de 2009.*

*Con data 3 de marzo de 2009, presenta escrito no Rexistro desta Xerencia Municipal de Urbanismo (documento número 90030483) no que manifesta que vai proceder a realizar a demolición do resto da edificación antes do día 6, mantendo unicamente as vallas de seguridade existentes.*

*A arquitecta municipal, en data 4 de marzo de 2009, emite o seguinte informe:*

*“No informe técnico de data 27/02/2009 sinalábase que a derruba da edificación declarada como realizada sen licenza daría lugar a unha diferenza de cota duns 2,85m entre a rúa Tomada e a parcela obxecto deste expediente, polo que deberíanse adoptar as medidas de seguridade adecuadas.*

*Segundo o anteriormente exposto, e a xuízo da técnica que subscribe, no momento inmediatamente posterior á derruba do forxado situado á cota da rúa Tomada deberase instalar con carácter provisional unha varanda que protexa esta diferenza de nivel.*

*Para a execución dun peche nese fronte a propiedade deberá solicitar autorización municipal. O peche debe situarse na aliñación oficial, recuado con respecto ao límite da parcela. Segundo o art. 2.7.27. do PXOM ao tratarse dunha finca edificada a cesión gratuíta ao municipio dos terreos destinados a viais fóra das aliñacións deberá levarse a cabo cando na mesma se pretendan levar a cabo obras de reestruturación (parcial ou xeral), demolición, demolición por ruína inminente ou nova edificación (agás ás de ampliación que non superen o cinco (5) por cento da superficie edificada ou do volume actual da edificación). Polo tanto, coa execución dese peche de parcela recuado non se procedería á cesión e urbanización dos terreos.*

*Á vista das especiais circunstancias que concorren neste suposto mentres non se materialice a cesión e urbanización destes terreos, para a execución dun peche a propiedade podería solicitar licenza para un peche provisional polo límite da parcela suxeito ás condicións do PXOM en vigor, de cara a garantir as condicións de seguridade para as persoas e os bens esixíbeis segundo o establecido no D 28/1999 e na Lei 9/2002.”*

*Con data 5 de marzo de 2009 a inspectora municipal informa o seguinte:*

*“Con relación al expediente de referencia se gira nueva visita de inspección a la rúa XXX nºXX, comprobando que desde la anterior visita se ha derribado la placa superior de la construcción así como las paredes laterales tal y como se comprueba en las fotografías que se adjuntan. En el momento de la visita no se encontraban los propietarios y exteriormente se observan operarios que continúan realizando la demolición.”*

*Realizada nova visita de inspección en data 6 de marzo de 2009, incorpóranse o expediente fotografías do estado das obras nesa data.*

*Con data 9 de marzo de 2009 a arquitecta municipal emite novo informe técnico no que sinala:*

*“En data 05/03/2009 a delinente municipal informou que se procedera á derruba da placa superior da construción así como das paredes laterais.*

*Nas fotografías aportadas no seu informe, apréciase a existencia de partes da edificación que permanecen en pé. Deberase xustificar mediante un informe técnico se as mesmas constitúen elementos necesarios para garantir a estabilidade da escaleira e do terreo ou, no suposto contrario, proceder a súa demolición.*

*Nas fotografías aportadas obsérvase tamén como foron colocados uns postes con malla metálica para protexer a diferenza de nivel existente entre a rúa e a parcela obxecto deste expediente.*

*Á vista da documentación sinalada anteriormente, non é posíbel avaliar a seguridade das medidas adoptadas para protexer esta diferenza de nivel. Será necesario que a propiedade xunte un informe técnico elaborado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional no que se poña de manifesto que as mesmas reúnen as debidas condicións de seguridade, solidez e estabilidade.”*

*Con data 10 de marzo de 2009 o Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda ditou a seguinte resolución:*

*“PRIMEIRO.- Requirir a presentación de documentación técnica xustificativa da existencia de partes da edificación en pé, segundo se esixe no informe técnico de data 9 de marzo de 2009, e, en caso contrario, proceder a súa demolición.*

*SEGUNDO.- Requirir ao interesado a presentación dun informe técnico no que se poña de manifesto que as medidas de seguridade adoptadas para protexer a diferenza de nivel entre a rúa e a parcela da súa propiedade reúnen as debidas condicións de seguridade, solidez e estabilidade.*

*TERCEIRO.- Advírtese ao interesado que, de non dar cumprimento ao disposto nos apartados anteriores, procederase por esta Administración a execución subsidiaria da demolición das partes da edificación que permanecen en pé, sendo pola súa conta os custes efectivos que se deduzan da demolición.*

*CUARTO.- Notificar a presente resolución aos interesados, comunicándolle que contra a mesma non cabe interpoñer recurso, ao tratarse dun acto executivo ditado en execución de sentenza.*

*QUINTO.- Déase traslado da presente resolución ao Xulgado do Contencioso-Administrativo Número Un de Vigo, á efecto de que tome razón do actuado.”*

*Esta resolución foi notificada en data 17 de marzo de 2009.*

*Con data 16 de marzo de 2009 recíbese providencia do Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Vigo, de data 9 de marzo de 2009, na que se solicita informe da práctica da demolición restante para o cumprimento íntegro da sentenza, así como das medidas adoptadas para evitar riscos para terceiros, con independencia da responsabilidade da súa causación.*

*Con data 14 de abril de 2009, en cumprimento da resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 23 de marzo de 2009, achega documentación en relación ca execución da devandita sentenza.*

*Examinada esa documentación, con data 14 de abril de 2009, a arquitecta municipal emite informe no que sinala que, o seu xuízo, "procedeuse á derruba da edificación obxecto deste expediente, deixando en pé tan só elementos que responden a necesidades estruturais".*

*Con data 09/07/2009 o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo emite auto no que se fai referencia a un escrito presentado pola parte demandante indicando que non pode entenderse executada a sentenza pois ao marxe do mantemento dos muros de contención, que si entenden xustificado, mantéñense igualmente unhas escaleiras e un habitáculo baixo as mesmas cuxa existencia non estaría xustificada en ditas necesidades estruturais.*

*Con data 15/07/2010 a arquitecta municipal emite o seguinte informe que adxuntamos. A vista de que falta a derruba de algúns elementos para cumprir a totalidade da sentenza procederanse os requirimentos necesarios.*

*Á vista da documentación que consta neste expediente remitido o técnico que susbscribe en relación coa solicitude de asesoría xurídica sobre o requirimento do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, de data 01.07.2010 sobre as medidas técnicas concretas que deberán tomarse para garantir a estabilidade dos muros de contención no suposto da demolición das escaleiras e o habitáculo que se atopa debaixo, emítese o seguinte:*

**INFORME:**

**ANTECEDENTES:**

- 1. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de data 06.06.1997 acordou declarar como realizadas sen licenza e incompatíbeis coa ordenación urbanística vixente, e xa que logo, decretar a súa derruba, as obras executadas na Rúa XXX nº XX, consistentes en edificación unifamiliar composta de planta baixa e aproveitamento baixo cuberta (expte nº6.245/423).*

2. *En Sentenza recaída no procedemento abreviado 305/04 en data 18.04.2005, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo condena á Administración Municipal a executar o acordo sinalado anteriormente.*
3. *O Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no AUTO de data 09.07.2009 acorda que non pode entenderse por completada a execución da sentenza recaída no procedemento abreviado P.A, 305/04, requirindo ao Concello o derribo de parte do muro paralelo ás escaleiras así como o tellado metálico que uno o citado muro ás escaleiras.*

#### *1\_Respecto o muro paralelo ás escaleiras:*

*Xirada visita de inspección a parcela de referencia pola técnica que subscribe en data 14.07.2010, se observa que se procedeu a derruba do muro, do pilar e da parte da trabe de formigón armado. A porción de viga que se mantén en pé ten unha lonxitude aproximada de 2,76m e xunto co muro inferior desempeñan unha función de sustento da lousa da escaleira.*

*Sobre a viga descansa un muro de fábrica de ladrillo disposto a panderete duns 120cm de altura que protexe a diferenza de nivel.*

*A vista da documentación que consta neste expediente non é posíbel determinar si o conxunto formado pola escaleira, a viga de formigón armado e o muro baixo a mesma desempeñe unha función estrutural do reforzo do muro de contención que limita coa Rúa. O interesado presentou en data 14.04.2009 un informe técnico, asinado polo arquitecto con visado colexial de data 08.04.2009, no que se xustifica a conservación dos muros de contención por soportar as terras das parcelas colindantes pero non se aporta ningún dato técnico sobre a seguridade, solidez ou estabilidade dos mesmos nin se sinala a necesidade de executar algún tipo de reforzo. Á técnica que subscribe non conta con dato algún sobre a clase de solo e a capacidade portante do terreo, sobre as condicións iniciais de construción dos muros de contención e sobre o estado actual da estrutura (a viga de formigón armado parece presentar problemas de desagregación e corrosión) ademais non se dispón nin do tempo ni tampouco dos medios para a realización das análises e probas necesarias para o desenvolvemento dos cálculos estruturais e así poder establecer as medidas técnicas concretas máis adecuadas para o aseguramento dos mesmos. Sería necesario a realización por técnico competente dun informe técnico sobre a capacidade portante do muro de contención e sobre a función estrutural da escaleira, da viga de formigón armado e do muro baixo a mesma para poder determinar se se deberá proceder a estabilización, consolidación o reforzo destes elementos estruturais en caso de demolición das escaleiras.*

## *2\_ Respecto ao tellado metálico:*

*Xirada visita de inspección a parcela de referencia pola técnica que subscribe en data 14.07.2010, se advirte que o tellado metálico que une a lousa da escaleira con unha pequena porta de aluminio segue en pé. Como consecuencia da derruba do pilar, de parte da viga de formigón armado e do muro, o habitáculo existente baixo a escaleira presenta actualmente un dos seus parámetros practicamente aberto e delimitado por un peche metálico.*

*A vista da información dispoñíbel, para proceder a demolición do tellado metálico non sería necesario a adopción de medidas técnicas concretas. A demolición levarase a termino de conformidade coas disposicións e normas vixentes que sexan de aplicación así como as prácticas axeitadas para este obxecto. Adoptáranse tódalas medidas de seguridade necesarias para reducir o risco de accidentes, asegurando o risco a terceiras persoas ou sociedades.*

Do que se dá cumprida información á interesada o 22/02/2011 e indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase información actualizada do que se lle dará cumprida notificación.

Con data 17/03/2011 solicítase información actualizada que se recibe o 11/04/2011 e no que se indica que "actualmente estase á espera da resolución do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo sobre o informe remitido o mesmo.

En canto se informe da mesma darase traslado o Valedor da información que corresponda.

Do que se dá traslado ao interesado o 18/04/2011.

Con data 18/05/2011, dirixímonos a Urbanismo e Vivenda solicitando, de ser o caso, información ao respecto, reiterando o pedimento o 17/06/2011 e o 14/07/2011.

## RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE	2
- Contaminación acústica	1
- Estado parcelas municipal 1	
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE	2
- Dificultades acceso vivenda	1
- Retirada vehículo vía pública	1
ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA	10
- Obras sen licenza	1
- Obras en camiño público 3	
- Antena telefonía móbil sen licenza 2	
- Estado dun Edificio	1
- Valo publicitario 1	
- Obra ilegal de 1997	1
- Campá extractora sen licenza 1	
TOTAL EXPEDIENTES	14

REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS	
1. URBANISMO	71,42 %
2. MEDIO AMBIENTE	14,28 %
3. MOBILIDADE E SEGURIDADE	14,28 %

*\*Ordenadas porcentualmente de maior a menor.*





## PARTE II

# ACTUACIONES A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2007 CON INCIDENCIAS NO ANO 2011

### INTRODUCCION:

Nesta Institución rexistráronse un total de 14 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2007 con incidencias durante o 2011 e que corresponden a:

- MEDIO AMBIENTE .....3
- MOBILIDADE E SEGURIDADE.....4
- URBANISMO E VIVENDA.....7
- TOTAL ..... 14

### EXPEDIENTES.

#### CAPITULO I- MEDIO AMBIENTE.

##### EXPEDIENTE 2/2007:

##### ASUNTO

Queixa en relación co desacougo que está a padecer a veciñanza por causa da actividade que se realiza en determinadas industrias que están a prexudicar a súa saúde pola insalubridade con que están a traballar, superando os límites establecidos en materia de contaminación acústica que consideran insoportábeis.

O interesado achega copia da última denuncia, de data 24-11-06, na que fai mención a cinco denuncias anteriores, sen que se tivese adoptado ningunha medida, non obstante as funcións e obrigas que se citan na última denuncia e que se refliten:

- Vulneración continua da normativa de Medio Ambiente.
- Obrigas da administración pública municipal segundo o disposto no Decreto 320/2002 de 7 de novembro polo que se aproba o Regulamento que establece

as ordenanzas tipo sobre contaminación acústica, con especial referencia ao artigo 3 sobre a quen corresponde a adopción de medidas correctivas; así como o artigo 32, sobre as obrigas en relación co control do cumprimento do previsto no Regulamento; así como o artigo 33 en relación coa actividade de inspección.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 08-01-07. Con data 16-01-07 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 21-02-07, 22-03-07, 23-04-07, 22-05-07, 11-06-07. Con data 26-07-07 recébase escrito de Medio Ambiente no que se informa de que se quedou de acordo co interesado para ter unha reunión no mes de agosto.

Con data 22-08-07, dáse traslado do anterior ao interesado pregándolle que unha vez celebrada a reunión, teña a ben informarnos da mesma. Información que non se ten recibido até o 09-11-07 e na que se subliña que por parte do Concello non se ten adoptado medida algunha na defensa da saúde dos cidadáns; do que se dá cumprido traslado á Concellería o 19-11-07, instando información actualizada ao respecto; reiterándose o 19-12-07.

## REFLEXIÓNS

Estamos perante un suposto que foi denunciado polo cidadán interesado en xuño de 2004, sen ter recibido resposta escrita en ningún momento, nin realizar acción ou actividade algunha en aras das obrigas que se derivan do Decreto 320/2002 (Ordenanza Tipo).

Este desleixo e omisión de auxilio ven a confirmar, máis unha vez, a cualificación que se lle ten asignado aos Concellos neste ámbito, cal é de "convidado de pedra".

Desde esta perspectiva, xa frecuente, no ámbito desta cidade, cabe precisar, máis unha vez, o seguinte:

1º) A Ordenanza vixente ten como obxectivo primordial regulamentar a actuación municipal cara á protección das persoas e dos bens, en contra das agresións producidas pola enerxía acústica de ruídos e vibracións.

Cando a ordenanza, de obrigado cumprimento, cita "actuación", está indicando acción e efecto de actuar, e "actuar" non é máis que realizar actos ou funcións propios do cargo ou do traballo, tamén significa facer uso dos propios dereitos.

Non actuar pois significa un desleixo de funcións, unha falta de cumprimento dunhas obrigas que obviamente implican unhas responsabilidades do axente en cuestión.

Esta situación implica, por unha parte un ataque ao concepto de domicilio inviolábel; este dereito fundamental require, como algo imprescindíbel, asegurar a súa protección non só fronte ás inxerencias de terceiras persoas, mais tamén face os riscos que poidan xurdir nunha sociedade tecnoloxicamente avanzada. Así o ruído pode chegar a representar un factor psicopatóxeno destacado no seo da sociedade e unha fonte de permanente perturbación da calidade de vida dos cidadáns (sentenza do Tribunal Supremo de 10 de abril de 2003).

Neste mesmo senso, e en relación co denominado ruído industrial pronunciouse o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña (18 de xullo de 2002).

2º) A contaminación acústica pasa, nos últimos anos, a ser un problema de grande transcendencia social, que produce efectos fisiolóxicos non desexados nos cidadáns; e as principais fontes de contaminación atópanse na actividade industrial, na que se fai especialmente sensíbel non só pola intensidade do ruído mais tamén pola duración e pola discriminación horaria en que se produce. Entre os trastornos que ocasiona, faise especial referencia aos seguintes: auditivos, cardiovasculares, neurolóxicos, dixestivos, embarazo, poboación escolar, etc.

Retomando a perspectiva xeral do tema e, en especial, a actividade pasiva da administración responsábel, é dicir, dos ouvidos xordos da administración, séguese, como consecuencia, punxindo sobre os cidadáns, obrigándolles a encamiñarse á vía xudicial para dar saída a unhas circunstancias cuxa resolución pola administración máis próxima xa tiña que ser un feito lóxico e normal, non excepcional como ven acontecendo.

Estamos aínda lonxe de chegar a actuacións administrativas propias dos países do contorno máis avanzado.

Como exemplo de actividade non axeitada, cítase a sentenza do Tribunal Supremo, Sala Segunda do Penal, de 19 de outubro de 2006, na que se cualifica de inactividade dolosa dun alcalde ante a emisión de ruídos que fai desleixo de funcións, sabendo que unha industria emisora vulneraba a normativa legal.

Desde outra perspectiva de actividade diferente, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Zaragoza, en sentenza de 14 de febreiro de 2007, condena ao Concello de Zaragoza a indemnizar con 7.000 € a cada un dos veciños demandantes prexudicados polos ruídos provenientes dunha zona de lecer da cidade por funcionamento anormal ao non actuar en defensa dos cidadáns.

O que hoxe o “ruído se escoite” é testemuña dun esperanzador acordar da sociedade civil que clama polos seus lexítimos dereitos, coa esixencia de que os políticos aborden efectivamente de maneira decidida os problemas reais. (Lorenzo Martín Retortillo)

## RECOMENDACIÓNS

Actuacións decididas e efectivas, nun tema que afecta permanentemente aos cidadáns.

Respecto ao principio de legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valedor do cidadán, artigo 10.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 17/01/2008, reiterouse o pedimento informativo actualizado, e de novo, o 19/02/2008, o 01/04/2008, faise constar a visita do interesado que fai entrega da copia de escritos dirixidos o Concello; de 13/09/2007, 20/11/2007 e 25/01/2008, do que non tivo resposta.

Con data 05/05/2008, reiterase o pedimento informativo, e de novo, o 22/05/2008, o 18/06/2008 achegando copia de informe técnico da avaliación acústica ambiental do entorno que nos ocupa, efectuado por empresa acreditada e autorizada; no mesmo obsérvase que o problema da contaminación é grave o que imposibilita unha vida decorosa dos afectados; indicando, máis unha vez, que a mellora da lexitimidade tense que buscar pola vía dos rendementos e que esta lexitimidade está ligada coa capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do entorno. Con data 23/07/2008 reitérase o pedimento anterior, e de novo o 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008 e 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reitérase, por décimo terceira vez, o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 12/02/2009 e 18/03/2009.

Con data 24/04/2008 recíbese informe pormenorizado, de Medio Ambiente sobre as actuacións levadas a cabo pola Policía local. Do que se dá cumprida información ao interesado o 30/04/2009. Con data 16/06/2009, o interesado fainos entrega dun escrito, acompañado de varios anexos no que fai unha serie de alegacións ao informe de Medio Ambiente e que, en resumo, refírense a:

- Falta de axilidade e eficacia no solución do problema.
- Situación das actividades que se están a realizar, sen a adopción de medidas de prevención necesarios.
- Visitas policiais sen acompañamento dos medios técnicos necesarios.

- Visitas nas que se compraba o grao de inseguridade ambiental.
- Solicitude de medicións sonométricas que non se realizan
- Visitas da Policía nas que se compraba a polución ambiental.
- Solicitude de novas medicións, recibendo trato eslamado por parte do persoal da Policía.
- Continuo funcionamento de sereas a horarios intempestivos.
- Previsións ao informe da Xerencia Municipal de Urbanismo sobre a situación da vivenda.
- Precisións sobre a información policial en relación coas súas visitas.
- Referencia ao informe confeccionado por empresa homologado, efectuando a petición do Valedor do Cidadán.

Do que se deu completo traslado á Concellería de Medio Ambiente o 18/06/2009, instando nunha actuación axeitada a situación e solicitando informe actualizado ao respecto, petición que se reitera o 29/07/2009.

Con data 24/08/2009, recébase informe de Medio Ambiente no que se indica o seguinte:

*"En relación co seu escrito de data 18 de xuño de 2009, con respecto ao expediente 2/2007, este Concello, este Concello infórmalle que, a denuncia do interesado seguiu a seguinte tramitación:*

*1.- En 2004, don... presenta denuncia no Rexistro Xeral do Concello de Vigo nas que manifesta o seguinte:*

*" (.) Los astilleros .... sitos en la calle ...., frente a la fachada posterior de la finca urbana, ...., sobrepasan la emisión de decibelios que se pueden tolerar en el casco urbano.*

*Que el astillero ....., contiguo con el astillero ....., tiene colocados 2 altavoces sobre un andamio. Que dichos altavoces son utilizados con gran sonoridad y repiqueo de campana para llamar a sus trabajadores indicando, nombre y apellido, a presentarse en la portería del astillero.*

*Que los barcos son decapados y pintados al aire libre, que gran parte de estos residuos van al mar directamente.*

*Que los olores y los restos de los componentes de las pinturas, altamente contaminantes, son por el viento transportados sobre las viviendas, con riesgo para nuestra salud.*

*Que no se cumplen los horarios de actividad laboral, que se efectúan trabajos nocturnos, en días festivos.*

*Que no se respeta el derecho fundamental que los ciudadanos tenemos ha ser protegidos de la contaminación acústica y el derecho al descanso como así reconoce el Tribunal Constitucional (..)"*

*2.- Á vista da denuncia presentada, o departamento de Medio Ambiente do Concello de Vigo remite copia da mesma ao departamento de Medio Ambiente da Autoridade Portuaria, xa que o Concello non ten competencias no ámbito da súa titularidade onde se atopan as instalacións dos devanditos estaleiros e notifica a don ..... sobre o mesmo informándolle que en relación á superación dos niveis permitidos na Ordenanza Municipal de Contaminación acústica, debe avisar á Policía Local para realizar unha medición, a cal será remitida ao departamento de Medio Ambiente e se do mesmo, dedúcese a comisión dunha infracción se incoará un expediente.*

*3.- En novembro de 2006, a Autoridade Portuaria na súa calidade de titular das concesións de ámbalas dúas factorías, remite ao Concello de Vigo informe sobre os resultados obtidos no estudio de ruídos realizado, os cales manifestan que se encontraban dentro das marxes permitidas pola lexislación vixente, poñendo en coñecemento que a pesar de elo continuará realizando estudos de ruído na zona como control preventivo.*

*4.- Posteriormente don....presenta reiteradas denuncias en datas sucesivas nas que solicita:*

*"(..)*

- Los controles de sonido, serán a efectuar en las instalaciones donde se desarrollan las actividades. No en las viviendas de los ciudadanos.*
- Que se efectúen mediciones santométricas de las grúas en movimiento.*
- Que no se efectúe ningún trabajo de embutición o conformado de chapa en el exterior (..).*
- Que se suprima en absoluto el toque de las sirenas, todo el mundo debe conocer a que hora debe empezar o terminar su jornada laboral (..)*
- Que se supriman las llamadas por megafonía a los trabajadores, hay otros medios (..)"*

*Asemade con data de entrada no Rexistro Xeral 12/02/07, solicita medición sonométrica.*

*5.- Con data 4 de maio de 2007, a Policía Local remite dilixencia ao departamento de Medio Ambiente no que informa que "Adjunto remito escrito del arriba reseñado, en el que se queja de los ruidos procedentes de los astilleros ubicados en la Avenida de ..*

*El remitente declina el ofrecimiento realizado por esta Policía Local para llevar a cabo una medición sonométrica en su domicilio, insistiendo que el lugar donde ha de medirse son los astilleros o en la vía pública (..)"*

*6.- Con data 9 de outubro de 2007, o departamento de Medio Ambiente do Concello de Vigo, solicita a colaboración da Policía Local para que emitan un informe da utilización das sirenas en horario diurno e en actividade normal das empresas Freire e Armón.*

*7.- Con data 23 de outubro de 2007, a Policía Local informa que "(..) el viernes 19 de octubre de 2007, nos personamos en los astilleros ....., poniéndonos al habla con (..) jefe de producción de la firma.*

*Nos informó que la sirena ( de inicio de trabajo) que sonaba a las 7,00 horas durante e horario de verano había sido suprimida. Que actualmente suena a las 8,00 (horario de invierno) pero que iba a ser suprimida (..).*

*El mismo día 19, nos personamos una vez finalizada esta primera entrevista en los Astilleros ....., ubicados en el ....., (..). Ambos fueron informados del motivo de nuestra visita así como de las molestias que causaban las sirenas de su empresa, expresando su voluntad, al igual que en el primer caso, de tomar medidas encaminadas a solucionar el problema.*

*El día 15 de noviembre nos trasladamos a la Avenida..... exteriores de los dos astilleros objetos de informe.*

*A las 7,00 horas, momento en que se tendría que escuchar la sirena de Astilleros ....., que sirve para avisar del inicio de la jornada laboral, no se escuchó sonido alguno.*

*A las 8,00 horas del mismo día , momento en el que se inicia la jornada laboral en ....., se percibió un leve sonido de sirena, muy atenuado y casi imperceptible, cuya duración fue de dos o tres segundos, no pudiendo precisarse por parte de los agentes que realizabamos el control si procedía de los citados astilleros o cualquier otra empresa de la zona (..)"*

*8.- Con data 23/01/08, a Concelleria delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo require ao interesado para que o denunciante solicite medicións sonométricas á Policía Local, posto que o departamento non ten partes de medicións, e é unha actuación previa para*



*determinar con carácter preliminar si concorren circunstancias que xustifiquen a incoación d expediente sancionador, sinalando que a referida medición deberá preceptivamente contemplar o ruído de fondo, ou de ser o caso, reflectir a negativa dos responsábeis das industrias a paralizar a actividade e avalado sempre polo informe técnico correspondente.*

*Segundo consta no expediente, en data 24/01/08 sendo as 13.25 horas o interesado négase a recoller a documentación.*

*9.- Con rexistro de entrada de data 25/01/08, o interesado presenta denuncia na que manifesta o seguinte " A la fecha de la presente, no he recibido contestación escrita a los documentos anteriormente referenciados (.). No es el entender de los responsables del astillero ....., puesto que lo siguen utilizando; con un primer toque a las 7:55 otro a las 8:00 y así todo el día (.).Del mismo modo, el astillero ....., sigue utilizando ilegalmente, altísimos tonos de megafonía, desde las 7:00, para llamar a sus operarios a distintas partes de las instalaciones. (.). "*

*10.- Con data 05/02/08, a concellería delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo require os estaleiros ..... manifestando que "*

- Deberán solicitar autorización al menos 24 horas de antelación para cualquier operación que entrañe risco contra o medio ambiente.*
- Cando realicen traballos de limpeza, pintado e outros, deberán solicitar a correspondente autorización, sendo necesario toldar hermeticamente a zona de traballo, recoller e ser entregados os restos o Xestor autorizado dos residuos xerados.*
- Os traballos que xeren contaminación acústica, están prohibidos en horario nocturno.*
- Deberán substituír o sistema acústico (sirena) de aviso, por outro que non xere molestias o entorno, de conformidade a Lei 7/1997, de agosto e da Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica e vibracións"*

*O devandito requirimento notifícase a o interesado con data 17/03/08.*

*11.- Con rexistro de entrada 14/03/08, XXX presenta escrito no que manifesta que " este Astillero cuenta, desde hace varios años, con las certificaciones : ISO 9001 de calidad; ISO 14001 de Medio Ambiente y en trámite la OHSAS 18001 de Seguridad y Salud Laboral, que todas las actividades que realiza este Astillero en la concesión de ....., son autorizadas y supervisadas por la Autoridad Portuaria, que en la factoría no se realizan trabajos en horario nocturno, que desde que entró en vigor la Ley de Prevención de Riesgos Laborales con-*

tamos con un Servicio de Prevención Ajeno que lleva a cabo la empresa.. y que incluye, entre otros, la medición anual del nivel acústico en todos los puestos de trabajo no habiéndose detectado un nivel de ruidos que supere los autorizados, que cuenta con un gestor autorizado por la Xunta de Galicia, que en cuanto al sistema acústico (sirena de aviso), y tras la entrevista con Uds en el Concello, hemos reducido sustancialmente su nivel, de tal forma que prácticamente a la entrada de la factoría en el puesto de portería casi pasa inadvertida pues de momento no conocemos otra solución alternativa que sea efectiva, que hemos realizado una medición del nivel acústico de dicha sirena, con un equipo sonómetro BRUEL & KJAER recogiendo unos niveles sonoros entre 55 a 65 dBA de ruido ambiental y 61,3 dBA en el momento de tocar la sirena, Esta medición en el interior de la portería de la factoría con la puerta abierta pues con la puerta cerrada, hemos obtenido unos niveles de 45 a 55 dBA y 51,2 dBA en el momento de tocar la sirena y finalmente que con fecha 31/01/08 hemos solicitado autorización a la Autoridad Portuaria para instalar una pantalla sobre el muro de cierre de la factoría que linda con la Avda Beiramar con intención de aislar aún más si cabe cualquier tipo de posíbel contaminación. Adxúntase copia do Dossier presentado ante a Autoridade Portuaria para a instalación da pantalla”.

12.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 24/03/08, o interesado presenta escrito no que manifesta o seguinte: “ Con número de documento de registro de salida 2289 de 5 de febrero de 2008 recibo de esa Concejalía una nota informativa cuyo contenido demuestra su total incapacidad y desconocimiento para ocupar la Concejalía de Medio Ambiente (.). Dado que usted Sra Concejala, no cumple con su trabajo le informo y a la vez denuncio: Que en el astillero ....., desde hace más de tres semanas se está pintando por chorreo y sin protección alguna al buque ....., (.). Debo entender, Sra Concejala, que las correspondientes autorizaciones que Usted señala deben ser solicitadas por los mencionados astilleros a la Concejalía de Medio Ambiente que Usted preside (.), los trabajos que generen contaminación acústica, están prohibidos las 24 horas del día (.), el sistema acústico (sirena) está funcionando en el astillero..... a 7:55, 8:00, 13:00, 14:30, 17:30, “deberán sustituir o sistema acústico” no sirve para nada Sra Concejala es ilegal y Usted, como lo anteriormente denunciado está simplemente prevaricando. En la cita que mantuvimos el 10 de octubre de 2007 (.), me prometió que iba a entrevistarse de inmediato con los responsables de los mencionados astilleros para encontrar una solución a este problema (.); en tal caso Usted me mintió”

13.- Con data 7 de xuño de 2008 mediante parte de servizo a Policía Local informa que “ requeridos por el interesado con el domicilio reseñado, haciéndonos pasar al interior de la vivienda pudiendo observar como desde su terraza estaban trabajando en “chorreteado” de un barco en los astilleros ....., sin guardar las medidas de protección exigidas para la tarea, al no encontrarse el barco totalmente toldado (.), y pudiendo comprobar como tenía la terraza y barandilla de esta sucia de polvillo negro (.). Una vez en el astillero y en compañía del vigilante de seguridad se identificó al encargado de la empresa que realizó la labor antes indica-

da (..). Manifestándonos este que el día anterior a esta intervención se personaron en el lugar Policía Portuaria indicándoles que las medidas de seguridad en lo referente al toldado eran suficientes. Manifestación corroborada por el vigilante de seguridad que se encontraba presente también en ese momento”.

14.- Con data de entrada no rexistro xeral 12/06/08 e 26/06/08, o interesado solicita copia das últimas intervencións do expediente, o cal se lle entrega con data 04/07/08 e presenta denuncia no que reitera as molestias producidas pola contaminación acústica producida polos estaleiros.....

15.- Con data 1 de xullo de 2008, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, solicita a colaboración da Policía Local para que emitan informe correspondente das seguintes medidas:

- Si procederon a toldar hermeticamente as zonas de pintado, limpeza e outros
- Si entregan os restos dos residuos xerados ao xestor autorizado.
- Si substituíron o sistema acústico (sirenas) por outro que non xere molestias no entorno, de conformidade a Lei 7/1997, de agosto e da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica.”

16.- Con data 3 de xullo de 2008, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, solicita:

“ Que a Policía Local acuda de novo ao domicilio do denunciante..... sito na rúa ....., teléfono de contacto ....., as horas que se produzan os rúidos denunciados para realizalas medicións pertinentes (..)”

17.- Con datas 16/07/08, 30/07/08, 31/07/08, 04/08/08, 06/08/08 e 14/08/08, a Policía Local remite ao departamento de Medio Ambiente partes de servizo no que informa que :

- Parte de 16/07/08: “(..)para que quede constancia de que se está pintando sin protección creando una nube de pintura visible por los Agentes desde su balcón (..)”
- Parte de 30/07/08: “ (..)nos trasladamos al Astillero ..... sito en Avda .....(..). Personados en el lugar a las 10:15 horas nos pusimos en contacto con el responsable de estos trabajos (..) el cual nos acompañó por el interior del recinto de la mencionada empresa comprobando como los barcos que están en fase de construcción o reparación hasta el momento no están llevando a cabo tareas de pintado o chorreo (..)”

- *Parte de 31/07/08: “ (..) Que se significa que durante el servicio ordenado se pudo comprobar como hasta el momento no están haciendo trabajos de pintado y chorroado en los barcos ubicados en los diques secos (..)”*
- *Parte de 04/08/08: “ (..) Que se significa que durante el servicio ordenado se pudo comprobar que el momento de la revisión no se encontraban efectuando dichas tareas”*
- *Parte de 06/08/08: “ Por medio del presente en relación al expediente de referencia, por el que interesa realizar mediciones sonométricas en el domicilio do interesado (..), se hace constar que tras varios intentos puestos en contacto telefónico con el requiriente el día 18/07/08, éste manifiesta que por el momento debido a problemas personales no puede concretar fecha y hora para la medición y que cuando estime oportuno se pondrá en contacto con esta Unidad para requerir sus servicios (..). Que a día de la fecha no se ha tenido conocimiento de requerimiento alguno en este sentido”*
- *Parte de 14/08/08: “ (..) sobre las revisiones realizadas por la Patrulla Medioambiental desde el día 07/08/08 hasta el 13/08/08 en los astilleros ....., referente al expediente 3649/306, obteniendo los siguientes resultados:*

#### **Referente a la sirena:**

*(..) sigue sonando a las 10:30 en la empresa .....y a las 15:00 horas en ambas empresas. Destacar que según las revisiones realizadas por todos los agentes integrados en la sección, dicho sonido no supone molestia, ya que es de baja intensidad y apenas dura 3 segundos, llegando a ser más ruidoso el tráfico que circula por la calle .....*

#### **Referente al funcionamiento de la megafonía:**

*Todavía no ha cesado, destacando que el sonido no es muy alto no intensivo (..).*

#### **Referente al ruido producido por movimiento de grúa:**

*Esta sigue funcionando en la empresa, si bien el movimiento no produce gran ruido. (..)*

#### **Referente a los trabajos de limpieza y pintado de barcos:**

*Estos se realizan esporádicamente, Si bien sólo se estaban realizando estos trabajos en la empresa ..... (..). Sobre los trabajos realizados por la empresa ....se pudo comprobar que cuentan con autorización del departamento de Medio Ambiente de Puerto de Vigo (se entrega copia de la solicitud), los trabajos se realizan en el agua y cuentan con la protección de un toldeo no hermético (..)”*

*18.- Á vista da solicitude presentada por o interesado con data de entrada no rexistro xeral 22 de xullo de 2008, fáiselle entrega de copia das últimas actuacións do expediente en data 28 de agosto de 2008.*

19.- Con data de entrada no Rexistro xeral 18/09/08 e 29/08/08, o interesado presenta sendas denuncias onde expón que “ el miércoles 8 de agosto de 2008, se solicita a las 13:26:27 horas, al número 986810101 una medición sonométrica, se personaron los agentes 440 y 165 de la Policía Local pero desprovistos de sonómetro (.). El día 4 de septiembre de 2008, se solicita a las 16:07 horas otra medición al mismo número, contestó una Sra Agente, que se negó a identificarse (.).”

Nuevamente llamé, y tras mi demanda, se identifica el Cabo XX, le solicito, envíe a alguien para efectuar medición sonométrica (.). A las 16:55, ya fuera de mi domicilio, recibo una llamada de un Agente de la Policía Local, el cual me señala que le han llamado de la centralita para efectuar tal medición. Le indico, que informe claramente hasta que hora previsiblemente duraría tal actividad, y dada la tardanza del aviso, ya me encontraba fuera de mi domicilio y por tanto era ya innecesario que se desplazase (.).”

Asemade denuncia os danos provocados na súa vivenda nas proxeccións de pinturas e restos de residuos de granalla provinte de actos ilegais nos mencionados estaleiros, o nivel de contaminación acústica sufridos nas vivendas e que día tras día respiran aire tóxico.

20.- Con data 24 de setembro a concelleira delegada de Medio Ambiente remite fax aos estaleiros denunciados para que confirmen a súa asistencia á reunión prevista para o día 25 de setembro as 12:00 horas, reunión efectivamente realizada co obxecto de adoptar as medidas pertinentes para compatibilizar os dereitos dos cidadáns coa liberdade da empresa.

Asemade en data 09/10/08, o xefe do Servizo de Medio Ambiente achégalle a Autoridade Portuaria, por entender que é da súa competencia copia do parte da Patrulla Medioambiental da Policía Local de data 14 de agosto de 2008 sobre as revisións realizadas desde o día 7 ao 13 de agosto de 2008 nas factorías dos estaleiros ..... respectivamente, no que informan sobre o modo de proceder nos traballos de limpeza e pintado de barcos en relación coas denuncias formuladas por ....., para o seu coñecemento e demais efectos.

Solicitando informen sobre o estado da tramitación da autorización solicitada con data 31 de xaneiro de 2008 ..... para instalar unha pantalla sobre o muro de peche da factoría con intención de illar aínda máis calquera tipo de posíbel contaminación.

21.- Consonte a disposición adicional duodécima da Lei do Ruído 37/2003 a cal establece que “Reglamentariamente, en las áreas acústicas de uso predominantemente industrial se tendrán en cuenta las singularidades de las actividades industriales para el establecimiento de los objetivos de calidad, respetando en todo caso el principio de proporcionalidad económica. Ello sin menoscabo de que la contaminación acústica en el lugar de trabajo se rija por la normativa sectorial aplicable”, o departamento de Medio Ambiente con data 11 de novembro de 2008 remitiu oficio a Xerencia de Urbanismo solicitando informe sobre a cla-

*sificación do uso do solo no que se encontran sitos os devanditos estaleiros segundo a clasificación realizada polo PXOU vixente.*

*22.- Con data 7 de xaneiro de 2009, a Xerencia Municipal de urbanismo de Vigo informa que "(.) as instalacións a que se refire o seu escrito figuran con respecto ao plan xeral vixente nun sistema xeral portuario como solo urbano de uso industrial".*

*Cómpre sinalar que o reclamante don ..... ten coñecemento de todas as actuacións obrantes no expediente, tendo sido informado puntualmente polo Servizo de Medio Ambiente en reiteradas ocasións de xeito persoal ao respecto.*

*Por todo o exposto, ante esta institución ponse a súa disposición toda a información e documentación obrante no expediente que poida esclarecer os feitos sinalados, entendendo que esta administración actuou coa toda dilixencia debida co fin de garantir os dereitos e intereses lexítimos do cidadán, e reitera a necesidade de obter unha medición sonométrica, posto que segundo establece a Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e o Manual de procedementos anexo a Ordenanza Municipal, cando a medicións dos niveis de ruídos e vibracións as que fai referencia a Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica do Concello de Vigo, resulten fóra dos niveis de ruído admitidos pode desembocar na iniciación dun expediente sancionador sinalando como persoal competente para realizar as devanditas medicións á Policía Local.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 25/08/2009.

Con data 14/09/2009, comparece o interesado, facendo entrega dun amplo escrito de alegacións no que constan os problemas xa coñecidos que veñen, anos aí, prexudicando a súa saúde e tranquilidade.

Copia literal do mesmo remétese á Concellería de Medio Ambiente, coa mesma data, insistindo unha adopción de medidas que permitan paliar a situación, facendo, máis unha vez, alusión o artigo 45 da Constitución española, e solicitando información actualizada ao respecto. Con data 22/10/2009, solicítase desde esta oficina información actualizase reiterándose o pedimento o 02/12/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitérase o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 08/02/2010.

Con data 10/03/2010 recébase escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*“En relación coa súa solicitude de información de data 18 de febreiro de 2010, relativa á queixa formulada por, expediente desa institución 2/2007, práctame informarlle do seguinte:*

*1) No noso escrito de data 17 de setembro de 2009 facíamos unha exhaustiva exposición de todos os pasos que ten dado esta administración en relación co obxecto da queixa formulada, tendo en conta o feito absolutamente relevante de que **o Concello non ten competencias no ámbito da súa titularidade onde se atopan as instalacións dos estaleiros (competencia exclusiva da Autoridade Portuaria de Vigo).***

*2) Polo tanto, no tocante ás denuncias sobre o chorreado dos barcos, a sirena, a megafonía, etc. terá de ser a autoridade portuaria a que obrigue á empresa radicada no seu ámbito a cumprir coa lexislación en vigor. En todo caso, e precisamente polo deber de colaboración entre as administracións que vostede esgrime no seu escrito, este Concello realizou numerosas xestións tanto coa autoridade portuaria coma co propio asteleiro para que adoptase as medidas correctoras oportunas que permitan garantir o dereito ao descanso de .*

*Un sucinto relatorio destas xestións sería:*

- O Concello de Vigo requiriu por escrito ao estaleiro para que cesase na actividade molestas e para que adoptase as medidas correctoras oportunas.*
- Requiriu á Autoridade Portuaria para que vixiase de oficio que se estaban a cumprir todos os requisitos esixidos pola lei para o chorreado dos barcos (memoria de continxencias, autorización previa, toldado hermético, etc.)*
- En novembro de 2006 a Autoridade Portuaria de Vigo -na súa calidade de titular da concesión de ámbalas dúas factorías- remite ao Concello de Vigo un informe*
- Cos resultados obtidos no estudio de ruídos realizado, no que se manifesta que está dentro dos marxes permitidos pola lexislación vixente.*
- Despois de numerosas visitas da Policía local aos estaleiros, con data 5 de febreiro de 2008 a Concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo require aos estaleiros para que soliciten o permiso pertinente con 24 horas de antelación para calquera operación que entrañe risco contra o medio ambiente; lembrándolle que deben toldar hermeticamente para os labores de chorreo, limpeza e pintado, así como entregar os restos ao xestor autorizado dos residuos xerados; que os traballos que xeren contaminación acústica están prohibidos en horario nocturno e que deben substituír os sistema acústico de aviso por outro que non xere molestias ao entorno, de conformidade coa Lei 7/1997 de agosto e da Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica e vibracións.*

- *En resposta a este requirimento, a dirección dos estaleiros remite con data 14 de marzo de 2008 un escrito ao Concello no que acreditan que todas as actividades que realizan na concesión portuaria son autorizadas e supervisadas pola Autoridade Portuaria -única competente na materia-; que non realizan actividades nocturnas; que realizan anualmente unha medición acústica que nunca superou os niveis permitidos; que conta cun xestor autorizado de residuos e que con respecto á serea -despois da entrevista mantida cos técnicos do Concello- rebaixaron substancialmente o seu nivel e que con data 31 de xaneiro de 2008 teñen solicitado permiso á autoridade portuaria para a colocación dunha pantalla sobre o muro de peche da factoría coa intención de illar aínda máis se cabe calquera tipo de contaminación.*
- *A maiores, con data 1 de xullo de 2008 o Concello volveu a enviar á Policía Local para comprobar se estaban a toldar os barcos para as labores de chorreo, limpeza e pintado; se reduciron o nivel acústico da serea; se contan con xestor autorizado.*
- *Ademais, a Concelleira delegada de medio ambiente remitiu por Fax aos estaleiros unha convocatoria de reunión para o día 25 de setembro de 2008, co obxecto de solventar este tema e adoptar as medidas pertinentes para compatibilizar os dereitos dos cidadáns coa liberdade da empresa, comprometéndose en dita reunión a empresa a adoptar as medidas indicadas.*

*3) É necesario reiterar e salientar que a única entidade competente no ámbito de emprazamento da empresa é a Autoridade Portuaria, quen manifesta a este Concello que o toldeo que se realiza habitualmente para o chorreo e limpeza é o correcto e prescrito pola lei.*

*4) Que incluso, presentándose en persoa a Policía Local nos estaleiros e instando á empresa ao toldado hermético, presentouse en persoa a Policía do Porto manifestando que o toldado existente é suficiente e que contan con autorización da autoridade portuaria.*

*Por todo o exposto, esta administración entende que actuou con toda a dilixencia debida co fin de garantir os dereitos e intereses lexítimos dos cidadáns, mediando e intentando colaborar -como é seu deber- coa autoridade portuaria para poder buscar unha solución ao problema.*

**En todo caso, e á vista de nova queixa, no mesmo día en que recibemos escrito do Valedor do Cidadán, 1 de marzo de 2010, remitidos un novo requirimento a autoridade portuaria, no que en síntese se lle esixe o seguinte:**

*“Debido ás reiteradas denuncias presentadas por D. diante desta administración e ante as institucións do Valedor do Cidadán e do Pobo, pregámoslles informen, á maior brevidade posíbel, se os Estaleiros XX e ZZ están a cumprir a lexislación vixente nas seguintes materias:*



1) *Se está a presentar a preceptiva memoria de continxencias para as operacións de chorreo e reparación de buques a frote e se se está recabando puntualmente a autorización pertinente a esa autoridade portuaria.*

2) *Se se está a proceder ao toldado hermético cada vez que se producen estas operacións de chorreo. Xa que segundo informa a Policía Local non se está a observar esta medida, incumprindo claramente a prohibición de pintado a pistola e chorreo exterior de buques a frote, cun alto risco de verquido accidental e as consecuentes molestias.*

3) *Se se están a tomar medidas de limpeza cando o chorreo exterior é en varadoiro, co fin de evitar arrastres por vento ou auga dos residuos xerados.*

4) *Se a empresa está a entregar os restos dos residuos xerados ao xestor autorizado.*

5) *Se substituíron o sistema acústico (sirenas) por outro que non xere molestias ao entorno, de conformidade coa Lei 7/1997, de agosto e da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a contaminación acústica, tal e como lle foi requirido en numerosas ocasións.*

6) *Solicitamos asemade información sobre o estado de tramitación da autorización solicitada polos Estaleiros con data 31 de xaneiro de 2008 para instalar unha pantalla sobre o muro de peche da factoría co fin de evitar calquera tipo de contaminación e, de selo caso, información sobre se a devandita pantalla está efectivamente instalada.*

*Por outra parte, e dado que a devandita empresa se atopa en área de competencia portuaria, pregamos que no caso de que se estea a incumplir algún dos extremos antes sinalados, se proceda por parte desa autoridade portuaria a realizar o oportuno requirimento á empresa para que no prazo máis breve posíbel proceda a adoptar as medidas correctoras que esixe a lexislación en vigor, co fin de garantir os dereitos e intereses lexítimos do cidadán"*

*Por outra banda, con respecto á contaminación acústica na vivenda do denunciante, cabe sinalar o seguinte:*

1) *Que tal e como consta no expediente, en diferentes informes da Policía Local, D., negouse en reiteradas ocasións a que se realizase medición sonométrica desde o seu propio domicilio, indicándolles aos funcionarios que fixeran as medicións desde a rúa.*

2) *Que en virtude do principio de presunción de veracidade dos funcionarios públicos e neste caso autoridade, Policía Local, este departamento ao carecer de medición sonométrica positiva non pode incoar expediente sancionar por contaminación acústica.*

3) Que, en todo caso, e á vista de nova denuncia de, este Departamento no mesmo día de recepción da queixa do Valedor, 1 de marzo de 2010, remitiu carta certificada e con acuse de recibo ao denunciante para que indique o día e a hora que considere máis idóneo para a realización da medición sonométrica, advertíndolle de que a Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e o Manual de Procedemento anexo á Ordenanza Municipal, indican que para a iniciación dun expediente sancionador por contaminación acústica é preceptivo e necesario que exista previamente unha medición sonométrica con niveis de ruído superiores aos admitidos pola ordenanza e que ademais dita medición deberá ser realizada pola Policía Local.

Por todo o antedito, en función da resposta da Autoridade Portuaria de Vigo -única entidade competente para adoptar medidas correctoras no referente ao chorreado, limpeza e pintado, por se tratar dunha concesión portuaria- e do resultado da medición sonométrica que se realice, esta Concellería seguirá informando puntualmente a esa institución.

De que se deu cumprida información ao interesado, o 15/03/2010, indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase información actualizada en relación co exposto anteriormente.

Con data 25/03/2010, o interesado fai entrega dunha copia do escrito que, coa mesma data entrega o orixinal no Concello, replicando puntualmente o comunicado último da Concellería de Medio Ambiente.

Con data 08/04/2010 dirixímonos a Medio Ambiente solicitando información actualizada e consignando que o interesado fixo entrega dunha copia do escrito dirixido a esa Concellería o 25/03/2010.

Con data 23/04/2010 recébase escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa nova queixa formulada por, número de expediente desa institución 2/2007 e expediente municipal XX-306, prácese informarlle do seguinte:*

*Tal e como xa lle informabamos no noso escrito de resposta de data 2 de marzo de 2010 o Concello de Vigo non ten competencias no ámbito da súa titularidade onde se atopan as instalacións dos estaleiros denunciados (competencia exclusiva da Autoridade Portuaria de Vigo).*

*A Autoridade Portuaria é a única administración competente na materia, en relación coa obriga de velar polo cumprimento da normativa vixente en materia de pintado, chorreado e demais operacións de mantemento dos buques nese ámbito, que son os extremos obxecto da denuncia.*

*En todo caso, o Concello de Vigo, cumprindo co seu deber de colaboración coas institucións e velando pola defensa dos intereses dos cidadáns, REQUERIU á Autoridade Portuaria en varias ocasións, a última con data 1 de marzo -o mesmo día que recibeu a queixa do Valedor- para que informase á maior brevidade posíbel sobre as cuestións denunciadas e para que, en todo caso, obrigue aos estaleiros ao cumprimento escrupuloso da lexislación en vigor, xa que as devanditas instalacións atópanse en terreos da súa competencia exclusiva e é o titular de dita concesión.*

*Con data 5 de marzo de 2010, a Autoridade Portuaria acusa recibo do escrito remitido con urxencia polo Concello.*

*A día de hoxe, a Autoridade Portuaria aínda non contestou ao requirimento do Concello.*

*Con respecto ás queixas por contaminación acústica e tal e como lle REITERAMOS en numerosas ocasións, esta administración non pode incoar expediente sancionador en tanto en canto non exista unha medición sonométrica positiva.*

*Precisamente con ese fin, o Concello de Vigo remitiulle escrito a, con data 1 de marzo, do que acusou recibo o 15 de marzo, para que sinalase a este Concello o día e a hora que considere máis conveniente para que a Policía Local poida acceder ao seu domicilio co obxecto de practicar a PRECEPTIVA medición sonométrica.*

*Debemos informarlle que, a día de hoxe, 15 de abril, o denunciante aínda non se presentou en persoa nesta administración para facilitar a práctica de dito medio de proba e, polo tanto, o Concello de Vigo non pode incoar expediente sancionador en tanto non se cumpra con ese trámite inescusábel e preceptivo, tal e como indica a Ordenanza municipal correspondente.*

*Por todo o antedito, en relación co que afecta á competencia da Autoridade Portuaria esta administración volverá a requirir a ese organismo para que informe e cumpra, de ser o caso, coa normativa supostamente infrinxida.*

*E con respecto á contaminación acústica, reiterar que o denunciante debe manifestar diante desta administración o día e a hora no que a Policía Local pode acudir ao seu domicilio co obxecto de practicar a PRECEPTIVA medición sonométrica, xa que do contrario, a denuncia será arquivada sen máis trámite, xa que dita proba é imprescindible para poder incoar o expediente sancionador correspondente.*

*Os principios básicos sobre os que se asenta a capacidade sancionadora da administración son o de legalidade e o de tipicidade, manifestación neste ámbito da seguridade xurídica e, polo tanto, non se pode incoar un expediente sen o medio de proba imprescindible para acreditar os feitos denunciados.*

*A tipicidade debe ir acompañada doutros principios que priman na potestade sancionadora da Administración, como son a presunción de inocencia, a información, a defensa, a responsabilidade, a proporcionalidade e a interdicción da analoxía.*

Con data 26/05/2010 recébase escrito do interesado no que fai unha serie de observacións en relación coa resposta de Medio Ambiente que se resumen en:

- Obxecto, ámbito e competencia administrativa en canto se refere a ordenanza municipal vixente.
- Irregularidades e dificultades no ámbito das medicións sonométricas realizadas e pendentes de realizar.
- Reiteradas molestias causadas pola case permanente contaminación acústica e pola polución de sustancias procedentes de actividades perturbadoras.

Do referido escrito dáse traslado a Medio Ambiente o 31/05/2010, instando unha acción eficaz e solicitando información actualizada con respecto as xestións levadas a cabo coa Autoridade Portuaria.

Con data 14/06/2010 recébase informe de Medio Ambiente no que indica o seguinte:

*“En relación co seu expediente 2/2007 (expediente municipal XXX-306), con respecto á queixa presentada por..., prácese informarlle do seguinte:*

*Tras distintos requirimentos realizados polo Concello de Vigo á Autoridade Portuaria de Vigo, así como á dirección dos Estaleiros, os últimos con datas 1 de marzo e 4 de maio de 2010, comunícolle o seguinte:*

*1) A Autoridade Portuaria de Vigo, en escrito de data 30 de abril de 2010, manifesta que “esta autoridade portuaria non ten inconveniente en que o Concello de Vigo solicite a información e documentación correspondente directamente aos denunciados, posto que algunha das denuncias como o suposto de contaminación acústica no que a facultade de inspección e sanción corresponde ao Concello de Vigo”. Con respecto ao requirimento realizado polo Concello en relación co resto das cuestións formuladas no escrito que son de estrita competencia da Autoridade Portuaria, (se a empresa está a presentar a preceptiva memoria de continxencias, se se está a proceder ao toldado hermético para as operacións de chorreo, se se están a tomar medidas de limpeza cando o chorreo exterior é en varadoiro, se a empresa está a entregar os restos dos residuos a xestor autorizado, se substituíron o sistema acústico de sirenas e se concederon o preceptivo permiso para a instalación de*

*pantalla sobre o muro de peche para evitar a contaminación acústica), esta institución NON SE PRONUNCIA.*

*2) En relación co requirimento realizado polo Concello nos mesmos termos á dirección do Estaleiro con data 4 de maio, informar de que a empresa respondeu a este Concello en ambos escritos de datas 1 de xuño de 2010 o seguinte: "Pola presente lle comunicamos que con data 31 de xaneiro de 2008 solicitamos permiso á Autoridade Portuaria de Vigo para a instalación dunha pantalla desmontábel e que con data 15 de abril de 2010 a Autoridade Portuaria autorizounos a instalación da citada pantalla". En outro escrito tamén de data 1 de xuño de 2010 a empresa manifesta "por la presente le comunicamos que en lo referente a los puntos 1), 2), 3), 4) e 5) do seu escrito estamos elaborando e estudando a resposta pertinente, co auxilio dos nosos asesores".*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 16/06/2010, indicándolle que, en datas vindeiras, instarase nova información actualizada, con data 15/07/2010 recébase escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa denuncia formulada por D....., seu número de expediente 2-2007, expediente municipal XXX-306, prácame informarlle do seguinte:*

*Tras varios requirimentos tanto á Autoridade Portuaria como ao Estaleiro XXX, dos que fomos dando conta puntualmente a esa institución, o pasado día 11 de xuño de 2010, a dirección do Estaleiro remite escrito a esta Concillería respondendo ao último requirimento de información realizado polo Concello, no que se explicitan os seguintes extremos:*

*a) En relación coa memoria de continxencias esixida polo Concello con respecto ás operacións de chorreo e reparación de buques, a dirección de empresa manifesta que presentou diante da Autoridade Portuaria -órgano competente- o "Plan Interior de Contingencias por Contaminación Marina Accidental", que foi aprobado por resolución de data 30 de agosto de 2006. (achegan acreditación).*

*b) Tamén acreditan no seu escrito que cada vez que a empresa procede a realizar operacións de chorreo dun buque, informa de elo á Autoridade Portuaria, recabando a pertinente autorización e indicando as medidas preventivas adoptadas (achegan as autorizacións).*

*c) Afirma a empresa no seu escrito que cada vez que leva a cabo operacións de chorreo procede ao toldado hermético do buque en cuestión e que incluso nos últimos buques tratados se mellorou os sistema de peche.*

*d) Indica que as operacións de chorreo lévanse a cabo en grada cuberta ou ben íllase do exterior do seguinte modo:*

- 1.- *En Factoría de.. mediante portalón de peche.*
- 2.- *En Factoría de.. mediante pantalla antipartículas e antirruído coa preceptiva autorización solicitada á Autoridade Portuaria que foi concedida con data 15 de abril de 2010.*
- 3.- *A pantalla antirruído e antipartículas se atopa neste momento no trámite de cálculo de estrutura por empresa especializada.*
- 4.- *En todo caso, afirma a empresa, que sempre se levan a cabo as oportunas tarefas de limpeza e recollida de granalla utilizada, evitando en todo momento a chegada da mesma ao mar, a pesares de non se tratar dun residuo catalogado como perigoso.*

*e) Con respecto aos restos de residuos xerados noutras operacións, afirman que a granalla utilizada pola empresa non é contaminante, tendo sido obxecto de análise e considerada nos informes como asimilábel a residuo sólido urbano. A pesar de esto, lévase a cabo a recollida de residuos pola empresa "XXX", extremo este que a empresa acredita mediante xustificante.*

*f) No tocante ao sistema acústico, en resposta ao requirimento do Concello, a empresa informa de que decidiuse suprimir os sábados e que se compromete a atenuar o nivel sonoro o resto dos días da semana.*

*g) En relación coas grúas, a empresa afirma que o sistema acústico cando as mesmas se desprazan está esixido así pola Lei de Prevención de Riscos Laborais, razón pola que é imposible eliminalo, pero que en todo caso soan dentro do horario permitido durante 9 dos 12 meses do ano. A empresa afirma que non existe contaminación acústica por non superar nin os límites de ruído establecidos na Lei 7/1997, nin o horario permitido para levar a cabo traballos sonoros, en caso de que estes superen ditos niveis. Afirma tamén a empresa que os niveis de ruído fora das instalacións da empresa son inferiores aos producidos polo tráfico existente na Avenida de Beiramar.*

*O que lle traslado aos efectos oportunos".*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 19/07/2010.

Con data 27/07/2010, recébase novo escrito da Concellería de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"O que lle traslado aos efectos oportunos": "En relación coa denuncia..., seu número de expediente 2-2007, expediente municipal XXX-306, prácame informarlle do seguinte:*

*Tras varios requirimentos tanto á Autoridade Portuaria como ao Estaleiro, o último deles realizado por este Concello con data 4 de maio de 2010, o pasado día 7 de xullo de 2010, tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello escrito da dirección do Estaleiro, no que se explicitan os seguintes extremos:*

*En relación coa memoria de continxencias esixida polo Concello con respecto ás operacións de chorreo e reparación de buques, á dirección de empresa manifesta que presentou diante da Autoridade Portuaria -órgano competente- o "Plan Interior de Continxencias por Contaminación Marina Accidental", que foi aprobado por resolución de data 1 de decembro de 2007. (achegan acreditación).*

*Afirman, asemade no seu escrito que cada que o Estaleiro procede a realizar operacións de chorreo dun buque, informa disto á Autoridade Portuaria, solicitando a preceptiva autorización e indicando as medidas preventivas adoptadas (achegan copia de ditas comunicacións).*

*Indican que "a empresa procede ao toldado hermético dos buques cada vez que se leva a cabo unha operación de chorreo".*

*O chorreo, confirman, lévase a cabo habitualmente en grada cuberta, sendo inusual o chorreo en varadoiro aberto. Pero en todo caso, lévanse a cabo as oportunas operacións de limpeza e recollida de granalla, evitando en todo momento a chegada da mesma ao mar, aínda que non se trata dun residuo catalogado como perigoso.*

*Con respecto aos restos de residuos xerados noutras operacións, afirman que a granalla utilizada pola empresa non é contaminante, tendo sido obxecto de análise e considerada nos informes como asimilábel a residuo sólido urbano. A pesar de isto, lévase a cabo a recollida de residuos pola empresa "XXX", extremo este que a empresa acredita mediante xustificante.*

*No tocante ao sistema acústico, en resposta ao requirimento do Concello, para que o timbre de entrada e saída do traballo non soe antes das 08:00 h. da mañá, optaron durante os meses de xuño, xullo e agosto, en que se realiza un horario de 07.00 a 15.00 h, o timbre non sona á hora de entrada, tocando unicamente á hora de saída.*

*En relación coas grúas, a empresa afirma que o sistema acústico cando as mesmas se desprazan está esixido así pola Lei de Prevención de Riscos Laborais, razón pola que é imposible eliminalo, pero que en todo caso soan dentro do horario permitido durante 9 dos 12 meses do ano. A empresa afirma que non existe contaminación acústica por non superar nin os límites de ruído establecidos na Lei 7/1997, nin o horario permitido para levar a cabo traballos sonoros, en caso de que estes superen ditos niveis. Afirma tamén a empresa que os niveis de ruído fóra das instalacións da empresa son inferiores aos producidos polo tráfico existente na Avenida de Beiramar.*

*O que lle remito aos efectos oportunos”*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 27/07/2010.

Con data 11/08/2010 recébase escrito do interesado no que formula unha serie de consideracións sobre a veracidade das informacións proporcionadas polos estaleiros así como sobre as obrigas do Concello que non se cumpren de acordo coa normativa vixente; Lei 34/2007, Ordenanza Municipal del 28/07/2000 e Decreto 320/2002; sen que faga caso das medicións e actuacións da Policía Local, Patrulla de Medio Ambiente do Porto de Vigo, e medicións efectuadas por empresa homologada e legalizada. Con data 19/08/2010 dáse traslado solicitando información actualizada destas reconsideracións á Concellería de Medio Ambiente; pedimento que se reitera o 16/09/2010, e o 18/10/2010. Con data 17/11/2010 recébase escrito de Medio Ambiente que informa o seguinte:

*“En relación coa queixa formulada ..., o seu expediente 2/2007, expediente municipal XXX-306, prácese informarlle o seguinte:*

*Tal e como xa lle informamos en reiteradas ocasións, a Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación acústica, así como o Manual de Procedemento para a Medición de Ruídos e Vibracións, establecen que para a iniciación dun expediente sancionador por contaminación acústica é preceptivo e necesario que exista previamente unha medición sonométrica con niveis de ruído superiores aos admitidos pola ordenanza.*

*Ademais, establece que as medicións as deberá facer persoal municipal competente, concretamente, a Policía Local, engadindo que o Concello poderá, ao seu xuízo, reclamar a axuda de empresas ou entidades especializadas. É dicir, a iniciativa e competencia para a solicitude a unha empresa privada dunha medición, en substitución do persoal municipal, é exclusivamente do Concello e nunca de parte.*

*Precisamente, co obxecto de poder atender a demanda do promotor da queixa,, con data 1 de marzo de 2010 remitiuse escrito nos seguintes termos:*

*“Diante da nova queixa formulada por vostede através da institución do Valedor do Cidadán con data 15 de febreiro de 2010, en relación coa contaminación acústica provocada polos Estaleiros XX e ZZ,, e como trámite previo e preceptivo para poder iniciar un expediente sancionador por contaminación acústica, será necesaria a realización da correspondente medición sonométrica por parte da Policía Local.*

*Por todo o antedito, pregámoslle que no prazo máis breve posíbel, **indique a esta Concellería as datas e horarios máis idóneos para que os funcionarios deste Concello poidan acceder ao seu domicilio co obxecto de realizar a devandita medición.**”*



*Con data 15 de marzo de 2010, o denunciante acusa recibo desta notificación no seu domicilio (achégase copia do acuse de recibo) **sen que a día de hoxe se puxera en contacto nin con esta Concellería nin coa Policía Local para facilitar a realización da medición sonométrica.***

*En definitiva, en virtude do principio de presunción de veracidade dos funcionarios públicos e tal e como indica a Ordenanza Municipal e mailo Manual de Procedemento de aplicación da devandita norma, é imprescindible que exista unha medición sonométrica realizada pola autoridade ou funcionario público competente para poder iniciar a incoación dun expediente sancionador.*

*Unha vez máis, poñémonos a disposición do denunciante para que indique a este Concello o día e hora máis idóneos para que os funcionarios poidan acceder ao seu domicilio co obxecto de realizar a devandita medición”.*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 18-11-2010; quen o 13-12-2010, achéganos consideracións, en cinco folios, en relación coa resposta dada por Medio Ambiente, :

- A Concellería de Medio Ambiente, persiste na negativa a responder ás súas alegacións.
- Precisións sobre a medición sonométrica efectuada por empresa homologada, a solicitude da oficina do Valedor do Cidadán.
- Comparecencia policial con medios técnicos axeitados cando se estean a producir os feitos denunciados.
- Emprego de medios acústicos de avisos ou chamamentos.
- Utilización de guindastres fixos non silenciosos.
- Falta de control municipal.
- Danos na vivenda.
- Pintado exterior de buques a flote.
- Utilización de area para engracer os buques.

Do que se deu literal traslado a Medio Ambiente o 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2011, solicítase informe actualizado en relación co o envío anterior que se reitera o 10/02/2011, 14/03/2011, 13/04/2011, 12/05/2011, 13/06/2011 e 13/07/2011.

### EXPEDIENTE 12/2007

#### ASUNTO:

Queixa en relación co desacougo polo que está a pasar á veciñanza por causa da contaminación de alta frecuencia como consecuencia das tarefas de carga e descarga de chatarra a calquera hora do día e da noite, ademais dunha elevada polución de compoñentes férricos e de aluminio que se estende nunha área aproximada de 100 metros.

A interesada agrega comunicación de Participación Cidadá na que se acusa recebemento das súas catro queixas, a primeira de novembro de 2006, todas admitidas a trámite para que no prazo de quince días recibesen unha resposta do departamento competente, o que non se corresponde coa realidade.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 08-03-07. Con data 12-03-07 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 23-04-07. Con data 08-05-07, recébase escrito de Participación Cidadá na que se indica o incumprimento nos prazos por parte de Medio Ambiente, así como que unha das queixas (de 06-02-07) foi remitida á Autoridade Portuaria. Do que se deu cumprida información á interesada o 09-05-07.

Con data 12-06-07, solicítase de novo a Participación Cidadá información actualizada ao respecto, e así mesmo a Medio Ambiente o 27-07-07; quen, con data 20-08-07, fainos chegar escrito informado que no seu departamento non constan antecedentes da queixa da interesada, e que a mesma debe solicitar á Policía Local unha medición sonométrica, o que este Institución procede a dar a resposta seguinte:

*“Con data 20 de agosto do ano que andamos recíbese o seu escrito de data 08-08-07, número de saída XXX, súa referencia Expte.: XXXX/323, no que se reflite que no departamento de Medio Ambiente non constan antecedentes do denunciante polo que deberá solicitar unha medición sonométrica á Policía Local.*

*Con respecto o inciso de non ter antecedentes da interesada signifícolle que segundo consta no escrito do Concello de Vigo (Participación e Atención Cidadá) de data 23-11-06, refe-*

*rencia XXXX/323 (nº doc. XXX) reflítese a súa queixa relativa ao RUÍDO e que a mesma foi admitida a trámite co número de documento XXXX e remetida ao departamento competente para que no prazo máximo de 15 días dea resposta á mesma”*

Posteriormente, o 08-05-07 e a petición desta oficina do Valedor do Cidadán, o Servizo de Participación Cidadá comunícanos que respecto da queixa presentada pola interesada o documento XXXX foi remitido o 27-11-06 ao Servizo de Medio Ambiente e que está pendente de informe.

En canto ao inciso de que a interesada ten que solicitar medición sonométrica á Policía Local, feito noutros expedientes, tal cal á o que dispón a ordenanza municipal vixente sobre a protección das persoas e os bens, función que lle completa o Concello no control do seu cumprimento, realizando cantas inspeccións sexan necesarias e aplicar as sancións correspondentes, podendo reclamar o auxilio da Administración autonómica ou de empresas ou entidades especializadas.

Procedimentalmente as inspeccións poderán levarse a cabo a iniciativa municipal ou pola solicitude calquera interesado, o que xa fixo a interesada ao formular a súa queixa.

E ben coñecida por esa Concellería a doutrina e recomendación do Valedor do Pobo no senso de que o cidadán non ten obriga de solicitar á Policía Local a medición sonométrica. E obvio, toda vez que, xa ten formulada denuncia de contaminación acústica no Concello, que este e máis concretamente a Concellería de Medio ambiente é quen ten que proceder ás comprobacións pertinentes e o impulso do procedemento tal como resulta das máis elementais normas desde carácter, para acadar convencendo que o que se cuestiona funciona ou non adecuadamente. Sen esquecer o disposto no artigo 20 da Lei 30/92.

Polo que solicitouse información actualizada con respecto ao expediente que nos ocupa.

Pedimento que se reitera o 02-10-07, o 08-11-07 e o 10-12-07.

## REFLEXIÓNS

Deste expediente vense a clarexar, máis unha vez, a falta de coordinación; medida esta da máxima importancia en toda organización que se prece. Neste senso fíxose especial referencia na introdución da Memoria do ano 2006.

É preciso reiterar que as condicións de acougo público atopáramolas naquela cidade na que os rúidos non superen os límites legais, e nas que, polo menos, pola noite sexamos capaces de conciliar o sono sen alteracións da intimidade.

No suposto que nos ocupa, asemade nos vemos afrontados por outro tipo de contaminación non desdeñábel: a polución atmosférica.

Xa temos subliñado noutros expedientes de anos anteriores algo que é válido para outros moi frecuentes: A Constitución é algo máis que un libriño pousado nun andel ou nunha mesa de cabeceira. A Constitución, lonxe de ser un simple catálogo de principios de non inmediata vinculación e de non inmediato cumprimento até que non sexan obxecto de desenvolvemento legal, é unha norma xurídica, a norma suprema; por iso, é indubidábel que os seus preceptos son alegábeis ante os tribunais, tal como o proclama o Tribunal Constitucional (sentenza 16, do 28 de abril de 1982).

A esfera do dereito é a esfera da seguridade (J. Pérez Royo).

Cando a realidade dalgunhas actividades supera e quebra preceptos e normas que afectan aos cidadáns en función do espazo físico da súa vivenda, dereitos que non son defendidos e protexidos como debería ser, vense obrigados á creación de figuras, asociacionismo, para a súa defensa o que ven a confirmar o desleixo das funcións e obrigas propias da súa administración máis próxima.

### RECOMENDACIÓN

Control das obrigas que lle competen a cada departamento; defensa da saúde e protección da intimidade dos cidadáns.

Cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán, artigo 12.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterase o pedimento informativo anterior, e de novo, o 13/02/2008 o 24/03/2008, o 05/05/2008 o 03/06/2008, 02/07/2008, 31/07/2008, 02/09/2008, 02/10/2008, 04/11/2008 e 05/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reitérase por décimo quinta vez, o pedimento anterior, e, de novo, 02/02/2009, 06/03/2009, 15/04/2009, 06/05/2009, 04/06/2009, 03/07/2009, 21/08/2009, 21/09/2009, 15/10/2009 e 19/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 08/02/2010, 08/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 04/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuación seguintes:

Con data 13/01/2011, reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 10/02/2011, 14/03/2011, 13/04/2011, 12/05/2011, 13/06/2011 e 13/07/2011,

### EXPEDIENTE 19/2007

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa contaminación acústica procedente das tarefas de limpeza e peche dun local de hostalaría que impiden conciliar o sono e polo tanto o descanso nocturno.

O interesado xa ten denunciado no Concello a súa situación, en data 17-11-06, solicitado medición sonométrica que non se realizou.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 30-04-07. Con data 02-05-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 12-06-07, o 01-07-07, o 02-08-07 e o 02-10-07. Con data 17-10-07 recébase escrito de Medio Ambiente, no que se indica que o interesado ten que solicitar medición sonométrica á Policía Local, como actuación previa.

Solicitude que xa consta que foi presentada.

Do anterior deuse cumprida información ao interesado indicándolle que, coa mesma data, 19-10-07, dirixímonos a Medio Ambiente indicándolle que o trámite xa foi cumprimentado polo mesmo na súa primeira denuncia.

Coa mesma data, como se indica, dirixímonos a Medio Ambiente comunicando que o trámite xa se fixo no seu día (novembro 2006) e facendo as precisións que se refliten no apartado de reflexións. O pedimento anterior reitérase o 07-11-07, o 27-11-07 e o 21-12-07.

#### REFLEXIÓN

A tal fin, de novo, significase que a Ordenanza Municipal do 28 de xullo de 2000 pola que se regula a actuación municipal, co fin de protexer ás persoas e aos bens, indica que lle corresponde ao Concello exercer o control do seu cumprimento, realizar cantas inspeccións foren

necesarias e aplicar as sancións correspondentes, podendo reclamar o auxilio da Administración Autonómica ou de empresas ou entidades especializadas.

Procedimentalmente as inspeccións poderán levarse a cabo a iniciativa municipal ou trala solicitude de calquera interesado o cal xa se fixo en dúas ocasións (17-11-06 e 19-01-07).

É ben coñecida por esa Concellería a doutrina do Valedor do Pobo no senso de que o cidadán non ten obriga de solicitar á Policía Local a medición sonométrica. E obvio, toda vez que xa a ten formulada no Concello, e que este e máis concretamente Concellería de Medio ambiente é quen ten que proceder ás comprobacións pertinentes e ao impulso do procedemento tal como resulta das máis elementais normas deste carácter, para rematar convencendo de que o se cuestiona funciona ou non adecuadamente.

### RECOMENDACIÓN

Préstese a debida atención e actuacións consecuentes cos problemas como o deste expediente.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 22/01/2008, reiterase o pedimento informativo anterior, por sexta vez, e de novo, o 01/04/2008, 05/05/2008, 22/05/2008, 26/06/2008, 24/07/2008, 26/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008 e 15/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reitérase por décimo sexta vez, o pedimento anterior, e de novo, o 04/02/2009, 18/03/2009 e 14/04/2009.

Con data 30/04/2009, recébase escrito, sen rexistro de saída de Medio Ambiente no que se informa que se deu orde a Policía local para efectuar unha medición sonométrica e que unha vez coñecidos os resultados darase información puntual.

Do que se deu cumprida información á interesada o 03/04/2009.

Con data 27/05/2009, solicítase a Medio Ambiente información actualizada, e, de novo, o 26/06/2009, e o 19/11/2007. Con data 20/11/2009 recébase informe de Medio Ambiente indicando que a cafetería xa fai tempo que pechou, e que postos en contacto co autor da queixa así o confirma. Dáse por pechado o expediente

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 24/03/2010 dirixímonos a Concellería de Medio Ambiente indicándolle que o interesado comunica que as molestias seguen a producirse, interesando unha acción definitiva e información actualizada ao respecto.

Con data 06/05/2010 recébase escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*“En relación coa queixa formulada, seu número de expediente 19/2007, prácame informarlle do seguinte:*

*Na queixa enviada por esa institución reflíctense distintas denuncias -unha molestias ocasionadas por fumes e fases e outra relativa a unha suposta contaminación acústica-, que deberán ser obxecto dun tratamento diferenciado.*

*Con respecto á queixa formulada por fumes e gases, dado que se trata dunha denuncia nova, que non constaba nesta Concellería, creouse un expediente administrativo independente -número XXX/306-. Os trámites realizados con respecto á queixa formulada o pasado día 24 de marzo de 2010 foron os seguintes:*

*O inspector municipal xirou visita de inspección con data 14 de abril á citada cafetería, elevando informe no que entre outros extremos manifesta os seguinte: “..Púidose comprobar que a evacuación de gases e fumes está conectada á saída xeral do edificio..”*

*Con data 22 de abril, remitiuse requirimento á sociedade titular da actividade “**para que no prazo de 15 días hábiles a contar desde a recepción desta comunicación, instalen unha cheminea independente para a extracción de fumes, gases e cheiros, debendo presentar no Rexistro do Concello de Vigo e dirixido ao Departamento de Medio Ambiente comunicación de dita instalación (..). Así mesmo, se lle informa de que, vencido o prazo anteriormente sinalado sen dar cumprimento ao requirimento, procederase a incoar o correspondente expediente sancionador.**”*

*Con respecto á queixa formulada por suposta contaminación acústica, expediente municipal XXX-306, informarlle de que a Policía Local acudiu en diversas ocasións ao establecemento para contrastar o obxecto da denuncia e que, con data 18 de abril de 2010, acudiu unha patrulla da Policía Local e realizou unha medición sonométrica.*

*O resultado da devandita medición foi de 28,06 dB, polo que non supera o límite fixado na Ordenanza Municipal como sancionábel. Polo tanto, á vista do resultado non é posíbel incoar expediente sancionador por contaminación acústica, **procedéndose ao arquivo da denuncia presentada.***

Do que se dá cumprida información ao interesado o 07/05/2010, indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase información con respecto a instalación de cheminea, o que se fai o 02/06/2010. Con data 23/06/2010, recébase escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa súa queixa 19/2007, noso expediente arriba referenciado, prácame informarlle o seguinte:*

*Que con data 3 de xuño de 2010 presentou no Rexistro Xeral deste Concello escrito en relación co requirimento realizado por este Concello o pasado día 26 de abril de 2010 con respecto aos fumes e gases denunciados.*

*No dito escrito manifesta que no local citado non se realizan comidas ni preparados que produzan olores ao resto da Comunidade.*

*Que a pesar de que non se producen as molestias denunciadas, ten toda a vontade de corrixir as deficiencias apreciadas e que segundo os técnicos da empresa que contratou podería estar resolta cara mediados do mes de xuño."*

Do que se da traslado ao interesado, indicándolle que se considera o expediente en situación de solución, que se reabrirá no suposto de que el mesmo nos informase negativamente con respecto a corrección das deficiencias, o que se comunica o 24/06/2010.

No obstante o anterior, con data 15/07/2010 recébase novo escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa queixa formulada do seu expediente 19/2007, nosos expedientes XX-306 e XX-306, prácame informarlle o seguinte:*

*A pesar de que un dos aspectos da denuncia presentada -terraza supostamente sen autorización- non é competencia desta Concellería, senón da área de Seguridade, solicitamos información con respecto a este tema ao departamento de seguridade para axilizar o envío de información ao interesado.*

*A Policía Local ten atendido en diversas ocasións as denuncias formuladas con respecto a invasión dun espazo público cunha terraza sen a preceptiva autorización municipal, acudindo ao establecemento denunciado e requiríndolle ao seu titular a autorización necesaria, apercibíndolle da necesidade de solicitar a mesma e de liquidar as taxas correspondentes.*

*Que con data 20 de maio de 2010 compareceu no Concello o titular da sociedade solicitando autorización para a colocación de 8 mesas, con 4 cadeiras cada unha,*



*expresando no seu escrito de solicitude, nembargantes, que se trata dun espazo privado, pertencente ao edificio.*

*Que con data 1 de xuño de 2010, a Xefa do Servizo de Seguridade remite requirimento á sociedade, no que se indica que para poder proceder á tramitación do expediente de autorización de instalación de cadeiras e mesas deberá aportar através do Rexistro Xeral do Concello o impreso de autoliquidación de instalación de terrazas con mesas e cadeiras cuberto e pagado na entidade bancaria ou ben aportar documentación suficiente para acreditar o carácter de propiedade privada do patio no que se atopa o establecemento”, feito este que esgrime no seu escrito.*

*Comúncaselle no mesmo escrito que dispón dun prazo de dez días hábiles para subsanar as deficiencias da solicitude ou, do contrario, teráselle por desistido da súa petición. A notificación foi recibida polo titular do establecemento con data 11 de xuño de 2010.*

*Desde a Concellería de Medio Ambiente remitíuselle dilixencia a Seguridade transmitíndolle a denuncia, cos datos da escritura de cesión para uso público do devandito patio e advertindo de que a día de hoxe o establecemento continúa coa terraza instalada.*

*En todo caso, para futuras consultas sobre este expediente de autorización de terraza o interesado deberá dirixirse á Concellería de Seguridade, número de expediente XXX-210.*

*O que lle traslado aos efectos oportunos.”*

Do que damos cumprida información ao interesado o 19/07/2010, indicándolle que coa mesma data dirixímonos a Seguridade solicitando información sobre a situación do expediente.

Con data 19/08/2010, recébase novo informe de Medio Ambiente no que se indica o seguinte:

*“En relación coa súa queixa 19-2007 expediente municipal arriba referenciado, prácame informarlle o seguinte:*

*Tal e como xa que lle comunicabamos no noso último escrito, o titular da actividade, comprometerase mediante escrito presentado neste Concello a adoptar as medidas necesarias para evitar as molestias provocadas por fumes e gases.*

*Na visita de inspección xirada no mes de xuño, incluso confirmou que pedira varios presupostos a distintas empresas para cometer as obras necesarias para a instala-*

*ción dun filtro, e que consideraba que as mesmas poderían estar realizadas a finais do mes de xuño.*

*Coa finalidade de comprobar se o titular da actividade cumpriu o requirimento do Concello, o inspector municipal volveu xirar visita de inspección con data 14/07/2010, elevando acta na que, esencialmente, afirma que non se presentaron os da empresa contratada a os efectos e que, en todo caso, soamente fai tostadas e non prepara comidas.*

*Á vista do incumprimento por parte do titular da actividade dos reiterados requirimentos realizados pola Concellería de Medio Ambiente, incoaremos un procedemento sancionador, co fin de que o denunciado cumpra coa normativa en vigor.*

*O que lle comunico aos efectos oportuno."*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 24/08/2010.

Con data 22/11/2010, dirixímonos a Medio Ambiente indicando que o interesado comunica o 22/11/2010 que se ve obrigado a ter en funcionamento unha campá extractora case todos os días o fin de mitigar os cheiros que ten que soportar, facendo mención do ruído das cadeiras da terraza que carece de licenza.

Con data 14/12/2010 solicítase de novo información ao respecto.

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2011, reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 10/02/2011,

Con data 25/02/2011, recébase escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*Á vista do expediente sancionador en tramitación nesta Concellería, a Concelleira delegada de Medio Ambiente decidiu adoptar o seguinte acordo:*

**Primeiro.-** *Desestimar as alegacións presentadas, en nome e representación da entidade mercantil, en base aos anteriores feitos e fundamentos de dereito expostos.*

**Segundo.-** *Impoñer a entidade, titular da licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de CAFETERÍA, no local, a sanción de multa de 751 euros pola comisión dunha infracción tipificada como grave de conformidade co disposto no artigo 74.b) e 71.c) da Ordenanza Municipal de protección do medio ambiente atmosférico.*

**Terceiro.-** *A presente resolución comunicaráselle ao instructor, con traslado de tódalas actuacións practicadas, e notificaráselle á Xefatura da Policía Local e aos interesados nos termos do artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.*

*O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos."*

*Do que se dá cumprida información ao interesado o 02/03/2011, indicándolle que de non darse actuación xustificativa durase o expediente por pechado.*

## CAPITULO II- MOBILIDADE E SEGURANZA.

### EXPEDIENTE 13/2007

#### ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa de tráfico mentres realizaba tarefas profesionais de carga e descarga co seu vehículo industrial dedicado a tales tarefas.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 14-03-07. Con data 15-03-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 23-04-07, e de novo o 22-05-07, o 22-06-07, o 26-07-07, o 29-08-07, o 02-10-07, o 08-11-07 e o 10-12-07.

#### REFLEXIÓNS

Son ilustrativos os feitos relatados polo interesado no seu escrito de alegacións, cales son:

- O vehículo é de tipo industrial e con el realiza as tarefas de lle son propias: carga e descarga; tal como acreditou coa fotografía presentada no seu momento, na que se reflite claramente a rotulación ao respecto.
- O vehículo foi inmovilizado e retirado dunha zona de carga e descarga, onde estaba a realizar as tarefas que lle son propias e non simplemente, como indica o documento da sanción, como vehículo estacionado.
- A Ordenanza de carga e descarga foi observada e respectada totalmente polo interesado, tal como se declara na mesma, nos seus artigos 10 e 18.

- Faise especial fincapé en que o vehículo, segundo a súa ficha técnica, ten unha lonxitude de 4,525 metros, é dicir, non excede os límites subliñados no artigo 18 da Ordenanza Municipal (BOP do 20-03-91).
- O vehículo está incluído dentro do apartado de vehículos comerciais e o imposto de vehículos a favor do Concello cualifícao de camión, é dicir, asígnalle unha cualificación industrial.
- O interesado achega proba escrita dunha testemuña que é o destinatario-cliente das mercadorías na que se acredita que se estaba realizando unha función comercial que precisa dunha acción de descarga, así como do tempo empregado en tal mester.

Pola nosa parte precísase engadir que, seguindo posicións doutriniais acreditadas que é necesario e imprescindible a harmonización entre os intereses xerais e os locais, o que non quere dicir que estes últimos non sexan tamén xerais. A coherencia non permite xustificación de potestades ilimitadas ou parciais de control, a lóxica impide o exercicio desorbitado de competencias.

En primeiro lugar, atopámonos con que se omiten ou non son verdadeiros os datos básicos da denuncia. O procedemento administrativo, por definición, implica a existencia dunha pluralidade de actos funcionalmente relacionados entre si; os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario. As actuacións administrativas terán que servir de garantía específica para o administrado, o cal poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, audiencia, recursos, etc.) a tutela efectiva dos seus dereitos.

As cuestións presentadas polo interesado nas súas peticións non definen, por si propias, exclusivamente o obxecto do procedemento, senón que constitúen o contido mínimo do mesmo por canto ao resolverse polo órgano competente, este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas ou alegadas por aquel.

En segundo lugar, non é suficiente que o axente denunciante se limite a reafirmarse na denuncia. Existen unha serie de modos de proba suficientes para substanciar axeitadamente unha resolución conforme á realidade, resolución que se debe fundamentar de forma razoada e na que se contemplarán as alegacións e probas presentadas, con especial referencia á citación de terceiros (testemuñas), que debe ser favorecida sempre coa finalidade de estender o asunto a todos os que participaron no feito. Ao rexeitar as testemuñas pódese incorrer en desviación de poder. O feito de non atender ás peticións e os argumentos documentados produce unha incongruencia procedimental que debe ser rexeitada.

## RECOMENDACIÓN

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 13/02/2008, o 24/03/2008, o 05/05/2008, o 03/06/2008, o 02/07/2008, 31/07/2008, 02/09/2008, 02/10/2008, 04/11/2008 e 05/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reiterouse por décimo sétima vez, o pedimento anterior, e de novo, o 02/02/2009, 06/03/2009, 14/04/2009 e 06/05/2009, 04/06/2009, 03/07/2009, 21/08/2009, 21/09/2009 e 15/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 18/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 04/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2011, reitéranse o pedimento informativo, e, de novo, o 10/02/2011, 14/03/2011, 13/04/2011, 12/05/2011, 09/06/2011 e 13/07/2011.

## EXPEDIENTE 25/2007

### ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por causa do roubo dun vehículo, que apareceu en lugar distinto do que se tiña estacionado.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 05-06-07. Con data 11-06-07 solicítase o preceptivo informe, pedimento que se reitera o 13-07-07, o 13-08-07, o 04-10-07, o 12-11-07 e o 13-12-07.

## REFLEXIÓNS

Atopámonos certamente cunha situación na que se reflite unha carencia total de coordinación:

- Un vehículo é obxecto de roubo, e abandonado despois nunha demarcación da que foi retirado polo guindastre municipal, sendo obxecto de sanción.
- A interesada ao comprobar que o vehículo non se atopaba no lugar onde o tiña aparcado contactou coa Policía Local onde lle informaron de que o mesmo foi retirado polo guindastre por estar aparcado enriba da beirarrúa.
- Coa información anterior presentouse en persoa nas dependencias da Policía Municipal onde formula a pertinente denuncia por roubo, e co xustificante correspondente acode ao depósito de vehículos solicitando a súa entrega para trasladalo ás dependencias da Policía Nacional para revisión e análise da Policía Científica. No depósito comunícanlle que o vehículo non se pode observar nin retirar sen o previo pagamento da sanción, non obstante facer entrega da copia da denuncia, polo que ten que satisfacer 1 26,85 € para a súa retirada.

Posteriormente, o 12-02-07, solicita no Concello a devolución do pagamento satisfeito para recoller o vehículo. Como resposta recibe unha notificación dunha multa por estacionamento indebido; ante a súa insistencia no Concello (05-04-07) indícaselle que debe instar á Policía Nacional para que por escrito faga constar que a Policía Científica encontrou pegadas no vehículo pero que, non obstante, non tiñan identificado o autor do roubo. Entregou copia do anterior comunicado no Concello o 12-04-07, onde lle indicaron que “receberá por escrito a resolución do caso”. Despois dun mes de espera, o 08-05-07, preséntase en persoa no Concello, onde lle indican que ten que “chegar un informe da Policía”. Con data 28-05-07, telefonicamente contactou co Concello e lle comunican que se procede a anular a multa, sen facer referencia algunha ás taxas pola recollida do vehículo e traslado ao depósito municipal, xa que a persoa responsábel non estaba ese día e, alén diso, faltaba o informe da Policía Local. Indícanlle que receberá comunicación por escrito ao respecto, escrito que a primeiros de novembro aínda estaba sen recibir.

A descoordinación das actuacións municipais fican notabelmente comprobadas. A ordenada disposición do esforzo do grupo competente brilla pola súa ausencia.

## RECOMENDACIÓN

Alén da necesidade de accións axeitadas e eficaces, demándase o cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10 do Regulamento Orgánico do Valedor do cidadán.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterouse, por sexta vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 18/02/2008, o 27/03/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 26/06/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008 e 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterase, décimo oitava vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 27/04/2009 e o 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009 e 27/10/2009. Con data 30/10/2009, recébase escrito da Concellería competente no que informa que o 11/01/2008 comunicoulle á interesada a desestimación do seu escrito de alegacións, resolución que pode ser recorrida en reposición nun prazo de un mes. E dicir que vinte meses despois dásenos tal información, pero ademais indícase, o 26/10/2009, que o expediente está pendente de resolver o recurso de reposición presentado pola interesada, do cal se lle dará ao Valedor traslado unha vez resolto. Asombra que tal recurso estea sen resolverse 20 meses despois de presentado.

Así o facemos constar en escrito dirixido a Concellería o 03/11/2009.

Do anterior deuse cumprida información á interesada, o 03/11/2009.

Con data 02/12/2009, solicítase de novo, información actualizada.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 22/04/2010, 13/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 04/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/01/2010, reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 10/02/2011, 14/03/2011, 13/04/2011, 12/05/2011, 09/06/2011 e 13/07/2011.

## **EXPEDIENTE 41/2007**

### **ASUNTO:**

Queixa en relación coas dificultades que está a pasar unha persoa con unha deficiencia considerábel para acadar unha tarxeta de mobilidade para o uso dos autobuses urbanos,

dos que se ve obrigada a facer uso tres ou catro veces ao día o que lle supón un custo considerábel.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 29-10-07. Con data 29-10-07 solíciase o preceptivo informe, que se reitera o 30-11-07 e o 28-12-07.

### REFLEXIÓN

A interesada foi cualificada cunha valoración de deficiencia e discapacidade dun 65%, con carácter definitivo.

Segundo a Carta Europea de Autonomía Local, de 15 de outubro de 1985, débese reflexionar sobre a convicción de que a existencia de Entidades Locais investidas de competencias efectivas permite unha administración que á vez que eficaz, atópase próxima ao cidadán, o que implica a acción de medidas urxentes e axeitadas ás necesidades que se suscitan.

A Constitución Española (1978), non só é unha norma xurídica, é un instrumento para a convivencia, un factor decisivo de integración social, unha canle de comunicación, un instrumento cotián.

As concepcións europeístas actuais conciben á Constitución, entre outras puntualizacións, como a concreción dun ámbito de liberdade que implica incorporar un catálogo de dereitos e liberdades; apélase a uns contidos, rematándose co dito de que toda sociedade na que a garantía dos dereitos non estea asegurada non ten en absoluto Constitución. Pois ben, a Constitución española no seu artigo 49 impón ás administracións públicas a realización dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e inserción dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos aos que prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o goce dos dereitos que se outorgan a todos os cidadáns.

No ámbito local, a Lei Básica (Lei 7/1989) considera o municipio como o marco por excelencia de convivencia social; o equilibrio social estivo asociado desde a antigüidade ao florecemento municipal.

As normas téñense que ponderar en canto á súa aplicación se refiren; se ben os tributos os soportan os que se benefician dos servizos, non se debe esquecer a necesidade de extremar o rigor distributivo.

Tense que afondar no ámbito social de seguir inculcando os valores de solidariedade, responsabilidade, esforzo e compromiso; só así se poderá facer fronte aos novos desafíos que a nova sociedade ten que afrontar.



## RECOMENDACIÓN

Revisión e actualización da normativa aplicábel á adxudicación da carta de viaxe urbano, así como daquelas outras que regulan medidas de apoio ás persoas afectadas de deficiencias e outros colectivos como os da terceira idade.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 07/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 29/01/2008, e o 06/03/2008, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 27/05/2008, o 26/06/2008, 26/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008 e 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterase, por décimo cuarta vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009 e 27/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2010 reitéranse, os pedimentos anteriores, e de novo, o 05/02/2010, 09/03/2010, 19/04/2010, 12/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 04/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2011 reitérase, o pedimento informativo, e de novo, o 10/02/2011, 14/03/2011, 13/04/2011, 12/05/2011, 09/06/2011 e 13/07/2011

## EXPEDIENTE 62/2007

### ASUNTO:

Queixa en relación coa discriminación da que foi obxecto por causa de ser sancionado por estacionar o seu vehículo e non o sendo nese mesmo lugar e hora outros vehículos na mesma situación.

Non tendo recibido información ao respecto.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 12-12-07. Con data 18-12-07 solicitouse o preceptivo informe.

## REFLEXIÓNS

Discriminación e a infravaloración dun grupo ou individuo por parte doutro; é un comportamento polo que unha actitude recibe unha resposta mentres que outro igual provoca outra diferente ou non produce ningunha.

Estase a dar un trato de inferioridade a unha persoa sen razóns que o xustifiquen.

Estamos pois ante unha situación das recoñecidas como “mala administración”. A “fuxida” do dereito administrativo e con iso a imaxe da Administración cada día se esvaece un pouco máis, co que se dificultan os resortes garantistas do sistema. Estase a actuar en desacordo coas normas e cos principios que son obrigatorios.

A sociedade non se educa só con discursos, fan falta discursos con iniciativas que erradiquen as inxustizas e os obstáculos, que orienten e informen aos cidadáns, a todos os cidadáns.

O artigo 3 da Lei 30/92 fala de “actuacións axeitadas aos criterios de eficiencia e servizo ao cidadáns”

O Código Europeo de Boa Conduta Administrativa, impón a ausencia de discriminación e igualdade de trato para todo o público.

## RECOMENDACIÓN

Quen pregunta merece unha resposta; isto non é samente un recordatorio do poeta alemán; sen esquecer por suposto o artigo 14 da Constitución española no que se proclama a igualdade de todos ante a lei, non prevalecendo discriminación ningunha por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 15/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 19/02/2008, o 27/03/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 26/06/2008, 23/07/2008, 25/09/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008 e 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterouse, por décimo segunda vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009 e 27/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2010 reitéranse, os pedimentos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 19/04/2010, 18/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 04/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 10/02/2011, 14/03/2011, 13/04/2011, 12/05/2011, 09/06/2011 e 13/07/2011.

## CAPÍTULO III: URBANISMO E VIVENDA

### EXPEDIENTE 15/2007

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa instalación dunha estrutura de ferro, con tellado de chapa metálica a modo de cuberta de vehículos que sobresaie cara á rúa na que verte augas, sen contar coa preceptiva licenza nin respectar os correspondentes retranqueos. O interesado xa ten formulado denuncia ante a Xerencia Municipal de Urbanismo desde decembro de 2005; sen que se teña comprobado actuación municipal ningunha sobre a protección da legalidade urbanística.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 30-03-07. Con data 02-04-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 07-05-07, o 11-06-07, o 27-07-07, o 29-08-07 e o 02-10-07.

#### REFLEXIÓNS

Con data 26-09-06, un técnico da Xerencia Municipal de Urbanismo efectuou unha visita á instalación na que se comprobou a existencia da obra detallada sen que conste a preceptiva licenza.

A interrogante xorde, cómo se protexe a legalidade urbanística: un ano despois da denuncia efectúase visita de inspección técnica; un ano despois do informe técnico comprobado da ilegalidade seguen sen coñecerse as actuacións efectuadas en defensa de legalidade urbanística.

A disciplina urbanística esixe do Concello que se controle o proceso construtivo, de non observarse os presupostos esixíbeis procede a actuación correspondente, caso contrario xorde o descontrol.

Doutrinalmente recoñécese que entre a esixencia normativa e a realidade danse ás veces distancias esgotadoras. Sería preciso facer unha reflexión histórica: cantos expedientes de disciplina urbanística se incoan, cantos se completan, cantas sancións pecuniarias se puxeron e cantas se cobraron, cantas obras ilegais foron derrubadas, etc.

A xurisprudencia ten expresado frecuentemente a súa repulsa pola pasividade adoptada en temas de urbanismo. Non caben xustificacións ante a demora.

### RECOMENDACIÓN

Asumir as funcións de eficiencia e axilidade que a normativa vixente impón; comezando pola Constitución.

Cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán, artigo 10.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 30/05/2008, o 24/06/2008, o 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008 e 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2007 reiterouse, por décima oitava vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009 e 29/07/2009.

Con data 10/08/2009, recíbese informe de Urbanismo indicando que o 15/07/2009 (dous anos e cinco meses desde o inicio do expediente) remitiuse o mesmo a Xunta de Galicia por ser da súa competencia, do que se deu cumprida información ao interesado.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 01/09/2010 recébase escrito da Concellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no que informa o seguinte:

*“procédese a dar traslado ao Concello de Vigo, das actuacións do expediente informativo XXX/543-9 pola instalación dun tellado de chapa metálica a modo de cuberta de vehículos na parcela núm.... en Vigo, para que no exercicio das súas competencias, adopte tódalas medidas necesarias para a protección de legalidade urbanística, segundo o disposto no Capítulo III do Título VI da LOUG”*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 02/09/2010, e coa mesma data dirixímonos a Concellería de Urbanismo e Vivenda solicitando información actualizada ao respecto. Pedimento que se reitera o 05/10/2010, 04/11/2010 e 09/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 15/02/2011, 18/04/2011, 16/05/2011, 20/06/2011 e 20/07/2011.

### **EXPEDIENTE 30/2007**

#### **ASUNTO:**

Queixa en relación coa desconformidade que ten ante unha comunicación da Xerencia Municipal de Urbanismo sobre a orde de execución por ruína dunha edificación; edificación da que non se considera propietario.

#### **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 21-06-07. Con data 25-06-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 27-07-07, o 30-08-07. Con data 04-10-07, recébase escrito da Xerencia municipal de Urbanismo no que indica un relatorio sobre o tema do expediente e remata subliñando que se concede unha prórroga aos herdeiros, de dous meses, para o derrube do inmóbel, e ordena se proceda a executar as medidas de seguridade de carácter urgente.

Con data 04-10-07, recébase visita da filla do interesado que nos comunica que están a localizar a herdeiros ausentes, e que, entón, renunciarán, mediante escritura pública a favor de Patrimonio Histórico.

Coa mesma data dáse traslado do informe recibido da Xerencia Municipal de Urbanismo antes citado e que a raíz da visita da filla do interesado, nese mesmo día, co exposto no parágrafo anterior, dáse o tema pendente por pechado.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 30/04/2008, reábrese o expediente con ocasión da visita da filla do interesado quen nos achega nova documentación, explicando novas actuacións que se expoñen no noso escrito de data 30/04/2008, interesando unha aclaración da situación mediante as accións coordinadas e correctores que procedan. O que se reitera o 17/06/2008, e o 18/08/2008, 18/09/2008, 16/10/2008, 17/11/2008 e o 15/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterouse pedimento anterior, e de novo, 04/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009, 18/05/2009, 15/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 21/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 18/05/2010, 14/06/2010., 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 05/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2011 reiterouse o pedimento informativo, e, de novo, o 15/02/2011, 18/04/2011, 16/05/2011, 20/06/2011 e 20/07/2011.

## **EXPEDIENTE 31/2007**

### ASUNTO:

Queixa en relación cun expediente de protección da legalidade urbanística e pola colocación dun peche con postes de madeira sen o retranqueo debido entre o lixo do camiño até o inicio do peche.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 11-07-07. Con data 11-07-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 28-08-07 e o 08-10-07.

### REFLEXIÓNS

Consta desde abril de 2006 a adopción dunha resolución pola que se inicia o procedemento

relativo á protección da legalidade urbanística; sen que a estas datas de finais de 2007, se teña proporcionado ao interesado máis información ao respecto.

Toda boa administración debe tratar e resolver os asuntos dentro dun prazo razoábel; dando a cumprida información ao cidadán interesado en relación co tema que lle incumbe e que ten solicitado, o que indica unha actuación non conforme ás normas e principios que son obrigacións.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 16/4/2008, o 07/05/2008, o 30/05/2008, o 02/07/2008, 30/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008 e o 23/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 22/01/2008 reiterouse, por décimo cuarta vez, o pedimento anterior, e de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009 e 27/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 12/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2007, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 05/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2011 reiterase o pedimento informativo, e, de novo, o 15/02/2011.

Con data 21/02/2011, recébase escrito de Urbanismo e Vivenda no que informa:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias (ref. expte: 31/2007) infórmolle do seguinte:*

*Con data 05/08/04 presenta escrito de alegacións no que denuncia a realización de obras non axustadas a licenza.*

*Con data 19/10/04 o inspector municipal emitiu informe onde di: “comprobando que se están realizando obras no interior da vivenda que están amparadas por licenza de obras menores con nº de expte.XXX/421, concedidas a denunciada. En canto os galpóns situados*

*na finca xa aparecen grafados na cartografía municipal, e actualmente no se están realizando obras en eles”*

*Con data 10/02/05 presenta recurso contencioso-administrativo.*

*Con data 26/04/06 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística*

*Informe da inspección: o inspector municipal con relación á obra executada con data de 19.10.2004 informou que se están realizando obras no interior da vivenda. Os galpóns situados na parcela aparecen grafados na cartografía municipal de 1997 e na data da inspección non se estaban realizando obras neles.*

*Licenza de obras:*

- *Con data de 21.01.2004 (Expte. nº XXX/421) outorgouse Licenza de Obras Menores para a colocación de solado de parqué, porta de madeira, alicerzado, enfuscado, realización de baño completo e pintura.*
- *Con data de 15.11.2004 (expte. nº XXX/421) outorgouse Licenza de Obras Menores para pintura exterior, impermeabilización e apertura de portal de finca.*

*Con data 21/06/06 presenta escrito de alegacións.*

*Con data 21.06.2006 outorgouse Licenza de Obras Menores para realización de obras de albanería e colocación de carpintería exterior en galpón existente, renunciando expresamente ao incremento do valor de expropiación. Que ampara as obras realizadas. obxecto deste expediente de Protección da Legalidade Urbanística*

*Con data 23/06/06 presenta escrito de alegacións.*

*Con data 15/09/06 o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo remite ao CXMU copia do auto de data 02/06/06 onde se acorda a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo interposto por carencia de obxecto, ao haberse anulado pola Administración demandada o acto administrativo impugnado.*

*Con data 7/02/07 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo adoptou o seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Declarar restaurada a legalidade urbanística alterada toda vez que as obras obxecto deste expediente de acondicionamento de galpón están amparadas en licenza concedida polo Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 21-06-2006 (expte. XXX/421).*



*SEGUNDO.- Proceder ao arquivo do expediente de protección da legalidade urbanística nº XXX/423, dando conta ao interesado.*

*Con data 10/03/09 Xulgado Contencioso-Administrativo ditou sentenza desestimando o recurso contencioso-administrativo interposto, fronte ao Concello de Vigo seguido como proceso abreviado número 455/07, contra o acordo da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo na sesión celebrada o día 24/02/07.*

*Remíttolle copia do o acordo do Concello da Xerencia Municipal de Urbanismo da sesión celebrada o día 24/02/07.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 23/02/2011, dándose o expediente por pechado.

### **EXPEDIENTE 32/2007**

#### ASUNTO:

Queixa en relación cunha denuncia por unhas obras levadas a cabo mediante a execución dun muro de peche e construción de vivenda unifamiliar que se estima ilegal xa que impide o acceso ás súas vivendas.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 12-07-07. Con data 12-07-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 30-08-07, o 08-10-07 e o 24-10-07.

#### REFLEXIÓN

As mesma do expediente anterior.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 10/04/2008, 07/05/2008, 30/05/2008, 02/07/2008, 30/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008 e o 23/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 22/01/2009, reiterase, por décimo cuarta vez, o pedimento anterior, e de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009,

28/08/2009, 28/09/2009 e 27/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2010, reiterase, o pedimento informativo, e, de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 12/05/2010, 12/06/2010, 12/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 04/11/2010 e 09/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2011, reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 15/02/2011.

Con data 21/02/2011 recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

“Segundo informe do arquitecto municipal con data 28/07/2006 constátase que as obras realizadas se axustan sensibelmente á Licenza outorgada”

Do que se dá cumprida información ao interesado o 23/02/2011. Sen incidencias posteriores.

## EXPEDIENTE 50/2007

### ASUNTO:

Queixa en relación cunha imposición dunha multa como sanción por executar obras nunha estrada, cando o interesado non é propietario responsábel do terreo.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 08-11-07. Con data 15-11-07 solicitouse o preceptivo informe que foi reiterado doce veces.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reitérase de novo o pedimento informativo, e o 18/02/2009, 24/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009 e 27/10/2009

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o

08/02/2010, 09/03/2010, 19/04/2010, 12/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2011, reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 15/02/2011.

Con data 07/03/2011 recébase escrito de Disciplina Urbanística no que se informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte: 50/2007) infórmolle do seguinte:*

*Con data 25/10/99 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*Realizada visita de inspección por persoal desta oficina, comprobouse que se están a realizar obras sen licenza consistentes na construción dunha vivenda unifamiliar composta de planta semisoto, planta baixa, planta primeira e aproveitamento baixo cuberta.*

*O edificio encóntrase situado en solo urbano do PXOU vixente, pendente de planeamento secundario PEMIE SAMPAIO IV-01, con ordenanza de aplicación 1.3.B. mentres non se aprobe o PEMIE.*

*A superficie construída é aproximadamente de 383 m<sup>2</sup>.*

**INFRACCIONS:**

*Planta semisoto: permisíbel, mediante a correspondente obtención de licenza.*

*Plantas baixa e primeira: será permisíbel toda aquela superficie que non exceda os 7 m de altura (medidos desde a rasante natural do terreo).*

*Planta de aproveitamento baixo cuberta: non permisíbel, xa que non queda dentro da envolvente máxima permitida.*

*VALORACION: O valor das obras permisíbeis estímase en 8.835.101 pesetas e o das obras non legalizábeis en 7.389.650 pesetas.*

*Con data 21/08/01 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*A vista das alegacións presentadas, nas que se aporta unha licenza de obras para a construción dunha casa de planta baixa sen dividir e piso para vivenda, a técnica que subscribe*

*informa que as obras realizadas non se axustan ao proxecto que obtivo licenza, polo que se ratifica no seu anterior informe.*

*En canto ás denuncias posteriores e en relación ao soto construído entre a edificación e o vial ao que dá fronte, cabe dicir que este xa aparece reflectido nos planos da cartografía do ano 1985, así como no voo fotogramétrico de 1990 e posteriores, polo que, a xuízo da técnica que subscribe non procedería incoar expediente sancionador. En relación ao muro de contención construído na parte posterior da parcela, realizada visita de inspección comprobouse que este se axusta sensibelmente á licenza concedida, expte. XXX/421*

*A aparelladora municipal, con data 8 de abril de 2002, emite o seguinte informe:*

*“A la vista de las alegaciones presentadas, la técnica que suscribe informa que a su juicio es probable que la edificación hubiera sido construida hace más de cuatro años, al menos en cuanto a las obras imprescindibles para servir al fin para el que fue prevista.*

*En cuanto a las obras no ajustadas a licencia son:*

- Planta semisótano: no figura en la licencia.*
- Planta baja: la superficie de la edificación cuya altura medida desde la rasante natural del terreno, excede de 7 ml; aproximadamente 19 m<sup>2</sup>.*
- Planta 1ª: Idem del punto anterior. Aproximadamente 60 m<sup>2</sup>.*
- Planta bajo cubierta: Toda la planta. Aproximadamente 96 m<sup>2</sup>.*

*Por otra parte, existe otra construcción no ajustada a licencia, que es un sótano construído entre la edificación y el vial al que da frente que ya aparece reflejado en los planos de la cartografía del ano 1985, así como en el vuelo fotogramétrico de 1990 y posteriores”.*

*O Xulgado do Contencioso-Administrativo Número Un de Vigo, con data 13 de xaneiro de 2004, e no procedemento ordinario núm. 418/2001, ditou a sentenza nº 09/2004, que falla estimando parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto contra desestimación presunta de escrito presentado en data 1 de marzo de 2001 sobre demolición de obras ilegalizábeis e sanción, en canto aos excesos cometidos na edificación destinada a vivenda, construción da placa de formigón adosada ao fronte e ao lindeiro esquerdo, así como o muro de contención, e condena ao Concello:*

a) *A tramitar e concluír, ditando a resolución procedente, no improrrogábel prazo de tres meses, o procedemento de restauración da legalidade urbanística, de acordo co establecido na sentenza.*

b) *A incoar, tramitar e resolver, ditando a resolución procedente, no improrrogábel prazo de seis meses, o procedemento sancionador.*

*O vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, por delegación da presidenta, mediante resolución de 18 de febreiro de 2004, ordena a incoación de expediente sancionador.*

*Con data 06/04/04 declárase a caducidade do procedemento de protección da legalidade urbanística e vólvese a incoar o mesmo.*

*Contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo Número Un de Vigo, interpoñen recurso de apelación (recurso nº 4158/2004). En data 23 de novembro de 2006 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dita sentenza desestimando o devandito recurso (sentenza nº 01074/2006).*

*Con data 25/05/05 declárase a caducidade do procedemento de protección da legalidade urbanística e vólvese a incoar o mesmo.*

*A instrutora do procedemento administrativo sancionador aprecia a caducidade do mesmo ao ter transcorrido o prazo máximo para resolver conforme ao artigo 233 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, procedendo a incoación dun novo procedemento para dar cumprimento a sentenza nº 09/2004 do Xulgado do Contencioso-Administrativo Número Un de Vigo.*

*Con data 27/04/06 prodúcese o seguinte acordo municipal:*

*SEGUNDO.- Requirir ao interesado para que no prazo de TRES MESES contados a partir da recepción da notificación deste acordo, para que proceda voluntariamente ao axuste á licenza das obras referidas no apartado anterior, derrubando as obras non amparadas por esta, co apercebimento de que, en caso de incumprimento, procederase por este Concello á execución forzosa da citada demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas reiterábeis até lograr a execución polo suxeito obrigado, de conformidade cos artigos 95 e seguintes da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*O interesado presenta escrito de alegacións no que non contradín con suficiente fundamento as conclusións do informe técnico nin os argumentos contidos no acordo de incoación do*

*expediente sancionador. Asimesmo, a maior parte das alegacións tenden a probar a prescrición da infracción, estando a mesma sen prescribir, xa que segundo a sentenza 9/2004 so Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo e da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 23 de novembro de 2006, as obras aínda non están rematadas e polo tanto a acción municipal non está caducada.*

*Á vista dos antecedentes anteriores, o Alcalde do Concello de Vigo, con data 22 de xuño de 2007, ditou resolución ordenando a incoación do procedemento sancionador, como propietario responsábel da posíbel comisión da infracción urbanística á que se refiren os informes técnicos arriba transcritos. Na mesma data desestímase o recurso de reposición interposto con data 26 de maio de 2006 contra o acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 11 de maio de 2006, polo que se declaran realizadas sen axustarse á licenza e incompatíbeis coa ordenación urbanística vixente as obras realizadas, consistentes na construción de vivenda unifamiliar e se require para que proceda voluntariamente ao axuste á licenza no prazo de tres meses, por canto, de conformidade cas Sentenzas do Xulgado Contencioso-Administrativo N°1 de Vigo de 13 de xaneiro de 2004 e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 23 de novembro de 2006, non caducou a acción municipal.*

*Con data 29/12/07 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*O técnico que subscribe entende que, a pesar da orde de paralización, as obras de edificación de vivenda unifamiliar poderían ter rematado no intervalo entre a concesión da Licenza de muro, data do 28.04.2000, e o informe da Policía Local do 10.08.2001. Non sendo posíbel, coa documentación que consta no expediente, precisar unha data concreta.*

*Con data 03/03/08 prodúcese o seguinte acordo municipal que lle remito no que se impón unha multa de 9.992,85 euros.”*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 08/03/2011.

Sen incidencias posteriores.

### **EXPEDIENTE 56/2007**

#### **ASUNTO:**

Queixa en relación coa instalación dunha estación transformadora de enerxía eléctrica; da que non consta licenza nin comunicación aos veciños afectados.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 05-12-07. Con data 13-12-07 solicítase o preceptivo informe.

Estamos perante unha instalación da que non consta previa información á veciñanza, sobre a capacidade e alcance da citada instalación que, como tantos outros exemplos ao longo da xeografía soen xustificarse coa cantinela de que non existen “evidencias científicas de perigosidade dos campos electromagnéticos sobre a saúde das persoas”.

Existen informes científicos nos que se fundamenta que as ondas electromagnéticas xeradas polas tormentas eléctricas e polas denominadas microondas interfíren e destorcen o funcionamento normal do organismo humano, sendo estes efectos os seguintes:

- Trastornos neurolóxicos (irritabilidade, cefalea, astenia, somnolencia, mareos).
- Trastornos mentais (alteracións do humor, do carácter, depresións, tendencias suicidas).
- Trastornos cardiopulmonares (alteración da frecuencia cardíaca, modificacións da tensión arterial e alteracións vasculares).
- Trastornos reprodutivos (alteracións ciclo menstrual, abortos, infertilidade, diminución da libido sexual).
- Incremento do risco dalgúns tipos de cancro (leucemias agudas, tumores do sistema nervioso central na infancia).
- Trastornos dermatolóxicos.
- Trastornos hormonais.
- Trastornos inmunolóxicos.
- Trastornos no ámbito laboral.

## RECOMENDACIÓNS

Adopción da medidas precautorias previas á instalación deste tipo de elementos; para actualizar e potenciar a fractura co modelo tradicional de actuacións, tense que dar axeitada resposta á problemática enunciada na introdución da Lei 57/2003, sobre modernización dos gobernos locais, tense que acadar o equilibrio entre a innovación e o respecto ás previsións constitucionais en razón aos dereitos dos cidadáns.

O dereito a ser escoitado antes de determinadas actuacións é básico nunha boa administración teranse en conta os factores relevantes.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 15/01/2008, reiterase o pedimento informativo anterior, por sexta vez, e de novo, o 19/02/2008, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 26/05/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008 e 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reitérase, por doceava vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009. Con data 28/04/2009, sen rexistro de saída, recibe informe de Medio Ambiente escrito no que comunica que o 17/04/2009, solicitouse ao departamento de licenzas sobre a existencia da preceptiva licenza de instalacións.

Do que se deu cumprida información á interesada o 29/04/2009.

Con data 27/05/2009, solicítase información actualizada sobre o tema iniciado fai dezasete meses, e o 26/06/2009, 29/07/2009 e 28/08/2009. Con data 15/09/2009, recébase escrito de Medio ambiente suliviando a súa competencia par ao tema en cuestión e indica que nos dirixamos ao Departamento de licenza, o que facemos o mesmo día 15/09/2009, e así llo comunicamos o interesado na mesma data. Con data 15/10/2009, solicítase información actualizada ao Departamento de licenza de Urbanismo.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/04/2010 dirixímonos a Urbanismo (Licenzas) reiterando o pedimento anterior, e de novo, o 11/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 05/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2011 recébase escrito de Xerencia Municipal de Urbanismo no que interesa se aclare o emprazamento exacto da devandita estación, o que se fai o mesmo día, 11/01/2011, reiterando o pedimento informativo, e, de novo, o 15/02/2011, 20/06/2011 e 20/07/2011



## EXPEDIENTE 63/2007

### ASUNTO:

Queixa en relación coas obras que se están a acometer na zona do sistema protexido na ribeira do Lagares.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 13-12-07. Con data 18-12-07 solicitouse o preceptivo informe, facendo fincapé en que a denuncia presentada na Xerencia Municipal de Urbanismo en marzo de 2006 non tivo resposta ningunha. Ante esta falta de información os interesados dirixíronse a Urbanismo o 24-04-06; e verbalmente se lles indicou que o expediente en cuestión o tiñan trasladado á Delegación Provincial de Ordenación Territorial, por ser tema da súa competencia.

Pasado o tempo, e sen ter constancia de actuación oficial ningunha, os interesados dirixíronse á COTOP, o 30-11-07, onde lles dixeron que o tema era competencia do Concello, e que lle devolveran o expediente ao Concello de Vigo o 02-12-07; un ano e meses despois da súa recepción.

### REFLEXIÓN

Do exposto anteriormente xorde o asombro.

A Administración, sexa cal for, ten que levar a cabo as súas tarefas de información social a prol das garantías que lles asisten aos cidadáns.

O artigo 103 da Constitución española proclama que a Administración Pública, serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación; no mesmo senso pronúnciase o artigo 3 da Lei 30/1992; e non digamos nada en relación co exposto no artigo 18 desta Lei que se remite ás actuacións entre as distintas administracións os principais de, entre outros, facilitación de información, cooperación e asistencia activa. Algo que neste suposto brilla pola súa ausencia.

A descoordenación neste suposto vulnera, sen dúbida, a lóxica e legal esixencia de coordinación o que facilita a consolidación de actuacións ilegais que derivan nun prexuízo dos cidadáns afectados pola comisión dunha ilegalidade urbanística. Estamos ante a presenza dunha falta de harmonización entre dous tipos de intereses: os xerais ou comunitarios, e os locais ou municipais, que non quere dicir que os intereses locais non sexan tamén xerais.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 10/04/2008, o 07/05/2008, o 30/05/2008, o 02/07/2008, o 30/08/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008 e o 23/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 22/01/2009, reiterouse por décimo primeira vez o pedimento anterior, e de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009 e 27/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 19/04/2010, 12/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 05/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 15/02/2011.

Con data 21/02/2011 recébase escrito de Disciplina Urbanística, escrito no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas (ref. expte: 63/2007) infórmolle do seguinte:*

*Con data 23/02/06 presenta escrito de alegacións no que denuncia a realización dunha obra ilegal consistente na ampliación duns 250 metros.*

*Con data 01/03/06 realízase informe de inspección onde se di o seguinte:*

*A grandes trazos as obras realizadas consisten en realización dun solado de formigón duns 56 m<sup>2</sup>, instalación de perfís metálicos que suxeitan paneis de chapa de aproximadamente 3 m de alto e que se sitúan por riba do peche existente, á súa vez duns 2 m de alto, nun tramo lateral duns 2 m de longo e outro frontal de aprox. 25. Noutro lateral que é a zona de entrada substituíuse o portal por outro duns 4,4 m de alto e 4,5 de longo, ademais o peche de bloques existente duns 5,7 m de longo, incrementouse co mesmo material nuns 1,3 m na súa altura, máis 1,3 da mesma chapa metálica anterior.*

*Existen no expediente nº XXX/421 autorizando a realización de solado e cambio de tubarías interiores e o documento nº XXX de solicitude de obras menores, en trámite; achego fotocopias.*

*Con data 07/03/06 en representación da asociación veciñal, consumidoras/es e Usuarías/os, presenta escrito de alegacións no que denuncian a invasión da zona de espazo de protección do Río coa construción dun muro que anexiona o local de taller de coches situado no baixo do edificio lindante.*

*Con data 11/04/06 presenta denuncia a Consellería de Medio Ambiente por infracción urbanística e medioambiental en zona verde e de recreo.*

*Con data 17/04/06 incóase procedemento de restauración da legalidade urbanística onde se ordena a paralización das obras descritas ao carecer de licenza municipal así como a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra e maquinaria afecta á mesma.*

*Con data 13/03/08 emítese un novo informe de inspección onde se observa que as obras están rematadas e consisten nunha ampliación duns 300 metros e ampliación da actividade do taller que, nesta superficie se dedica a reparación de chapa de vehículos, coa instalación dun forno de secado de pintura, extracción de aire ao exterior, etc.*

*A actividade no lugar se realiza segundo as fichas existentes no arquivo desta Xerencia, posúe licenza concedida pola Comisión de Goberno o 27-10-86 do expediente 2068/81 para 1150 m<sup>2</sup>.*

*Con data 07/04/08 emítese informe polo delegado de urbanismo e vivenda onde di:*

*O Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo, aprobado definitivamente en data 29 de abril de 1993 (DOGA de 10 de maio de 1993) clasifica a parcela como solo urbano con ordenanza de aplicación 3.1.C. de Zonas Verdes de Protección de Costas e Leitos, segundo consta no informe da arquitecta municipal de 9 de marzo de 2006, obrante no expediente.*

*Polo tanto, as obras denunciadas están situadas en solo urbano pero cualificado como zona verde, polo que a competencia para a resolución deste asunto conforme o citado artigo 213 da Lei 9/2002, é do Conselleiro competente en materia de urbanismo.*

*Con data 07/04/08 o departamento de licenzas de actividades e instalacións informa que:*

*esta Oficina de Actividades e Instalacións infórmalle que, consultados os nosos arquivos, consta de licenza municipal para a actividade de taller de reparación de automóviles en xeral, concedida por resolución da Comisión de Goberno de data 27 de outubro de 1986.*

*Con data 24/07/09 acórdase resolución municipal:*

*PRIMEIRO: Ordenar, de conformidade cos informes obrantes no expediente, a paralización da actividade que vén desenvolvendo sen axustarse á Licenza municipal outorgada pola Comisión de Goberno do 27/10/86 (expte. 2068/81) para reparación de vehículos, nunha ampliación ilegal de nave existente, executada sen licenza de obras, obxecto do expediente de protección da legalidade urbanística nº XXX/423 remitido á Consellería de Política Territorial, Ordenación do Territorio e urbanismo para a súa tramitación, de conformidade co disposto no artigo 213 da LOUGA.*

*SEGUNDO: Notificar a presente resolución aos interesados e dar traslado da mesma á Policía local, para que por ese Servizo se proceda, en caso de incumprimento da orde de suspensión da actividade, ao precintado do local.*

*TERCEIRO: Dispoñer que polo inspector municipal de zona se realice a vixilancia periódica do cumprimento da orde de paralización da actividade.*

*CUARTO: Igualmente, apercibir ao interesado que o incumprimento da devandita orde de suspensión de actividade poderá dar lugar á comisión de delito de desobediencia tipificado no artigo 556 do Código Penal, sen prexuízo do correspondente expediente sancionador.*

*QUINTO: Dar traslado da presente resolución ao Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, toda vez que de conformidade co artigo 213 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, correspóndelle a competencia para a protección de legalidade urbanística respecto dos usos en solo cualificado como zonas verdes, espazos libres, dotacións ou equipamentos públicos.*

*Con data 11/09/09, en representación presenta recurso de reposición onde solicita a suspensión da execución da orde de paralización da actividade alegando que podería causar un prexuízo de imposible reparación.*

*Con data 29/09/09 requíreselle para que no prazo de 10 días hábiles, contados a partir de seguinte ao da recepción da notificación do presente, acredite a representación da entidade por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna.*

*Con data 26/01/10 prodúcese resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística remitíndolle copia do mesmo.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 23/02/2011.

Sen incidencias posteriores.

## RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE	3
- Contaminación acústica e polución	3
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE	4
- Sanción Tráfico	3
- Tarxeta de mobilidade	1
ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA	7
- Obras ilegais	1
- Edificio en estado ruinoso	1
- Obras sen retranqueo	1
- Sanción por execución de obras sen ser propietario	1
- Instalación eléctrica con efectos contaminantes	1
- Obras en terreos protexidos	1
TOTAL EXPEDIENTES	14

REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS	
1. URBANISMO E VIVENDA	50,00 %
2. MOBILIDADE E SEGURIDADE	28,58 %
3. MEDIO AMBIENTE	21,05 %

*\*Ordenadas porcentualmente de maior a menor.*

## PARTE III

# ACTUACIONES A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2008 CON INCIDENCIAS NO ANO 2011

### INTRODUCCION:

Nesta Institución rexistráronse un total de 20 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2008 con incidencias durante o 2011 e que corresponden a:

- MEDIO AMBIENTE .....1
- MOBILIDADE E SEGURIDADE.....5
- SERVIZOS XERAIS.....2
- TRIBUNAL ECONO-ADMINISTRATIVO.....1
- URBANISMO E VIVENDA .....10
- XESTION MUNICIPAL .....1
- TOTAL .....20

### EXPEDIENTES

#### CAPITULO I- MEDIO AMBIENTE.

##### EXPEDIENTE 81/2008:

##### ASUNTO

Queixa en relación coas molestias producidas polas manobras de colocación e retirada das cadeiras, mesas e soportes de parasoles dun local de hostalería que se lle impide conciliar o sono non só os veciños dunha vivenda, senón tamén os hóspedes dunha instalación dun hotel-residencia a cargo dos promotores da queixa.

##### SITUACIÓN

A interesada durante o ano 2008, ten presentado 21 denuncias no Concello, se resultado algún. Queixa presentada o 11/11/2008, con esa mesma data solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 10/12/2008.

## REFLEXIÓNS

As reflexións en outros expedientes deste capítulo faise, preciso recordar que lle asiste os cidadáns no referente a que o réxime xurídico das administracións públicas debe transcender as regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade á que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

A lexitimidade por rendementos está ligada coa capacidade para dar resposta satisfactoria as demandas do contorno.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 10/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 15/06/2009, 22/07/2009, 18/08/2009 e 14/09/2009.

Con data 15/09/2009, se recibe escrito de Medio Ambiente informando que se remite nova dilixencia a Policía Local, para inspección. Do que se dá cumprida información á interesada o mesmo día.

Con data 15/10/2009 solicítase información actualizada, e de novo o 16/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos anteriores e de novo, o 05/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 01/02/2011, 03/03/2011, 04/04/2011, 04/05/2011, 06/06/2011 e 07/07/2011

## CAPITULO II- MOBILIDADE E SEGURANZA

### EXPEDIENTE 4/2008

#### ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa de tráfico por non ter recibo da ORA, cando realmente o tiña, facéndose constar na denuncia ás 10,30 horas, tendo o resguardo da ORA o limite das 11,12 horas, séndolle aplicado o cepo para a súa inmovilización. A interesada fai entrega da seguinte documentación:

1º- Resguardo da regulación do aparcamento: día 16/05/06, hora final do estacionamento 11:12.

2º- Resguardo da dilixencia do Concello de Vigo, polo que se detalla a infracción, hora 12:18, axente nº 67, expediente XXX, data 16/05/2006.

3º- Notificación de denuncia, por estacionar sen billete de uso de estacionamento que non colocalo en lugar visíbel, expediente XXX.

4º- Impreso de notificación pola liberación do vehículo o que se lle tiña colocado o cepo de inmovilización, expondo a súa desconformidade.

5º- Solicitud de anulación de sanción, nº de documentos XXX, de 18/05/2006, que formula como prego de descargo, no que alega que o ticket atopábase correctamente, así como a presenza de testemuñas, indicase ademais que o axente manifesta que existen fotografías da situación.

6º- Copia do escrito de Mobilidade e Seguridade de 09/10/2006 do que se achegan fotografías efectuadas as 14:43 horas.

7º- Fotografías, na que aparece como hora da súa realización as 18:42. Erro manifesto.

8º- Escrito de alegacións que formula a interesada o 29/08/2006, nº de documento XXX, no que incide: "Segundo. se me hace abonar la grúa al haberme puesto el cepo, según el agente que intervino (XX), por tener varias multas acumuladas por el mismo hecho. Consultado en el Departamento Ejecutivo del Concello me informan de que no hay ninguna sanción anterior a esta. Esto también figura reflejado en la sanción recibida ("Reincidencias: 0, se adjunta copia). Erro manifesto. Tercero. En la notificación de denuncia se señala que el motivo de la No notificación en el acto de la misma se



debió a la ausencia del conductor, hecho incierto xa que aboné las tasas, de la grúa en el momento de la sanción, lo que demuestra que el agente de la Policía Local estaba presente". Erro manifesto.

9º- Novo escrito da interesada de 11/12/2006, nº de documento XXX no que se pon e manifesto novo erro por parte da administración Municipal en relación cos datos das fotografías, que a policía presenta como probas.

10- Resolución da Concellería de Mobilidade e Seguridade de 09/07/2007, na que se reflite que se aplica de oficio a prescripción de infracción e se desestima o reembolso da taxa pola mobilización do vehículo.

Vistas as alegacións feitas por DºXXX, con D.N.I. XXXX, no seu escrito de 11 de decembro de 2006, con número de rexistro DOCXXX, en relación co expediente XXX/210, onde solicita que se deixe sen efecto a sanción de 45 euros coa que foi sancionada e se lle reintegre o importe de 114 euros aboado ao guindastre municipal pola inmovilización do seu vehículo, procede facer as seguintes.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 03/01/2008; solicitándose o preceptivo informe o 14/01/2008, reiteirándose o 13/02/2008. Con data 25/03/2008, recébase escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa o seguinte:

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

#### **Primeiro.- Prescripción da infracción**

A infracción denunciada é tipificada como leve no art. 65.3 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

En atención ao teor literal do artigo 18 do Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Procedemento Sancionador en Materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, en concordancia co disposto no artigo 81 da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, o prazo de prescripción das infraccións leves é de tres meses.

Transcorridos os prazos regulamentarios, e en consonancia co art. 18.3 do Real Decreto 320/1994, corresponde aplicar de oficio a prescripción da infracción, polo que se anula a sanción imposta e se procede ao arquivo do expediente sancionador.

**Segundo.-** Nembargantes, **non procede resolver positivamente a súa solicitude de devolución do importe aboado pola inmovilización do vehículo**, polos seguintes motivos:

a) O dito importe corresponde a unha taxa, en atención ao disposto na Ordenanza Fiscal nº 15 do Concello de Vigo, Reguladora das Taxas pola Inmovilización, Retirada, Depósito e Custodia de Vehículos.

Establécese así mesmo expresamente no artigo 7.c) da mesma norma que “O devengo das taxas polos servizos prestados é independente da sanción que proceda impoñer conforme ao procedemento establecido”.

b) O artigo 2.2.a) da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, de 17 de decembro, en adiante L.X.T.) recolle o concepto de taxa coma un clase específica de **tributo**, polo que a determinación da súa esixibilidade obedece aos conceptos tributarios seguintes: O feito impoñíbel (art. 6 da L.X.T.; art. 6 da Ordenanza Municipal nº 1, Fiscal Xeral) que é a realización do servizo de inmovilización do vehículo tal como dispón o artigo 1.a) da Ordenanza Municipal nº 15 antes mencionada, e que determina a suxeición ao pago da taxa, levouse efectivamente a cabo ao procederse á inmovilización do XXX MATRÍCULA XXX, O período de devengo e esixibilidade (art. 21 L.X.T.; art. 8 da Ordenanza Fiscal Xeral), que determina o momento de esixibilidade da taxa, en atención ao artigo 6 da citada Ordenanza nº 15, corresponde “[.] no momento en que se preste o servizo ou simplemente no momento en que se tivera iniciado [.]”.

c) **O procedemento para a devolución de tributos**, en atención ao disposto no art. 31 L.X.T., farase de acordo coa normativa de cada tributo, polo que hai que seguir os trámites do art. 86 da Ordenanza Fiscal Xeral.

En canto aos requisitos materiais, a solicitude realizada non pode resolverse favorablemente ao non concorrer ningún dos supostos do apartado 1 do citado artigo, xa que non existe unha duplicidade no pagamento (a), a cantidade aboada non foi superior á que resultaría dun acto administrativo (b), as cantidades non se ingresaron despois de transcorridos os prazos de prescrición (c), e non existen outros supostos nas normas legais ou nas Ordenanzas Municipais que sexan de aplicación (d).

**Terceiro.-** Con independencia do arquivo das actuacións, polo cal non se pode aplicar sanción algunha á conduta denunciada, resulta incuestionábel a persistencia da obriga tributaria correspondente á taxa pola inmovilización do vehículo, pois esta é independente do proceso sancionador, e corresponde a un servizo efectivamente realizado en cumprimento da lexislación vixente.

**Cuarto.-** En canto á procedencia da medida de inmovilización do vehículo, hai que sinalar o seguinte:

a) Esta tomouse en **estrito cumprimento** do establecido no artigo 8 da Ordenanza Reguladora do Servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de Tiquets na Cidade de Vigo (ditada ao amparo da previsión do artigo 38.4 da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial) que dispón:

“Apreciaranse como infraccións a esta Ordenanza e serán consideradas como estacionamento de vehículo en lugar prohibido, de conformidade co establecido no artigo 39.2 contido na Lei 5/1997, de 24 de marzo, de Reforma do Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial:

a) Estacionar carecendo de tiquet.

b) Estacionar superando o horario autorizado no tiquet.

c) Estacionar superando as horas de aparcamento máximo autorizado manténdose estacionado na mesma rúa.

As anteditas infraccións denunciaranse de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei de seguridade vial.

- A infracción definida no apartado a) sancionárase con multa de 7.500 pesetas.
- As demais sancionárase con multa de 5.000 pesetas.

Ademais do exposto denunciaranse, na mesma forma, as restantes infracción que se cometan na zona ORA e que se recollan como tales na Ordenanza municipal de circulación do termo municipal de Vigo.

Poderá procederse á retirada do vehículo coa grúa cando o vehículo careza de tiquet ou cando rebase o dobre do tempo aboadado.

Tamén poderá procederse á inmovilización do vehículo cando careza de tiquet ou exceda da autorización concedida até que se logre a identificación do seu condutor.

En ámbolos dous casos deberá procederse ao aboamento da taxa polo servizo de retirada ou inmovilización prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.”

b) En proba da comisión da infracción que deu lugar á inmovilización do vehículo, ademais da denuncia do Vixiante da O.R.A debidamente contrastada e adverada pola Policía Local, atópanse varias **fotografías** incorporadas no informe do Axente actuante que deixan constancia gráfica da inexistencia de tiquet habilitador do aparcamento.

Esas fotografías adoecen dun defecto na inserción da hora, que en nada ensombrece a claridade da imaxe e dos feitos dos que nela se deixa constancia.

c) A **fotocopia do tiquet** presentado pola recorrente, se ben non se acreditou nen se recoñece a súa validez, dispuña como hora límite de aparcamento as 11:12 horas.

A denuncia formúlase ás 10:30 horas do día 16/05/2006, e foi adverada polo Axente número XX da Policía Local ás 12:18 horas; a inmovilización do vehículo realizouse ás 12:25 horas, polo que inda se fose válido o tiquet e estivese situado en lugar visíbel en cumprimento da normativa, a medida de inmovilización estaría tomada correctamente por exceso do período de autorización concedida, ao ser equivalente un tiquet caducado á inexistencia de tiquet.

En aplicación da doutrina dos actos propios, coa presentación dese tiquet coma auténtico, inda que non se lle recoñeza esa condición, nin moito menos que estivera situado en lugar visíbel do vehículo, a recorrente admite a comisión da conduta de superar o tempo autorizado -que pode dar lugar á inmovilización-, polo que asume a efectiva actualización do risco de ter que aboar as taxas do guindastre municipal.

d) A medida de inmovilización do vehículo dispónse pola normativa de referencia coma unha actividade na que se exerce unha **potestade discrecional**, ao establecerse literalmente “[..] poderá procederse á medida de inmovilización do vehículo [..]”.

Polo tanto, depende da apreciación dos Axentes e da dispoñibilidade técnica e humana efectuar a inmovilización, sempre que se dea o suposto de feito recollido na norma. No caso recorrido, dándose o suposto fáctico e podéndose prover de medios para a instalación do cepo, levouse a cabo este servizo, cumprindo tódolos requisitos formais e materiais para a validez da medida adoptada.

En atención ás consideracións efectuadas, formulase a seguinte:

## PROPOSTA

*Desestimar a solicitude de reembolso da taxa pola inmovilización o día 16 de maio de 2006 do vehículo marca ....., por considerar que foi correctamente adoptada a medida de inmovilización tendo en conta os informes do axente actuante.*

Con data 27/03/2008 solicítase informe con respecto as reflexións feitas por esta oficina, na que non se resposta o informe anterior; e de novo reiterase o 18/04/2008, 17/06/2008, 15/07/2008, 19/08/2008, 22/09/2008, 20/10/2008 e 20/11/2008.

## REFLEXIÓNS

- 1) Cales son as motivacións polas que se declara a prescripción de sanción de oficio.
- 2) O que cabe deducir do expediente en cuestión, e que nos atopamos ante un suposto no que se evidencian erros por parte de administración municipal.
  - Non é correcta a indicación da falta do resguardo de regulación do aparcamento.
  - Non se teñen en conta a existencia de testemuñas.
  - Non é correcta a relación horaria das fotografías.
  - Non é correcta a indicación de reiteración na comisión deste tipo ou outras de faltas a normativa vixente.

A interesada non pretende unha exención da bonificación das cuotas da inmovilización do vehículo, a interesada pretende, nin sequera unha conmutación ou indulto dunha sanción, o que solicita e a anulación dunha penalización imputada que non é real, é dicir, non é certa.

Atopámonos ante un erro dos tipificados, no artigo 105 de la Lei 30/1992, e que polo tanto require un novo acto administrativo que revoque o acto previo desfavorábel a interesada, xa que o caso que nos ocupa non constitúe nin dispensa exención prohibida por as leis. O axente pode apreciar unha actuación, pero esta dispoñibilidade non ampara a comisión dos erros que derivan da súa apreciación.

Por outra banda, son de apreciar segundo o exposto datos erróneos na tramitación do expediente tal como se alegou o que implica erros imputábeis a esa administración o que debe traducirse nunha cualificación de nulidade, e polo tanto o seu arquivo, e non unha prescripción de oficio o que tamén implicara unha ineficacia da xestión.

As atribucións que a Administración recibe non se poden utilizar de xeito aleatorio ou incontrolado, a súa utilización ten que propiciar a consecución do ben público mediante uns medios de defensa e garantías que acaden o equilibrio entre as facultades públicas e os dereitos persoais. Cando non se procede nesa dirección, cando a Administración se desvía xurde o afastamento marcado pola norma.

Estamos perante unha situación na que a Administración persegue unha finalidade diferente a aquela que a norma lle asignaba, e o que o Tribunal Supremo (14/05/1959) cualifica como consecución de obxectivos non previstos concretamente pola motivación legal que inspira a norma. Noutros termos e o que a Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativo

define como exercicio de potestades para acadar fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico.

Polo que entendemos que procede a nulidade da resolución cuestionada.

#### RECOMENDACIÓN:

Cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 reitérase pedimento informativo tres veces e durante o ano 2010 reitérouse o 12/01/2010, 05/02/2010, 08/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 06/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 07/02/2011, 09/03/2011, 06/04/2011, 05/05/2011, 08/06/2011 e 07/07/2011

#### EXPEDIENTE 26/2008

##### ASUNTO:

Queixa en relación coa imposición dun recargo que derivou nunha retención por dilixencia de embargo por causa dunha multa de tráfico, como consecuencia de non identificar ao condutor.

O interesado manifesta que non tivo constancia do expediente nen sequera polo método habitual: aviso no propio vehículo.

A dirección de correo a que se lle dirixiu o aviso, non existe desde hai máis de quince anos, na data en que o Concello lle efectuou o comunicado. O Concello cónstalle o seu recenseamento en Vigo (cítase enderezo), e estando, portanto, o día no imposto municipal de circulación de vehículos en Vigo.

O que considera de xustiza se lle libere do sobrecargo da retención debida a un erro administrativo non imputábel a el mesmo.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/03/2008; con data 14/04/2008, solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 14/04/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 19/05/2008, 17/06/2008, 15/07/2008, 19/08/2008, 20/09/2008, 20/10/2008 e 20/11/2008.

### REFLEXIÓNS:

Resulta desconcertante que se lle estea a notificar a un cidadán a unha morada inexistente cando é comprobado que o seu enderezo está actualizado no propio Concello, e a propósito propio estamento de tráfico.

O que implica que a administración queda obrigada a revogar o acto, consoante o artigo 105 da Lei 30/1992.

A administración debe axir racionalmente e razoabelmente. Estamos ante o clásico desenvolvemento tecnocrático de finais dos sesenta, hoxe a desviación de poder xa está desvalorizada.

### RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán, que si se tivo en conta nos expedientes anteriores (13,18,19,20,21 e 22/2008).

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo solicitado, e de novo, o 23/02/2009, 24/03/2009, 24/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009 e 24/09/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 05/02/2010, 08/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 22/06/2009, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011, reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 07/02/2011, 09/03/2011, 08/04/2011, 05/05/2011, 08/06/2011 e 07/07/2011.

## EXPEDIENTE 58/2008

### ASUNTO:

Queixa en relación co incidente acaecido con dous membros da Policía Local cando circulando co seu vehículo pola rúa Dr. Marañón e incorporándose a Rúa López Mora (sendo preciso xirar a esquerda) se viu sorprendido por dous membros da Policía Local circulando en bicicleta pola Rúa López Mora procedendo da súa dereita, sen atender o semáforo en vermello, interpóndose na marcha do seu vehículo e obrigándoo a realizar unha urxente freada. Os axentes aproximáronse do interesado que lles preguntou a razón de non atender o sinal do semáforo, sen obter resposta algunha, déronlle orde eslamiada de que continuara circulando.

Á vista do acontecido dirixiu escrito ao Concello solicitando se lle indicase se a conduta exposta era correcta. Recebe un escrito da Policía Local que o cita para un conversa telefónica ou persoal, polo que, de novo, se dirixe por escrito ao Concello reiterando o pedimento anterior, sendo, de novo, citado para unha entrevista telefónica ou persoalmente.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 29/07/2008, con data 31/07/2008 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 04/09/2008, 02/10/2008, 06/11/2008 e 03/12/2008

### REFLEXIÓNS:

As normas da circulación, salvo excepcións claras e xustificadas, tamén obriga os membros da Policía Local.

O cidadán ten dereito a ser informado, as actuacións administrativas teñen que transcender as regras de funcionamento interno, para, deste xeito, interesarse na sociedade á que serve, como instrumento que promove as condicións, para que os dereitos constitucionais dos individuos sexan reais e efectivos.

As actuacións teñen que ser axeitadas os criterios de eficiencia e servizo aos cidadáns, conforme os principio de transparencia e de participación.

Tanto o artigo 35.i da Lei 30/1992 como o artigo 4 do R.D. 208/1996 determinan as atencións que, a modo de dereitos, se lle deben prestar os cidadáns, así como tamén o artigo 12 do Código Europeo de Boa conduta (diligencia, corrección, cortesía, presentación de escusas en caso de erro, e corrección dos efectos negativos de forma máis rápida posíbel).



### RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento de legalidade antes exposta, así como a do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento solicitado no ano 2008, e de novo, o 03/02/2009, 06/03/2009, 15/04/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009 e 19/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo, o 05/02/2010, 09/03/2010, 08/04/2009, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011, reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 07/02/2011, 09/03/2011, 06/04/2011, 05/05/2011, 08/06/2011 e 07/07/2011.

### EXPEDIENTE 73/2008

#### ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por non identificar ao condutor.

#### SITUACIÓN:

O interesado ten cumprido as súas obrigas administrativas con rigor, domiciliado en tres domicilios diferentes en ano e medio, cumprindo cos trámites en Facenda, Permiso de conducir, Censo, etc.

Queixa presentada o 08/10/2008, con data 08/10/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 05/11/2008 e o 03/12/2008.

#### REFLEXIÓNS:

Unha vez mais atopámonos co feito derivado da actividade administrativa, que revela unha falta de coordinación, medida esta sen a que non é posíbel acadar una xestión eficaz, áxil e efectiva.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterase o pedimento xa solicitado o ano anterior, e de novo, o 03/02/2009.

Con data 03/03/2009, recébase escrito de Seguridade, Circulación e Transporte no que informa do seguimento en relación cos diversos cambios de domicilio, rematando que a tramitación do expediente ten sido correcta.

Do que se deu cumprida información ao interesado, o 04/03/2009.

Con data 04/03/2009, interesase información actualizada en relación coa resolución do expediente, e de novo, o 11/05/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009 e 19/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 05/02/2010, 09/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011, reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 07/02/2011, 09/03/2011, 06/04/2011, 05/05/2011, 08/06/2011 e 07/07/2011.

### **EXPEDIENTE 87/2008**

#### **ASUNTO:**

Queixa en relación coas necesidades dunha liña de Vitrasa os domingos de todo o ano.

#### **SITUACIÓN:**

Queixa presentada o 01/12/2008, coa mesma data solicítase o preceptivo informe.

#### **REFLEXIÓN:**

Do mesmo xeito que outros anos e con motivo dos festas do Nadal se puxo en funcionamento unha nova liña os domingos (C-2), non adoptándose a mesma medida este ano, e non obstante se reforzaron outros, estimase preciso que o reforzo se faga todos os domingos do

ano á vista de que o C-1, ten unha alta rentabilidade nas datas de domingo.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 26/01/2009 reiterouse o pedimento informativo do ano 2008, e, de novo, o 02/03/2009, 24/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 25/06/2009, 27/07/2009, 27/08/2009, 24/09/2009 e 22/10/2009

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 05/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011, reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 11/02/2011, 09/03/2011, 06/04/2011, 05/05/2011, 08/06/2011 e 07/07/2011.

## CAPITULO III- TRIBUNAL ECONOMICO ADMINISTRATIVO.

### EXPEDIENTE 76/2008

#### ASUNTO

Queixa en relación coa denegación da execución da taxa pola recolla de lixo

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/10/2008; con data 14/10/2008 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 29/11/2008.

#### REFLEXIÓN

A interesada manifesta reunir os requisitos esixidos a tal fin; após varios telefonemas feitos desde febreiro do ano 2008, informásele que está pendente, así leva oito meses.

É necesario que as actuacións administrativas sexan tratadas dentro de prazos razoábeis, de xeito equitativo, e que as medidas sexan proporcionais ao obxectivo que se presentan.

## RECOMENDACIÓNS

Actuacións conforme os principios normativos de axilidade, eficacia e eficiencia.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2009, recébase escrito de Administración de Tributos. Lixo Vivendas, informe detallado da situación, que remata indicando que se traslada copia do informe ao Tribunal Económico Administrativo para os efectos que proceden.

Do que se dá cumprida información á interesada o 14/01/2009.

Con data 27/01/2009, solicitouse do Tribunal Económico Administrativo información actualizada ao respecto, que se reitera o 27/02/2009, 26/03/2009, 27/04/2009, 27/07/2009, 27/08/2009, 24/09/2009 e 22/10/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2010, recébase escrito da Administración de Tributos no que informa que traslada copia da información existente ao Tribunal Económico-Administrativo para os efectos que procedan; polo que o 05/02/2010, dirixímonos o devandito Tribunal solicitando información.

Pedimento que se reitera o 09/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 09/06/2010, 05/07/2010, 05/08/2010, 06/09/2010, 06/10/2010, 11/11/2010 e 09/12/2010.

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011 recébase o pedimento informativo, e, de novo, 01/02/2011, 03/03/2011, 04/04/2011, 04/05/2011, 06/06/2011, 07/07/2011.

## **CAPITULO IV- SERVIZOS XERAIS**

### **EXPEDIENTE 28/2008**

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa incríbel situación na que acha un tramo de acceso o Hospital do Meixoeiro.

Existe un tramo de aproximadamente 15 m. de lonxitude e ancho do 3,5 m., que non permite a circulación dun vehículo, formándose engarrafamentos que chegan até a ponte da subida o hospital o que impide o acceso dos autobuses urbanos obrigando os cidadáns necesitados das atencións do hospital a percorrer o último tramo a pé, carecendo de berma e polo tanto o seu acceso tense que facer a pé e pola zona de vehículos.

De resto, o tramo citado áchase totalmente coberto de matagais que dificulta o desprazamento. Achegáronse fotografías da situación.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 27/03/2008, con data 21/04/2008, solicítase o preceptivo informe que se recibe o 20/05/2008, no que se indica que efectuadas as comprobacións e confirmada a súa viabilidade quedan pendentes da existencia da consignación presupostaría. O que se informa a interesada o 21/05/2008.

Con data 17/06/2008, solicítase información actualizada encarecendo unha solución áxil e eficaz dada a identidade do problema que se reitera o 24/07/2008 e o 29/08/2008, recibíndose escrito de Vías e Obras o 17/09/2008 no que informa para a redacción dun proxecto ao respecto e posterior execución cando exista consignación presupostaría, do que se deu cumprida información á interesada o 18/09/2008. Con data 31/10/2008 solicitouse información sobre o proxecto en cuestión, de novo o 29/11/2008.

### REFLEXIÓN:

Os cidadáns teñen constitucionalmente recoñecido o dereito a protección da saúde así como a que esa protección se basee en procedementos eficaces.

As entidades locais interveñen na actividade dos cidadáns mediante a presentación duns servizos públicos que tenden a consecución dos fins que se lle asignan como competencia de ei que o cidadán teña recoñecido o dereito a que se lle presten os correspondentes servizos públicos que se derivan daquela faceta competencial, entre a que figura a conservación de camiños e vías rurais, mais aínda nun caso como o que nos ocupa, cal é a mobilidade de cidadáns que se ven necesitados de protexer a súa saúde.

### RECOMENDACIÓN:

Impulso a solución de peticións como a de esta queixa que, por causa, dos procedementos lentos habituais, está a ocasionar serias dificultades aos cidadáns necesitados do coidado da súa saúde.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterase o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 23/02/2009, 30/09/2009, 23/04/2009. Con data 05/05/2009 recébase escrito de Vías e Obras no que informa que o 22/04/2009 solicitouse a Xunta de Galicia a cesión de 300 m<sup>2</sup> para facer o ensanche necesario. Do que se deu cumprida información á interesada o 05/05/2009.

Con data 09/06/2009, solicitouse información actualizada ao respecto, e de novo, o 22/06/2009. Con data 30/06/2009 recébase escrito de Vías e Obras informando que aínda non se recebeu resposta da Xunta de Galicia, e que se reitera con data 24/06/09, do que se dá cumprida información ao interesado o 01/07/2009. Con data 28/10/2009 reiterase información actualizada.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/02/2010 solicítase de Concellería de Servizos Xerais insista ante a Xunta de Galicia. Servizo de Administración e Xestión Patrimonial de Concellería de Facenda, Secretaría Xeral e do Patrimonio, para acceder a cesión dos terreos necesarios para executar as obras que afectarán a miles de cidadáns, con frecuencia diaria, pedimento que se reitera o 30/03/2010. Con data 14/04/2010 recébase escrito de Vías e Obras no que informa que o 30/03/2010 insistiu ante o Servizo, antes citado, da Xunta de Galicia. Con data 21/09/2010 solicítase información actualizada, que se recibe o 08/10/2010, indicando que o 29/09/2010 a Concellería de Servizos Xerais-Vías e Obras reitera a Xunta de Galicia a petición de cesión para a mellora da estrada en cuestión.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011, dirixímonos a Subdirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia a quen se lle achega copia do expediente iniciado o 21/04/2008 ante a Concellería de Servizos Xerais do Concello de Vigo, e que, tras dous anos e medio de xestión nos resulta necesario acudir a Xunta de Galicia co ánimo de ver realizada unha obra de primeira necesidade que desde a órbita permanente administrativa permita recoñecer unha administración receptiva e resolutiva, e que, a súa vez, reflita unha lexitimidade por ser .....

Como non se recibe resposta, con data 03/03/2011 dirixímonos, de novo a Concellería de Servizos Xerais- Vías e Obras, comunicándolle a xestión feita ante a Subdirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia participándolle a calada por resposta; e solicitando información actualizada se a houbera; pedimento que se reitera o 04/04/2011, 04/05/2011.

Con data 30/05/2011, recébase escrito de Servizos Xerais -Vías e Obras no que informa o seguinte:

*“A Secretaría Xeral e de Patrimonio da Xunta de Galicia continua sen contestar as nosas peticións reiteradas de cesión dos 306 m<sup>2</sup>, para poder facer a obra de ensanche da vía obxecto da presente”.*

Polo silencio da Administración Autonómica pódese desprender unha negativa a nosa petición.

Do que se da oportuna información á interesada o 01/06/2011, indicándolle que a vista do exposto suxerímoslle que se dirixa, con estes antecedentes ao Sr. Valador do Pobo, dirección Rúa do Hórreo, nº 65, 15700 en Santiago de Compostela; e que non obstante, ficamos á súa disposición para calquera consulta ou actuación adicional sobre o tema obxecto de queixa.

Sen incidencias posteriores.

### **EXPEDIENTE 63/2008**

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa colocación de dous contentores de lixo na porta da vivenda. A interesada manifesta que no momento da colocación atopábase preto membros da Policía Local que lle indicaron os encargados da colocación dos contentores que alí non os podían colocar, en canto a Policía Local non estaba presente, os contentores foron colocados.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/08/2008, con data 02/09/2008, solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 07/10/2008, 04/11/2008 e o 03/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterase o pedimento de 2008, e de novo, o 03/02/2009, 06/03/2009, 05/05/2009, 09/06/2009. Con data 29/06/2009, recébase escrito desde Seguridade no que informa que segundo comprobación da Policía Local non se prexudica nin o acceso nin a saída da vivenda, non entanto trasládase o tema a limpeza por si houbera outra posíbel localización. Do que se dá traslado á interesada o 30/06/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/03/2010 solicítase ao Servizo de Limpeza se comprobe a localización dos contentores a fin de acceder unha solución ao problema, pedimento que se reitera , o 22/04/2010, e o 27/05/2010 e 24/06/2010.

## EXPEDIENTE 70/2008

### ASUNTO:

Queixa en relación coa pasividade dos servizos de limpeza nunha veciñanza, situación que foi denunciada pola Asociación de Veciños xa en xullo de 2007 achegando fotografías que mostran o estado calamitoso da situación.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/09/2008, con data 29/09/2008 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 31/10/2008 e o 29/11/2008

### REFLEXIÓNS:

Á vista das fotografías que obran no expediente, obsérvase a acumulación de lixo, matagal cubrindo as beirarrúas, excrementos de animais, roedores e cheiros.

A realidade social, cultural, tecnolóxica e económica rachou definitivamente coas situacións singulares de relativo illamento polo que viña pasando a sociedade municipal.

A veciñanza ten recoñecido legalmente o seu dereito a utilizar, de acordo coa súa natureza, os servizos públicos municipais, esixindo a prestación dos mesmos.

Os concellos por vía legal teñen que asumir, entre outros, unha serie de servizos ou prestacións como a xestión e execución de parques e xardíns, protección do medio ambiente, servizo de limpeza, recolla e tratamento de residuos.

### RECOMENDACIÓNS:

Atención efectiva das obrigas antes citadas.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterase o pedimento do ano 2008, e de novo, o 23/02/2009, 24/03/2009, 23/04/2009, 21/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 27/08/2009, 28/09/2009 e 02/12/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o



05/02/2010, 09/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011, reiterouse o pedimento informativo, e, de novo, o 04/02/2011, 03/03/2011, 04/04/2011, 04/05/2011, 06/06/2011 e 07/07/2011.

## CAPITULO V- URBANISMO E VIVENDA

### EXPEDIENTE: 7/2008

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa situación en que se acha unha vía pública, a fronte dun cemiterio, sen cartel identificador algún con referencia as obras que se están a realizar atrancando constantemente a vía con camións a todas as horas sen permitir o acceso da veciñanza ás súas vivendas.

#### SITUACIÓN:

A interesada formulou unha queixa, recibendo desde Participación Cidadá un escrito de 12/12/2007 no que se indica que a súa queixa foi admitida a trámite e que no prazo de quince días recibirá resposta do departamento competente.

Á vista de que tal resposta non chegaba formulou queixa perante esta Oficina do Valedor do Cidadán o 16/01/2008, con data 18/01/2008 solicitouse o preceptivo informe a Vías e Obras quen, con data 14/02/2008, informa que se deu traslado da solicitude á Disciplina Urbanística por ser da súa competencia. Do que se deu cumprida información á interesada o 15/02/2008.

Con data 21/02/2008, solicitouse información a Disciplina Urbanística que se reitera o 31/03/2008, 07/05/2008, 17/06/2008, 15/07/2008, 19/08/2008, 19/09/2008, 21/10/2008 e 20/11/2008.

#### REFLEXIÓN:

As intervencións como a que nos ocupa, obviamente repercuten na vida dos cidadáns próximos. Pero non é menos certo que tales medidas deben ir precedidas dunhas manifestacións

encanto as molestias que se ocasionarán, así como da adecuación dos espazos para facer o menos penosas posibles as circunstancias da mobilidade dos afectados

### RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento do dereito do cidadán a ser informado consecuentemente.

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse por novena vez, o pedimento solicitado en 2008, e de novo, o 23/02/2009, 24/03/2009, 23/04/2009, 22/05/2009, 28/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009 e 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo, o 09/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010, reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 14/02/2011.

Con data 11/04/2011 recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias, (ref. expte: 7/2008) infórmolle do seguinte:*

*Con data 12/12/07 presenta escrito de alegacións no que denuncia a construción dunha vivenda de tres pisos.*

*O inspector municipal con relación á obra executada con data 20/05/2008 informou que "nun terreo próximo á fronte do cemiterio, xa que non está claramente delimitado, uns 850 m<sup>2</sup>? se está realizando unha edificación unifamiliar que consta de tres niveis. O inferior con muros perimetrais de formigón, duns 90 m<sup>2</sup> e 2'6 m de altura, que dista desde a cara inferior do forxado do seu teito –este duns 30 cm de grosor até a rasante do terreo uns 3 m nos vértices tanto dereito como esquerdo da parte traseira da edificación e, aínda que está modificada a rasante natural do terreo, uns 1'6 na fronte. A planta seguinte con fachadas de pedra*

*e de tamén 90 m<sup>2</sup> e 2'6 de altura, máis 30 cm do forxado do teito, ten ademais un pórtico na fronte duns 27 m<sup>2</sup> e no lateral esquerdo outro pórtico-terraza de 10. O andar superior ten tamén os paramentos exteriores de pedra e unha superficie de 90 m<sup>2</sup>, que finaliza cunha cuberta a dúas augas realizada cun forxado de formigón e tella curva e ten altura aproximada nos laterais de 2'2 m e no cumio de 2'7. Esta edificación dista desde a beira do camiño –este nesta zona de 6 m de ancho- até o punto máis próximo do pórtico principal 14 m e, como dixer sen o terreo ben definido, no lateral dereito pode distar do lindeiro uns 3'5 m, no esquerdo e desde o extremo do pórtico quizais 4'65 e non podo determinalo no fondo”.*

*Con data 23/05/08 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*LICENZA DE OBRAS: non consta outorgada licenza municipal para estas obras.*

*CONDICIÓN URBANÍSTICAS: o vixente PXOU, aprobado definitivamente o 29/04/93 (DOG 10/05/93) inclúe a zona na que se sitúa a edificación obxecto deste expediente en solo non urbanizábel especialmente protexido agrícola SNU 5. Plano 7-37.*

*Segundo a D.T.1.f) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, ao solo clasificado polo planeamento vixente como non urbanizábel ou rústico aplicaráselle integramente o disposto nesta lei para o solo rústico, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas no planeamento vixente.*

*PRESUNTA INFRACCIÓN:*

*Execución de obras de construción de vivenda unifamiliar, con 3 plantas duns 270m<sup>2</sup> e 2 pórticos duns 37m<sup>2</sup>, sen licenza municipal nin autorizacións preceptivas.*

*Co PXOU vixente estas obras non poderían ser legalizábeis, pois non se atopan entre as permitidas nesta clase de solos.*

*VALORACIÓN: o presuposto de execución material das obras excluídos o beneficio empresarial, honorarios profesionais e impostos considérase en: 62.675,91 euros.*

*Con data 26/05/08 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística ordenando a paralización das obras ao carecer da autorización autonómica previa e de licenza municipal, así como a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra e a maquinaria afecta á mesma. A incoación foi notificada con data 14/08/08.*

*Con data 23/06/08 xirada visita de inspección compróbase que no momento de realizar a mesma no se está traballando na obra obxecto do expediente 14761/423.*

Do que se dá cumprida información á interesada o 14/04/2011.

### EXPEDIENTE 11/2008

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa situación dun expediente de protección da legalidade urbanística iniciado xa fai anos que segue o edificio en cuestión sen axustarse a normativa vixente, sen que o Concello tome as medidas que proceden, e que máis ben parece que se está a espera de que se produza una prescrición.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 05/02/2008, solicitándose o preceptivo informe o 06/02/2008, reiterándose o 31/03/2008, 07/05/2008, 12/06/2008, 15/07/2008, 18/08/2008, 19/09/2008, 21/10/2008 e 20/11/2008.

#### REFLEXIÓNS:

Nun expediente xa cualificado fai anos como de ilegal, e polo tanto suxeito á reposición da legalidade urbanística, segue estando "á espera".

A realidade ven a contradicir o disposto no artigo 10.3 da Constitución española relativamente ás actividades de toda administración pública que teñan que estar presididas polos principios de eficacia, e con sometemento plena a lei e o dereito.

O artigo 3, da Lei 30/1992, repite o exposto na Constitución española, e alén diso, indica que "igualmente deberán respectar na súa actuación os principios de boa fe e de confianza lexitima".

O mesmo artigo explícita que ademais debe rexerse polos criterios de eficiencias o servizo dos cidadáns.

#### RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento dos principios legalmente establecidos, e anteriormente citados, así como co disposto no artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse, por décima vez o pedimento solicitado en 2008, en de

novo o 23/02/2009, 24/09/2009, 23/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009 e 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 09/02/2010, reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 09/02/2010, reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 14/02/2011, 15/03/2011, 18/04/2011, 11/05/2011, 09/06/2011 e 11/07/2011

### **EXPEDIENTE 16/2008**

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa instalación dunha antena de telefonía móbil que foi desestimada segundo expediente de urbanismo nº XXX/421 de 12/04/1999.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 22/02/2008, con data 25/02/2008 solicítase o preceptivo informe que se reiterou o 16/04/2008, o 07/05/2008, o 17/06/2008, o 15/07/2008, o 19/08/2008, o 19/09/2008, 21/10/2008 e 20/11/2008.

#### REFLEXIÓNS:

Desde o 04/02/2008 en que segundo o documento 80013757, fíxose polo interesado un relatorio das actuacións ante o Concello, sen resposta algunha, e constando unicamente como actuación administrativa da Xerencia Municipal de Urbanismo a resolución de 12/07/1999 na que se desestima a solicitude de licenza (expediente XXX/421), no se coñece actividades administrativas ningunha, non obstante as solicitude do interesado na que se pon de manifesto o listado de saúde da súa dona que considera seriamente afectado polo funcionamento dunha antena que carece de licenza.

Por outra banda o interesado ten dereito a ser informado puntualmente das actuacións levadas a cabo en relación coa súa petición formulada, a última, o 04/02/2008, xa que ademais o cidadán ten dereito, a un medio ambiente saudábel, o que obriga a administración a que se

teña en conta o respecto e a súa protección, prestándolle asistencia informativa, e garantindo o principio de axilidade na tramitación e resolución das solicitudes de información e resolución das solicitudes de información ambiental, xa que nos atopamos nun suposto de emisións que poden afectar seriamente a saúde dos cidadáns. O perigo para a saúde dos campos electromagnéticos está cientificamente demostrado.

### RECOMENDACIÓNS:

Prestar a debida atención ao caso que nos ocupa. Cumprimento da legalidade que dimana do dereito a ser informado o cidadán, e de que deriva o artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse por novena vez o pedimento solicitado en 2008, e de novo, o 23/02/2009, 24/03/2009, 23/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009 e 12/10/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 09/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011, reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 14/02/2011.

Con data 21/02/2011, recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas (ref. expte: 16/2008) infórmolle o seguinte:*

*Con data 30/08/99, o inspector municipal informou que xirada a visita de inspección comprobouse que o equipo de telefonía móbil foi instalada. O titular das obras presentou solicitude de licenza municipal con data 12 de abril de 1999 sendo a mesma denegada por incumprir o apartado 3.3.1 das ordenanzas de PGOU con data 09/08/2008 emítase informe de inspección municipal no que di: "la antena está instalada encima de un casetón como se aprecia en las fotografías actuales, y cotejado el informe y fotos anteriores de la anterior inspección del 30 de agosto de 1999 se aprecia a simple vista que no hay nuevas obras".*

*Con data 20/05/2008 a arquitectura municipal emite o informe seguinte:*

*En contestación á dilixencia remitida pola Técnica de Administración Xeral de data 16/05/2008 ao obxecto de informar se a actividade denunciada é permisíbel, emítese o seguinte*

**INFORME:**

**INFORME DA INSPECCIÓN:** *o inspector municipal informou,*

*Con data 30/08/1999 que “un equipo de telefonía móbil.. ya ha sido instalado..con data 09/04/2008 que “la antena está instalada encima de un casetón como se aprecia en las fotografías actuales, y cotejado el informe y fotos anteriores de la anterior inspección del 30 de agosto de 1999 se aprecia a simple vista que no hay nuevas obras”.*

**LICENZA DE ACTIVIDADE:** *non consta outorgada licenza municipal.*

**CONDICIÓNS URBANÍSTICAS:** *o vixente PXOU, aprobado definitivamente o 29/04/93 (DOG 10/05/93) inclúe a zona na que se sitúa a instalación obxecto deste expediente en solo clasificado como urbano e cualificado coa ordenanza 1.1.B. de edificación pechada na área central. Folla 18-23.*

*En dita ordenanza o uso é permisíbel.*

**PRESUNTA INFRACCIÓN:**

*Exercicio de actividade de unha estación de telefonía móbil sen a preceptiva e previa licenza.*

- *A actividade podería ser permisíbel sempre que a instalación se axuste ao establecido na Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación no termo municipal de Vigo (A.D. 26/02/2001 e B.O.P. 05/04/2001, nas NNUU e demais normativa de aplicación.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 23/02/2011, indicándolle que en datas vindeiras instarase información actualizada sobre o particular. O que se fai o 15/03/2011 solicitando información sobre se a referida instalación é ou non axeitada á normativa vixente.

Pedimento que se reitera o 18/04/2011, 11/05/2011, 09/06/2011, 11/07/2011 e 11/08/2011.

## EXPEDIENTE 33/2008

### ASUNTO:

Queixa en relación coa construción dunha placa con tella e formigón.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 10/04/2008, con data 24/04/2008 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 20/05/2008, o 24/06/2008, 24/07/2008, 29/08/2008, 21/10/2008 e 20/11/2008.

Con data 29/09/2008, recébase escrito da X.M. Urbanismo-Infraccións ao que se achega informe da Inspección municipal de 21/06/2008, no que indica que se puido comprobar a realización de obras consistentes na construción dun alpendre de nova planta sobre soallo de formigón. Este galpón, construído a base de paredes de bloques de formigón, enfoscados interior e exteriormente, con cubrición de tella de cerámica sobre pranchas de fibrocemento ten unhas dimensións de 2,30x4,30 metros e áchase recuada de lindeiros lateral e posterior 2,40 e 3,90 metros, respectivamente.

Á vista da cartografía municipal púidose comprobar que este alpendre foi realizado en substitución doutro anteriormente existente que se achaba xeminado a lindeiro lateral.

A propietaria destas obras manifesta ter unha licenza de obras menores, para arranxo de muro existente e solado de cemento. Do que se deu cumprida información ao interesado o 25/09/2008.

Con data 20/10/2008, comparece o interesado e manifesta que o alpendre que non está retranqueado está no plano na cuadrícula C0 (en vermello). O que se comunica a Urbanismo o 21/10/2008, achegando copia do plano e fotografía ao respecto, e instando unha acción eficaz así como información actualizada, que se reitera o 20/11/2008.

### REFLEXIÓNS:

A visita efectuada polo inspector municipal é de 21/06/2005, e comunicase dous anos despois, e o parecer a mesma non se corresponde coa obra obxecto de queixa. É de primeira necesidade actuacións axeitadas e puntuais, do contrario a eficacia non resulta confiábel.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse o pedimento de 2008, e de novo, o 23/02/2009, o



24/03/2009, 24/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009 e 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 09/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011, reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 14/02/2011.

Con data 22/02/2011, recébase escrito de Disciplina Urbanística no que se informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte: 33/2008) infórmolle do seguinte:*

*Con data 01/06/05 presentase escrito de alegacións no que denuncia que con data 12/05/98 ditouse sentenza polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no que se ordena o Concello de Vigo a derruba das obras litixiosas executadas consistentes nunha placa con tellado e galpón, así como o alzamento dun muro de máis de 1,80 metros de altura. Asimesmo manifesta que comezou a edificar unha nova placa adosada as antigas, sen respectar os debidos retranqueos entre lindantes.*

*Con data 21/06/05 emítese informe de inspección que se adxunta.*

*O expediente está en fase de tramitación, se ben, debido a escasa entidade da presunta infracción, ten un grao de prioridade menor que aquel outros expedientes nos que a suposta infracción urbanística ten o carácter de moi grave ou grave ao abeiro do disposto no artigo 217 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*

*En cumprimento da normativa citada, o resultado da dita tramitación notificaráselle a vostede, coa indicación de se a mesma da lugar ao inicio dun procedemento de protección da legalidade urbanística ou, se pola contra, non se aprecian indicios de infracción urbanística e, polo tanto, se arquivan as actuacións.”*

Con data 15/03/2011, solicítase desa Concellería de Urbanismo e Vivenda información actualizada pendente sobre o tema de referencia; pedimento que se reitera o 18/04/2011 e 11/05/2011.

Con data 20/05/2011, recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*"Asunto: Expte. 33/2008*

***Infraacción:*** obras de ampliación de edificación existente consistentes en construción de alpendre duns 9,89m<sup>2</sup>, pérgola metálica adosada ao lindeiro lateral duns 20m<sup>2</sup> e instalación de churrasqueira sen que conste outorgada licenza municipal.

***Lugar da infraacción:***

*O delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, por delegación do Alcalde-Presidente da Xerencia de Urbanismo e con data 15 de abril de 2011, ditou a seguinte resolución:*

### **ANTECEDENTES**

*Con datas 21.06.2005 e 06.04.2011 o inspector municipal informou sobre a execución de obras presuntamente ilegais, con referencia catastral 3115238NG2731N.*

*Con data 15.04.2011 a técnica municipal emitiu informe urbanístico sobre as ditas obras.*

### **PRESUNTA INFRACCIÓN URBANÍSTICA**

*Execución de obras de ampliación de edificación existente consistentes en construción de alpendre duns 9,89m<sup>2</sup>, pérgola metálica adosada ao lindeiro lateral duns 20m<sup>2</sup> e instalación de churrasqueira sen que conste outorgada licenza municipal.*

*O vixente PXOM clasifica a parcela de referencia como solo urbano consolidado con ordenanza de aplicación 10 de edificación residencial exterior, grao 1º. Plano 17-L.*

*As obras obxecto deste expediente non poderían ser legalizábeis pois, á vista da documentación dispoñíbel, en principio a parcela non reúne os requisitos sinalados no art. 6.2.13 para ser solar edificábel, aínda que será en todo caso a acta de aliñacións e rasantas a que confirme esta condición. Ademais a churrasqueira invade o espazo previsto para ampliación de vial.*

### **PRESUNTOS RESPONSÁBEIS**

*De conformidade co artigo 219 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), é responsábel da presunta infraacción cometida, en concepto de propietario.*

## **SOMETEMENTO A LICENZA DAS OBRAS REALIZADAS**

*De conformidade co disposto nos artigos 194 LOUGA, 10 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDU) e 2.1.2 das Normas Urbanísticas do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte do 16.05.2008 (DOG 03.06.2008 e BOP 06.08.2008) e por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13.07.2009 (DOG 24.07.2009 e BOP 10.09.2009), as obras realizadas sométense ao deber de obtención de previa licenza urbanística e unha vez obtida a respectar o contido da mesma e o proxecto no que se ampara. As obras realizadas carecen da preceptiva licenza municipal.*

## **PROCEDEMENTO**

*O presente procedemento de protección da legalidade urbanística tramítase conforme o disposto nos artigos 209 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) e 54 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDU), coas seguintes consecuencias na resolución que poña fin ao procedemento:*

*Se as obras non fosen legalizábeis por seren incompatíbeis co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar ou, se é o caso, á reconstrución do indebidamente demolido. En caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración procederá á execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterábeis mensualmente até lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha (art. 209.6 LOUGA).*

*Todo o anterior, sen prexuízo da imposición da sanción que proceda no seu caso tras a tramitación do correspondente procedemento sancionador.*

## **PRAZO PARA RESOLVER**

*O prazo máximo no que se deberá resolver e notificar este procedemento é de un ano desde a data da presente resolución de incoación (artigo 209.4 LOUGA), sen prexuízo do disposto no art. 42.5 LRXPAE respecto da suspensión do prazo legal para a resolución e notificación da resolución definitiva dos procedementos administrativos. O incumprimento deste prazo terá como consecuencia a caducidade do expediente administrativo e o inicio dun novo procedemento dentro do prazo legalmente establecido.*

## **ÓRGANO COMPETENTE**

*É competente para iniciar o presente procedemento o Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, consonte o disposto nos artigos 209 LOUGA e 5 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo, aprobados polo Concello Pleno o 29 de xullo de 1996 e modificados mediante acordo plenario de data 26.04.2010 (BOP N° 137, do martes 20 de xullo de 2010; versión consolidada BOP N° 193, do mércores 6 de outubro de 2010), así como na resolución de rectificación de atribucións do Alcalde-Presidente para a súa adaptación á modificación dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (BOP N° 160, do 20 de agosto de 2010).*

*O Consello da Xerencia é o órgano competente para resolver o presente expediente, de conformidade co art. 9.2.c dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU)."*

*Á vista dos antecedentes expostos e da normativa citada, de conformidade coa proposta de resolución de data 15 de abril de 2011*

### **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Iniciar expediente de protección da legalidade urbanística, pola execución das obras que se expresan na parte expositiva da presente resolución.

SEGUNDO.- Establecer un prazo de quince días a contar a partir do seguinte á notificación da presente resolución para que os interesados aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes en defensa dos seus dereitos.

TERCEIRO.- Notificar á interesada a presente resolución de inicio de expediente, coa advertencia de que contra ela poderá alegar o que estime procedente para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

O que lle comunico para o seu coñecemento.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 23/05/2011.

Con data 20/06/2011, solicítase a Urbanismo e Vivenda información actualizada en relación co expediente inicial de protección da legalidade urbanística, reiterándose o 20/07/2011.

## EXPEDIENTE 35/2008

### ASUNTO:

Queixa en relación coa construción dun edificio de seis alturas.

### SITUACIÓN:

O interesado ten denunciado no Concello, desde o 29/01/2007, tres veces que as alturas da citada construción non se cumpren nas vertentes dunha escalinata, como tampouco nas de planta baixo teitado e o cumio do tellado.

Con data 21/08/2007 recibe escrito de Urbanismo no que se indica que se procede o arquivado das actuacións xa que os feitos denunciados non constitúen infracción urbanística.

Con data 23/11/2007 o interesado entrega no Concello escrito no que subliña o seguinte:

1) Ter procedido a comprobación das alturas na fachada que da a rúa... mediante equipo láser, obtendo medidas que contradín o informe técnico do Concello, sendo estas as seguintes:

- Cota a planta 21,9 m., en vez de 21 m., indicados no plano.
- Cota entre planta e cumio 5 m., en vez dos 4 m., indicados no plano.

2) Á vista da evidente contradicción entre as medidas do técnico do Concello e as existentes, e co ánimo de evitar posteriores actuacións na vía xudicial.

3) Tendo en conta ademais que se procedeu a instalación dun bosque de chemineas con altura excesiva.

Por todo interesa, se efectúe unha medición contrastada entre técnico municipal e outra de súa parte, e se procede a adopción de medidas de protección da legalidade urbanística.

Con data 15/04/2008, recébase a queixa, e con data 24/04/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 26/05/2008, 24/06/2008, 22/07/2008, 29/08/2008, 01/10/2008, 21/10/2008, 27/10/2008 e 27/11/2008.

### REFLEXIÓNS:

O cidadán ten dereito a recibir unha resposta á súa petición co ánimo de evitar posíbeis controversias que transcendan o ámbito puramente administrativo.

## RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento da legalidade informativa a que ten dereito o cidadán. Así como do que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 09/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 14/02/2011.

Con data 21/02/2011, recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte. 35/2008) infórmolle do seguinte:*

*Con datas 31/05/2007, 21/06/2007, 11/04/2008 presenta escrito de alegacións no que denuncia que as obras realizadas no cumpren coa altura regulamentaria.*

*Según inspección de data 11/07/2007 infórmase que a altura da edificación axústase, en xeral, o proxecto presentado con data de visado 10/12/2004".*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 23/02/2011.

Con data 12/04/2011, recébase escrito do interesado no que manifesta a súa desconformidade coa información do Concello.

Á vista do anterior dirixímonos a Concellería de Urbanismo e Vivenda o 13/04/2011 achegando copias dos escritos nos que o interesado xa tiña comunicado as súas medicións, as cales non se axustaban ás notificadas pola Concellería de Urbanismo, interesando unha aclaración a réplica citada. Pedimento que se reitera o 16/05/2011, 20/06/2011 e 20/07/2011.

## EXPEDIENTE 39/2008

### ASUNTO:

Queixa en relación cunha obra ilegal, lindando coa súa propiedade que a deixa sepultada, achegando fotografías.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 22/04/2008, con data 05/05/2008 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 17/06/2008, 15/07/2008, 19/08/2008, 19/09/2008, 21/10/2008 e 20/11/2008.

### REFLEXIÓNS:

Non resulta unha actividade realmente eficaz a efectuada por Urbanismo, xa que en data 17/20/2007 a Inspección Municipal informa sobre a construción dun novo andar sobre unha edificación existente.

A superficie da nova planta é aproximadamente de 55 m<sup>2</sup>, a altura no cumio da cuberta é de 2,50 m. E no lateral é de 2 m.

Construíuse un alpendre duns 2,5 m<sup>2</sup>, cunha escaleira de acceso a vivenda de 2,70 x 1,15 m.

Non localizándose ningunha referencia sobre a existencia de licenza para a dita obra.

É dicir, que un ano despois do informe oficial descoñécese a posta en marcha de medidas protectoras e restauradoras de legalidade urbanística, o que induce unha falta de eficacia e eficiencia.

### RECOMENDACIÓNS:

Axilidade nas tarefas de Protección da legalidade urbanística, e cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterouse por sétima vez, o pedimento realizado durante o ano 2008, e de novo, o 23/02/2009, o 24/03/2009, 23/04/2009, 22/06/2009, 24/07/2009 e 19/08/2009, 24/09/2009 e 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2010 reitéranse as peticións informativas anteriores, e de novo, o 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2011 reitérase as peticións informativo, e de novo, o 16/02/2011.

Con data 21/02/2011 recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref.expte: 39/2008) infórmolle o seguinte:*

*Con data 02/10/07 presenta escrito de alegacións no que denuncia as obras realizadas consistentes na rehabilitación dunha vivenda antiga.*

*Con data 17/10/07 emítese informe de inspección:*

*No dito lugar realizouse unha nova planta sobre unha edificación existente. A superficie da nova planta é aproximadamente de 55 m<sup>2</sup>. A altura no cumio da cuberta é de 2,50 m e no lateral e de 2 m. Para a construción da nova planta utilizouse fábrica de ladrillo e cuberta de tella. Construíuse un porche duns 2,5m<sup>2</sup>, cunhas escaleiras de acceso á vivenda de 2,70x1,15m”.*

*Con data 06/05/08 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*CONDICIÓN URBANÍSTICAS: o vixente PXOU, aprobado definitivamente o 29/04/93 (DOG 10/05/93) inclúe a zona na que se sitúa a edificación obxecto deste expediente en solo urbano dentro do ámbito do PEMIE SAMPAIO, pendente de desenvolvemento. Neste ámbito, en tanto non se aprobe definitivamente o PEMIE poderán concederse licenzas con ordenanza transitoria 1.3.B. de edificación familiar illada de media densidade, cunha parcela mínima de 750 m<sup>2</sup> e unha sección mínima do vial ao que de fronte de 8m. Plano 20-24.*

*PRESUNTA INFRACCIÓN:*

*Acondicionamento de edificación preexistente duns 78m<sup>2</sup> e ampliación de edificación, engadindo unha planta duns 55m<sup>2</sup> e porche e escaleiras duns 5,60m<sup>2</sup>, sen licenza municipal.*



*Co PXOU vixente as obras de ampliación non poderían ser legalizábeis. A parcela e a construción non cumpren as condicións de volume que se regulan na ordenanza 1.3.B.: parcela mínima 750m<sup>2</sup>, recadros mínimos 4,00 metros, ocupación máxima 35%, edificabilidade 0,5m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, fronte a vía pública. Polo que a edificación atópase en situación de fóra de ordeación e nestes supostos non se poden autorizar obras de ampliación.*

*As obras na edificación primitiva poderían ser legalizábeis solicitando a correspondente licenza e sempre que as obras realizadas non excederan de pequenas reparacións demandadas por razóns de hixiene, seguridade, ornato e conservación permisíbeis nas edificacións nesta situación.*

*VALORACIÓN: o presuposto de execución material das obras excluídas o beneficio empresarial, honorarios profesionais e impostos considérase en: 45.467,41 euros.*

*O novo PXOM, aprobado definitivamente o 16/05/2008 (DOGA 03/06/2008); e publicado no BOP o 06/08/2008; clasifica a parcela na que se sitúa a edificación obxecto deste expediente como solo urbano consolidado, con ordenanza de aplicación 10 grao 2º de edificación residencial exterior. A ocupación e edificabilidade máximas permitidas son do 80% e 0'8 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> respectivamente, segundo o artigo 9.10.9 nas NNUU para parcelas con unha planta; segundo o artigo 9.10.14 das mesmas NNUU.*

*Ambas condicións atópanse amplamente superadas pola ampliación obxecto do presente expediente; polo que o técnico que subscribe considera que a infracción segue a ser a mesma indicada pola técnica municipal no seu informe de data 06/05/2008, tendo a mesma valoración”.*

*Con data 16/07/2008 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística.*

*Con data 30/07/09 presenta escrito de alegacións no que di que as obras foras realizadas no ano 2002 e fai diversas manifestacións sobre a altura da edificación.*

*Con data 11/06/10 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

- Na información catastral dispoñíbel consta que na parcela de referencia existe unha edificación dunha planta baixa destinada a uso almacén duns 39m<sup>2</sup> e unha primeira planta duns 39m<sup>2</sup> destinada ao uso vivenda, con data de construción 1969. Esta descrición non coincide co estado actual da edificación obxecto deste expediente. (Ref. Cat. XX).*
- Segundo se pode observar nas fotografías aéreas presentes no SIXPAC da Concellería do Medio Rural de 2002 e a fotografía facilitada pola Oficina de cartogra-*

*fía da XMU e obtida dun voo aéreo realizado en data 05.2003, en principio, as obras non estaban realizadas nese intre.*

- *Condicións de altura da edificación: De conformidade co Art.6.6.15 Plantas do PXOM vixente, as plantas inferiores á baixa teñen a consideración de plantas baixo rasante se o teito das mesmas se atopa a unha distancia igual a ou menor de 120cm da cota do rasante, neste caso considérase como semisoto. As plantas inferiores á baixa cuxa cara superior do forxado de teito se atope a distancia maior de 150cm respecto da rasante, plantas sobre rasante.*
- *Segundo a información dispoñíbel a edificación actual consta de tres plantas e non cumpre as condicións de altura establecidas na ordenanza de aplicación (art. 9.10.14). Polo que non se poden autorizar as obras de ampliación consistentes no engadido dunha planta duns 55 m<sup>2</sup>, porche e escaleiras duns 5,60m<sup>2</sup>.*

*Con data 17/06/2010 acórdase resolución municipal que adxunto a esta dilixencia, sendo notificada ao interesado con data 24/06/2010.*

*Con data 08/02/2011 xirada visita de inspección compróbase que as obras non foron derrubadas."*

Do que se dá cumprida información á interesada.

Con data 16/03/2011, dirixímonos a Urbanismo e Vivenda solicitando información actualizada coas medidas adoptadas a vista de que as obras non foron derrubadas.

Pedimento que se reitera o 19/04/2011, 16/05/2011, 20/06/2011 e 20/07/2011.

## **EXPEDIENTE 60/2008**

### **ASUNTO.**

Queixa en relación co abandono polo que están a pasar por causa da falta de atención que lle está a prestar ao Concello.

### **SITUACIÓN:**

O interesado, en maio de 2007, solicitou a actuación correspondente pola realización dunha obra sen licenza, que consistía no peche dunha servidume de paso sobre unhas parcelas. Achegando fotografías da situación anterior e da actual. Desde Urbanismo dirixíronse a Vías e Obras, desde onde o remitiron a Policía Local. Posteriormente desde Urbanismo remíteno a

Patrimonio para que se adopten as medidas axeitadas, o parecer a documentación, díselle, "dorme" por falta de efectivos.

A queixa preséntase o 29/07/2008, con data 31/07/2008 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 04/09/2008, 08/10/2008, 06/11/2008 e 03/12/2008.

### REFLEXIÓN.S.

É evidente que estamos perante un suposto no que, máis unha vez, a coordinación non se lle presta a atención debida, segundo a Constitución española e a Lei 30/1992, denominada Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

É necesario que na reorientación dunha Administración Pública, moderna e coherente se descentralicen os servizos, se cuidan periodicamente os resultados e se contrastan, se implante, de vez, unha dirección profesional.

O sector público basease e céntrase na idea do interese público, tanto na orde descritiva como na normativa, o concepto de interese público reclama racionalidade, imparcialidade e benevolencia.

O cidadán non poder ser tratado como mero receptor ou usuario dos servizos públicos cun sentimento dunha baixa calidade dos mesmos. O cidadán debe sentirse consumidor, usuario e beneficiario do Sector Público, que pode servirse da Administración e non ser o seu servente (de Val Pardo).

O sistema operativo está a fallar en canto a atención do cidadán se refire, daí a necesidade de que alguén supervise a actividade da administración municipal á vista das deficiencias contrastadas no funcionamento dos servizos públicos; actitudes como a que nos ocupa demostran unha faceta da má administración, e dicir, cando non se obra consoante os principios ou normas as que se debe ater obrigatoriamente.

### RECOMENDACIÓN.S.

Respecto aos principios de eficacia, o eficiencia e coordinación. O traslado dos expedientes, sen demora, ao órgano competente é fundamental.

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/02/2009 deuse traslado do expediente que se estaba a tramitar ante Patrimonio, a Urbanismo-Inspección de Obras, reiterándose o pedimento anterior o 06/03/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 21/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009 e 19/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 18/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 16/02/2011.

Con data 21/02/2011 recébase escrito de Disciplina Urbanística no que se informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas (ref. expte: 60/2008) infórmolle do seguinte:*

*Con data 01/06/07 emítese o seguinte informe polo inspector municipal:*

*"En relación con la diligencia recibida se gira visita de inspección al lugar de referencia , comprobando que se han colocado dos puertas metálicas cerrando un paso existente. Consultado el inventario municipal no está claro que se trate de un espacio público, por lo que deberá aportarse documentación para comprobar dichos hechos , como licencia de construcción del edificio correspondiente, por si dicha zona fuese una cesión, ya que en la documentación localizada no figura como público dicho espacio cerrado actualmente. Consultado el sistema informático no consta licencia municipal para la colocación de dichas puertas."*

*Con data 25/09/07 a arquitecta municipal emite informe no que di:*

*"Personado en el lugar se comprueba que el espacio cortado al tráfico peatonal, debiera corresponderse con un espacio de cesión de uso público que comunica las calles XX y ZZ.*

*La cesión obligatoria dimanaría de la aprobación del Estudio de Detalle CANCELAS, SV,II-03.*

*No obstante en la oficina del Inventario Municipal figuran todas las escrituras de las cesiones del ambito de este Estudio de Detalle, salvo la de la parte grafiada en amarillo en plano adjunto.*

*Por consiguiente se debería solicitar a la Gerencia la documentación del Estudio de Detalle aludido y las licencias de obra y de primera ocupación de los inmuebles.*

*Actualmente atópase pendente de información sobre si o citado espazo é de titularidade pública, xa que consultado o inventario de propiedades municipais non queda claro ese aspecto.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 23/02/2011, indicándolle que, en datas vindeiras, solicitarase información actualizada o que se fai o 14/03/2011, reiterándose o 18/04/2011, 11/05/2011, 09/06/2011, 11/07/2011 e 11/08/2011.

### **EXPEDIENTE: 72/2008**

#### ASUNTO:

Queixa en relación cun local de hostalería que carece da licenza preceptiva para a súa actividade e que está a causar ruído e cheiros que producen efectos nocivos para a saúde da interesada.

#### SITUACIÓN:

A Xerencia Municipal de Urbanismo ditou resolución (24/09/2007) resolvendo incoar expediente de protección de legalidade urbanística, e que un ano despois a situación segue a ser a mesma.

Con data 01/10/2008, presentada a queixa nesta oficina do Valedor do Cidadán, quen con data 07/10/2008 solicita o preceptivo informe, que se reitera o 06/11/2008 e 03/12/2008.

#### REFLEXIÓN.

Resulta evidente que a axilidade nos trámites de protección de legalidade urbanística pódese pór en evidencia. Sen descoidar a legalidade a Administración ten que actuar conforme a criterios de eficacia, máxime cando se tratar de actividades que resultan, non só molestas, mais tamén insalubres. A saúde dos cidadáns e finalidade primordial de toda administración responsábel.

#### RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento da legalidade recoñecida na C.E. e na Lei 30/1992.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 03/02/2009, 06/3/2009, 14/04/2009, 05/05/2009, 10/06/2009, 21/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 14/10/2009 e 19/11/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 10/02/2010, 09/3/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 16/02/2011.

Con data 21/02/2011, recébase escrito de Disciplina Urbanística no que se informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte: 72/2008) infórmolle do seguinte:*

*Con data 15/09/05 a arquitecta municipal presenta o seguinte informe:*

*“Girada visita de inspección por personal de esta oficina, al lugar de referencia, se ha comprobado que se ha realizado la instalación de un conducto metálico para la evacuación de los humos procedentes del restaurante existente en el bajo del edificio de referencia. Este conducto alcanza una altura que supera en 1 ml. aproximadamente la altura del alero de la cubierta.*

*La edificación, situada en Suelo Urbano, dentro del ámbito del PERI MANUEL DE CASTRO.*

**INFRACCIONES:** *El conducto instalado no cumple con la altura mínima exigida ya que su desembocadura deberá sobrepasar 1 ml. la altura de la cumbrera del edificio mas alto propio o lindantes en un radio de 15 ml. Asimismo deberá estar a un nivel no inferior al del borde superior del hueco mas alto visible desde dicha desembocadura de los edificios situados a menos de 15 ml.”*

*Con data 04/09/07 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística:*

*PRIMEIRO.- Ordenar, conforme ao artigo 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e 56 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia; a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística pola execucion das obras que se expresan na parte expositiva da presente resolución.*

*SEGUNDO.- En cumprimento do trámite de audiencia ao interesado, preceptuado no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, e emitidos os informes técnico e xurídico precisos para ditar resolución do presente procedemento, pónselle de manifesto o expediente para que no prazo de QUINCE DIAS alegue e presente os documentos e xustificacións que estime pertinentes en defensa dos seus dereitos. Igualmente, poderá propoñer proba, concretando os medios dos que se pretenda valer.*

*Con data 12/04/10 o inspector municipal emite o seguinte informe:*

*Para cumprir coa dilixencia do Negociado de Disciplina Urbanística realicei unha inspección o día 12 de abril de 2010 ao local e comprobei que nese intre o local estaba aberto, realizando actividade, non tiña instalado o montasillas, o vestíbulo de entrada polo portal non estaba feito e a cheminea de saída de gases da cociña está instalada tal e como se pode ver na foto, e non supera nin o cumio da propia edificación onde está instalada. A vista das fotos aportadas no doc. 271861 con data de rexistro 13/02/2002 non asemella que a cheminea teña variación co estado actual.*

*Con data 14/04/10 a aparelladora municipal emite o seguinte informe:*

*El plan General del 93 (vigente en el momento en que se redactó el informe técnico de fecha 15 de Septiembre de 2005) exigía para los conductos de ventilación que su desembocadura debería sobrepasar 1 ml. la altura de la cumbrera del edificio mas alto propio o lindantes en un radio de 15 ml. Asimismo debería estar a un nivel no inferior al del borde superior del hueco mas alto visible desde dicha desembocadura de los edificios situados a menos de 15 ml.*

*Según el nuevo Plan General vigente aprobado por la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas y transportes de la Xunta de Galicia por orden del 16 de Mayo de 2008 y publicado en el DOGA del 03/06/2008 y en el BOP del 06/08/2008, en el Capítulo 6.8 CONDICIONES DE LAS DOTACIONES DE SERVICIO DE LOS EDIFICIOS, en el apartado 2 del art. 6.8.10 dice que:*

*“Las condiciones específicas a las que deben ajustarse los servicios de evacuación de gases, humos y polvos producido en cocinas no domésticas son las establecidas en la Ordenanza de Medio Ambiente y en la normativa supramunicipal correspondiente. Serán así mismo de aplicación las condiciones del punto 8 del Artículo 5.6.3”.*

*Este último artículo titulado “ Condiciones Generales de la Industria ordinaria” apartado 8, “dice que la boca de salida al exterior de los humos sobrepasarán en un **(1) metro la altura del edificio más alto propio o colindante en un radio de diez (10) metros”.***

*Por lo anteriormente expuesto el conduto metálico instalado en el edificio de referencia para la evacuación de los humos de la chimenea existente en los bajos del edificio, no cumple la altura mínima exigida por el Plan General anterior ni por el PXOM vigente.*

*El artículo 5.4.9, párrafo 3, dice: “**En edificios de nueva edificación** al menos el cincuenta por ciento de los locales comerciales que puedan separarse, según las condiciones de la planta baja, deberán dejar previsto un conduto de ventilación y evacuación de humos, independientes de las de carácter estático para aseos, hasta superar la cumbre de cubierta, con una superficie mínima de quinientos (500) centímetros cuadrados”.*

*Con data 16/04/10 o enxeñeiro industrial municipal emitiu o seguinte informe:*

*Se solicita con fecha 13/12/01 licencia municipal para el desarrollo de la actividad de restaurante en la planta baja del local, según expediente de obra y actividad 42358/421 y 24221/422 respectivamente.*

*Lo solicitado fue informado en su día de acuerdo con el Plan General del 93 vigente en ese momento. De acuerdo con las ordenanzas de aplicación del citado plan del 93, la actividad solicitada de restaurante se ha de englobar dentro del uso de lugares de reunión, quedando incluidas sus instalaciones dentro de las condiciones establecidas para el uso de pequeña industria compatible con el uso residencial.*

*En lo que respecta al Plan General del 2008 (BOP del 06/08/2008) vigente actualmente, la actividad solicitada de restaurante se ha de englobar dentro del uso terciario general, clase recreativo y centros de reunión, categoría 1º, según art.5.4.1., quedando incluidas sus instalaciones dentro de las condiciones establecidas para el uso industrial, clase industria ordinaria, en categoría 1º, de acuerdo con lo especificado en el art. 5.6.*

*La evacuación de los gases, vapores y humos procedentes de la cocina del restaurante se ha de realizar a través de chimenea adecuada, que en función del plan de ordenación municipal a aplicar en cada caso, ha de cumplir las condiciones indicadas en el informe de la aparejadora municipal de fecha 14/04/10. Se ha de puntualizar que la citada chimenea, es para la evacuación de los gases procedentes de la cocina utilizada en el restaurante, y no para los producidos por una caldera utilizada para la generación de calor.*

*En relación al plan general vigente actualmente, en su art. 5.6.3. apdo. 8, se establecen las condiciones que deben cumplir las citadas chimeneas, haciendo referencia entre otras a la norma UNE 123-001-94, actualmente sustituida por la UNE 123-001-05, de aplicación sobre todo en los aspectos relativos a sus condiciones de diseño y disposición sobre la cubierta del edificio así como distancias con respecto a los edificios próximos o colindantes, condiciones estas que debe cumplir la chimenea de evacuación de los humos procedentes*



*de la cocina del restaurante. La propia norma en su art. 1 sobre objeto y campo de aplicación, establece que será de aplicación para las instalaciones de todo tipo de chimeneas metálicas destinadas a la evacuación de los productos de la combustión de cualquier aparato, caldera, motor, horno, grupo electrógeno y en general, de aparatos que produzcan gases de combustión que hayan de ser conducidos al exterior.”*

Do que se dá cumprida información á interesada o 23/02/2011, indicándolle que, en datas vindeiras, solicitarase información actualizada en relación ao conduto metálico instalado. Se alcanzar ou non a altura mínima requirida; o que se fai o 17/03/2011, facendo mención especial ás precisións que a interesada manifesta en reunión celebrada o 14/03/2011; pedimento que se reitera o 19/04/2011, 16/05/2011, 20/06/2011 e 20/07/2011.

### EXPEDIENTE 77/2008

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa licenza de obras concedidas para restaurar unha praza pública.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 17/10/2008, con data 20/10/2008, solicítase o preceptivo informe en base as alegacións formuladas polos interesados, en novembro de 2007 referidas a:

- abertura da nova rúa
- titularidade de propiedade
- ampliación da edificación proxectada.

Con data 28/06/2007, os interesados xa formularon recurso de reposición coas seguintes puntualizacións:

- Caducidade de licenza de obras e ilegalidade das obras realizadas ao seu abrigo.
- Aproveitando público interior. Planeamento que define os aproveitamentos. Condições do espazo público interior.
- Incumprimento da normativa NRE-CPI/96, en canto ao acceso á ruela dos X.
- Incumprimento das dimensións dos patios.

O referido recurso non foi respondido.

### REFLEXIÓNS:

O Urbanismo como función pública comprende, en síntese, a Ordenación (planificación e regulamentación, a execución dos planos (transformación e conservación da obra pública urbanizada) e o control do uso do solo, do voo, subsolo e de edificación (B-Ripoll Carulla).

O carácter público e administrativo da actividade urbanística esixe a participación dos particulares, graduada con diversa intensidade segundo a natureza do título co que aquelas comparecen. Nos regulamentos urbanísticos refórzase ou debe reforzarse notabelmente a participación cidadá en todo o seu percorrido aprobatorio, esixindo un segundo trámite de información pública cando a primeira versión sofrer mudanzas substanciais na fase posterior, esta participación non se reduce á posibilidade de formular reclamacións, senón que tamén comporta a presentación de suxestións.

Todo procedemento administrativo implica unha pluralidade de actos que xurisprudencialmente foron cualificados de actos instrumentarios, isto é, que careceu de substantividade propia á marxe da resolución, os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario (J.R. Parada), do mesmo xeito que a resolución poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas fosen ou non presentadas ou alegadas polos interesados.

Relativamente ao tema da falta de resposta do recurso interposto no seu día, faise preciso sinalar que o recurso é un elemento de control de garantía cuxa finalidade é revisar un acto administrativo, a súa existencia ten unha longa carga histórica, cunha función de defensa da legalidade.

O principio de legalidade e de eficacia indican a obriga de resolver os recursos dos cidadáns, tal feito ven dado polo artigo 42.7 da Lei 30/1992. A razón de non responder perante unha solicitude é sinxela: a desestimación por silencio dunha petición non se considera un acto, é una ficción legal, para permitir ao cidadán o acceso ao recurso. Pero no tema que nos ocupa concorre que non é a petición o que non se resposta, senón que o desleixo é ante o propio recurso, o que empurra ao cidadán a se dirixir á vía xudicial, con todo o que iso comporta, rachando co fundamento do recurso, que non é outro, repetimos, que o carácter de control e garantía que permite revisar os actos.

### RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento da legalidade relativamente ás peticións informativas concretas dos cidadáns.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 15/06/2009, 23/07/2009, 19/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009 e 19/11/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 10/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 16/02/2011 e 16/03/2011.

Con data 11/04/2011, recébase escrito de Disciplina Urbanística, no que informa o seguinte:

*En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte: 77/2008) infórmolle do seguinte:*

*En data 20/01/05 o Alcalde-Presidente da Xerencia resolveu: "Autorizar á entidade mercantil, para reestruturar e ampliar, adicionando volume (..), o inmóbel sinalado, coa obriga de conservar a fachada principal con todos os elementos construtivos e ornamentais que a caracterizan, manter a ornamentación de madeira do portal e do seu teito, reconstruír a escaleira cos seus elementos, dimensións, carpintería e forma, así como a conservar as portas das vivendas, resultando un edificio composto de tres sotos para garaxe aparcamento, baixo para uso comercial, trasteiros, dous portais e trasteiros, entreplanta para uso de trasteiros e comercial anexo ao local de planta baixa, cinco plantas e aproveitamento baixo cuberta para un total de corenta vivendas (..)" -expte. XX/421-*

*Na mesma licenza de obras indicouse expresamente que "Antes do comezo das obras" deberíase presentarse un "proxecto de execución" con diversa documentación.*

*Así mesmo, a Licenza foi precedida dunha Resolución da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia de 16 de decembro de 2004, na que se autoriza a rehabilitación integral do edificio coa condición (entre outras) de que antes do inicio das obras se aportase, para a súa supervisión polos servizos técnicos autonómicos, proxecto de execución, a fin de comprobar que a intervención sexa respectuosa coas preexistencias, en canto a deseño, materiais e composición. Tamén se precisou que "como queira que o edificio*

*se atopa no ámbito de protección do xacemento arqueolóxico do Casco Vello e se proxectan movementos de terra, deberán realizarse sondaxes arqueolóxicas avaliadoras, que poderán ser mecánicas”.*

*O Director Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, por Resolución do 29/12/04, autorizou a realización dunhas sondaxes arqueolóxicas mecánicas na devandita parcela, con certas precisións.*

*Trala presentación do proxecto de execución, mediante Resolución do 26/06/07 a Delegada de Pontevedra da Consellería de Cultura requiriu a súa modificación en 4 aspectos concretos.*

*Con data 22/06/07 presenta escrito de alegacións no que denuncia que as obras realizadas carecen da preceptiva licenza e que os terreos da parte posterior son de cesión municipal.*

*Con data 28/06/07 interponse recurso de reposición, presidente da comunidade de propietarios do edificio, solicitando a revisión da resolución da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 20/01/05.*

*Con data 28/09/07 xirada visita de inspección informase:*

*“Que el solar que se corresponde, se observa que los trabajos de pilotaje para la construcción de los sótanos del edificio, se están haciendo invadiendo la superficie de cesión que aparece en el plano U-01 del proyecto objeto de Licencia, no ajustándose a la misma”*

*Con data 28/09/07 o arquitecto municipal emite o seguinte informe:*

*“Á vista do informe do Inspector municipal de data 28-09-07, e tendo en conta que a obra até agora executada NON se axusta ao Proxecto autorizado, e considerando tamén que o Proxecto de Execución aportado modifica ao Básico autorizado, a xuízo dos técnicos que subscriben a obra debe ser paralizada. Ademais, a Licenza concedida era unha Licenza condicionada polo Informe Técnico de data 04-01-05 e pola Comisión Territorial de Patrimonio na súa Resolución de 16-12-04 e no seu Acordo de data 26-06-07, no que se require a modificación do Proxecto de Execución. Non se ten constancia nin de contestación algunha á Notificación (Expte XX-421) asinada con data 12-07-07 (ld. 36354), nin da entrega deste Proxecto de Execución modificado nin consecuentemente da confirmación de Autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio e polo tanto se considera que as obras xa iniciadas, de acordo co Informe de Inspección de 27-09-07 deben ser paralizadas.”*

***Con data 01/10/07 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística ordenando a inmediata paralización das obras mencionadas con anterioridade o non***

*axustarse á licenza municipal expte XX/421 así como a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra e maquinaria afecta á mesma.*

*No 03/10/07 presentouse na Xerencia de Urbanismo o proxecto de execución reformado.*

*Con data 10/10/07, administrador da entidade mercantil interpuxo na Xerencia de Urbanismo un escrito de alegacións no que explicou a necesidade de utilizar "micropilotes" para consolidar o terreo a fin de poder realizar as sondaxes arqueolóxicas pertinentes e comprobación do estado de cimentación dos edificios lindeiros, entre outros fins.*

*Tamén indicou que as obras se realizarán seguindo estritamente á licenza concedida e que procederán a rematar os traballos de micropilotaxe perimetral, solicitando en conclusión o alzamento da suspensión da obra*

***Con data 16/10/07 prodúcese o precinto policial da obra situada na Praza de Compostela número 2, propiedade de..***

*Con data 18/10/07 os arquitectos da oficina municipal de Barrios Históricos **emitiron un Informe** no que manifestaron o seguinte:*

*"Por resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural de data 10-09-07 foi autorizada a realización de sondaxes mecánicas valorativas baixo a dirección arqueolóxica*

*Tendo en consideración as razóns de índole técnico aducidas polos arquitectos directores facultativos das obras previstas que implicarían a necesidade dunha entibación e consolidación dos terreos para garantir as condicións de seguridade dos mesmos e permitir os propios traballos arqueolóxicos autorizados, se estima polos técnicos que subscriben que deben neste intre informarse de xeito favorábel, unicamente as actuacións que restan a día de hoxe, de micropilotaxe perimetral cara a posibilitar a intervención arqueolóxica autorizada.*

*NOTA: de acordo co informe técnico aportado con data 18-10-07, o micropilotaxe que resta por realizar (linde con edificio) **se axustaría á ocupación da parcela autorizada na licenza outorgada***

*Con data 24/10/07 prodúcese a seguinte resolución municipal:*

*PRIMEIRO.- Que coa notificación da presente resolución ao interesado se proceda ao levantamento da orde de paralización e ao desprecinto das obras, a fin de que se poidan realizar as obras de micropilotaxe perimetral necesarias para executar a intervención arqueolóxica esixida e autorizada pola Consellería de Cultura, sen incumprir en ningún caso a licenza con-*

*cedida por resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 20/01/2005 (expte. 49.012/421).*

*SEGUNDO.- Que pola Inspección Técnica de Obras se realice visita de comprobación á obra cada corenta e oito horas e se informe sobre o efectivo axuste á licenza outorgada.*

*TERCEIRO.- Notifíquesele esta Resolución á mercantil e a propiedade na forma legalmente establecida. Notifíquesele tamén á Policía local.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 14/04/2011, indicándolle que a vista da última data referenciada anteriormente, en datas vindeiras, instarase nova información actualizada en relación coa situación do tema que nos ocupa.

O que se fai o 11/05/2011, reiterándose o pedimento o 09/06/2011, 11/07/2011 e 11/08/2011.

### **EXPEDIENTE 83/2008**

#### **ASUNTO:**

Queixa en relación sobre a falta de información solicitada en decembro de 2007 con referencia a un expediente de protección da legalidade urbanística por causa dunhas obras non axustadas a licenza concedida.

#### **SITUACIÓN:**

Queixa presentada o 18/11/2008, solicitándose na mesma data o preceptivo informe, que se reitera o 10/12/2008, e de novo o 10/12/2008, e novamente o 10/12/2008.

#### **REFLEXIÓN:**

O cidadán ten dereito a acceder o contido do expediente por ser parte interesada no mesmo, resultando que esta a recibir un trato discriminatorio, ser tratado con dilixencia, corrección, cortesía e accesibilidade.

#### **RECOMENDACIÓN:**

Cumprimento de legalidade sobre o tema do dereito á información.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 10/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 15/06/2009, 23/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009 e 19/11/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 18/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 16/02/2011.

Con data 21/02/2011 recébase escrito de Disciplina Urbanística no que se informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas (ref. expte: 83/2008) infórmolle do seguinte:*

*Con data 31/12/03 se presenta escrito de alegacións no que denuncia as obras realizadas por ser constitutivas de infracción urbanística.*

*Con data 14/01/04 presentan escrito de alegacións no que denuncian o citado con anterioridade.*

*O inspector municipal, tras xirar visita ao lugar de referencia, emite un informe con data 26.04.04 no que consta que a edificación obxecto de denuncia non se axusta á licenza autorizada nos seguintes aspectos:*

*“Que en la planta de aproveitamiento bajo cubierta, en vez de construir las velux que habían sido proyectadas, como parte de la iluminación de las viviendas, se ha construído unos casetones con acceso de saída a la terraza”.*

*“Que en estos casetones, que no estaban contemplados en la licencia se separan de la vertical de la fachada aprox. 1,20 m y teniendo una cota de altura aprox. de 2,35 m. La carpintería exterior se encuentra a una cota aprox. de 1,70m. con relación a la misma vertical de fachada”.*

*Con data 22/07/04 a aparelladora municipal realiza un informe onde di:*

*No apartado 8.1.m. das Normas urbanísticas do PEEC establécese que para a edificación con cuberta inclinada poderase acadar unha pendente máxima determinada por planos con pendente do 75% apoiados nas arestas horizontais exteriores da cuberta sen superar a cimeira os 4 m de altura. Sobre este volume poderán asomar elementos da edificación que se recuarán 2,50 m do plano de fachada, cunha altura máxima das arestas do seu plano definitorio vertical máis próximo á fachada de 2,50 m.*

*Tendo en conta o exposto infórmase que os casetóns executados na planta autorizada como aproveitamento baixo cuberta exceden do volume máximo permitido.*

*Con data 05/08/04 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística.*

*Con data 06/10/04, Promociones XXX. Presenta escrito no que alega que aínda non ten o alta de primeira ocupación e procederase a executar as obras pertinentes co obxecto de axustar a Licenza dos casetones da planta baixo cuberta da calle Ecuador.*

*Con data 24/11/05 xírase visita de inspección onde se constata que aínda non se modificaron as deficiencias detectadas.*

*Con data 21/01/06 prodúcese a caducidade do proceso e vólvese a incoar o mesmo.*

*Con data 20/03/06 acórdase resolución municipal:*

*PRIMEIRO.- Declarar como realizadas sen axustarse á licenza concedida (expediente nº XXX/421) non legalizábeis, as obras obxecto do presente expediente, executadas no edificio consistentes na construción de **casetóns na planta baixo cuberta**.*

*SEGUNDO.- Requirir para que no prazo de TRES MESES contados a partir da recepción da notificación deste acordo, para que proceda voluntariamente ao axuste á licenza das obras referidas no apartado anterior, derrubando as obras non amparadas por esta, co apercebimento de que, en caso de incumprimento, procederase por este Concello á execución forzososa da citada demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas reiterábeis até lograr a execución polo suxeito obrigado, de conformidade cos artigos 95 e seguintes da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*Con data 22/06/06 presenta escrito de alegacións no que solicita o arquivo do expediente así como a expedición da correspondente Licenza de Primeira Ocupación para o citado edificio.*

*En data 08/02/2007 o vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu:*



*“Denegar a solicitude formulada pola entidade mercantil, de licenza de primeira ocupación do por non cumprir os requisitos para o seu outorgamento, ao terse comprobado que as obras executadas non se axustan en diversas zonas ás licenzas autorizadas números XXX/421 e XXX/421, excedendo a envolvente máxima permitida polas normas urbanísticas do Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar, a obra non está rematada e polos motivos recollidos na parte expositiva.”*

*Realizada visita de inspección con data 13/03/2008 o inspector municipal informa que as deficiencias non foron subsanadas.*

*Con data 02/04/08 O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou Impoñer a unha multa coercitiva en contía de 1.000 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito nos antecedentes desta resolución e a fin de logra la súa execución forzosa.*

*Con data 23/04/08 a aparelladora municipal emite informe onde di:*

*Con motivo da solicitude de licenza de primeira ocupación da edificación obxecto deste expediente a técnica que subscribe, tras realizar a correspondente visita de comprobación á mesma, notificou ao interesado entre outros aspectos que toda vez que a cuberta realizada non se axusta á autorizada en diversas zonas (casetóns á rúa, casetóns de ascensor e escaleira, configuración de terraza da vivenda A da planta baixo cuberta, cubrición da zona contigua ao patio central..) excedendo a máxima permitida nas normas urbanísticas do PEEC. En consecuencia requíraselle para que ou ben axustara a cuberta á definida no proxecto ou de pretender outra solución de cuberta axustada á norma solicitara a oportuna licenza para reformar a executada mediante a presentación do proxecto correspondente, sen que por parte do interesado se adoptara ningunha das solucións.*

*Respecto da valoración das obras realizadas non axustadas á licenza e non legalizábeis na planta de aproveitamento baixo cuberta estímase 172.678 euros.*

*Con data 16/06/08 xirase visita de inspección onde compróbase que os casetones da planta baixo cuberta demoléronse e que no momento da inspección estábanse efectuando traballos na caseta do ascensor para adaptala a envolvente da cuberta sen que estes traballos estean concluídos.*

*Xirada visita de recoñecemento á edificación con datas 17 e 24 de febreiro de 2.009 comprobouse que se axusta substancialmente ao proxecto autorizado, ao plano de aproveitamento baixo cuberta antes citado e ás condicións impostas na licenza.*

*No momento da inspección os servizos urbanísticos no fronte da parcela a vial foran repostos.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 23/02/2011.

Sen incidencias posteriores.

## CAPITULO VI- ÁREA DE XESTION MUNICIPAL

### EXPEDIENTE 79/2008

#### ASUNTO:

Queixa en relación coas obras de encerramento dun espazo ao redor das torres de., espazo cedido pola promotora á cidade de Vigo.

#### SITUACIÓN.

A interesada fai mención de que as citadas torres están baixo unha sentenza que as declara ilegais, tendo solicitado información desde maio/2008, sen resposta.

Queixa presentada, o 03/11/2008, con data 03/11/2008, solicitouse o preceptivo informe.

#### REFLEXIÓNS:

Máis unha vez faise preciso recordar o dereito que teñen os cidadáns a ser informados en relación cos expedientes e documentación Municipal

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 10/02/2009, 18/3/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 15/06/2009, 23/07/2009, 19/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009 e 19/11/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo, o 18/2/2010, 09/03/2010, 12/04/2010 e 07/05/2010.

Con data 07/06/2010 recébase informe de Urbanismo no que indica que con data 21/05/2010 comunica que por parte da Unidade de Patrimonio procederá en breve o inicio das actuacións pertinentes de Protección de Patrimonio Municipal.

Do que se dá cumprida información á interesada o 08/06/2010, coa mesma data de 07/06/2010, e, de novo, o 08/07/2010, 05/08/2010. Con data 01/09/2010, recébase escrito de Patrimonio indicando que se inicia expediente estando pendente o informe do Arquitecto. Do que se comunica a interesada o 02/09/2010, indicando que en datas vindeiras instarase nova información, o que se fai o 06/10/2010, e o 08/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2011 reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo, o 16/02/2011.

Con data 07/03/2011 recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas (ref. expte. 79/2008) infórmolle do seguinte:*

*Con data 08/04/2009 presenta escrito de alegacións no que denuncia que na rúa hai un edificio público que foi pechado polos propietarios do edificio.*

*Con data 10/10/2009 xírase visita de inspección onde se di:*

*“Que la parte posterior se encuentra vallada con una tela metálica de color verde”.*

*Con data 13/05/2010 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*“O vixente PXOM, aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte do 16.05.2008 (DOG 03.06.2008 e BOP 06.08.2008) e por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13.07.2009 (DOG 24.07.2009 e BOP 10.09/2009), clasifica a parcela de referencia como solo urbano consolidado con ordenanza de aplicación 16 de áreas de ordenación pormenorizada*

*Á vista da información dispoñíbel, as obras de referencia sitúanse sobre o espazo de cesión de uso de superficie”.*

*Con data 14/05/2010 remítese o expediente a patrimonio xa que as obras obxecto do expediente atópanse situadas sobre un espazo de cesión de uso de superficie.*

*Ante o exposto, prégase dirixan as súas futuras solicitudes ao Departamento de Patrimonio do Concello de Vigo, toda vez que é o Departamento encargado da tramitación do asunto que motivou a orixe da queixa”.*

Do que se dá cumprida información á interesada o 08/03/2011, indicándolle que coa mes-

ma data dirixímonos a Patrimonio onde xa nos tiñamos dirixido o 06/10/2010, reiterándose o pedimento o 06/04/2011, recibíndose escrito o 08/04/2011 no que informa que o expediente segue pendente de informe técnico o que se traslada a interesada o 11/04/2011.

Con data 26/04/2011 fainos chegar escrito (documento 110055521) no que denuncia unha apropiación ilegal indebida de patrimonio municipal o que trasladamos a Patrimonio con data 25/05/2011.

Con data 18/05/2011 recébase escrito de Patrimonio que o expediente segue no mesmo estado, segundo informe de 08/03/2011, do que se dá cumprida información á interesada o 19/05/2011.

Con data 16/06/2011 reitérase o pedimento informativo, que se recibe o 01/07/2011 indicando que o mesmo está pendente do informe da Xerencia Municipal de Urbanismo, o que se traslada a interesada o 04/07/2011.

## RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE	1
- Contaminación acústica	1
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE	5
- Sanción Tráfico	3
- Incidente Policía Local	1
- Reforzo Liña Vitrasa	1
ÁREA SERVIZOS XERAIS	2
- Acceso Hospital Meixoeiro.	1
- Estado calamitoso veciñanza	1
TRIBUNAL ECONOMICO-ADMVO	1
- Execución Taxas recolla lixo	1
ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA	10
- Obras vía urbana con problemas para a Veciñanza	1
- Execución acordo expediente protección Urbana	1
- Antena telefónica móbil sen licenza	1
- Obras inadecuadas	1
- Diferenzas de medición edificio cinco Alturas	1
- Obras sen licenza	3
- Actividade sen licenza	1
- Obras sen axuste a licenza	1
XESTION MUNICIPAL	1
- Obras de peche en zona cedida	1
TOTAL EXPEDIENTES	20

### REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS

1. URBANISMO	50 %
2. MOBILIDADE E SEGURIDADE	25 %
3. SERVIZOS XERAIS	10 %
4. TRIBUNAL ECONOMICO-ADMVO	5 %
5. XESTION MUNICIPAL	5 %
6. MEDIO AMBIENTE	5 %

*\*Ordenadas porcentualmente de maior a menor.*

## PARTE IV

# ACTUACIONES A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2009 CON INCIDENCIAS NO ANO 2011.

### INTRODUCCION:

Nesta Institución rexistráronse un total de 14 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2009 con incidencias durante o 2011 e que corresponden a:

- MEDIO AMBIENTE ..... 1
- MOBILIDADE E SEGURIDADE.....7
- URBANISMO E VIVENDA.....6
- TOTAL ..... 14

### EXPEDIENTES.

#### CAPITULO I- MEDIO AMBIENTE.

##### EXPEDIENTE 4/2009

##### ASUNTO:

Queixa en relación coa frustración que está a pasar o interesado por causa da inactividade duns veciños en consecuencia do incumprimento, pola súa parte de resolución recaída o 23/10/2008 pola que se ordena a execución da limpeza dun camiño de servizo, como responsábeis dun verquido de residuos sólidos contaminantes.

##### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 20/01/2009; con data de 20/01/2009, solicítase o preceptivo informe, facendo expresa mención da resolución, entregada polo interesado de 23/10/2009, (expediente XXX/306). O pedimento anterior reiterase o 18/02/2009, e de novo, o 24/03/2009, o 24/04/2009, o 18/05/2009, o 22/06/2009, 23/07/2009 e 18/08/2009

Con data 28/07/2009, comparece o interesado e entrega unha copia da resolución de 30/06/2009, pola que se impón unha multa coercitiva por incumprimento da orde de execución sobre limpeza de terreos, ditada o 23/10/2008 (e dicir oito meses antes).

Con data 24/08/2009, recébase escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*“Como consecuencia desta última visita de inspección e do informe do funcionario municipal, ditei con data 30 de xuño de 2009 a seguinte resolución:*

*PRIMEIRO: Impoñer a interesada e outros como responsábeis do verquido de residuos sólidos urbanos no camiño de servizo á altura do nº ... rúa ..., unha **MULTA COERCITIVA DE 200,34 euros** polo incumprimento da orde de execución ditada pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 12 de febreiro de 2009, a fin de acadar a súa execución forzosa.*

*SEGUNDO: Advertirle que esta multa poderá ser reiterada na súa contía até lograr a completa execución do ordenado, se transcorrido o prazo de 30 días contado desde o día seguinte á notificación desta resolución, a orde de execución non se tivese realizado, e sen prexuízo de esixir perante os tribunais da orde penal as responsabilidades que procedan polo delito de desobediencia tipificado no artigo 556 do Código Penal.*

*TERCEIRO: Notificar esta resolución ao interesado, informándolle que a mesma esgota a vía administrativa e que contra ela poderá interpor recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes desde o día seguinte á recepción da súa notificación, entendéndose desestimado polo transcurso de 1 mes sen ditarse e notificarse resolución expresa, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de 2 meses contados tamén a partir do día seguinte ao da recepción da respectiva notificación, ou calquera outro que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.”*

Con data 16/09/2009, dirixímonos a Medio Ambiente indicándolle que nesta Oficina non se ten recibido comunicación algunha antes da recibida o 24/08/2009; as únicas comunicacións débense ao interese do autor da queixa, que unha vez recibida a información desde esta Oficina, comparece o 09/09/2009 e manifesta a situación segue a ser peor, toda vez que non só persiste o lixo na porta da súa vivenda, mais que, alén diso, lle dificulta o acceso á mesma por causa do estacionamento dos coches dos veciños, de tal xeito que o 01/09/09 ás 5 horas de madrugada necesitou a asistencia dunha ambulancia que tivo grandes dificultades para asistilo e trasladalo ao Hospital do Meixoeiro.

Asemade declara que non só a situación e pola abundancia de lixo, agora tamén existen ratos e toupeiras, e indica que lle resulta penoso ver a pouca atención que se lle presta ao Valedor do Cidadán.

Do que damos conta a Medio Ambiente interesando unha axeitada e eficaz actuación que dea lugar a unha coordinación por rendemento.

Con data 15/10/2009, reiterouse o pedimento anterior, e de novo o 17/11/2009. Con data 20/11/2009, recébase informe de Medio Ambiente no que indica a imposición, con data de 16/11/2009 dunha nova multa coercitiva por importe de 200,34 euros indicándolle que de non cumprir coas obrigas correspondentes reiterase a mesma. Do que se dá cumprida información ao interesado indicándolle que, en datas vindeiras, solicitarase nova información o que se fai o 17/12/2009.

### REFLEXIÓNS:

Estamos perante un suposto denunciado hai varios meses, sobre o que a Concellería de Medio Ambiente se ven pronunciando desde outubro de 2008; pero a eficacia e a axilidade na xestión, non se corresponde cos presupostos aos que a cidadanía ten dereito, ao non actuar coa dilixencia debida implica un desleixo de funcións.

A realidade dalgunhas actividades supera e quebra preceptos e normas que afectan aos cidadáns en función do espazo físico da súa vivenda, dereitos que non son atendidos e protexidos como debería ser, polo que se ven obrigados a padecer os efectos e actividades perniciosas e fora do mínimo grao de convivencia que require de actuacións áxiles e examplariantes.

### RECOMENDACIÓNS:

Actuacións decididas e efectivas, en temas que afectan de xeito permanente aos cidadáns.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e o 15/01/2010 recébase escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación co seu escrito de data 15 de decembro, con respecto ao expediente do Valedor do Cidadán 4/2009-Expediente municipal XXX-306, prácame informarlle do seguinte:*

*No seu escrito achega auto do xulgado de instrución número 1 de Vigo ditando o sobresemento e arquivo da denuncia presentada por entender o órgano xudicial que se trata dunha competencia administrativa.*

*Efectivamente, este Concello, por entender que se trata dunha actuación de carácter administrativo ten actuado neste expediente cos instrumentos legais que ten ao seu alcance, isto, inspección por parte da administración, informe sobre os feitos contrastados -neste caso acu-*



*mulación de lixo nun camiño-, resolución ditando orde de execución de limpeza e, á vista do incumprimento por parte dos denunciados imposición da correspondente multa coercitiva.*

*Informarlle, ademais, que neste expediente xa se teñen tramitado dúas multas coercitivas por incumprimento da orde de execución de limpeza por importe de 200,34 euros (importe máximo previsto para a falta cometida).*

*O último trámite realizado a este respecto é que con data 16 de novembro a Concelleira de Medio Ambiente decretou a imposición dunha nova multa de 200,34 euros, advertíndolle aos denunciados que a multa poderá ser reiterada na súa contía até lograr a completa execución do ordenado.*

*Este decreto foi remitido aos interesados con data 3 decembro. O propio decreto establece que, se transcorrido o prazo de 30 días contados desde o día seguinte á notificación desta resolución non se cumprise a orde de execución, esta multa poderá ser reiterada até o seu cumprimento.*

*Esta administración seguirá dando os pasos necesarios para o cumprimento da orde de execución ditada no seu día, cominando aos propietarios da finca cos instrumentos que ten ao seu alcance, como é o caso da imposición de reiteradas multas coercitivas e inspeccións municipais.*

*O que se lle comunica aos efectos oportunos”*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 18/01/2010.

Con data 17/02/2010 solicítase de Medio Ambiente o exercicio de accións convenientes na procura dunha saída á crise pola que estea a pasar o interesado e a súa familia.

Con data 08/03/2010 recíbese novo informe de Medio Ambiente no que indica que á vista do incumprimento de orde de execución de limpeza pero reiterada en dúas ocasións e á vista do novo informe do inspector municipal ditouse orde de resolución impondo nova multa coercitiva por importe de 200,34 euros advertindo de que a multa será reiterada e incluso incrementada na contía en caso de incumprimento; aténdese ademais a tramitar un expediente de embargo por importe de 785,15 euros. Por outro lado, procederase a esixir por vía executiva o importe de 400,68 euros relativo as multas impostas en 2009.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 15/03/2010.

Con data 22/04/2010 solicítase información actualizada con respecto a situación do expediente que se recibe o 11/05/2010, interesando información sobre a visita de inspección

que segundo o interesado se realizou días antes, e facendo precisión sobre a doutrina xurisprudencial existente sobre as sancións económicas que se están impondo, con data 14/06/2010 reiterase o pedimento anterior, recebéndose resposta o 23/06/2010 no que indica que, realizada inspección, comprobouse que a situación segue a ser a mesma acordándose o incremento de sanción económica que se comunica ao interesado o 24/06/2010.

Con data 15/07/2010 recébase nova información impondo unha nova multa con data 05/07/2010. Do que se dá cumprida información ao interesado o 16/07/2010.

Con data 25/08/2007, insistimos ante Medio Ambiente na necesidade dunha acción decidida e congruente que permita considerar unha lexitimidade por rendemento; indicando que os poderes públicos teñen de celar pola utilización racional dos recursos naturais contribuíndo para a conservación, protección e mellora da calidade do medio ambiente, especialmente cando o seu descoído afecta á saúde dos cidadáns.

Identifícase como dereito inviolábel o espazo no que o individuo vive, sen estar suxeito necesariamente aos usos e convencións sociais, e onde exerce a súa liberdade máis íntima, polo que o obxecto específico de protección neste dereito fundamental é tanto o espazo físico, en si mesmo como no que nel hai de emanación da persoa que o habita (STS: 10/04/2003).

Faise imprescindible asegurar a súa protección non só face as inxerencias de terceiras persoas, mais tamén fronte os riscos que pidan xurdir nunha sociedade tecnoloxicamente avanzada.

Téñense de evitar as actuacións insuficientes, máxime cando están en causa dereitos constitucionais dos cidadáns.

É ben coñecida a doutrina xurisprudencial no tema da reiteración de multas, o cidadán acostúmase e considera a imposición de multas como unha taxa periódica que non lle resulta moi gravosa satisfacer. E deste xeito segue a incumprir as súas obrigas de respecto aos requirimentos a que deron lugar ás súas actuacións.

Con data 23/09/2010, reitérase o pedimento anterior, así como 19/10/2010, 18/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 07/02/2011, 09/03/2011, 11/04/2011, 10/05/2011, 09/06/2011, 11/07/2011 e 10/08/2011.

## CAPITULO II- MOBILIDADE E SEGURANZA

### EXPEDIENTE 30/2009

#### ASUNTO:

Queixa en relación cos inconvenientes que está a padecer por causa dos atrasos do servizo de Vitrasa; citando en concreto a liña C3 con saída desde o Alto de Encarnación.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 21/05/2009; con data 25/05/2009, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 02/07/2009, 08/08/2009, 29/08/2009, 24/09/2009 e 28/10/2009.

#### REFLEXIÓN:

As empresas concesionarias de servizos públicos deben corrixir puntualmente os efectos negativos da súa prestación a maior brevidade.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 19/04/2010, 21/05/2010, 17/06/2010, 15/07/2010, 17/08/2010, 14/09/2010, 14/10/2010, 10/11/2010 e 16/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 07/02/2011, 10/03/2011, 11/04/2011, 10/05/2011, 13/06/2011, 13/07/2011 e 11/08/2011.

### EXPEDIENTE 47/2009

#### ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción por retirada dun vehículo dunha praza pública sen que existise sinalización en contra, o que considera unha actuación improcedente polo que estima se lle debe reparar o dano causado.

Neste senso ten presentado catro solicitudes no Concello, todas nos primeiros días do mes de agosto.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/08/2009, con data 18/08/2009, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 24/09/2009, con data 18/11/2009 recébase escrito de Mobilidade e Seguraza no que informa do pagamento do expediente orixinal, ficando pendente de estudo, o enganche do guindastre, o que se comunica ao interesado o 23/11/2009, indicándolle que en datas vindeiras instarase información adicional ao respecto.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 solicítase información actualizada en relación co procedemento aberto polo o enganche do guindastre e de novo o 22/02/2010, 23/03/2010, 19/04/2010, 17/05/2010, 17/06/2010, 15/07/2010, 17/08/2010, 14/09/2010, 14/10/2010, 10/11/2010 e 16/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 07/02/2011, 10/03/2011, 11/04/2011, 10/05/2011, 13/06/2011, 13/07/2011 e 11/08/2011.

### **EXPEDIENTES 56/2009**

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa carencia de tarifas especiais para os membros de familias numerosas

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 16/10/2009, con data 19/10/2009 solicitouse o preceptivo informe á Xefatura de Explotación de Vitrasa

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 27/01/2010 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 19/04/2010, 21/05/2010, 17/06/2010, 15/07/2010, 17/08/2010, 14/09/2010, 14/10/2010, 10/11/2010 e 12/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 07/02/2011, 10/03/2011, 11/04/2011, 10/05/2011, 13/06/2011, 13/07/2011 e 11/08/2011.

## EXPEDIENTE 67/2009

### ASUNTO:

Queixa en relación coa incorrecta situación en que se achán varias paradas de Vitrasa.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/10/2009; con data 26/10/2009 solicitouse o preceptivo informe a Concellería de Mobilidade e Seguridade que se reitera o 18/12/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 19/04/2010, 21/05/2010, 17/06/2010, 15/07/2010, 17/08/2010, 14/09/2010, 14/10/2010, 10/11/2010 e 12/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 07/02/2011, 10/03/2011, 11/04/2011, 10/05/2011, 13/06/2011, 13/07/2011 e 11/08/2011.

## EXPEDIENTE 72/2009

### ASUNTO.

Queixa en relación coa falta de rigor de condutores de Vitrasa relativamente ao cumprimento das paradas segundo os paineis informativos

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 04/11/2009, con data 06/11/2009 solicítase o preceptivo informe a Participación Cidadá á vista da existencia previa, dunha comunicación dese Servizo de 21/07/2009, pedimento que se reitera o 04/12/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2010 recébase de Seguridade, Circulación e Transporte escrito solicitando aclaración sobre os motivos da queixa, o que se fai o 27/01/2010, e, de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 22/04/2010, 21/05/2010, 22/06/2010, 22/07/2010, 18/08/2010, 14/09/2010, 19/10/2010, 18/11/2010 e 16/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 07/02/2011, 10/03/2011, 11/04/2011, 13/06/2011, 13/07/2011 e 11/08/2011.

### EXPEDIENTE 75/2009

#### ASUNTO:

Queixa en relación cun cobro indebido na máquina da ORA.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 06/11/2009, con data 16/11/2009, solicitouse o preceptivo informe, que se reitera o 18/12/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reiterase o pedimento informativo anterior, e de novo, o 22/02/2010, que se recibe o 16/03/2010

*“En contestación á súa petición de informe en relación coa queixa promovida por D. ... sobre o expediente sancionador con número XXX detállanselle a continuación as actuacións realizadas non mesmo:*

*1) O 07/07/2009 ás 18:43 o controlador da X.E.R número XX, formula denuncia contra o vehículo ... por Estacionar superando o horario autorizado no tiquet de aparcamento (x.e.r) na rúa ....*

*2) Ante a falla de datos do condutor do vehículo no momento da infracción remítelle requirimento de identificación ao titular (cuxos intentos resultaron ausentes os días 27/07/2009 e 29/07/2009).*

*3) O 31/07/2009 cóbrase dita multa coa bonificación do 30%.*

### *CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR*

*Estase utilizando a vía do Valedor do Cidadán como unha segunda instancia, xa que o escrito remitido non se trata senón de alegacións fronte á multa imposta no seu día e cuxo procedemento sancionador terminou co abono da multa, xa que o pago coa bonificación do 30% implica a renuncia a formular alegacións e a terminación do procedemento sen necesi-*

*dade de ditar resolución expresa.*

*Asemade, indicarlle que de acordo co establecido non artigo 4 da Ordenanza fiscal reguladora da taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais, a tarifa pospagada (anulación da multa) terá lugar si a duración do aparcamento excedese da sinalada no ticket nun máximo dunha hora. Neste caso non procede a tarifa pospagada xa que podía anular a multa até as 18:36 horas e foi anulada ás 19:20 horas”*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 13/03/2010 que responde o 26/03/2010 que o pago dos 2,30 euros, fica desvinculado de sanción xa que se efectuou fora do prazo establecido para ser admitido, tal como consta no artigo ao que fai mención a Concellería, daí o dereito á súa devolución. O que se comunica á Concellería o 05/04/2010, e que se reitera o 28/04/2010, 01/06/2010, 28/06/2010, 27/07/2010, 25/08/2010, 23/09/2010, 26/10/2010, 24/11/2010 e 16/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 07/02/2011, 10/03/2011, 11/04/2011, 10/05/2011, 13/06/2011, 13/07/2011 e 11/08/2011.

### **EXPEDIENTE 79/2009**

#### **ASUNTO:**

Queixa en relación coas dificultades e perigos que soportan os cidadáns por causa do sentido de circulación imposto nunha rúa.

#### **SITUACIÓN:**

Queixa presentada o 4/12/2009, con data 10/12/2009 solicítase o preceptivo informe a Mobilidade.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitérase o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 22/02/2010. Con data 02/03/2010, recébase escrito de Mobilidade e Seguranza no que informa que coas obras de humanización da Rúa Sanjurjo Badía foi establecido sentido único de circulación en vías lindantes, detectándose un aumento de tráfico polo que se instalaron unhas bandas reductoras de velocidade e un espello para mellorar a seguranza viaria nas rúas e cando finalizaren as obras en Sanjurjo Badía reordenarase a circulación viaria normalmente.

Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 09/03/2010, ficando á súa disposición para calquera consulta ou actuación adicional sobre o tema obxecto da queixa.

Con data 07/06/2010, recébase novo escrito asinado por 27 veciños residentes naquela zona indicando que desde máis dun ano veñen soportando unha grande circulación, incluso a altas velocidades con grande densidade peonil que corre un grande perigo, e facendo unha serie de consideracións sobre o ordenamento do tráfico naquelas demarcacións sobre o particular, do que se dá traslado a Mobilidade e Seguridade o 07/06/2010, que se reitera o 13/07/2010, 07/09/2010, 08/10/2010, 09/11/2010 e 16/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e de novo, o 07/02/2011, 11/04/2011, 10/05/2011, 13/06/2011, 13/07/2011 e 11/08/2011.

### **CAPITULO III.- URBANISMO E VIVENDA.**

#### **EXPEDIENTE 14/2009**

##### ASUNTO:

Queixa en relación co trámite dunha licenza de troca de titularidade nun establecemento comercial cunha actividade cualificada de perigosa. Indicase que o Concello de Vigo tramitou dita licenza sen dar conta da mesma á veciñanza afectada, entendendo que se trataba dunha simples mudanza de titularidade, cando o que realmente se produciu foi unha troca de condicións.

Existe unha solicitude de Medio Ambiente perante Urbanismo interesando se a actividade se axusta a licenza concedida en 1999, así como se os traballos realizados se axustan ao contido da autorización inicial da actividade, subliñando que con carácter específico tería de facerse referencia á execución das medidas correctoras remarcadas na licenza de 1999.

Alén diso, requírase relativamente ao cumprimento da vixente normativa urbanística en relación coa actividade e, en particular, sobre a maquinaria, instalacións, sistema de evacuación de fumos e gases pola cheminea interior, e sobre o acondicionamento acústico.

Indícase que a interesada inspección non se efectuou por técnico algún, senón por un ordenanza non respondendo ás cuestións solicitadas, facéndose alusión a unha cheminea que discorre independentemente das vivendas, cando o caso é que a cheminea vai paralela ao ascensor co perigo que supón no caso de incendio.



### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 30/09/2009; con data 01/04/2009, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 04/05/2009, 04/06/2009, 02/07/2009, 18/08/2009, 16/09/2009, 19/10/2009, 28/11/2009, 18/11/2009 e 14/12/2009.

### REFLEXIÓNS.

Resulta unha falta de atención e axilidade e eficacia por parte de Urbanismo.

Non só afecta a temas de legalidade urbanística e a súa conseguinte disciplina; mais que maiormente, se obvian as posíbeis deficiencias ambientais tales como contaminación acústica, polución atmosférica e gases, así como posíbeis influencias agravatorias en caso de incendio.

Basta con recordar que o ambiente é un dos poucos bens xurídicos que a Constitución expresamente menciona como obxecto de protección e tutela penal. Así sendo, o artigo 45, onde se recoñece o triplo fronte de protección; civil, penal e administrativo. O que lle importa ao cidadán é o día a día o normal acougo cotián, o respecto cívico do que deriva o gosto de vivir na cidade, que é unha das aspiracións que avaliza a Constitución.

### RECOMENDACIÓNS:

Cumprimenta estrito das obrigas que a Administración ten co cidadán: unha administración receptiva, unha administración resolutiva. Somente así se acaba unha xustificación por rendementos.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 22/04/2010, 21/05/2010, 22/06/2010, 22/07/2010, 25/08/2010, 21/09/2010, 21/10/2010, 24/11/2010 e 16/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2011 reiterouse o pedimento informativo.

Con data 21/02/2011 recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte: 14/2009) infórmolle do seguinte:*

*Con data 26/06/2008 prodúcese o seguinte acordo municipal:*

*Aceptar expresamente –segundo comunicación de cambio de titularidade presentada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo na data do 10/05/2005 e documentación obrante no expte. XXX/422 a transmisión da licenza municipal para a actividade de laboratorio fotográfico (e comercial)*

*Nos mesmos termos e condicións en que se autorizou á titular cedente desta, por resolución do presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 29/11/1999, coas modificacións non substancias recollidas nos planos de estado definitivo redactados polo arquitecto técnico, con data de visado colexial do 29/01/2008, como se comprobou polos servizos municipais de inspección.*

*A superficie do local, segundo planos presentados, é de 406,35 m<sup>2</sup> e o aforo máximo autorizado para o local é de 51 persoas.*

*A potencia total autorizada en máquinas con motor é de 13,85 CV e ningún noutros receptores eléctricos.*

*Deberá cumprir estritamente coa vixente Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de rúidos e vibracións. O nivel de rúidos transmitidos ao interior das vivendas –habitacións– polo desenvolvemento da actividade non poderá sobrepasar en ningún momento de 35 dB(A) entre as 8:00 a 22:00 horas e de 30 dB(A) entre as 22:00 a 8:00 h.*

*Deberá reservar un espazo no local para o colector do lixo.*

*O local, atópase pendente de informe medioambiental referido o expediente número 5944/306, polas denuncias e de contaminación acústica e vibracións.”*

Do que se dá cumprida información á interesada o 22/02/2011, indicando que, en datas vindeiras, solicitarase información actualizada sobre o informe medioambiental citado, do que lle será dada cumprida información.

Con data 16/03/2011, solicítase información actualizada que se reitera o 14/04/2011, 12/05/2011, 14/06/2011, 14/07/2011, 11/08/2011.

## EXPEDIENTE 23/2009

### ASUNTO:

Queixa en relación coa solicitude, presentada o 08/05/2008, para a realización dun peche tendo presentada a totalidade da documentación requirida, pagamento das taxas, e conformidade de informes, sen recibir respostas.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 21/04/2009, con data 21/04/2009 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 23/07/2009, o 18/08/2009, 19/10/2009, 18/11/2009 e 11/12/2009.

### REFLEXIÓNS:

Máis unha vez a falta de axilidade e eficacia ponse de manifesto.

A interesada ten realizado numerosas visitas as dependencias de Urbanismo onde sempre se lle di: "en quince días terá a licenza"; esta demora estalle a producir danos nos materiais adquiridos (cemento, area, etc.).

Na última visita efectuada (17/04/2009) infórmanlle: "falta unha sinatura", e así constantemente.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 21/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 22/02/2010, 22/03/2010, 22/04/2010, 21/05/2010, 22/06/2010, 22/07/2010, 25/08/2010, 21/09/2010, 21/10/2010 e 24/11/2010.

Durante o ano 2011 déronse as seguintes actuacións:

Con data 18/01/2011 reitérase o pedimento informativo.

Con data 21/02/2011 recébase escrito de Disciplina Urbanística no que se informa o seguinte:

*"Con data 15/04/2009 o interesado presenta escrito de alegacións no que solicita se realice unha inspección técnica no baixo a fin de comprobar si existe licenza a favor da empresa. O devandito local non consta de licenza e atópase pendente do informe do inspector municipal".*

*Do que se dá cumprida información ao interesado o 21/02/2011, indicándolle que en datas vindeiras, solicitarase informe actualizado ao respecto, o que se fai o 16/03/2011, indicando que a vista do tempo transcorrido faise preciso sinalar que toda Administración Pública debe ser receptiva e, por suposto, resolutiva, o que non se dá neste expediente. Non producíndose o efecto desexado dunha valoración efectiva por rendemento.*

O pedimento anterior reitérase o 14/02/2011, 12/05/2011, 14/06/2011, 14/07/2011 e 11/08/2011.

## **EXPEDIENTE 26/2009**

### ASUNTO:

Queixa en relación cunha denuncia por reformas nunha cuberta levando o tellado dunha vivenda, incoándose o correspondente expediente de protección da legalidade urbanística en outubro de 2007. En marzo de 2009 o interesado solicita información sobre o que esta a suceder, sen resposta.

### SITUACIÓN.

Queixa presentada o 11/05/2009; coa mesma data solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 22/07/2009, 18/08/2009, 16/09/2009, 19/10/2009, 18/11/2009 e 11/12/2009.

### REFLEXIÓNS:

Entre as boas practicas das administracións, entre outras, figura o tratamento dos asuntos dentro de prazos razoábeis e de xeito imparcial e equitativo.

O modelo Europeo de Excelencia fai mención específica da eficacia e á axilidade en orde a dar respostas axeitadas ás demandas do contorno.

### RECOMENDACIÓNS.

Todo organismo público ten que acadar a súa credibilidade através dos rendementos.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 20/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 22/04/2010, 21/05/2010, 22/06/2010, 22/07/2010, 25/08/2010, 21/09/2010, 21/10/2010, 24/11/2010 e 16/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2011 reitérase o pedimento informativo.

Con data 21/02/2011 recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas (ref. expte: 26/2009) infórmolle do seguinte:*

*Con data 10/10/05 se presenta escrito de alegacións no que denuncia que a casa non cumpre coa altura legalmente permitida.*

*Con data 18/10/05 xírase visita de inspección onde compróbase que se fixo unha cuberta a un auga cun casetón a dos augas duns 35 metros cadrados cubertos de tella con divisións interiores, dormitorio e baño.*

*Conta con licenza municipal 36679/421 de 19 de abril do 2000, a cal no se axusta ao proxecto presentado, a obra según os veciños leva máis de tres anos feita.*

*Con data 05/04/06 a aparelladora municipal emite o seguinte informe:*

*“En fecha 29/07/2000 el Presidente de la Gerencia Municipal de Urbanismo resolvió autorizar obras de reforma en la vivienda unifamiliar de referencia, consistentes en el cambio de cubierta en una superficie de 37,03 m<sup>2</sup> sin variación de sus características de volumen ni de superficie de la cubierta primitiva. (XXX/421)*

*Girada visita de inspección por personal de esta oficina, al lugar de referencia, se ha comprobado que las obras realizadas no se ajustan a la licencia concedida ya que se ha incrementado la altura de la cubierta y se ha variado su configuración de manera que se produce una ampliación de su superficie útil de aproximadamente 13 m<sup>2</sup>. Por otra parte la cubierta realizada no cumple las prescripciones establecidas en el Plan General vigente.*

*La edificación, situada en Suelo Urbano, con Ordenanza de aplicación 1.3. B., se encuentra fuera de ordenación, al menos por retranqueos y por no tener la parcela mínima exigida.*

*INFRACCIONES: Las obras realizadas no son permisibles ya que al tratarse de una edificación fuera de ordenación, solo pueden autorizarse aquellas reparaciones necesarias que demande la higiene, seguridad, ornato y mejora de la habitabilidad del inmueble, y no obras que supongan aumento de volumen o de superficie construida.*

*VALORACIÓN: El valor de las obras realizadas sin ajustarse a licencia se estima en 4.600 euros, según el Manual para la Estimación Simplificada de los Presupuestos de ejecución Material de la Edificación del Colegio de Arquitectos de Galicia."*

*Con data 28/09/07 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística, sendo notificada con data 15/10/07.*

*Con data 29/10/07 se presenta escrito no que alega a prescripción da infracción, caducidade da acción administrativa, inadecuación da vía administrativa e o dereito a protección da familia e os menores así como o dereito a unha vivenda digna.*

*Con data 18/02/08 a aparelladora municipal emite o seguinte informe:*

*"A la vista de las alegaciones formuladas la Técnica que suscribe informa que de las visitas realizadas al lugar de referencia no puede deducirse el año en el que se finalizaron las mismas.*

*No obstante se presenta certificado suscrito por Técnico competente en cuanto a que éstas han sido finalizadas con fecha anterior al mes de Julio del año 2.000."*

Do que se dá cumprida información á interesada o 21/02/2011.

Sen incidencias posteriores.

## EXPEDIENTE 57/2009

### ASUNTO

Queixa en relación cun edificio a considerar como "conservábel", no que se pretende instalar un ascensor que obrigaría a encurtar uns centímetros a escaleira e a adaptar a varanda ao novo oco resultante.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/10/2009; con data 19/10/2009 solicítase o preceptivo informe a Concellería de Urbanismo que se reitera o 04/12/2009.

Con data 21/01/2010 reiterase pedimento informativo que se recibe o 03/02/2010 e no que se indica o seguinte:

*"En relación ao seu expediente 57/2009, de queixa formulada ante esa Institución por D<sup>º</sup> con enderezo no número .....DE..., teño a honra de informar o seguinte:*

*Enténdese que o inmoble no que se solicita a instalación do ascensor é o sinalado co número ....., pois logo de consultar a aplicación informática semella que se refire a este edificio.*

*A comunidade de propietarios da..... presenta no Rexistro Xeral da Xerencia de Urbanismo consulta previa para a instalación dun ascensor no citado edificio, propoñendo a redución do largo actual da escaleira, segundo proxecto redactado polo arquitecto don ....., visado polo colexio profesional con data 2 de xuño de 2009.*

*O proxecto citado foi informado pola apareladora municipal da oficina de Barrios Históricos con data 31 de agosto de 2008, ao emprazarse o inmoble no ámbito do Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar, PEEC I-12, aprobado definitivamente con data 25 de outubro de 1990 (BOP 17 de xaneiro de 1991), concretamente no cuarteirón número 1 do citado PEEC e está incluído no seu catálogo con nivel de protección estrutural*

*Nestes casos establécese o trámite de consulta previa á solicitude de licenza, dirixido á Comisión de seguimento do PEEC e PEPR de Bouzas, a quen lle corresponde asesorar ao Concello en todas as materias relacionadas co correcto desenvolvemento destes plans e cos elementos incluídos nos catálogos complementarios co fin de garantir o axuste da obra que se vaia realizar co previsto normativamente.*

*Con data 16 de setembro de 2009 fórmase á Comisión de seguimento do PEEC-PERI Casco Vello proposta de realizar visita de comprobación e someter á súa consideración a citada consulta previa, co obxecto de determinar se, de conformidade co disposto nos parágrafos 3, 6.3, 7.2 e 8.5 das normas urbanísticas do PEEC, existe algún elemento do inmoble susceptible de ser protexido.*

*O día 7 de outubro de 2009 preséntase en persoa a Comisión no lugar de referencia, realizando visita ao edificio, comprobando que a escaleira e o espazo no que se desenvolve son de gran valor para non seren alterados.*

*A Comisión de seguimento do PEEC-PERI Casco Vello, en sesión do 8 de outubro de 2009, acorda informar desfavorabelmente a solicitude de licenza presentada pola comunidade de propietarios da rúa..... en canto a instalación destrúe parte da escaleira protexida polo PEEC e ademais impide a entrada da luz cenital."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 04/03/2010.

Con data 01/03/2010, a interesado formula alegacións ao informe anterior que se trasladou integramente a Concellería de Urbanismo e Vivenda o 02/03/2010, facendo pola nosa parte unha serie de consideracións sobre rehabilitación e integración dos deficientes, preparando unha revisión do expediente en cuestión; que se reitera o 14/09/2010, e o 19/10/2010, 18/11/2010 e 16/12/2010.

## REFLEXIÓNS

As manifestadas pola interesada que se refiren a que o seu marido so goza de visión nun ollo, un 5%, debido a un accidente; a realización das obras tal como se pretende impediríalle unha accesibilidade e seguranza diaria que polo de agora ven tendo.

Con data 18/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 21/02/2011, 16/03/2011, 14/04/2011, 12/05/2011, 14/06/2011, 14/07/2011 e 11/08/2011.

## EXPEDIENTE 68/2009

### ASUNTO:

Queixa en relación coa falta de atención que lle ven ofrecendo a Concellería, en relación cunhas obras, realizadas sen licenza e ilegalizábeis, que se están a facer xeminadas á súa vivenda.

### SITUACIÓN:

Queixa recibida o 28/10/2009, con data 29/10/2009 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo e Vivenda, que se reitera o 04/12/2009.

## REFLEXIÓNS

Resulta decepcionante que o 19/09/2006 se dite resolución acordando a incoación do expediente de protección da legalidade urbanística e que tres anos despois o promotor da queixa siga implorando a protección dos seus dereitos sen que se lle preste a atención debida.

Máis unha vez a validación da eficacia por rendemento deixa moito que desexar.

As Administracións públicas alén de intelixentes teñen de ser receptivas e resolutivas. A observancia da realidade social será punto de partida ineludíbel de toda posterior consideración.

### RECOMENDACIÓN:

Aplicar o Código de Boa Conduta Administrativa: dilixencia, decisións en prazo razoábel.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:



Con data 21/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 23/03/2010, 22/04/2010, 21/05/2010, 22/06/2010, 22/07/2010, 25/08/2010, 21/09/2010, 21/10/2010, 24/11/2010 e, 16/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 21/02/2011.

Con data 07/03/2011, recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas (ref. Expte: 68/2009) infórmolle o seguinte:*

*Con data 15/03/06 e 03/04/06, presentan escrito de alegacións no que denuncian o peche do lindeiro situado no camiño, mediante tres pilares de bloque e estrutura de terra na cuberta.*

*Con data 05/04/06 emítase o seguinte informe de inspección:*

*“realicei unha inspección o día 3 de abril de 2006 e comprobei que neste lugar se construíron tres pilares de bloque de formigón duns 2 m de alto e se incrementou co mesmo material a altura do peche que é linde coa propiedade nº 110, nuns 0’7 m de alto quedando este cunha altura duns 2’6- por 5 de longo. Ademais e sobre estas construcións existe unha estrutura a base de viguetas de ferro que abarcan unha superficie de 12 m<sup>2</sup>.*

*O responsábel desta obra, e que non solicitou licenza municipal para ela”.*

*Con data 13/09/06 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística sendo notificado con data 03/10/06.*

*Con data 08/02/07 o denunciado presenta escrito no que alega que a construción descrita xa existía con anterioridade e que as únicas modificacións feitas foron realizadas con motivo de restauración, debido o deterioro da mesma.*

*Con data 07/08/07 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*Comprobada a documentación contida no expediente, na que se inclúe cartografía catastral e cartografía municipal obtida a partires de:*

- voos fotogramétricos realizados no ano 1997,

- voos fotogramétricos realizados no ano 1999, traballo de campo realizado no ano 2000, e actualizada no período 2001-2003.
- cartografía recollida no documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente con data 19/05/2006.

*non aparece reflectida a construción descrita no informe do inspector municipal de data 05/04/2006 obxecto deste expediente”.*

*Con data 21/03/10, o denunciado solicita licenza para a retirada da cuberta”.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 10/03/2011. Sen incidencias posteriores.

### **EXPEDIENTE 71/2009**

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa denegación dun expediente dunha obra declarada ilegal.

#### SITUACIÓN.

Queixa presentada o 02/11/2009; con data 4/11/2009, solicítase o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo e Vivenda, que se reitera o 15/12/2009.

#### REFLEXIÓN.

Estamos perante o pedido dun expediente que non se pon de manifesto.

Tense que considerar que todos os cidadáns teñen dereito a petición individual (artigo 29 da Constitución española); estes pedidos son graciábeis non fundadas en dereito subxectivo, pero atendendo a normas específicas recoñecidas, a Lei 30/1992, non seu artigo 35.a) recoñece o dereito a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que sexa interesado obter copias dos documentos contidos neles; no apartado g) cítase a obtención de información e orientación que as disposicións vixentes imponían aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar; no apartado i) explícitase ao respecto á deferencia a que o cidadán ten dereito.

Doutra perspectiva legal tense que considerar o disposto no Real Decreto 208/1996, de 9 de febreiro, que non seu artigo 2 explícita a información administrativa relativa a identificación, competencia, estrutura, funcionamento de organismos e unidades administrativas, a

referida aos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que os cidadáns se propoñan realizar, a referente a tramitación de procedementos aos servizos públicos e prestacións, así como a calesquera outras datas que aquelas teñan necesidade de coñecer nas súas relacións coas Administracións públicas, no seu conxunto ou con algún dos seus ámbitos de actuación.

A información xeral facilitarase obrigatoriamente aos cidadáns sen esixir para iso acreditacións de lexitimación algunha.

O cidadán ten dereito a que se removan os obstáculos, que impiden ou dificultan a súa plenitude, facilitándoselle a participación na vida política, económica, cultural e social (artigo 9 da C.E.).

Por outro lado, o Código Europeo de Boa Conduta Administrativa establece, entre outros, os principios de actuacións imparciais, xustas e razoábeis, así como a dilixencia, corrección, cortesía e accesibilidade, corrixindo os efectos negativos da forma máis rápida posíbel, decisións motivadas, etc., etc.

### RECOMENDACIÓNS:

A administración ten que ter un comportamento exemplar, o que se acada mediante o cumprimento escrupuloso dunha das normas que ela mesma redacta e publica.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 28/01/2010 recébase información de Xerencia Municipal de Urbanismo no que se indica o seguinte:

*“En contestación ao escrito remitido o 2.11.09 polo Valedor do Cidadán, solicitando información sobre o obxecto dos expedientes XXX/423, YYY/423 e ZZZ/423, tense que informar o seguinte:*

*- O 17.03.08 don.. presenta escrito no que se formula denuncia urbanística pola construción dunha obra consistente na adición dunha planta nas terrazas existentes no edificio situado na rúa - O 18.03.08 don.. e don.. formulan denuncia en igual sentido.*

*- No expediente de reposición á legalidade urbanística (XXX/423) se practicaron (entre outras) as seguintes dilixencias:*

- Informe do delineante municipal de 11.04.08.*
- Informe da arquitecta municipal de 21.04.08.*

- *Informe xurídico da técnica de administración xeral de 21.04.08.*
- *Resolución do Delegado de urbanismo e vivenda a de 21.04.08 de paralización e incoación de expediente de reposición á legalidade urbanística.*
- *Informe do inspector de urbanismo de 10.06.08.*
- *Dilixencia e anuncio de publicación da Resolución do Delegado de urbanismo e vivenda no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP número 211, de 30 de outubro de 2008).*
- *Informe do arquitecto municipal o 16.10.08.*
- *Informe do inspector municipal o 29.10.08.*
- *Resolución de precinto de obra ilegal de data 6.11.08.*
- *Resolución do Delegado de urbanismo e vivenda de data 2.12.08 polo que se declaran as obras como realizadas sen licenza e incompatíbeis co planeamento vixente. Así mesmo, se acorda a derruba das mencionadas obras.*
- *Publicación da Resolución anterior no Boletín Oficial da Provincia (BOP núm. 247, de 22 de decembro).*
- *Informe do inspector municipal o 11.12.08.*
- *Acta de precinto da obra asinada polo secretario da Xerencia municipal de urbanismo, a técnico da administración xeral e os axentes números 479 e C74.*

- *Co número XXX/423 se tramitou expediente sancionador urbanístico que rematou coa Resolución do Delegado de urbanismo e vivenda de data 15.04.09 de imposición dunha sanción de 20.000 euros. A mencionada Resolución tivo que ser publicada no BOP o 12.06.09.*

*Por último, por Resolución de 1.04.09 (expte XXX/ZZZ/423) do Delegado de urbanismo e vivenda, se acordou a execución subsidiaria das obras de derruba. A Resolución foi publicado no BOP de Pontevedra o 13.05.09, no número 89.*

*Por acordo do Consello da Xerencia municipal de urbanismo de data 12.11.09 se incoou expediente de contratación das obras de derruba cun orzamento de execución por contrata de 65.005,29 euros.*

*Proximamente, procederáse á aprobación do expediente de contratación e pregos de cláusulas administrativas ao abeiro do establecido na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.*

*(DPP)”*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 29/01/2010, indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase nova información actualizada o que se fai o 15/02/2010, e, de novo, o 23/03/2010, 22/04/2010, 21/05/2010, 22/06/2010, 22/07/2010, 25/08/2010, 21/09/2010, 21/10/2010, 24/11/2010 e 16/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 21/02/2011, 16/03/2011.

Con data 11/04/2011, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas (ref. expte: 71/2009) infórmolle do seguinte:*

*O 17/03/08 se presenta escrito no que se formula denuncia urbanística pola construción dunha obra consistente na adición dunha planta nas terrazas existentes no edificio.*

*O 18/03/08 formulan denuncia en igual sentido.*

*Con data 11/04/08 emítase informe de inspección:*

*“Que en el edificio, se están realizando obras de aprovechamiento bajo cubierta para vivienda, con una superficie de aprox. 240m<sup>2</sup> dividida en dos bloques, lo que pudiera dar lugar al aprovechamiento de mas de una vivienda.*

*Este edificio tiene varios portales y el acceso al cuarto de maquinaria del bloque rotulado con el nº 2 en el proyecto objeto de Licencia, ha sido tapiado no permitiendo*

*el acceso al mismo, con lo que sí se queda una persona encerrada en el ascensor entre plantas, no va ser posible acceder al citado cuarto del ascensor para intentar socorrerla en él animo de normalizar la parada del ascensor en una u otra planta.*

*Estas obras tienen concedida una Licencia expte XXX/421, NO AJUSTÁNDOSE a las obras que se están llevando a cabo”*

*Con data 21/04/08 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*LICENZA DE OBRAS: non consta licenza municipal para as obras sinaladas, obxecto deste expediente.*

*Por resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 23/11/2006, autorizouse para realizar obras de construción dunha cuberta na edificación de referencia, sen incremento de aproveitamento urbanístico baixo ela, cunha superficie total a construír de douscentos corenta e cinco metros con dez centímetros cadrados (Expte. XXX/421).*

*CONDICIÓN S URBANÍSTICAS: o vixente PXOU, aprobado definitivamente o 29/04/93 (DOG 10/05/93) inclúe a zona na que se sitúan as obras obxecto deste expediente en solo urbano, con ordenanza de aplicación 1.1.B de edificación pechada na área central. Plano 17-23.*

*PRESUNTA INFRACCIÓN:*

*Execución de obras de ampliación de edificación existente nuns 240m<sup>2</sup> sen licenza municipal.*

*Co PXOU vixente estas obras non poderían ser legalizábeis, pois a edificación está en situación de fóra de ordenación por exceder a altura máxima permitida segundo a ordenanza de aplicación e segundo o artigo 3.2.4. das NNUU nestes supostos non se poden autorizar obras que supoñan un aumento de volume ou superficie construída.*

*VALORACIÓN: o presuposto de execución material das obras excluídos o beneficio empresarial, honorarios profesionais e impostos considérase en: 37.224,00 euros*

*Con data 21/04/08 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística onde se ordena a inmediata paralización das expresadas obras ao carecer de licenza municipal, así como a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra e maquinaria afecta á mesma.*

*Con data 10/06/08 realízase unha inspección no lugar denunciado comprobándose que na obra no se están realizando traballos no momento da inspección.*

*Toda la obra esta unida interiormente, accedéndose desde el portal nº17.*

*Hay dos operarios realizando tareas de reforma del ascensor del portal nº 19, que llega hasta la edificación denunciada.*

*El estado de las obras es el siguiente:*

- *Exteriormente las obras denunciadas están prácticamente finalizadas, faltando algún remate y la carpintería exterior.*
- *Interiormente, están solo las divisiones en tabiquería en ladrillo.*

*Con data 16/10/08 o arquitecto municipal emite o seguinte informe:*

*NOVAS CONDICIÓNS URBANÍSTICAS: Coa entrada en vigor do vixente PXOM, aprobado definitivamente con data 16/05/2008 (DOGA 03.06.2008) e publicado no BOP con data 06.08.2008, a edificación queda clasificada en solo urbano consolidado incluída na área de ordenación pormenorizada denominada AOP-03*

*A citada ordenación pormenorizada establece o número máximo de alturas en 11.*

*PRESUNTA INFRACCIÓN:*

*Execución de obras de ampliación de edificación en situación de fora de ordenanza por exceso de alturas, sen licenza e non autorizábeis por incrementar a condición da edificación que xera a situación de fora de ordenanza.*

*VALORACIÓN:*

*Actualmente as obras teñen avanzado respecto ao informe da arquitecta municipal, segundo se desprende do informe do inspector, polo que os capítulos de obra executados actualmente corresponden ao 50% do total do que resulta a seguinte valoración da obra executada:*

$124.080,00 \times 50\% = 62.040,00\text{€}.$

*Con data 15/10/08 emítense dilixencia de anuncio de publicación da Resolución do Delegado de urbanismo e vivenda no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP número 211 de 30 de outubro de 2008).*

*Con data 29/10/08 xirada visita de inspección compróbase que o acceso está pechado pero que polos indicios e o que comunican os veciños se estiveron realizando traballos o pasado luns.*

*Con data 06/11/08 prodúcese resolución municipal onde se acorda o precinto da obra ilegal e a suspensión do subministro eléctrico e de auga*

*Con data 02/12/2008 o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu:*

*"PRIMEIRO.- Declarar como realizadas sen licenza e incompatíbeis co planeamento vixente e, xa que logo, decretar a súa derruba, as obras obxecto do presente expediente, executadas, consistentes na execución de obras de ampliación de edificación existente nuns 240 m<sup>2</sup>.*

*SEGUNDO.- Requirir aos Herdeiros concedéndolle o prazo de TRES MESES a contar da data de notificación da presente resolución, para que, proceda voluntariamente á derruba das obras referidas no apartado anterior, co apercibimento de que, en caso de incumprimento, procederase por este concello á execución forzosa da citada demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas reiterábeis até lograr a execución polo suxeito obrigado, de conformidade cos artigos 95 e seguintes da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común."*

*Ante a imposibilidade de notificación da anterior resolución, de conformidade co disposto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común, con data 22 de decembro de 2008, publicouse no Boletín Oficial de Pontevedra (BOP N<sup>o</sup> 247).*

*Con data 11/12/08 o inspector municipal emite o seguinte informe:*

*Que la Inspección que se realiza es una Inspección ocular del edificio, ya que no se ha podido acceder al interior de la vivienda observando, que:*

*Da la impresión desde fuera del edificio, que las obras se encuentran rematadas, con carpintería exterior.....etc. y, también que incluso de que en la ventana que da al patio, han colocado ya cortinas o algo parecido*

*Con data 16/02/09 emítase acta de precinto da obra asinada polo secretario da Xerencia municipal de urbanismo, a técnico da administración xeral e os axentes números XXX e ZZZ.*

*Co número XXX/423 se tramitou expediente sancionador urbanístico que rematou coa Resolución do Delegado de urbanismo e vivenda de data 15/04/09 de imposición dunha sanción de 20.000 euros. A mencionada Resolución tivo que ser publicada no BOP o 12/06/09.*

*Por último, por Resolución de 01/04/09 (expte XXX/ZZZ/423) do Delegado de urbanismo e vivenda, se acordou a execución subsidiaria das obras de derruba. A Resolución foi publicada no BOP de Pontevedra o 13/05/09, no número 89.*

*Por acordo do Consello da Xerencia municipal de urbanismo de data 12/11/09 se incoou expediente de contratación das obras de derruba cun orzamento de execución por contrata de 65.005,29 euros.*



*Con data 23/06/10 prodúcese o seguinte acordo municipal:*

*1.- Instar a las personas indicadas para que en el plazo máximo de diez días de la recepción de la presente comunicación, autoricen voluntariamente la entrada en la obra declarada ilegalmente construida por Resolución del Delegado de Urbanismo y Vivienda de 2.12.08*

*2.- Para aquel caso que no se logre la notificación, proceder conforme lo establecido en el artículo 59 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administración Pública y procedimiento administrativo común.*

*3.- Si en el el plazo otorgado en el punto 1º no se autorizara expresamente la entrada en la obra, se solicitará acto seguido al Juzgado de lo Contencioso Administrativo la entrada en domicilio al amparo de lo previsto en el artículo 8.6 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contenciosa-Administrativa.*

*4.- Publicar la presente resolución en el Boletín Oficial de la Provincia y en el tablón de editos de la Xerencia municipal de urbanismo del Concello de Vigo.*

*A resolución anterior foi publicada no B.O.P con data 21/07/10.*

*Con data 04/10/10 a xerencia municipal de urbanismo informa do seguinte:*

*Pola presente achégase acta de entrada na obra obxecto do expediente de infracción urbanística número 15.109/423 e 14.685/423 que está a tramitar esta Xerencia municipal de urbanismo.*

*A citada entrada foi autorizada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Vigo por Auto de 6 de setembro de 2010.*

*Como pode comprobarse na acta, se constatou a rotura do precinto colocado durante a tramitación no expediente e a conseguinte continuación das obras de construción da edificación declarada como ilegal.*

*No expediente constan como titulares do dereito de propiedade do inmovible”*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 11/04/2011, indicándolle que, en datas vindeiras, solicitarase información actualizada, o que se fai o 10/05/2011, facendo constar que o interesado, con data 09/05/2011, manifesta que o informe, antes citado, non se axusta a realidade, e o 25/05/2011 fai entrega dun escrito no que pormenoriza unha serie de circunstancias que se recollen na solicitude por él presentada no Rexistro de Xerencia Municipal de Urbanismo o 21/05/2011, documento nº XXX.

Con data 01/06/2011 dirixímonos a Concellería de Urbanismo e Vivenda, resumindo as prelacións do citado documento e solicitando información ao respecto. Pedimento que se reitera o 27/06/2011 e o 26/07/2011.

## RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE	1
- Contaminación acumulación lixo	1
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE	7
- Servizos Vitrasa	2
- Tarifas bus especiais	1
- Situación paradas bus	1
- Cobro indebido ORA	1
- Sanción tráfico	1
- Dificultades peóns	1
ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA	6
- Modificacións local comercial	1
- Demora inspección local	1
- Obras con danos alleos	1
- Consideracións edificio conservavel	1
- Obras sen licenza	1
- Denegación expediente	1
TOTAL EXPEDIENTES	14

### REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS

1) MOBILIDADE E SEGURIDADE	50,00 %
2) URBANISMO E VIVENDA	42,85 %
3) MEDIO AMBIENTE	7,14 %

*\*Ordenadas porcentualmente de maior a menor.*

## PARTE V

# ACTUACIONES A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2010, CON INCIDENCIAS NO ANO 2011

### INTRODUCCION:

Nesta Institución rexistráronse un total de 31 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2010, con incidencias durante o ano 2011 e que corresponden a:

- DEPORTES .....1
- MEDIO AMBIENTE .....4
- MOBILIDADE E SEGURIDADE .....13
- PARTICIPACION CIADADA .....1
- SERVIZOS XERAIS .....2
- URBANISMO E VIVENDA .....8
- XESTION MUNICIPAL .....2
- TOTAL .....31

### EXPEDIENTES

#### CAPITULO I- DEPORTES

##### EXPEDIENTE 80/2010

##### ASUNTO:

Queixa en relación coa forma de pagamento das cotas para o uso das instalacións da área deportiva municipal de Coia-A Florida.

##### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 23/12/2010, coa mesma data, solicítase o preceptivo informe a Concellería de Xestión Municipal.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2011 recíbese escrito do Instituto Municipal de Deportes no que informa que a forma de pagamento nas instalacións deportivas está sendo xestionada por unha empresa concesionaria, á cal, debe dirixirse esta reclamación. Tal resposta ven a indicar o descoñecemento por parte do referido Instituto da normativa pola que se rexen os procedementos administrativos.

Con data 18/01/2011 dirixímonos á dirección da empresa concesionaria solicitando a información pertinente, pedimento que se reitera o 24/02/2011 quen, con data 01/03/2011, comunícanos que deron traslado do expediente a Consellería de Deportes do Concello.

E obvio que a falta de coordinación é manifesta.

Á vista do anterior dirixímonos a Concellería de Deportes o 24/03/2011, solicitando a información requirida, pedimento que se reitera o 27/04/2011, e o 25/05/2011 e 24/06/2011.

Con data 28/06/2011, sete meses despois, recíbese escrito no que informa que *“os procedementos establecidos para facer efectivos os pagos nas instalacións Municipais de referencia establecéronse coa firme intención de facilitar e axilizar ditos trámites aos e ás usuarios.*

*A implantación da tramitación electrónica nos pagos, matrículas, reservas..., impóñense claramente tanto no ámbito público como no privado, e aínda que esta modalidade procedimental pode supor algún tipo de contrariedade, e asumindo como inevitábel este extremo, entendemos que este procedemento beneficia á gran maioría dos e das usuarias.”*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 29/06/2011. Sen incidencias posteriores.

## CAPITULO II.- MEDIO AMBIENTE

### EXPEDIENTE 23/2010

#### ASUNTO:

Queixa en relación co estado ruinoso dunha finca lindeira que se ven denunciando desde o ano 2003, provocando, alén diso, un considerábel perigo para a salubridade por causa da existencia de numerosas cobras, ratos e outros animais.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/03/2010, con data 22/03/2010 solicítase o preceptivo informe o que se recibe o 20/4/2010, indicando o seguinte:

*"En relación coa queixa formulada por ....., número de expediente desa institución 23/2010 (expediente municipal XXX-310), prácame informarlle do seguinte:*

*Solicitado informe ao Departamento de Sanidade do Concello, con data 12 de abril, informan a esta Concelleira de que xa se resolveu no seu día un expediente polas mesmas razóns con data 21 de maio de 2007, por falla de limpeza de terreo lindante coa vivenda propiedade da interesada. Como consecuencia daquela denuncia, incoouse expediente de Sanidade número 10596-310, que derivou en diversas actuacións (comprobación dos feitos, apertura de prazo de alegacións, orde de execución de limpeza aos propietarios e posterior limpeza da finca por parte dos denunciados).*

*O expediente arquivouse en xaneiro de 2008 por atoparse o terreo limpo segundo informe do inspector municipal.*

*Desde esta última actuación non consta no Concello de Vigo, nin na oficina de Sanidade, ningunha reclamación posterior por dito terreo por parte da interesada.*

*Agora, en atención, á nova queixa formulada por . ante esa institución con data 17 de marzo de 2010, incoase novo expediente de Sanidade con número XXX-310 e con esta mesma data pásase ao inspector municipal de zona para a comprobación dos feitos denunciados.*

*O que lle informo aos efectos oportunos"*

Do que se dá cumprida información á interesada o 28/04/2010, indicándolle que, en datas vindeiras, solicitouse información actualizada o que se fai o 26/05/2010, e de novo, o 28/06/2010.

Con data 13/07/2010, recébase escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa queixa formulada por ....., seu número de expediente 23/2010 (expediente municipal XXX-310), prácame informarlle do seguinte:*

*Á vista da denuncia presentada pola interesada, os inspectores municipais xiraron visita de inspección e emitiron informe con data 22 de xuño de 2010, no que se constata efectivamente o estado de abandono e falta de limpeza.*

*Con data 25 de xuño de 2010, a Concelleira delegada ditou resolución de incoación de expediente e orde de execución.*

*Con data 6 de xullo de 2010 remitiuse notificación aos titulares dos citados solares comunicándolles a resolución de orde de execución polas deficientes condicións de limpeza, salubridade e ornato no que se atopan.*

*En esa mesma notificación concédeselle, segundo é preceptivo, un trámite de audiencia por prazo de dez días desde o seguinte ao recibo da notificación, durante o que poderá formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.*

*No caso de non presentar alegacións, ordénaselle aos titulares D. ... .. e mais ...., como propietarios dos terreos, que no prazo máximo de 30 días naturais (a partir da finalización do trámite da audiencia), para que procedan á limpeza.*

*Apercíbeselle ademais de que no caso de non cumprir a orde de execución, procederase á imposición da correspondente multa coercitiva de 300 a 6.000 euros, reiterábeis até lograr a execución do ordenado.*

*O que lle informo aos efectos oportunos”*

Do que se dá cumprida información á interesada o 13/07/2010, indicándolle que, en datas vindeiras, solicítase nova información actualizada, o que se fai o 25/08/2010, o 23/09/2010, 23/10/2010 e 20/12/2010.

### REFLEXIONS:

Os alicerces de toda Administración pública residen na eficacia e no control, sen esquecer que a mellora da lexitimidade das Corporacións locais debe buscarse, especialmente, pola vía dos rendementos e neste campo as estratexias son inesgotábeis. Tense que superar a indisciplina e os comportamentos primarios en calquera materia, e a sanidade e a pulcritude teñen as súas prioridades.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 21/02/2011, 21/03/2011, 19/04/2011, 18/05/2011, 20/06/2011 e 23/08/2011.

## EXPEDIENTE 67/2010

### ASUNTO:

Queixa presentada en relación co estado en que se achan unhas fincas de veciñanza que producen a invasión de cobras e ratos, e que por causa dun vendaval produciron danos no seu valado, producindo a fuxida dos seus cans.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 11/10/2010, con data 13/10/2010 solicítase o preceptivo informe a Medio Ambiente-Sanidade que se recibe o 10/11/2010 e no que se informa o seguinte:

*"En relación coa denuncia formulada por ..., seu número de expediente 67/2010, expediente municipal XXX-310, prácese informarlle do seguinte:*

*Trala visita de inspección realizada á zona, elevouse informe constatando a situación denunciada, polo que, con data 6 de setembro de 2010, procedín a ditar a seguinte resolución:*

*No caso de non presentar alegacións, ordenar a .. e a .., como propietarios dos terreos referenciados, que no prazo máximo de 30 días naturais (a partir da finalización do tramite de audiencia), proceda á súa adecuada limpeza, garantindo o mantemento das condicións de limpeza, salubridade e ornato esixíbeis pola Ordenanza municipal e a lexislación urbanística vixente.*

*Percibirille que, de non cumprir esta orde, procederase á súa execución forzosa conforme co previsto na normativa aplicábel, ben en forma subsidiaria por esta admón. municipal e a costa da propiedade, ben mediante a imposición de MULTAS COERCITIVAS DE 300 A 6.000 €, REITERÁBEIS até LOGRAR A EXECUCIÓN DO ORDENADO. Todo isto sen prexuízo da tramitación do expediente sancionador para a imposición da multa pecuniaria que corresponda de acordo coa vixente "Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de RSU".*

*Notificar esta resolución ao interesado, informándolle que a mesma esgota a vía administrativa e que contra ela poderá interpor recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes desde o día seguinte á recepción da súa notificación, entendéndose desestimado polo transcurso de 1 mes sen ditarse e notificarse a resolución expresa, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de 2 meses contados tamén a partir do día seguinte ao da recepción da respectiva notificación, ou calquera outro que estime procedente interpor e sexa conforme a dereito.*



*Unha vez notificada a resolución, o denunciante púxose en contacto con esta Concellería para manifestar que faltaba unha finca na relación de requiridos, procedendo de inmediato a averiguar os datos catastrais co fin de facer extensivo o requirimento.*

*O que lle comunico aos efectos oportunos."*

O que se lle comunica ao interesado o 11/11/2010, indicando que, en datas vindeiras instárase información actualizada ao respecto, o que se fai o 20/12/2010.

#### REFLEXIONS:

O interesado non recibe resposta ás súas continuadas chamadas telefónicas desde hai tres meses o que fai pensar que estamos diante dunha inaxeitada administración que non cumpre cos requisitos mínimos esixidos polo Código Europeo de Boa Conduta Administrativa.

- Falta de receptividade.
- Falta de acción resolutiva.
- Solucións en tempo razoábel.
- Adopción de medidas proporcionadas.
- Actuación imparcial e xusta.
- Dilixencia, corrección, cortesía.

Con data 25/11/2010 solicítase información actualizada.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2011, reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 21/02/2011, 21/03/2011, 19/04/2011, 16/05/2011, 20/06/2011 e 23/08/2011.

#### EXPEDIENTE 77/2010

##### ASUNTO:

Queixa en relación coa contaminación acústica producida por un local de hostalaría.

## SITUACIÓN:

Queixa presentada o 13/12/2010; con data 14/12/2010, solicítase o preceptivo informe á Concellería de Medio Ambiente, achegando copia da medición sonométrica efectuada pola Policía Local o 14/11/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/02/2011, reitérase o pedimento informativo.

Con data 25/02/2011, recébase escrito da Concellería de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*“En relación coa queixa formulada expediente 77/2010 (XXX-306), prácame informarlle do seguinte:*

*Con data 14 de novembro de 2010 a Policía Local acudiu ao domicilio da denunciante co obxecto de realizar medición sonométrica, polas molestias por ruído ocasionadas polo local denunciado.*

*A medición arroxou un resultado de 33,8 dB(A). Dita medición foi remitida ao Departamento de Medio Ambiente, que abriu expediente administrativo.*

*Con data 22 de novembro de 2010, aos efectos de incoar o correspondente expediente sancionador por contaminación acústica, e como paso previo imprescindible, solicitouse informe á Xerencia Municipal de Urbanismo sobre o tipo de licenza de actividade do local, así como a titularidade do mesmo.*

*A Xerencia Municipal de Urbanismo informa dun cambio de titularidade realizado no ano 2006.*

*Como consecuencia dos feitos relatados, con data 21 de febreiro de 2011, a Concelleira de Medio Ambiente ditou resolución incoando expediente sancionador contra a entidade pola posíbel comisión dunha infracción administrativa leve en materia de protección contra a contaminación acústica. Sen prexuízo do que resulte da instrución, foille comunicado o feito ao titular do establecemento, informándolle que esta infracción leva aparelhada unha sanción de multa desde 601,01 a 1.502,53 euros, segundo establece a Ordenanza Municipal en vigor.*

*No mesmo acto de comunicación, infórmase de que ten un prazo de 15 días hábiles a partir da notificación para formular as alegacións que considere pertinentes. No caso de non*

*presentar alegacións no prazo preceptivo, o acordo de iniciación considerárase Proposta de Resolución.*

*O que se lle informa aos efectos oportunos”.*

Do que se dá cumprida información á interesada o 02/03/2011, indicándolle que, en datas vindeiras, solicitarase información actualizada, o que se fai o 04/04/2011, e, de novo, o 04/05/2011, e o 02/06/2011.

Con data 21/06/2011, recébase escrito da Concellería de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*“ En relación co seu escrito de data 2 de xuño de 2011, prácese informarlle do seguinte:*

*Con data 30 de marzo de 2011, a Concellería delegada da Área ditou decreto de incoación de procedemento sancionador contra a sociedade polos feitos resultantes da medición sonométrica practicada con data 14 de novembro de 2011, que derivarían dunha falta leve por superación dos límites admitidos até 5 dB(A) feito este que xa lle foi comunicado á interesada con data 7 de abril pasado.*

*Con data 29 de abril remitiuse ao Boletín Oficial da Provincial anuncio de incoación de procedemento sancionador, de conformidade co disposto no artigo 59 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*Aos mesmos efectos, lle informo que trala notificación do procedemento á Xerencia Municipal de Urbanismo, este organismo con data 5 de marzo de 2011 notificou aos titulares do establecemento o cese da actividade que viña desenvolvendo, así como o precinto do local por parte da Policía Local. Con data 20 de marzo da Policía Local realizou visita de comprobación, acreditando que o local permanecía aberto e con música amplificada **procedendo ao precinto do mesmo.***

*Con data 16 de maio de 2011, un dos propietarios do local solicita o desprecinto do local co único fin de retirar mercadería perecedoira, así como documentación.*

*Con data 6 de xuño a Técnica de administración xeral notifica a Policía Local que se proceda ao desprecinto do citado local **aos únicos efectos de retirar alimentos perecedoiros, material e documentación, procedendo 24 hora despois a precintar de novo o local.***

*O que lle comunico aos efectos oportunos.”*

Do que se dá cumprida información á interesada o 21/06/2011. Sen incidencias posteriores.

### EXPEDIENTE 78/2010

Con data 08/03/2011, recébase escrito do promotor da queixa para que se reconsidera a nova apertura do expediente que en 2010 se considerara anulado.

O que se comunica á Concellería de Medio Ambiente, indicando que no expediente municipal nº XXX/306 áchase un documento no que se rinde que o baixo cuestionado é de cesión do Concello. Esta comunicación faise o 09/03/2011; solicitando información ao respecto, e reiterándose o 06/04/2011, 04/05/2011 e 02/06/2011.

Con data 21/06/2011, recébase escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*“En relación co seu novo escrito de data 2 de xuño de 2011, relativo á queixa formulada, práctame informarlle do seguinte:*

*Non cabe por parte deste departamento máis que reiterar o contido do noso escrito de data 29 de marzo pasado, nos seguintes extremos:*

*No que atinxe á propiedade municipal indebidamente pechada, iniciouse expediente de recuperación da propiedade que se está a tramitar no **DEPARTAMENTO DE PATRIMONIO** deste Concello, a quen terá de dirixirse para coñecer o estado de tramitación do mesmo.*

*Con respecto á deficiente ventilación dos garaxes e trasteiros do edificio, debemos reproducir de novo de forma literal o informe remitido e notificado ao interesado no seu día (24/11/2010):*

*“Nembargantes, tratándose dun acordo da Comunidade de propietario do edificio da que vostede é parte integrante, de se lle causar molestias, inmisións, danos cara á súa vivenda, deberá dirixirse a esta, requiríndoa para que no seu caso restableza a situación pacífica reclamada, podendo esixir, segundo prevé o artigo 49 do Texto Refundido 2/2008 da Lei do Solo ante os tribunais ordinarios a derruba das instalacións e obras que vulneren o disposto respecto á comunidade de elementos construtivos ou outros urbanos, así como as disposicións relativas a usos incómodos, insalubres ou perigosos.”*

*Polo tanto, no que atinxe ás molestias que lle ocasiona a propia comunidade deberá dirixir as súas queixas á Comunidade de Propietarios para que adopten as medidas oportunas e, no seu defecto, acudir á xurisdición civil.*

*O que se lle informa aos efectos oportunos,”*

En relación coas actuacións do Departamento de Patrimonio, faise preciso recordar o disposto no acordo tomado o 18/04/2011 pola Xunta de Goberno Local sobre a recuperación da posesión municipal de uso público a nivel de planta baixa, no edificio.

Do que se dá traslado ao interesado o 23/06/2011. Dándose o expediente por fechado.

## CAPITULO III.- MOBILIDADE E SEGURIDADE

### EXPEDIENTE 7/2010

#### ASUNTO:

Queixa cos cartóns de VITRASA, sen custo, para usuarios de determinadas condicións, de idade e recursos económicos.

Con estes cartóns, estase a producir unha fraude considerábel, os cartóns, en inúmeras ocasións, son utilizados por familiares do titular beneficiario (fillos, netos,...) do que o promotor da queixa é testemuña cada mañá cando cidadáns de determinadas idades se dirixen ao seu lugar de traslado.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 04/02/2010. Con data 08/02/2010, solicitude o preceptivo informe, indicando a conveniencia de que se adopten medidas que impida esta fraude, pedimento que se reitera o 09/03/2010, 12/04/2010, 21/05/2010, 22/09/2010, 08/07/2010, 12/08/2010, 09/09/2010, 08/10/2010 e 25/11/2010.

#### REFLEXIONS:

As posíbeis ausencias de controles necesarios fai que por parte da cidadanía se adopten aptitudes en fraude de lei que supoñen un menosprezo da sociedade que cumpre coas súas obrigas e deterioran o resultado e os fins para os que se adoptan medidas en prol dunha parte da sociedade.

#### RECOMENDACIÓNS:

Pór en marcha medidas que impidan o uso fraudulento dos beneficios sociais que supoñen estes cartóns bonificábeis.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 22/02/2011, 21/03/2011, 25/04/2011, 24/05/2011, 23/06/2011, 21/07/2011 e 23/08/2011.

### **EXPEDIENTE 40/2010**

#### **ASUNTO:**

Queixa en relación cos continuos embargos que está a padecer por non identificar ao condutor cando xa tiña feito as declaracións correspondentes ante o persoal o Concello.

#### **SITUACIÓN:**

Queixa presentada o 16/06/2010, con data 18/06/2010 solicítase o preceptivo informa a Concellería de Mobilidade que se reitera o 19/07/2010, e o 20/09/210, 19/10/2010 e 22/11/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 22/02/2011, 21/03/2011, 25/04/2011, 24/05/2011, 23/06/2011, 21/07/2011 e 23/08/2011.

### **EXPEDIENTE 43/2010**

#### **ASUNTO:**

Queixa en relación coa inseguranza en que se acha a veciñanza nunha praza pública polo uso frecuente e indiscriminado dos chamados monopatíns que poñen en perigo a integridade física dos cidadáns. Esta situación xa foi denunciada o 10/03/2010 que merece a atención da Policía Local, que manifestou que existe unha prohibición do uso dos citados monopatíns. A Policía compareceu en dúas ocasións na praza e falou cos usuarios, mais a situación segue na mesma.

O interesado propón que se debería proceder á instalación dunhas sinais ou letreiros que indiquen dita prohibición, para alén da realización, de tempo a tempo, de visitas de inspección con actuacións acordes coa desobediencia á norma prohibitiva.

O mesmo indica o interesado en relación coa frecuencia coa que os cans campan as súas anchas pola praza, sen suxeición de calquera tipo, deixando os seus excrementos por toda a parte, praza, baixo das arcadas, etc., o que cualifica dunha situación de desgoberno.

## SITUACIÓN

Queixa recibida o 18/06/2010, con data 19/06/2010 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade que se reitera o 22/07/2010, 25/08/2010, 22/09/2010, 26/10/2010 e 23/11/2010.

## REFLEXIÓN:

As ordenanzas municipais existen non só para que se cumpran, senón tamén para que se vixíe e constate que se cumpren.

Estamos perante un dos supostos no que se manifesta claramente que non se acada a lexitimidade por rendemento.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 22/02/2011, 21/03/2011 e, 25/04/2011.

Con data 06/05/2011 recébase escrito de Seguridade no que informa o seguinte:

*“ En contestación á súa petición de informe en relación coa queixa presentada, expte 43/2010, relativa á inseguridade na que se atopan os veciños e viandantes da Praza das Palmeiras por mor do uso indiscriminado e frecuente de monopatíns, comunícolle o seguinte:*

*Solicitado informe ao Departamento de Relacións Cidadás da Policía Local, en relación coa queixa, o Oficial de Relacións Cidadás emite o seguinte informe:*

*“.. Revisadas as actuacións policiais existentes nesta sección referentes ao documento que se menciona 100034195 resúmense nas seguintes:*

*Efectivamente existe constancia do citado documento que tivo a súa entrada no Rexistro Xeral deste Concello no mes de marzo do presente ano, e que foi rexistrado nesta sección co número de referencia interna 12819/2010.*

*Según se mencionaba no escrito as molestias producíanse pola tarde, polo que se cursou a dito turno a correspondente petición de vixilancia e control na zona da deficiencia. Esta solicitude pasouse ás patrullas o día 19 de abril de 2010.*

### **Resumen dos controis:**

*Os controis comezaron o mencionado día 19 de marzo e finalizaron o 22 de maio. O total de visitas realizadas foi de 26 a distintas horas, coa particularidade de que en algúns días se chegaron a realizar até tres.*

*O resultado das mesmas foi de normalidade con excepción do día 23 de abril no que se observou a dous xóvenes xogando cun monopatín. No resto de vixancias non se observou a anomalía sinalada.*

*Unha vez cumprimentada a petición de control e según consta no resumen de actuacións rexistradas en Relacións cidadás, a axente adscrita a esta sección contactou co solicitante para que informase acerca da situación actual da problemática que motivou a súa queixa.*

*Manifestou á axente que o problema continuaba de vez en cando, polo que e tendo en conta o resultado dos controis policiais -sen novidade- aconsellóuselle contactar coa Policía Local e solicitar a presenza dunha patrulla no momento que observase a deficiencia."*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 09/05/2011, sen incidencias posteriores.

### **EXPEDIENTE 47/2010**

#### **ASUNTO:**

Queixa en relación cos incomodos que lle están a causar por causa da forma en que un establecemento de hostalaría estende o mobiliario dunha terraza.

Tanto no inverno como no verán o citado mobiliario, unha vez recollido, amontóase en bloques contra unha columna enfronte mesmo da saída do portal da súa vivenda, manténdose todo o día cando chove.

Ten falado coa propiedade e coa Policía Local telefonicamente e co 010 sen resultado algún.

#### **SITUACIÓN:**

Queixa presentada o 01/07/2010, con data 05/07/2010 solicitouse o preceptivo informe a Concellería de Mobilidade e Seguridade que se reitera o 18/08/2010, 20/09/2010, 19/10/2010 e 22/11/2010.



### REFLEXIÓNS:

É evidente que as mesmas están claramente contemplada na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación de Terrazas na Vía Pública onde no seu artigo 14 apartado 5 indicase que “Fora do horario autorizado para a terraza, o titular da licenza virá obrigado a retirar do exterior a totalidade dos seus elementos, incluíndo as bases dos parasoles”.

As mesas corredizas e parasoles serán recollidos diariamente no interior do local ao que pertencen a terraza ou en local habilitado para tal finalidade polo interesado. Non cabe deixalos na rúa, amontoados e suxeitos con cadeas. A instalación e a recolla da terraza realizarase co menos ruído posíbel co obxecto de garantir o descanso da cidadanía. (BOP Nº 94, de 16 de maio de 2008).

### RECOMENDACIÓN

Vixilancia efectiva no cumprimento da propia lexislación municipal.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 22/02/2011, 21/03/2011, 25/04/2011, 24/05/2011, 23/06/2011, 21/07/2011 e 23/08/2011.

### EXPEDIENTE 51/2010

#### ASUNTO:

Queixa en relación coas dificultades para o acceso e saída dun garaxe privado

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 14/07/2010. Con data 15/07/2010, solicitouse o preceptivo informe a Concellería de Mobilidade e Seguridade facendo constar que con data 21/05/2010, o interesado solicitou se impedise o aparcamento diante da porta de acceso ao seu garaxe. Actualmente diante do mesmo existe unha liña continua de cor branco que ninguén respecta, estimándose que sería máis efectivo outro tipo de sinal (amarela, bolardos) tendo en conta que se trata dunha rúa de sentido único, co que as dificultades son maiores. Pedimento que se reitera o 05/08/2010, 22/09/2010, 26/10/2010 e 23/11/2010.

#### REFLEXIÓN:

En reiteradas ocasións temos iniciado sobre a axilidade e a facultade ou obriga de ser resolutivos.

Neste imposto o interesado recibe de Participación Cidadá unha notificación de data 18/06/2010, no que se indica, que a súa solicitude antes mencionada foi admitida a trámite e remitida ao departamento competente para que no prazo máximo de 15 días se dea resposta da mesma.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 22/02/2011, 21/03/2011, 25/04/2011, 24/05/2011, 23/06/2011, 21/07/2011 e 23/08/2011.

### EXPEDIENTE 52/2010

#### ASUNTO:

Queixa en relación co embargo sufrido na conta corrente da súa nai por unha sanción de tráfico presumiblemente cometida o 10/04/2008.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 20/07/2010; con data 21/07/2010 solicítase o preceptivo informe facendo constar que a denuncia e o seu aviso foron enviados ao seu anterior domicilio, domicilio que foi abandonado hai máis de vinte anos e tendo feito, no seu día, os preceptivos e oportunas mudanzas de morada e empadramento, tal como consta nos arquivos de tránsito do Concello, non encontrándose xustificación algunha para que se tomase a resolución de aplicar a medida que se aplicou. Solicítandose a devolución das cantidades embargadas máis os xuros correspondentes. Pedimento que se reitera o 25/08/2010, 27/09/2010, 27/10/2010 e 25/11/2010.

#### REFLEXIÓNS

Enténdese que nos achamos con un grave defecto de forma na comunicación da sanción, o que implica un erro atribuída á Administración

#### RECOMENDACIÓN

Como consecuencia da reflexión anterior procede se anule o expediente e o seu seguinte arquivo.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 22/02/2011, 21/03/2011, 25/04/2011, 24/05/2011, 23/06/2011, 21/07/2011 e 23/08/2011.

## EXPEDIENTE 53/2010

### ASUNTO:

Queixa en relación coa falta de seguridade pola que están a pasar os cidadáns peóns e condutores por causa da falta de sinalización na Avda. Alcalde Portanet.

O interesado ten presentado solicitudes no Concello (abril e maio) sen resultado algún.

### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/07/2010; con data 27/07/2010 solicítase o preceptivo informe a Concellería de Mobilidade e Seguridade pedimento que se reitera o 25/08/2010, 26/09/2010, 27/10/2010 e 25/11/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 23/02/2011, 22/03/2011 e 25/04/2011.

Con data 06/05/2011, recébase escrito de Seguridade no que informa o seguinte:

*“En contestación á súa petición de informe en relación coa queixa presentada, expte 53/2010.*

*Solicitado informe ao Departamento de Relacións Cidadás da Policía Local, en relación coa queixa presentada, doc. XXX, o Oficial de Relacións Cidadás emite o seguinte informe:*

*“... o documento XXX foi presentado no Rexistro Xeral do Concello con data 13 de maio de 2010.*

*No mesmo solicitaba entrevista co Xefe da Policía Local ao obxecto de poñerlle ao corrente do que ocorría con algúns axentes que supoñía estaban as súas ordes (cita textual do escrito).*

*Co propósito de aclarar os termos da súa solicitude, o Oficial de Relacións Cidadás con indicativo XX contactou telefonicamente co referido dentro dos trinta días seguintes á data da solicitude, ofrecéndolle a posibilidade de comparecer nas dependencias desta sección e ampliar os datos que aporta.*

*A comparecencia tivo lugar no mes de xuño explicando o cidadán que a queixa que cursou por unha actuación dun Policía Local e que a mesma se producira cando acudiu a unha sucu-*

*sal bancaria para retirar diñeiro e de algunha maneira non llo facilitaron, solicitando os empregados do banco a presenza da Policía Local.*

*Seguindo a versión verbal ofrecida polo referido nestas dependencias, a xestión puido realizala días despois, pero no momento en que a Policía compareceu non o tratou de forma correcta; sendo este trato e outros asuntos que non especifica, os que desexaba tratar co Xefe da Policía Local.*

*Como paso seguinte a esta queixa e antes de despachar o asunto co Superintendente desta Policía, pasouse copia do escrito ao Axente que interveu no problema suscitado entre o requirente e os responsábeis da entidade bancaria, xa que era preciso que informase ao respecto; si ben, como este Policía se atopaba de baixa, non podemos precisar si por enfermidade ou por accidente), tardaría algún tempo en incorporarse ao servizo, o que de algunha forma atrasaría a xestión da petición. Deste feito foi informado polo oficial XX.*

*Prodúcese unha nova comparecencia do cidadán na que se insiste en que despois de haber pedido a entrevista, non foi recibido polo Xefe da Policía Local.*

*Indicámoslle que estábamos á espera do informe do axente que se atopaba de baixa e que ante este feito entendíamos que non se podería dilucidar a correcta ou incorrecta actuación do Policía precisamente por non dispoñer do seu informe.*

*O cidadán alegou entón que o que máis lle interesaba era ser recibido polo Xefe da Policía Local polo que tras tratar a petición co Superintendente, o recibe, o cal tras dita entrevista, expresou a súa satisfacción ao oficial XX, dando por cumprimentada e finalizada a súa petición en todos os seus termos.*

*O 25 de xaneiro de 2011 danse por finalizadas as actuacións arquivándose o documento"*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 09/05/2011. Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 54/2010**

### **ASUNTO:**

Queixa en relación coas actividades molestas na praia de Samil, na que existindo sinais e carteis informativos sobre as normas (xogos de pelota, pás, etc.) impiden o descanso dos usuarios.

### **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 05/08/2010, con data 06/08/2010 solicítase o preceptivo informe a

Concellería de Mobilidade e Seguridade que se reitera o 09/09/2010, 08/10/2010 e 27/11/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 23/02/2011 e 22/03/2011.

Con data 15/04/2011 recíbese escrito de Seguridade no que informa o seguinte:

*“En contestación á súa petición de informe en relación coa queixa, expte 54/2010, relativa a actividades molestas na praia de Samil comunícolle o seguinte.*

*Solicitado informe ao Departamento de Relaciones Ciudadás da Policía Local, en relación coa queixa, o Oficial de Relacións Ciudadás emite o seguinte informe:*

*“ En data 6 de agosto de 2010 presentou queixa vía internet (cuxa copia se adxunta) na que se fai constar que en xullo dese mesmo ano formulara outra queixa sobre actividades prohibidas nas praias, como xogos con palas, fútbol..., alegando que á raíz da reclamación de xullo recibeu un correo do Gabinete da Alcaldía no que lle informaban que o seu escrito fora remitido á Concellería de Mobilidade, Transporte e Seguridade.*

*Manifestou na súa segunda queixa, (cursada no mes de agosto), que a situación continuaba igual, é dicir, dando a entender que non se habían adoptado as medidas correctoras.*

*Cando se procedía a tramitar o segundo escrito, por ser o que se remitiu a Relacións Ciudadás, e através do cal tivemos coñecemento da deficiencia, finalizaba o mes de setembro; polo que entendíamos que o que podería ser temporada estival intensa, cesara.*

*Non localizamos o primeiro escrito que menciona, pero non sendo indispensable para a xestión do que agora nos ocupa, contactamos co interesado para coñecer en profundidade o problema.*

*Preguntámoslle si no momento de percibir a anomalía había posto o feito en coñecemento da Policía Local e informámoslle que na zona se dispoñía durante os meses de verán de patrullas pertencentes á sección de Costas e Praias, que se encargan de vixiar, entre outros, os problemas que él denunciaba e que así mesmo con unha simple chamada á Policía Local, pasarían a nota aos axentes do citado servizo que acudirán ao seu requirimento. Que incluso no caso de que non existisen denuncias expresas, esas patrullas se encargaban de vixiar o cumprimento das Ordenanzas que rexen na zona.*

*O interesado,, respondeu en sentido negativo: é dicir, non había posto o feito en coñecemento da Policía Local.*

*Se lle explica que ante problemas puntuais como o que había exposto, resultaba efectivo o requirimento telefónico, para que se prestase o servizo de inmediato, independentemente de que con posterioridade e por escrito reclame un seguimento das deficiencias.*

*Seguindo o procedemento desta sección, informamos ao cidadán que si o considera pertinente, antes do inicio estival do seguinte ano, nos remitise un escrito recordándonos as anomalías que observara para telo en conta en futuras actuacións. Así mesmo se lle facilitou o horario de atención ao público, o número de referencia interna da súa queixa, número de teléfono desta sección e identidade da persoa que xestionara a súa petición.”*

*O que lle comunico para o seu coñecemento.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 19/04/2011. Sen incidencias posteriores.

### **EXPEDIENTE 55/2010**

#### **ASUNTO:**

Queixa en relación cunha sanción de Tráfico. A interesada queixase do mal trato recibido polo axente municipal.

#### **SITUACIÓN:**

Queixa presentada o 09/08/2010; con data 17/08/2010, solicítase o preceptivo informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade, que se reitera o 20/09/2010, 19/10/2010 e 22/11/2010.

### **EXPEDIENTE 57/2010**

#### **ASUNTO:**

Queixa en relación co abandono dun vehículo na vía pública, desde hai 20 meses.

#### **SITUACIÓN:**

Queixa presentada o 27/08/2010; con data 30/08/2010 solicítase o preceptivo informe, que se reitera 27/09/2010, 27/10/2010 e 27/11/2010.

## REFLEXIÓNS

Máis unha vez é previsto teimar na necesidade dunha administración receptiva e por ende resolutiva.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 23/02/2011 e 22/03/2011.

Con data 03/06/2011, recébase escrito de Seguridade no que informa que con data 12/04/2011 o vehículo xa foi retirado.

Do que se dá cumprida información ao interesado. Sen incidencias posteriores,

### **EXPEDIENTE 60/2010**

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa perigosidade procedente do paso de autobuses por unha zona edificada.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 06/09/2010; con data 07/09/2010, solicítase o preceptivo informe a Mobilidade e Seguridade, que se reitera o 08/10/2010 e 25/11/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 23/02/2011, 22/03/2011, 25/04/2011, 24/05/2011, 23/06/2011, 21/07/2011 e 23/08/2011.

### **EXPEDIENTE 70/2010**

#### ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de Tráfico por deixar o vehículo en dupla fila.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada, o 04/11/2010, con data 08/11/2010 solicítase informe á Concellería de

Mobilidade e Seguranza, indicando a situación da vía e efectos de aparcamento e o grao de deficiencia do interesado.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 23/02/2011, 22/03/2011, 25/04/2011, 24/05/2011, 23/06/2011, 21/07/2011 e 23/08/2011.

## CAPITULO IV.- PARTICIPACIÓN CIDADÁ

### EXPEDIENTE 76/2010

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa petición de documentación por un membro da Corporación.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 04/11/2010, con data 09/12/2010, solicítase a intervención da Comisión de Suxestións e Reclamacións.

#### REFLEXIÓN:

Os dereitos dos membros das corporacións á información e documentación municipais está recollido como fundamental pola súa vinculación co artigo 23.2 da Constitución española e no artigo 77 da Lei de Bases de Réxime Local, entre outras disposicións sen esquecer a doutrina xurisprudencial do T.S. (2004, 2005, 2007).

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 20/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 23/02/2011, que se recibe o 03/03/2011, informado que a reclamación obxecto da queixa non é competencia da Comisión de Suxestións e Reclamacións.



## CAPITULO V.- SERVIZOS XERAIS

### EXPEDIENTE 33/2010

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa solicitude dun contedor de lixo nas proximidades do seu domicilio.

#### SITUACION:

Queixa presentada o 10/05/2010, con 12/05/2010, solicítase o preceptivo informe ao Servizo de Limpeza, que se reitera o 22/06/2010, 13/07/2010, 13/10/2010, 15/11/2010 e 20/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 27/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 24/02/2011, 24/03/2011, 27/04/2011, 25/05/2011, 24/06/2011, 26/07/2011 e 25/08/2011.

### EXPEDIENTE 74/2010

#### ASUNTO:

Queixa en relación coas beirarrúas que se están a facer nunha parroquia.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/11/2010; con data 29/11/2010, solicitouse o preceptivo informe a Vías e Obras, facendo mención das actuacións da Asociación de Veciños correspondente.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 27/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 24/02/2011.

Con data 25/02/2011 recíbese escrito de Vías e Obras no que informa o seguinte:

*"En relación a súa petición de Informe de data 29 de novembro de 2010, relativo ao asunto reseñado, informámoslle o seguinte:*

*1º.- A Obra en cuestión consiste en facer unha beirarrúa no lugar indicado de 1,30 m de ancho; e de acordo cos informes técnicos de seguridade, circulación e transportes e de*

*Vías e Obras acórdase que establecer dirección única no lugar e unha beirarrúa de 1,30 m, de acordo coas ordenanzas municipais, os criterios técnicos e as peticións veciñais.*

*2º.- Nace posteriormente unha plataforma veciñal en contra de esa obra.*

*3º.- Oídas as plataformas veciñais e as súas alegacións, a Administración Local decide continuar co Proxecto nas condicións iniciais, dado que se prima a seguridade da veciñanza que transita a pé pola rúa sen menoscarar no mais mínimo a circulación de vehículos e o aparcamento na zona.*

*O que lle comunico aos efectos oportunos"*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 02/03/2011. Sen incidencias posteriores.

## CAPITULO VI.- URBANISMO E VIVENDA

### EXPEDIENTE 11/2010.

#### ASUNTO:

Queixa en relación cunha denuncia por causa da construción dunha cheminea xeminada e unha placa metálica á parede dunha vivenda que produce molestias, así como a plantación de varas de bambú sen respectar a distancia debida.

#### SITUACION:

Queixa presentada o 11/02/2010; con data 15/02/2010 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 23/03/2010, 19/04/2010, 21/05/2010, 14/07/2010, 19/08/2010, 14/09/2010, 22/11/2010 e 17/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 24/02/2011 e 24/03/2011.

Con data 11/04/2011, recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (expte: 11/2010) infórmolle do seguinte:*

*Con data 11/08/09 presenta escrito de alegacións no que denuncia a por adosar unha chimenea e unha placa metálica a parede da súa vivenda producindo diversas molestias de fumes, cheiros, vibracións e ruídos, plantando ademais unhas varas de bambú sen respectar a distancia debida.*

*Con data 27/10/09 o inspector municipal emite o seguinte informe:*

*“Con relación a la denuncia recibida se gira visita de inspección al lugar de referencia comprobando que la chimenea denunciada es de salida de gases de la sala de calderas, la denunciante manifiesta también que las plantas que se encuentran en el lindero le molestan porque le entran por las ventanas. Se informa que la denunciante tiene su vivienda adosada al denunciado. Se adjuntan fotografías y plano del catastro donde se comprueba la situación de la vivienda de la denunciante y de la denunciada. Se informa también que la vivienda tiene licencia de obras con nº de expte.XXX/42.”*

Do que se dá cumprida información á interesada o 12/04/2011. Sen incidencias posteriores.

## EXPEDIENTE 16/2010

### ASUNTO:

Queixa en relación co desamparo en que se acha por causa da súa incapacidade que lle impede a accesibilidade a determinados locais de lecer.

### SITUACION:

Queixa presentada o 22/02/2010; con data 24/02/2010 solicitouse o preceptivo informe a Vías e Obras quen, o 15/03/2010, comunica que non é da súa competencia o control do cumprimento de lei de accesibilidade en locais comerciais de carácter privado; e que o mesmo foi remitido o 08/04/2010 a Urbanismo (Licenza de Obras) a quen se lle reiterou o pedido informativo o 28/04/2010, 07/06/2010, 24/06/2010, 21/07/2010, 25/08/2010, 22/09/2010, 26/10/2010, 23/11/2010 e 17/12/2010.

### REFLEXIÓN:

É de todo punto necesario a realización de políticas de previsión e tratamento que amparen ás persoas con deficiencias para o desfrute dos dereitos que as amparan. Entre elas é precisa a previsión de planos de adaptación das vías públicas, accesos e estacionamentos mediante a obriga de destinar os medios económicos a tales fins.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 24/02/2011, 24/03/2011, 26/04/2011, 25/05/2011, 24/06/2011, 26/07/2011 e 25/08/2011.

## EXPEDIENTE 18/2010

### ASUNTO:

Queixa en relación coas obras de ampliación que se están realizando sen licenza.

### SITUACION:

Queixa presentada o 04/03/2010; con data 08/03/2010, solicitouse o preceptivo informe a Concellería de Urbanismo e Vivenda, que se reiterou o 28/04/2010, 01/06/2010, 28/06/2010, 27/07/2010, 25/08/2010, 23/09/2010, 26/10/2010, 23/11/2010 e 17/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 24/02/2011 e 24/03/2011.

Con data 11/04/2011 recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (expte: 18/2010) infórmolle do seguinte:*

*Dos informes de inspección de datas 10-09-96, 16-11-04 e 24-01-05, pode desprenderse que non se fixeron novas obras alomenos desde o ano 96, e que a construción mantense nunha situación practicamente idéntica á dese tempo, a falta do remate da pintura exterior.*

*En base ao informe de inspección de 10-09-96 pode deducirse que o conxunto das obras e ampliacións foron realizadas e denunciadas con bastante antelación a esta data, posto que xa existe denuncia neste senso de data 07-12-90 e ademais consta o informe de inspección de xuño do ano 1992 (Expte. XXX-423), no que pola documentación fotográfica e bosquejo aportado pode concluírse que o groso das obras realizadas na finca de referencia xa estaba executado nesas datas.*

*RÉXIME URBANÍSTICO APLICÁBEL: O PXOU - 93 vixente, aprobado definitivamente o 29.04.93 (DOG. 10.05.93) inclúe a zona na que se emprazan as obras obxecto deste informe en solo clasificado como non urbanizábel especialmente protexido agrícola (SNU 5) ou solo rústico de protección agropecuaria. Plano nº 25-25 e 26-25.*

*Con relación á existencia ou non de licenza outorgada por este Concello se informa que de acordo co informe técnico de data 06-06-97 a obra, para uso de vivenda, foi realizada sen Licenza. Segundo este mesmo informe a vivenda componse de planta baixa duns 160,00 m<sup>2</sup> e planta alta duns 110,00 m<sup>2</sup>, así como un aproveitamento baixo cuberta. Está adosada a lindeiro lateral e ao fondo.*

*Mediante oficio do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 29 de agosto de 1997, remitiuse ao Sr. Concelleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, os expedientes núm. 3432/423 e 7784/423, por mor da entrada en vigor da Lei do Solo de Galicia de 24 de marzo de 1997, segundo o previsto no seu artigo 180, toda vez que se trataba de obras realizadas en solo rústico con especial protección.*

*Mediante oficio do delegado provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda de data 10 de novembro de 1997, devólvense a esta Administración municipal os expedientes remitidos dado que, tal e como se desprende da documentación obrante neles, as obras inspeccionadas foron realizadas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 1/97 de 24 de marzo do Solo de Galicia, polo que non lle era de aplicación o artigo 180 de dito corpo legal.*

*Mediante oficio do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 7 de marzo de 2005, por mor da entrada en vigor da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, segundo o previsto no seu artigo 214, e de conformidade co establecido no art. 59 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, volveuse a enviar o expediente de protección da legalidade urbanística núm. XXX/423 e antecedentes-expediente 3432/423 (sancionador e derruba), relativo a obras que realizadas en solo rústico de protección agropecuaria (SNU5), toda vez que esta Administración municipal non era competente para tramitalo.*

*Con data 30/01/2006 ten entrada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo escrito da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (doc. XXX), no que solicita información en relación ao escrito do Valador do Pobo que se estaba a tramitar nesa Consellería.*

*Mediante oficio do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 7 de febreiro de 2006, remitiuse á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes informe da arquitecta municipal de data 3 de febreiro de 2006.*

*Con data 17/01/2007 ten entrada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo escrito da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes no que se lle da traslado a esta Administración municipal da resolución de incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística 107 B 2007/3-0, en relación coas obras de construción de*

*vivenda unifamiliar de 160 m<sup>2</sup> de superficie en planta baixa, 110 m<sup>2</sup> en planta piso e aproveitamento en baixo cuberta, executada adosada a lindeiros no lateral dereito e no fondo dunha parcela de 1.262 m<sup>2</sup> sen licenza municipal.*

*Con data 16/02/2010 ten entrada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo escrito da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no que se da traslado de dilixencias informativas núm. 107 B 2005/61-4, no que, entre outros extremos, pónselle de manifesto a esta Administración municipal o seguinte:*

*“Que os terreos sobre os que se realizaron as obras atópanse clasificados como solo urbano consolidado, no ámbito delimitado da ordenanza 10, grao 1º, polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, aprobado definitivamente pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 16 de maio de 2008 e pola Orde do 13 de xullo de 2009 do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sobre a aprobación definitiva do documento de cumprimento da Orde do 16/05/2008.*

*De acordo co disposto no artigo 210 en relación co 214 da LOUG, desde a data de aprobación definitiva do plan xeral (16/05/2008), a competencia para adoptar as medidas necesarias para a protección da legalidade urbanística vulnerada correspóndelle ao Alcalde do Concello de Vigo.”*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 14/04/2011, indicando que, en datas vindeiras, solicitarase información actualizada con respecto ao tema de referencia, o que se fai o 11/05/2011, subliñando que o Plan Xeral de Ordenación Municipal xa fai tres anos que se aprobou, e polo que respecta a este expediente non existe actuación algunha.

O pedimento anterior reiterase o 09/06/2011, 07/07/2011 e 03/08/2011.

### **EXPEDIENTE 19/2010**

#### **ASUNTO:**

Queixa en relación cunha solicitude sobre a reposición da legalidade urbanística vulnerada segundo consta en expediente municipal.

#### **SITUACION:**

Queixa presentada o 08/03/2010; con data 15/03/2010, solicítase o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo e Vivenda, que se reitera o 28/04/2010, 01/06/2010, 28/06/2010, 27/07/2010, 25/08/2010, 23/09/2010, 26/10/2010, 23/11/2010 e 17/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 24/02/2011, 24/03/2011, que se recibe o 11/04/2011, e no que se informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas (expte: 19/2010) infórmolle do seguinte:*

*Con data 10/11/03 a comunidade de propietarios presenta escrito de alegacións no que denuncia a elevación da altura do tellado e a construción dunha vivenda nos desvanes baixo cuberta, e vendido posteriormente o desván, a cal atópase realizando novas obras no desván.*

*O inspector municipal, con data 17 de novembro de 2003, realizou visita de inspección ás obras que se están a realizar no edificio onde comproba:*

*“Que acompañado por el secretario de la comunidad de vecinos del edificio me enseña el Bajo Cubierta del citado edificio en donde al parecer hizo hace algunos años, con una Licencia de obras menores de cambio de tejas expte XXX-421, realizó obras consistentes en levantar un pero de ladrillo aprox 1.00m., en el borde del vuelo de l cubierta, para elevar esta y hacerla habitable, dejando en la parte que da al patio unos huecos a modo de ventanas y una cubierta transitable (terrazza) en una de las partes de la citada planta, con una puerta de acceso a la misma.*

*Este señor parece ser que vende esta planta de este edificio y en la cual se pretende construir una vivienda.*

*Adjunto fotocopia de la hoja del Plan General en donde se encuentra ubicado el citado edificio y fotografías de la planta bajo cubierta”*

*Con data 24/01/04 a arquitecta municipal informa do seguinte:*

*“A vista do escrito da Técnica de Admón. Xeral, se informa que a solicitude de licenza de obras Expte XXX/421, no inclúen as obras descritas no Informe do inspector municipal de data 17 de novembro de 2003.*

*O edificio, esta incluído no solo urbano consolidado do ámbito do PEPR de Bouzas, catalogado coa Protección Ambiental.*

*De acordo co Informe do Inspector Municipal, se realizaron cambios na cuberta orixinal do edificio, elevándoa e modificándoa.*

*De acordo co art. 41 das Normas do PEPRI de Bouzas sobre CARACTERISTICAS DE LA CUBIERTA: " En el caso de sustitución se mantendrá la inclinación de las cubiertas originales". Así mesmo no art. 22.4 de obras de reestruturación ( Grado maximo de obras permitidas no edificio) se indica que se mantendra la volumetria y configuración de cubertas preexistentes en cualquiera de los casos. Polo tanto de acordo cos art anteriores as obras reseñadas no Informe de Inspección no están permitidas".*

*Con data 10/02/04 incóase procedemento de protección de legalidade urbanística, con orden de paralización das expresadas obras ao carecer da preceptiva licenza municipal, así como a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra e maquinaria afecta á mesma.*

*Con data 10/06/04 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*A solicitante presenta escrito indicando que a propiedade foi adquirida, hai máis de catro anos, co tellado alterado e cos tabiques feitos, adxuntando escritura de compra de data 8.11.2002, en dita escritura figura a compra dunha finca descrita como DESVAN IZQUIERDA, que mide 110 m<sup>2</sup>.*

*Polo tanto a compra non se efectuou hace mais de catro anos e na escritura de compra no consta que o faiado estivese dividido, cando se efectuou a compra.*

*O 10/06/04 a arquitecta municipal informa:*

*"A solicitante presenta escrito indicando que a propiedade foi adquirida, hai máis de catro anos, co tellado alterado e cos tabiques feitos, adxuntando escritura de compra de data 8.11.2002, en dita escritura figura a compra de unha finca descrita como DESVAN IZQUIERDA, que mide 110 m<sup>2</sup>.*

*Polo tanto a compra non se efectuou hai máis de catro anos e na escritura de compra no consta que o faiado estivese dividido, cando se efectuou a compra."*

*Con data 06/10/04 o inspector municipal emite o seguinte informe:*

- Anteriormente a esta posible vivienda se le ha realizado una Inspección en fecha de 17 de Noviembre de 2004.*
- Que no se ha podido acceder al interior del bajo cubierta para poder determinar si se ha construido una vivienda tal como dicen los denunciantes.*
- Existen indicios razonables de que si se ha construido una vivienda, como son, que se ha colocado contadores tanto de agua como de luz en el portal del edifi-*



*cio, así como se han hecho las acometidas desde estos contadores en el portal hacia el bajo cubierta, encontrándose estos contadores en funcionamiento*

*Con data 16/10/04 prodúcese acordo municipal no que se resolve:*

*PRIMEIRO.- Declarar como realizadas sen licenza e incompatíbeis coa ordenación urbanística vixente e, xa que logo, decretar a súa derruba, as obras obxecto do presente expediente, consistentes na construción dunha cuberta.*

*SEGUNDO.- Requirit a, concedéndolle o prazo DUN MES a contar da data de notificación do presente acordo, para que proceda voluntariamente á derruba das obras referidas no apartado anterior, co apercibimento de que, en caso de incumprimento, procederase por este Concello á execución forzosa da citada demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas reiterábeis até lograr a execución polo suxeito obrigado, de conformidade cos artigos 95 e seguintes da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*Con data 23/12/04 presenta recurso de reposición contra o acordo recaído no expediente de protección da legalidade urbanística número XXX, solicitando a nulidade do mesmo ou subsidiariamente a anulabilidade do acordo recorrido, incluíndo o decreto de demolición.*

*O recurso de reposición foi desestimado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de data 22/12/05: "por canto as obras foron realizadas no ano 2002 e o novo propietario se subroga no lugar e posto do anterior propietario, así como polas demais razóns recollidas na parte expositiva deste acordo."*

*Fronte a anterior resolución interpón recurso contencioso-administrativo fronte o Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo que foi desestimado mediante sentenza de data 06/10/06.*

*Fronte a sentenza anterior, interpón recurso de apelación fronte o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sendo este desestimado mediante sentenza de data 10/07/08.*

*Con data 03/05/07 a arquitecta municipal emite un novo informe técnico:*

*Á vista do informe emitido polo inspector municipal, tras xirar visita ao lugar de referencia, comprobouse que se realizou unha reforma da cuberta, con estrutura de formigón e cerramentos de ladrillo .*

*A superficie da parcela na que se sitúa a edificación é de aproximadamente 455 m<sup>2</sup>.*

*A superficie construída é duns 110 m<sup>2</sup>.*

*A parcela na que se sitúa a edificación ten clasificación segundo o PXOU vixente de solo urbano incluída no ámbito do PEPRI DE Bouzas, e cualificada coa ordenanza Xeral de solo urbano consolidado do PEPRI de Bouzas, e catalogada co grado de Protección Ambiental.*

*VALORACIÓN: O presuposto de execución material das obras executadas non axustadas á licenza estímase en 25.773 euros.*

*Con data 21/06/07 incóase procedemento sancionador, interpoñendo a unha multa por importe de 6.001 Euros.*

Do que se dá cumprida información á interesada o 12/04/2011 indicando que de non darse actuación darase o expediente por fechado.

Con data 09/05/2011 dirixímonos a Concellería de Urbanismo e Vivenda indicando que, con data 05/05/2011 comparece a interesada insistindo no cumprimento da reposición da legalidade urbanística vulnerada e que segundo o informe relatada con data 21/05/2007 incóase procedemento sancionador cunha multa por importe de 6.001 euros.

Case que catro anos despois non se ten coñecemento sobre o que pasou coa citada multa e se existen actuacións posteriores.

Pedimento que se reitera o 09/06/2011, 07/07/2011 e 03/08/2011.

## **EXPEDIENTE 28/2010**

### **ASUNTO:**

Queixa en relación pola falta de beirarrúa nunha determinada rúa.

### **SITUACIÓN:**

Queixa presentada o 15/04/2010; con data 19/04/2010, solicítase o preceptivo informe a Concellería de Urbanismo e Vivenda, que se reitera o 21/05/2010, 18/06/2010, 19/07/2010, 14/09/2010, 19/10/2010, 22/11/2010 e 17/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 24/02/2011 e 24/03/2011.

Con data 01/04/2011 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo no que informa o seguinte:

*“ O 15 de marzo de 2011 recibíronse na Oficina de Planeamento e Xestión de Xerencia Municipal de Urbanismo unha serie de escrito remitidos desde ese organismo con rexistros de saída comprendidos entre os meses de abril de 2010 e febreiro de 2011. Nos mesmo solicítase de forma reiterada información sobre o estado no que se atopa a urbanización da rúa Gandarón.*

*Sobre este particular infórmase que este organismo autónomo levou a cabo xa a tramitación do procedemento para obter os terreos necesarios para posibilitar a urbanización da rúa Gandarón (Exp. nº XXX-413), correspondéndolle agora ao Concello de Vigo a execución do correspondente proxecto.*

*Desde o ámbito competencial propio desta Xerencia é todo canto sobre o asunto pódese informar.”*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 04/04/2011.

Con data 25/05/2011 dirixímonos a Concellería de Urbanismo e Vivenda solicitando información actualizada a vista da resposta recibida de Xerencia Municipal de Urbanismo (Planeamento-Xestión); pedimento que se reitera o 24/06/2011, 26/07/2011 e 25/08/2011.

### EXPEDIENTE 35/2010

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa tardanza na concesión dunha licenza de obra, cando outras solicitudes posteriores xa foron concedidas.

#### SITUACION:

Queixa presentada o 20/05/2010; con data 20/05/2010, solicitouse o informe preceptivo que se reiterou o 18/06/2010, 18/07/2010, 14/09/2010, 19/10/2010, 22/11/2010 e 17/12/2010.

#### REFLEXIÓN:

As Administracións deben estar presididas por actividades receptiva e resolutivas; a dilixencia e a rapidez son mostras da eficacia.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 24/02/2011, 24/03/2011 e 26/04/2011.

Con data 02/05/2011, recíbese escrito de Licenza de Obras no que informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios sobre a queixa formulada expte. 35/2010, sobre a tardanza na concesión da licenza de obras correspondente ao expediente XXX/421, infórmolle do íter procedimental seguido no citado expediente:*

- *Solicita con data 18 de setembro de 2009 licenza de obras para construír unha vivenda unifamiliar, achegando proxecto básico e de execución, redactado pola arquitecta e visado polo colexio profesional o 25 de agosto de 2009, sendo informado polo arquitecto técnico municipal con data 21 de abril de 2010.*
- *O interesado achega o aval bancario para responder da reposición dos servizos urbanísticos derivados da execución da obra o día 15 de xuño de 2010.*
- *O técnico de administración xeral, con data 12 de xullo de 2010, emite o preceptivo informe xurídico-proposta de resolución.*
- *O delegado da área de Urbanismo e Vivenda resolve outorgar a licenza con data 23 de xullo de 2010.*
- *A notificación da anterior resolución foi recibida polo interesado con data 29 de xullo de 2010.*

*Con data 14 de outubro de 2010 (doc. 100131228), comparece no expediente, solicitando a revisión da licenza número XXX/421, por non axustarse aos recuamentos e contar cunha terraza sen recuar, solicitude que reitera o día 10 de decembro de 2010.*

*Con data 2 de febreiro de 2011 o arquitecto técnico municipal emite informe que desvirtúa as manifestacións anteriores.*

*O artigo 74.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, incluído no capítulo II do Título VI, ordeación do procedemento, establece que no despacho dos expedientes gardarase unha orde rigorosa de incoación en asuntos de homoxénea natureza, agás que polo titular da unidade administrativa se dea orde motivada en contrario, da que quede constancia.*

*Con independencia do anterior, consultado o arquivo informático, consta expediente de reposición da legalidade urbanística incoado mediante resolución do 29 de xuño de 2010 a pola execución de obras sen licenza, tramitado co número XXX/423”.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 02/05/2011. Sen incidencias posteriores.

### EXPEDIENTE 42/2010

#### ASUNTO:

Queixa en relación por causa da instalación dunha terraza sen licenza; existindo informe de Policía local que reflicte dita actividade.

#### SITUACION:

Queixa presentada o 29/05/2010; con data 19/06/2010, solícitase o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo e Vivenda, pedimento que se reitera o 20/07/2010 25/08/2010, 22/09/2010, 26/10/2010, 23/11/2010 e 17/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 25/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 03/03/2011 e 23/03/2011.

Con data 11/04/2011, recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (Expte: 42/2010) infórmolle do seguinte:*

- *Expediente XXX/423 (P.L.U. DE OBRAS):*

*Co número de expediente XXX/423, tramitouse expediente de protección da legalidade urbanística é entidade mercantil pola realización de obras no local sen licenza municipal.*

*Con data 16 de xuño de 2009, o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu “Declarar restaurada a legalidade urbanística alterada., pola execución de obras sen licenza, ao tér-selle concedido a correspondente licenza de obras para adaptación de local (expte. XXX/421) e licenza para instalación de actividade de café bar (expte. XXX/422) mediante resolución do delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 04/06/2009.”*

*Á vista do anterior, o procedemento atópase resolto e arquivado.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 14/04/2011. Sen incidencias posteriores.

## EXPEDIENTE 61/2010

### ASUNTO:

Queixa en relación coa licenza de actividade dun local de hostalaría que está a producir molestos cheiros na veciñanza.

### SITUACION:

Queixa presentada o 07/09/2010; coa mesma data solicítase o preceptivo informe a Concelleira de Urbanismo e Vivenda, que se reitera o 08/10/2010, o 09/11/2010, e o 17/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 25/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 03/03/2011 e 23/03/2011.

Con data 11/04/2011 recébase escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

“- Expediente XXX/423 (P.L.U. DE ACTIVIDADE);

Con data 07/07/10 xírase visita de inspección onde se informa do seguinte:

*“1º.- Que o local na súa configuración e distribución axústase o proxecto presentado con número de expediente XXX/421.*

*2º.- Que as obras realizadas axústanse o proxecto presentado. (último plano reformado con data de visado 23 de febreiro de 2.009).*

*3º.- Que o local e os aseos manteñen as súas condicións de accesibilidade e adaptabilidade proxectada.*

*4º.- Que as medidas de seguridade no relativo a iluminación de emerxencia e extintores, atópanse operativas.*

*5º.- Que os aparatos instalados en cociña son os propios da actividade e coinciden cos proxectados (microondas doméstico, plancha e campana extractora).*

6º.- *Que a actividade desenrolada é a de café-bar.*

7º.- *Que no atillo denominado como "zona público"- cota +1,10" a a superficie atópase maioritariamente ocupada por mesas e sillas e que a actividade no mesmo é a propia do local, si ben nunha esquina do mesmo existe mostrador de madeira con ordenador e lateralmente adosado a parede vitrina expositora de cristal na que se albergan traxes de neopreno e chalecos salvavidas.*

8º.- *Que exteriormente ao local, baixo, zona porticada, existen diversas mesas e sillas en terraza exterior, debidamente autorizada e identificada mediante cartel con número de expediente XXX/210. Estas sillas e mesas manteñen amplo espacio de separación coa fachada do local superior os dous metros."*

*Xirada nova visita de inspección con data 15/07/10 infórmase de que:*

*"Para cumprir co mandato da Xerente de Urbanismo realicei unha inspección o día 13 de xullo de 2010 ao coa finalidade de comprobar os feitos denunciados no doc.100094448. durante a inspección púidose verificar:*

- 1. No local tiñan funcionando tres televisores cun volumen de son asimilábel ao dunha conversa.*
- 2. Na zona de elaboración de comida teñen dúas freidoras que non figuran na relación de maquinaria do proxecto. A plancha instalada e de gas cun pequeno queimador no lado dereito (eléctrica en proxecto). A saídas de gases da plancha faise cunha campá extractora e asemella que está conectada ao shunt do edificio sen poder concretar si é independente ou compartido.*
- 3. Unha das portas do acceso principal ao local e a de saída lateral estaban abertas.*
- 4. O material da terraza non tiña ningún tipo de marca publicitaria visíbel cun corredor de mais de 2 m entre a fachada e a súa ubicación.*

*Na parte superior do local teñen unhas vitrinas de cristal e no interior unha serie de traxes de neopreno, un pequeno mostrador cun ordenador e unha impresora.*

*Con data 21/07/10 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:*

*LICENZAS DE ACTIVIDADE (Expte nºXXX/421, YYY/422, ZZ/420):*

- *Por resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 04.06.2009 autorízase, conforme ao proxecto presentado que inclúe o estudo básico de seguridade e saúde, redactado polos arquitectos, visado polo colexio profesional en datas 03.09.2008, 23.02.2009, 02.04.09, 16.04.2009 e 22.04.2009 e informes favorábeis obrantes nos expedientes, no local situado en situado en Avenida..:*
- *para realizar OBRAS de adaptación consistentes en: ADAPTACIÓN DUN LOCAL, dunha superficie de 137,80 m<sup>2</sup>, para adicar á actividade de CAFÉ BAR (incluída no núm. identificativo -2.7.2. do C.e.p.a.r. da C.A. de Galicia aprobado por Decreto 292/2004, do 18 de novembro, modificado por Decreto 160/2005, do 2 de xuño),*
- *LICENZA municipal de ACTIVIDADE para CAFÉ BAR (incluída no núm. identificativo -2.7.2. do C.e.p.a.r. da C.A. de Galicia aprobado por Decreto 292/2004, do 18 de novembro, modificado por Decreto 160/2005, do 2 de xuño). (Expte nºXXX/421, XXX/422)*
- *Por resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 14.10.2009 autorízase segundo informes e documentación obrantes no expediente XX/420, a LICENZA DE FUNCIONAMENTO PARA A ACTIVIDADE DE CAFÉ BAR na local de referencia.*

#### CONDICIÓN URBANÍSTICAS:

. *O vixente PXOM, aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte do 16.05.2008 (DOG 03.06.2008 e BOP 06.08.2008) e por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13.07.2009 (DOG 24.07.2009 e BOP 10.09.2009), clasifica a parcela de referencia como solo urbano consolidado incluído na Área de Planeamento Incorporado API-32 ROADE, que recolle o planeamento anteriormente aprobado UE II-14 ROADE (expte nºXX/411, a.d. 03.06.1996), ordenanza de aplicación 1.2.A do PGOU-93. Plano 10-H.*

. *O uso de café-bar se encadra conforme ao vixente PXOM no terciario xeral, clase recreativo e centros de reunión, categoría 10º tipo II.*

#### PRESUNTAS INFRACCIÓNES:

- *Exercicio de actividade de café-bar sen axustarse á licenza outorgada. Existen instalacións no local que non se corresponden coas que figuran na relación de maquinaria do proxecto.*
- *O uso que se está a desenvolver inclúese entre os permitidos na ordenanza de aplicación, polo que en principio, as modificacións poderían ser permisíbeis sem-*



*pre que se xustifique tecnicamente o cumprimento das condicións establecidas en toda a normativa de aplicación.*

- *Á vista da información dispoñíbel, parece que se está a exercer actividade comercial no local de referencia. O uso se encadra conforme ao vixente PXOM no terciario xeral, clase comercio, categoría 1ª.*
- *A actividade poderían ser permisíbel, pois o uso inclúese entre os permitidos na ordenanza de aplicación, sempre que o local cumpra as condicións establecidas na ordenanza da aplicación; no Código Técnico da Edificación -seguridade en caso de incendio (DB-SI) e Seguridade de Utilización (DB-SU); no Regulamento de desenvolvemento da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (D 35/2000, do 28 de xaneiro); no disposto na Ordenanza Municipal de rúidos e vibracións e na Lexislación sobre a materia, no Regulamento de protección contra a contaminación acústica e demais normativas de aplicación.*

*Con data 17/08/10 xírase nova visita de inspección onde compróbase que nese intre o local estaba aberto e realizando actividade axustándose, no substancial a licenza concedida, coa diferenza de que a plancha usada en lugar de ser eléctrica e de gas.*

*Con data 09/09/10 o enxeñeiro técnico industrial informa:*

*“O cambio da maquinaria non implica modificación da actividade ademais de que xa estaba prevista unha plancha no local. Por conseguinte a instalación realizada podería ser autorizada/legalizábel sempre que se cumpran na súa totalidade as disposicións do vixente PXOM e demais normativa de aplicación”*

*Con data 26/10/10 o enxeñeiro técnico industrial emite o seguinte informe que lle remito:*

*“Con data de rexistro 25/10/2010 preséntase unha CERTIFICACIÓN conforme o local acondicionado para Café Bar DISPÓN de chimenea para fumos e gases, con conduto independente polo interior do edificio hasta superar o cumio deste.*

*Con respecto a licenza de posta en funcionamento da actividade esta foi autorizada por resolución do 14/10/2010”.*

*Á vista do anterior, o procedemento atópase resolto e arquivado.*

*Do que se dá cumprida información ao interesado o 14/04/2010. Sen incidencias posteriores.*

## CAPITULO VII.- XESTION MUNICIPAL

### EXPEDIENTE 39/2010

#### ASUNTO:

Queixa en relación cunha débeda que o Concello mantén desde hai sete anos cunha empresa.

#### SITUACION:

Queixa presentada o 09/06/2010; con data 18/06/2010 solicítase o preceptivo informe a Concellería de Xestión Municipal; que se reitera o 14/07/2010, 17/08/2010, 13/09/2010, 13/10/2010, 17/11/2010 e 20/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 27/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 24/02/2011, 24/03/2011, 27/04/2011, 25/05/2011, 24/06/2011, 26/07/2011 e 25/08/2011.

### EXPEDIENTE 79/2010

#### ASUNTO:

Queixa en relación coa anulación dun expediente por sanción de tráfico.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 20/12/2010, con data 23/12/2010 solicítase o preceptivo informe a Responsabilidade Patrimonial que resolve favorablemente os danos causados o vehículo polo guindastre pero derivando a reclamación cara a empresa concesionaria.

#### REFLEXIÓNS:

Estamos ante un caso que por erro da Administración Pública competente provocou a declaración da nulidade do mesmo e como consecuencia derivou no arquivo do expediente e polo tanto a anulación dos efectos derivados dunha acción viciada, todos os efectos.

As fotografías achegadas pola empresa do guindastre mostran que o estado do vehículo non se axusta á realidade por tratarse dunha mostra parcial.

O interesado ten a facultade de achegar cantos medios de proba foren necesarios para substanciar a súa versión dos feitos.

Se non existir motivación é evidente que non se respecta o sentir da actividade administrativa que ten, por esencia, a finalidade de promover o interese público, a desestimación das solicitudes sen motivación suficiente produce un quebranto do dereito do cidadán.

O interese público a satisfacer en cada caso concreto representado o fin obxectivo cara ao que deberá dirixir a acción administrativa en cada unha das súas actuacións.

Esta causa, ao se obxectivar, determinará que legalmente se esixa que o contido dos actos administrativos procedimentais sexa axeitado aos fins daquela, o que supón que o obxecto do procedemento debe ser consecuente cos fins previstos no ordenamento xurídico.

As alegacións veñen a por de manifesto defectos de tramitación; existen uns prexuízos inequívocos e debe terse en conta que os equipos de guindastre deben estar asistidos por membros da Policía Local en todo o referente a situación e o estado do vehículo en todas as súas facetas, de tal xeito, que ao declararse oficialmente o arquivo do expediente, isto é, a súa anulación esta é definitiva, sen esquecer os danos causados no transporte e posteriores encanto o vehículo está en situación de secuestro, sen que sexa lícito cargar sobre o cidadán que non cometeu ilicitude, a responsabilidade propia da concesionaria que está actuando como se da propia Administración se tratase, polo que debe entenderse que é a Administración Pública a que debe resarcir ao cidadán dos gastos refletidos no orzamento achegado, que non factura, como se di na resolución administrativa.

Estes datos instrumentais deben ser utilizados como decisorios, o que deriva nunha actuación racional e razoábel da Administración Pública, o que virá a definir unha lexitimación por eficacia.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2011 recébase escrito de Responsabilidade Patrimonial no que informa que o devandito expediente xa está finalizado coa resolución de 13/12/2010, enviado ao reclamante o 13/01/2011, no que se desestima o recurso de reposición formulado no seu día. Sen incidencias posteriores.

**RESUMO ESTADISTICO**

AREA DE DEPORTES	1
Pagamento taxas	1
ÁREA DE MEDIO AMBIENTE	4
Estado calamitoso fincas	2
Contaminación Acústica	1
Outras Contaminacións	1
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURANZA	13
Fraude tarxetas bonificadas	1
Sancións de tráfico	4
Normativa terrazas	1
Obstáculos mobilidade	3
Seguridade	3
Abandono vehículo	1
PARTICIPACION CIDADÁ	1
Solicitud documentación	1
SERVICIOS XERAIS	2
Colector de lixo	1
Reestruturación beirarrúas	1
URBANISMO E VIVENDA	8
Obras sen respectar distancia	1
Dificultades acceso	1
Obras sen licenza	2
Obras beirarrúas	1
Lentitude concesión licenzas	1
Terrazas sen licenza	1
A licenza	1
XESTION MUNICIPAL	2
Débedas do Concello	1
Responsabilidade Patrimonial	1
TOTAL EXPEDIENTES	31

**Referencia Porcentual por Áreas.**

1.- Mobilidade e Seguridade	41,90 %
2.- Urbanismo e Vivenda	25,80 %
3.- Medio Ambiente	12,90 %
4.- Servizos Xerais	6,45 %
5.- Xestión Municipal	6,45 %
6.- Deporte	3,22 %
7.- Participación Cidadá	3,22 %

*\*Ordenadas porcentualmente de maior a menor.*



## PARTE VI ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DURANTE O ANO 2011

### INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de expedientes correspondentes a solicitudes formuladas durante o ano 2011, e que corresponden a:

- BENESTAR SOCIAL ..... 1
- EDUCACIÓN ..... 3
- AMBIENTE ..... 5
- PARTICIPACIÓN CIDADÁ ..... 4
- PROMOCIÓN ECONÓMICA-EMPREGO ..... 1
- TRÁFICO ..... 23
- SERVIZOS XERAIS ..... 8
- URBANISMO E VIVENDA ..... 10
- XESTIÓN MUNICIPAL ..... 7
- TENENCIA DE ALCALDÍA ..... 1
- TOTAL ..... 63

### EXPEDIENTES ANALIZADOS NO ANO 2011 QUE SE CORRESPONDEN A ACTUACIÓNS REALIZADAS EN ANOS ANTERIORES

ÁREA	TOTAL	2006	2007	2008	2009	2010
MEDIO AMBIENTE	11	2	3	1	1	4
MOBILIDADE SEGURIDADE	30	2	4	5	7	12
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	1	-	-	-	-	1
SERVIZOS XERAIS	4	-	-	2	-	2
URBANISMO	48	10	7	11	7	13
XESTIÓN MUNICIPAL	3	-	-	-	-	3
TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO	1	-	-	1	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>98</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>35</b>

## EXPEDIENTES PECHADOS DURANTE O ANO 2011

ÁREA	TOTAL	2006	2007	2008	2009	2010	2011
BENESTAR SOCIAL	1	-	-	-	-	-	1
DEPORTES	1	-	-	-	-	1	-
EDUCACIÓN	2	-	-	-	-	-	2
MEDIO AMBIENTE	9	-	1	-	-	3	5
MOBILIDADE SEGURIDADE	24	1	-	-	1	8	14
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	5	-	-	-	-	1	4
SERVIZOS XERAIS	10	-	-	1	-	2	7
URBANISMO	15	2	4	2	2	4	1
XESTIÓN MUNICIPAL	6	-	-	-	-	1	5
TENENCIA ALCALDÍA	1	-	-	-	-	1	-
<b>TOTAL</b>	<b>74</b>	<b>3</b>	<b>5</b>	<b>3</b>	<b>3</b>	<b>20</b>	<b>24</b>

## EXPEDIENTES

### CAPITULO I-BENESTAR SOCIAL

#### EXPEDIENTE 16/2011

##### ASUNTO

Queixa coa desatención da que está sendo obxecto unha Asociación dedicada á actividade de asistencia social que ten realizado reiteradamente petición para a creación dun centro de emerxencia social.

A tal fin teñen presentado reiteradas solicitudes desde marzo de 2009, sen resposta algunha.

##### SITUACIÓN

Queixa presentada o 08/03/2011. Con data 14/03/2011, solicítase o preceptivo informe que se recibe o 05/04/2011, do que se dá cumprida información ao interesado o 06/04/2011.

No citado informe indícase que as peticións efectuadas foron satisfeitas o 12/05/2009, e o 19/05/2010.

## REFLEXIÓNS

As peticións formuladas polo interesado foron ademais trasladados en outro expediente (24/2011) a Concellería de Promoción Económica e Emprego que se comentarán no apartado correspondente.

## RECOMENDACIÓN

Resulta exemplarizante a dilixencia por parte da Concellería de Benestar Social.

## CAPITULO II- EDUCACIÓN

### EXPEDIENTE 17/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coa posibilidade de erros acontecidos na Escola de Artes e Oficios de Vigo.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/03/2011, con data 14/03/2011, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 20/04/2011.

O 13/05/2011, recébase escrito da Concellería de Educación no que informa o seguinte:

*“En relación co seu escrito de referencia infórmase o seguinte:*

*1. Existiu un erro na publicación inicial dos horarios para as especialidades CAIM (Construción Artesanal de Instrumentos Musicais) da Escola Municipal de Artes e Oficios para o curso 2010-2011. Unha vez detectado e subsanado, comunicouse ao alumnado a rectificación pertinente, indicando o horario para a materia complementaria “Historia da Música”, incluída no currículo desta especialidade, conforme ao aprobado pola Xunta Reitora do Organismo Autónomo EMAO para o curso 2008-2009 (aprobación do PNC: en curso sucesivos apróbanse engadidos á aprobación inicial deste plan experimental)*

*2. Tal e como se recolle na convocatoria xeral do curso 2009-10, como é habitual en calquera centro educativo, “os horarios das especialidades poderán ser, en casos que*



*así o xustifique o interese xeral, reaxustábeis para mellorar a súa eficiencia e mellor prestación do servizo". Obviamente, a potestade de organización horaria pertence á dirección e xefatura de estudos da Escola, e esta se adapta, non aos intereses particulares, senón aos públicos, xerais, concretados na consideración do mellor cumprimento do currículo, da eficiencia e da organización interna xeral desta institución.*

*3. En escrito da xefatura de estudos de data 24/11/2010, indicábanse os datos correctos: a clase de Historia da Música Galega –que se imparte conxuntamente co alumnado da mesma asignatura da Escola Municipal de Música tradicional, no mesmo edificio– desenvólvese os mércores de 19 a 20 horas. Neste escrito lembrábase, así mesmo, a obrigatoriedade de asistir a esta clase e, consecuentemente, a interdicción de permanecer, nesa hora, no obradoiro (isto está moi lonxe da absurda e tendenciosa afirmación contida na queixa do interesado. "obrigar a estar en dúas clases ao mesmo tempo"). Este escrito foille entregado polo xefe de estudos, e recibido en persoa polo interesado, que acusou recibo (achégase copia)*

*4. Xa que logo, desde o día 24/11/2010, o reclamante é perfectamente coñecedor dos horarios, unha vez aclaradas fehacientemente as súas dúbidas. Significativamente este escrito non foi aportado polo interesado na documentación presentada nesa oficina do Valedor do Cidadán.*

*5. O procedemento para dar de baixa un alumno na Escola de Artes e Oficios está taxado nas normas vixentes nesta institución, que son expresamente aceptadas polo alumnado coa súa matrícula; nelas indícase que a falta dun 15% sen xustificar do tempo total das materias complementarias, dará lugar ao inicio dun expediente de baixa como alumno. No caso que nos ocupa, coa finalidade de dar a oportunidade ao alumno reclamante de acudir ás clases programadas antes da apertura dun expediente de baixa por ausencias continuadas, enviouse unha comunicación previa ao inicio do procedemento taxado, advertíndolle da necesidade de acudir normalmente ás clases desa complementaria. Que o aviso previo ao inicio do procedemento poida supoñer no reclamante unha sensación de "intimidación" ou "persecución", é unha percepción absolutamente subxectiva e desorbitada, baseada no prexuízo e na confusión dos procedementos administrativos obxectivos na Administración, con intencións subxectivas dos administradores.*

*6. Faise constar que a data de hoxe, e abertos á posibilidade de que o erro detectado nos horarios puidera ter incidido na ausencia do alumno reclamante á complementaria de "Historia da Música" durante o primeiro trimestre do curso, adoptouse, provisionalmente, unha postura flexíbel, e non se iniciou o expediente de baixa que, en rigor, correspondería.*

7. A Escola Municipal de Artes e Oficios é unha institución educativa de ensinanzas non regradas, de matrícula e asistencia gratuíta. O obxectivo educativo das ensinanzas de CAIM é, obviamente, formativo e non produtivo: trátase de, através do currículo e programa deseñado, capacitar ao alumnado para a construción de instrumentos musicais con técnicas artesanais e dotarlle de técnicas e ferramentas culturais básicas relacionadas co oficio de luthier; a construción dun instrumento musical concreto no desenvolvemento da escolarización é un recurso para a aprendizaxe e, en ningún caso, unha finalidade en si mesma. Xa que logo, e así se lle indica ao alumnado ao comezo do curso –que non ten que aportar os materiais, porque os subministra gratuitamente a Escola con cargo ao seu orzamento xeral–, o produto elaborado nas clases pasa a formar parte do patrimonio da Escola e serve –como vén sendo habitual desde hai máis dunha década, nas especialidades CAIM– tanto para o seu uso nas prácticas do alumnado da Escola Municipal de Música Tradicional e Folk (e-Trad, antes Conservatorio de Música Tradicional da EMAO), como para as prácticas instrumentais do alumnado do obradoiro de CAIM na súa complementaria de interpretación. Así consta no convenio asinado entre o Concello de Vigo e o Organismo Autónomo Municipal Escola Municipal de Artes e Oficios (Acordo Xunta Reitora do Organismo de data 30/10/2007), no que expresamente se recolle a continuidade da colaboración da EMAO-CAIM no subministro de instrumentos musicais para a aprendizaxe do alumnado na e-Trad. Tanto e-Trad como EMAO están adscritas á Concellería de Educación.

8. A data de hoxe, nin a dirección do centro, nin a xefatura de estudos, teñen constancia nin comunicación ningunha por parte de alumnos ou do profesor da materia (se exceptuamos a referencia contida na reclamación presentada a ese Valedor) de que existan, ou existiran anteriormente, problemas de ningún tipo para a impartición da complementaria de organoloxía e técnica básica de CAIM (interpretación). Resulta, canto menos, sorprendente, que se pretenda considerar un medio válido para comunicalo unha reclamación ao Valedor do Cidadán.

9. Faise constar, por último, a intencionalidade descualificadora e insultante cara á institución e aos funcionarios públicos da EMAO, que rodea a este asunto, máis alá do seu irrelevante contido concreto: desde o pasado 17/02/2011 un blog titulado “ineficiadaemao” (<http://ineficiadaemao.blogspot.com>), permanece colgado en internet e é difundido mediante spam na Rede; nel reproducense documentos enviados ao interesado pola EMAO, que serven de escusa ao anónimo autor, para desacreditar con insultos inaceptábeis a esta presidencia e aos funcionarios deste Concello encargados da xestión da Escola. Sobre este particular, esta presidencia resérvase o inicio das accións legais que finalmente considere pertinentes.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 18/05/2011. Sen incidencias posteriores

## RECOMENDACIÓN

Resulta exemplarizante a dilixencia por parte da Concellería de Educación.

## EXPEDIENTE 18/2011

### ASUNTO

Queixa en relación coa participación nun pleno para obter resposta a unha serie de incidencias no ámbito educativo (comedores escolares, autobuses, castigos, colgadoiros, controles, actividades extraescolares)

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/03/2011. Con data 21/03/2011 solicítase o preceptivo informe que se recibe o 07/04/2011 e no que se indica o seguinte:

Con data 07/04/2011, recébase escrito da Sra. Concelleira Delegada de Educación no que informa o seguinte:

*“En relación co escrito presentado perante esa institución por Dna ..... , sobre distintas cuestións en materia educativa, infórmolle:*

- *A regulación e inspección de Comedores escolares non son de competencia municipal, con independencia de que, de xeito voluntario, o Concello de Vigo participe, mediante bolsas de axuda ou convenios, no financiamento dos mesmos ou teña colaborado coa Xunta de Galicia na ampliación, reforma ou construción dalgúns.*
- *Asemade as actividades extraescolares pertencen ao ámbito competencial da Xunta de Galicia, ben sexa directamente através dos equipos directivos dos centros públicos, ben das asociacións de nais e pais ou outros colectivos ou entidades coa autorización da administración educativa.*

*Os comedores escolares nos centros públicos están regulados polo Decreto 10/2007, de 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación Ordenación Universitaria. O artigo 17 desta disposición legal indica:*

*1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria avaliará o funcionamento, a xestión e a organización do servizo de comedor escolar.*

*Para estes efectos, os centros docentes públicos que presten o servizo de comedor disporán dun programa anual do servizo de comedor aprobado polo consello escolar, que se integrará na programación xeral anual.*

*2. Correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o exercicio do labor inspector dos comedores escolares, con especial atención ao cumprimento do principio de igualdade entre homes e mulleres, sen prexuízo das atribucións que lle corresponden á consellería competente en materia de sanidade e aos concellos.*

*Verbo das actividades extraescolares, estas son reguladas polos Consellos Escolares de Centro e poderán estar ou non incluídas na programación anual do Colexio. Será dentro dese órgano colexiado onde se deberán plantear e decidir as medidas que se consideren necesarias para a mellor conciliación da vida escolar, familiar e laboral. Neste ámbito da regulación de horarios o Concello de Vigo carece de competencia.*

*Verbo do transporte escolar, tampouco corresponde ao Concello de Vigo a regulación das súas condicións de seguridade, máis alá das derivadas das competencias municipais en materia de tráfico e transporte e da aplicación das ordenanzas municipais neste sentido. Se ben para realizar o transporte escolar dentro do municipio as empresas deben contar coa correspondente autorización municipal, esta está condicionada á autorización de Transporte Público outorgada pola administración competente nesta materia, a Delegación de Transportes de la Xunta de Galicia. O uso por parte dos pasaxeiros do cinto de seguridade nos autobuses escolares (agás nos transportes de menos de 10 prazas) non é obrigatorio. En todo caso, será administración competente do Estado e da Comunidade Autónoma a que debe regular estes aspectos.*

*Finalmente, sinalar que a interesada, na súa calidade de presidenta da Asociación .., xa interveu no Pleno deste Concello o día 26/10/2009. Remíteselle copia da parte correspondente a esa intervención na acta desa sesión plenaria."*

*Achégase copia do Pleno do 26/10/2009, referida a súa intervención."*

Con data 13/04/2011, recébase correo electrónico da interesada no que subliña que a súa petición e unicamente para intervir no Pleno do Concello.

Ante esta observación respóndeselle, o 18/04/2011, que a solicitude de intervención nun Pleno debe ser tramitada através do Rexistro Xeral do Pleno, rexistro habilitado a efectos de canalizar a documentación que se dirixe o dito órgano colexiado e previo para a información da orde do día que lle corresponde a autoridade superior do Concello como potestade irrenunciábel.

Sen incidencias posteriores.

Faise preciso resaltar, unha vez mais, a dilixencia e efectividade mostrada pola Concellería da Educación.

### EXPEDIENTE 58/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coa denegación dunha certificación académica.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 22/09/2011. Con data 28/09/2011 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 30/10/2011.

## CAPITULO III- MEDIO AMBIENTE

### EXPEDIENTE 6/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coa indefensión en que se acha o cidadá por causa da alimentación de animais abandonados dos que debería facerse cargo o Concello quen pretende vulgar ao cidadán que se mostra solidario con aqueles.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 09/02/2011. Con data 10/02/2011 solicítase o preceptivo informe aludindo as precisións feitas polas interesada.

- Lei 1/1993
- Ordenanza Municipal, con referencia á responsabilidade da protección dos animais domésticos ou salvaxes en cativeiro.
- Abundancia de animais abandonados.

Con data 02/03/2011, recébase escrito da Concellería de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa queixa formulada pola Asociación Amigos da Terra de Galicia, seu número de expediente 6/2011, prácame informarlle do seguinte:*

*Esta Concellería de Medio Ambiente **non ditou ningunha clase de bando sin comunicado** en relación coa "prohibición aos cidadáns de alimentar animais vagabundos"*

*A Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de Animais está en vigor desde o 16 de febreiro de 2000.*

*O que lle comunico aos efectos oportunos".*

Do que se deu cumprida información á interesada o 09/03/2011.

Sen incidencias posteriores.

### **EXPEDIENTE 13/2011**

#### **ASUNTO**

Queixa en relación cunha orde para proceder a limpeza dunha finca como consecuencia da denuncia presentada pola súa veciña e que sen máis procedemento se lle impuxo unha multa de 300 euros e, con posterioridade outra de 600 euros, sen que se procedese a tomar as medidas pertinentes que demostraran a existencia dunha distancia inferior aos 3 metros, espazo no que existían silveiras, arbustos e herbas, segundo prescribe a lexislación vixente. Que no seu día presentou recurso ao respecto séndolle retirada a sanción de 600 euros.

#### **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 07/03/2011. Con data 08/03/2011 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 05/04/2011.

Con data 13/04/2011 recébase escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa queixa formulada por D....., seu número de expediente 13-2011 (10901-310), prácame informarlle do seguinte:*

*Analizado o expediente de referencia, en primeiro lugar cabería afirmar que os feitos relatados na mesma non coinciden cos obrantes no expediente municipal correspondente, polo que a continuación pasamos a detallar os informes e actuacións existentes no mesmo.*

*Con data 17 de abril de 2008, preséntase denuncia por parte de D. .... por existencia de maleza, zarzais que invaden a súa finca.*

*Con data 22 de abril, o inspector municipal despois de xirar visita de inspección, emite informe no que ademais de fotos ilustrativas do estado da finca, afirma, entre outras cousas as seguintes: "compróbase que a finca denunciada atópase nun estado de abandono e ruína evidente, cuberta con maleza composta de fentos, herbáceas de porte alto, plantas trepadoras e silveira até unha altura de 5 metros, algunha das cales **invaden fincas colindantes e mesmo o camiño, co cal incumpre claramente a normativa municipal ao respecto.**"*

*A primeira resolución que se dita a partir deste informe de inspección NON é un expediente sancionador, senón a incoación dun expediente de ORDE DE EXECUCIÓN a o interesado, como propietario do terreo para que proceda á limpeza da finca que se atopa en evidente estado de abandono e deficientes condicións de limpeza, salubridade e ornato. Concedéndoselle un trámite de audiencia de 10 días desde a notificación que foi comunicada con data 3 de xuño de 2008, a posibilidade de presentar alegacións e mesmo propoñer proba.*

*Transcorrido dito prazo de dez días, con data 16 de xuño de 2008, a Concelleira delegada ditou resolución na que se ordena ao interesado que no prazo máximo de 30 días proceda á limpeza da finca, apercibíndolle de que de non cumprir dita orde poderán impoñérselle multas coercitivas de 300 a 6.000 euros. No mesmo escrito, se lle informa de que dita resolución esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes.*

*Con data 12 de setembro de 2008 (transcorrido cumpridamente o prazo de 30 días que se lle concedeu para proceder á limpeza), o inspector municipal emite novo informe despois de xirada visita de inspección, no que afirma o seguinte: "comprobouse que se atopa no mesmo estado de abandono que presentaba cando se fixo o informe anterior e **segue a incumprir claramente a normativa municipal ao respecto.**"*

*Como consecuencia deste incumprimento da orde de execución de limpeza, na que se lle apercibía da posibilidade de impoñerlle multas coercitivas, con data 10 de outubro de 2008, ditouse resolución impoñendo unha multa coercitiva de 300 euros, advertíndolle de que podería ser reiterada até o cumprimento da orde de execución. Na mesma resolución informóselle dos recursos ao seu alcance.*

*Con data 27 de xaneiro de 2009, tres meses máis tarde da imposición da multa coercitiva, emitiuse novo informe por parte do inspector municipal: "compróbase que se atopa no mesmo estado de abandono evidente que tiña cando se fixeron as anteriores inspeccións, co cal segue a incumprir claramente a normativa municipal ao respecto.*

Como consecuencia deste NOVO INCUMPRIMENTO, ditouse resolución con data 28 de xaneiro de 2009, impoñéndolle unha segunda multa coercitiva de 600 euros. Infórmase dos recursos que caben contra dita resolución.

Con data 31 de marzo de 2009, o interesado presentou sendos escritos no Concello de Vigo contra as dúas sancións impostas. No primeiro caso, as **alegacións presentadas están fóra de prazo por ter transcorrido o prazo para presentar recurso.**

Con respecto ao escrito contra a segunda resolución non cabe a súa presentación porque aínda estaba pendente de publicación no BOP.

O denunciado alega, entre outras cousas, non estar de acordo coa normativa que obriga a ter os terreos limpos de vexetación silvestre, pois "gústalle así e non prexudica a ninguén". Declarouse a inadmisibilidade dos recursos por presentalos fóra de prazo. No segundo caso, enviouse a notificación ao BOP por non poder practicarse desta volta a notificación.

Con data 23 de outubro de 2009, xirouse nova visita de inspección á finca denunciada e o informe revela o seguinte: "compróbase que se atopa practicamente no mesmo estado de abandono que tiña cando se fixeron as anteriores inspección, co **cal segue a incumprir claramente a normativa municipal ao respecto. Soamente se aprecia que cortaron algunhas ramas do linde suroriental que, sen embargo, permanecen secas na superficie da propiedade ciscadas de calquera xeito.**

Como consecuencia deste NOVO INCUMPRIMENTO, ditouse resolución impoñendo a terceira multa coercitiva por importe de 1.000 euros, informándolle dos recursos que caben contra dita resolución.

Con data 21 de decembro de 2010, xirouse nova visita de inspección á propiedade denunciada e segundo informe emitido o 3 de xaneiro de 2011, reflíctese o seguinte:

**"Comprobouse que foi desprovista do mato que orixinou a actuación municipal, co cal cumpre plenamente a normativa municipal ao respecto e procede, en consecuencia, o peche e arquivo."**

Como se desprende do relatorio do expediente que vimos de expoñer é evidente o incumprimento por parte de o interesado de forma reiterada da lexislación en vigor en materia de limpeza e salubridade. O Concello de Vigo, a partir da denuncia dunha particular, ten a obriga de actuar para repoñer a legalidade nesta materia, que foi o que fixo de forma escrupulosa durante todo o proceso, informando ao denunciado dos seus dereitos, abrindo o preceptivo trámite de audiencia e prazo para presentación das alegacións correspondentes, así como aportando en todo momento información relativa aos recursos que podería accionar fronte



*ás decisións municipais. Por tanto, non existiu en ningún caso indefensión e sí un claro incumprimento da normativa con prexuízo para terceiros, tal e como se deduce do feito de que a denuncia foi presentada o 17 de abril de 2008 e **o denunciado finalmente cumpriu coa súa obriga case 3 anos máis tarde.***

*O que se lle informa aos efectos oportunos”*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 14/04/2011.

Sen incidencias posteriores.

### RECOMENDACIÓN

Recoñecemento da axilidade e efectividade por parte da Concellería de Medio Ambiente.

### EXPEDIENTE 14/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude presentada en varias ocasións, dunha copia dun expediente sobre a modificación do sistema.

### EXPEDIENTE 14/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude presentada en varias ocasións, dunha copia dun expediente sobre a modificación do sistema de ventilación dunha zona destinada a garaxes e cuarto de arrumos nunha comunidade, sen que se lle preste a mais mínima atención.

#### SITUACIÓN:

Queixa presentada o 08/03/2011, con data 09/03/2011 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 05/04/2011.

Con data 13/04/2011, recébase escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*En relación coa queixa formulada por D. ...., seu número de expediente 14/2011, expediente municipal 6686-306, prácame informarlle do seguinte:*

*En relación coa afirmación de que a Administración Municipal “non lle presta a máis mínima*

atención”, pasamos a expoñer os pasos que ten dado esta administración desde a presentación da queixa:

O expediente foi creado con data 5 de outubro de 2009 e con data 29 de outubro xirouse visita de inspección por parte do funcionario municipal que emite informe coa mesma data.

Á vista do denunciado e do informe realizado polo inspector municipal, con data 23 de novembro solicitouse informe ao Departamento de Patrimonio e Inventario Municipal, ao obxecto de constatar se efectivamente o baixo é de propiedade municipal ou non.

Con data 25 de febreiro de 2010 o arquitecto municipal informa de que “todos os locais porticados en planta baixa do edificio sito na rúa ..... son de propiedade municipal e destinados a uso público, se ben tamén informa de que no Inventario Municipal de Bens e Dereitos **non figuraba dita documentación. No mesmo escrito infórmase a este departamento que con esa mesma data iníciase un expediente de recuperación da propiedade municipal, paso previo a calquera actuación, xa que neste intre atópase a superficie pechada.**

Polo tanto, no que atinxe á propiedade municipal indebidamente pechada, iniciouse expediente de recuperación da propiedade que se está a tramitar no DEPARTAMENTO DE PATRIMONIO deste Concello, a quen terá de dirixirse para coñecer o estado de tramitación do mesmo.

Con respecto á deficiente ventilación dos garaxes e trasteiros do edificio, debemos reproducir de novo de forma literal o informe remitido e notificado ao interesado no seu día (24/11/2010):

“Nembargantes, tratándose dun acordo da Comunidade de propietario do edificio da que vostede é parte integrante, de se lle causar molestias, inmisións, danos cara á súa vivenda, deberá dirixirse a esta, requiríndoa para que no seu caso restableza a situación pacífica reclamada, podendo esixir, segundo prevé o artigo 49 do Texto Refundido 2/2008 da Lei do Solo ante os tribunais ordinarios a derruba das instalacións e obras que vulneren o disposto respecto á comunidade de elementos construtivos ou outros urbanos, así como as disposicións relativas a usos incómodos, insalubres ou perigosos.”

Do que se deu cumprida información ao interesado o 13/04/2011.

Faise preciso indicar que, en paralelo, o interesado ten presentado outro expediente 78/2010 que, en principio, foi rexeitado por cuestión de competencias, pero posteriormente e perante a persistencia do interesado retomouse pola que o 09/03/2011 solicitouse nova información a Medio Ambiente quen con data 21/06/2011 informa o seguinte:

*“En relación co seu novo escrito de data 2 de xuño de 2011, relativo á queixa formulada por D. ...., prácame informarlle do seguinte:*

*Non cabe por parte deste departamento máis que reiterar o contido do noso escrito de data 29 de marzo pasado, nos seguintes extremos:*

*No que atinxe á propiedade municipal indebidamente pechada, iniciouse expediente de recuperación da propiedade que se está a tramitar no **DEPARTAMENTO DE PATRIMONIO** deste Concello, a quen terá de dirixirse para coñecer o estado de tramitación do mesmo.*

*Con respecto á deficiente ventilación dos garaxes e trasteiros do edificio, debemos reproducir de novo de forma literal o informe remitido e notificado ao interesado no seu día (24/11/2010):*

*“Nembargantes, tratándose dun acordo da Comunidade de propietario do edificio da que vostede é parte integrante, de se lle causar molestias, inmisións, danos cara á súa vivenda, deberá dirixirse a esta, requiríndoa para que no seu caso restableza a situación pacífica reclamada, podendo esixir, segundo prevé o artigo 49 do Texto Refundido 2/2008 da Lei do Solo ante os tribunais ordinarios a derruba das instalacións e obras que vulneren o disposto respecto á comunidade de elementos construtivos ou outros urbanos, así como as disposicións relativas a usos incómodos, insalubres ou perigosos.”*

*Polo tanto, no que atinxe ás molestias que lle ocasiona a propia comunidade deberá dirixir as súas queixas á Comunidade de Propietarios para que adopten as medidas oportunas e, no seu defecto, acudir á xurisdición civil.*

*O que se lle informa aos efectos oportunos,”*

## EXPEDIENTE 20/2011

### ASUNTO

Queixa en relación co mal estado duns baixos que se están a converter nun criadeiro de ratos e pombas, con situacións de putrefacción, sen que a comunidade de veciños saiban quen é o propietario.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 25/03/2011. Con data 29/03/2011 solicítase o preceptivo informe.

Con data 13/04/2011, recébase escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa queixa formulada por Dona....., seu número de expediente XX-2011 (documento ZZZZ), prácame informarlle do seguinte:*

*Efectivamente os baixos obxecto de denuncia son unha propiedade privada que, ademais, están pechados á rúa e, polo tanto, desde a vía pública non se aprecia o interior dos mesmos. Neste caso, terá de ser a Comunidade de Propietarios a que denuncie ao propietario do mesmo e lle inste á súa limpeza e conservación e, no seu defecto, acudir á xurisdición civil para que o propietario cumpra coa normativa en vigor. En canto ao descoñecemento da Comunidade de quen é o titular do baixo, suxerimos que a administración da mesma se dirixa ao Rexistro da Propiedade, onde, como parte interesada, poderá recabar estes datos.*

*Con respecto, ao estado de suciedade da beirrarúa, dado que non é competencia desta Concellería, pasamos a denuncia ao departamento de limpeza do Concello para que xire visita de inspección. Pregamos, polo tanto, que no futuro se dirixan a este departamento para facer un seguimento do asunto."*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 14/04/2011. Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 48/2011**

### **ASUNTO**

Queixa en relación coa continua contaminación acústica que ven soportando como consecuencia do funcionamento dos extractores dun establecemento comercial. Téndose realizado medicións sonométricas que resultaran negativas, que a interesada xulga como irrealis xa que as mesmas minóranse cando aparece a Policía Local.

A interesada apunta como solución que simplemente se proceda ao traslado dos extractores cara outra rúa próxima é unha rúa aberta.

### **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 28/03/2011, con data 01/08/2011, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 13/09/2011.

Con data 13/09/2011 recébase escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"A vista da súa queixa 48/2011 (Expediente 15637-423 e 5817-306), prácame informarlle do seguinte:*

*En primeiro lugar manifestar que a queixa formulada non é competencia desta Concellería de Medio Ambiente, por canto, esa institución no seu propio escrito reconece que as medicións sonométricas realizadas ao establecemento denunciado no seu día "empresa", resultaron ser negativas, e polo tanto, non incorreu na infracción de contaminación acústica cuxo control sé é competencia desta concellería.*

*En todo caso, cando se presenta unha denuncia neste Concello por unha actividade supostamente contraria á normativa vixente, o primeiro paso para poder incoar o correspondente expediente sancionador é comprobar se o local obxecto da actividade molesta, nociva ou insalubre, ten a preceptiva licenza de actividade.*

*Pois ben, a administración actuou neste sentido, solicitando informe á Xerencia Municipal de Urbanismo, quen emitiu informe do inspector municipal conforme o denominado establecemento "empresa" adicábase á venda de produtos de alimentación, ciberlocutorio, degustación, bar, instalación de refrixeradores, conxeladores, e instalación de sistemas de climatización e de ventilación, SEN CONTAR COA PRECEPTIVA LICENZA. O local unicamente ten licenza para "tenda de conveniencia" (comercio de libros, xornais e artigos de papelería).*

*Esta circunstancia foille notificada á mercantil interesada, apercibíndolle dunha orde de cese provisional da actividade ilegalmente desenvolvida no mesmo, incoándose ao mesmo tempo con data 6 de maio de 2011 expediente de protección da legalidade urbanística.*

*Con data 13 de xuño de 2011 o inspector municipal emitiu informe no que consta que o establecemento obxecto do expediente estaba aberto e exercendo a actividade.*

*Con data 22 de xullo de 2011 o administrador solidario da mercantil comunica ao concello a interposición dun recurso contencioso-administrativo contra a orde de cese da actividade do local e solicita a medida cautelar de suspensión da executividade da orde de cese da actividade.*

*Con data 29 de xullo de 2011 a Técnica de Administración Xeral da Oficina de Infraccións emite informe proposta desestimatorio da solicitude por entender que se está a desenvolver unha actividade molesta SEN TITULO HABILITANTE PARA ELO en tanto en canto non se pronuncie o Xulgado do Contencioso Administrativo.*

*Con data 3 de agosto de 2011 notificase a este concello auto de data 2 de agosto do Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Vigo no que se acorda **deixar temporalmente sen efecto a orde de precinto acordada.***

*Polo tanto, con data 5 de agosto de 2011, a Concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, adoptou resolución dispoñendo o cumprimento nos seus ter-*

*mos do Auto de data 2 de agosto de 2011, no procedemento de peza separada de suspensión/medidas cautelares, e deixar sen efecto a orde de precinto acordada.*

*Tamén se decidiu en dita resolución **advertir a empresa que únicamente poderá exercer a actividade amparada pola licenza outorgada por acordo da Xerencia de Urbanismo de data 22/02/2003 que é para tenda de conveniencia, polo que se mantén a orde de cese de actividade desenvolvida no local de referencia sen o preceptivo título habilitante.***

*Polo tanto, queda claro que a mercantil denunciada no seu día estaba a exercer unha actividade molesta e sen o título habilitante necesario para elo. A administración actuou correctamente incoando un expediente de protección da legalidade urbanística, como non podía ser doutro xeito; prohibindo o exercicio da actividade molesta e que non conta con licenza.*

*Por outra parte, manifestar que a administración debe actuar en defensa dos intereses dos cidadáns e así o fixo, aplicando a lexislación en vigor.*

*Con respecto ao comentario da denunciante en orixe de que o seu interese non é que se proceda ao peche do establecemento, senón que simplemente se proceda ao traslado dos extractores hacia a Avenida de ....como comprenderá esa institución, é de todo punto invidiábel, en virtude do principio de legalidade e de igualdade ante a lei, a administración ten a obriga de aplicar a lexislación en vigor que, neste caso, debe desembocar necesariamente nun expediente de protección da legalidade urbanística, coa medidas cautelares e sancións previstas na normativa en vigor, por canto a mercantil denunciada exercía unha actividade molesta para a cal carecía da preceptiva licenza de actividade.*

***A pesar de que en aras da dilixencia na resposta esta Concellería aporta a información requirida, debe quedar claro que, tal e como queda reflectido no exposto, este expediente é competencia da Xerencia Municipal de Urbanismo (15637-423) e, polo tanto, para futuras consultas ou queixas vencelladas a este expediente, deberá dirixirse esa institución ao organismo competente que, como queda dito, é a Xerencia Municipal de Urbanismo”.***

Por todo, e no suposto de que se segan a producir as molestias por causa dos aparatos de ventilación, poderá dirixirse a Xerencia Municipal de Urbanismo en solicitude dunha modificación nos aparellos de ventilación; de non recibir resposta nun prazo de 20 días, poderá, si o estima conveniente, a esta oficina do Valedor do Cidadán acompañando copia da súa solicitude ante a Xerencia de Urbanismo.

Do que se dá cumprida información á interesada, indicándolle que, se o estimar conveniente, debe dirixirse a Xerencia Municipal de Urbanismo, e se no prazo de 20 días non recibe res-

posta pode dirixirse a esta Oficina do Valedor do Cidadán para iniciar novo expediente ante a citada Xerencia. Esta notificación faise o 14/09/2011.

## REFLEXIÓNS

Estamos a tratar dunha contaminación que non causa problemas a unha persoa soa, o problema é dunha comunidade veciñal que está a producir serias e contrastadas alteracións da saúde.

Precísase lembrar a multitude de estudos e informes científicos que relacionan o ruído coas alteracións psíquicas de considerábeis apreciacións, inseguridade alteracións do carácter, falta de concentración, astenia, agresividade, irritabilidade, alteracións de personalidade e trastornos mentais.

O artigo 325 de Código Penal debuxa ao ruído como a fonte que pode prexudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais, e conseguintemente, a saúde das persoas.

A protección chega alén da saúde das persoas cando tamén se definen como bens a protexer, a intimidade persoal e familiar no ámbito do domicilio, o benestar e a calidade devida dos cidadáns, así como o equilibrio dos sistemas naturais.

A doutrina recoñece que a lesión dos dereitos fundamentais non require que o ruído sexa dun nivel tan intenso que poña en grave perigo a saúde das persoas. Existe un deber dos poderes públicos de garantírnos o goce deste dereito, sexan cales sexan as circunstancias.

Chega con lembrar a introdución da Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida por rúidos e vibracións.

A tal fin establécense medidas de prevención desde o deseño e fabricación até a situación dos equipamentos en zonas de mínima repercusión veciñal; falta unha axeitada planificación que contempla a axustada insonorización das vivendas e dos locais comerciais.

A Administración non pode facer ouvidos xordos, punzando aos cidadáns sen dar solucións que as hai.

As circunstancias deberán ser resoltas dun xeito lóxico e non excepcional como está a acontecer.

## RECOMENDACIÓNS

Téñense que adoptar medidas axeitadas á realidade, medidas serias e concluíntes, presididas pola axilidade e a eficacia.

## CAPITULO IV- PARTICIPACIÓN CIDADÁ

### EXPEDIENTE 5/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coa Asociación Viguesa pola Memoria Histórica que solicitou ser participe dunha intervención no Pleno co obxecto de expor a motivación da petición de derrube da denominada "Cruz de O Castro".

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 09/02/2011. Con data 10/02/2011, solicitouse o preceptivo informe, que se reitera o 10/03/2011.

Con data 01/04/2011, recíbese escrito de Comisión de Queixas e Suxestións no que informa o seguinte:

*"A mencionada solicitude non se presentou através do Rexistro Xeral do Pleno, rexistro habilitado a efectos de canalizar a documentación que se dirixe a dito órgano colexiado e requisito previo para a formación da orde do día, que lle corresponde ao alcalde como potestado irrenunciábel, debendo atender en cada momento as circunstancias concorrentes.*

*Así mesmo e sen prexuízo do anterior, manifestar o profundo respecto do Concello de Vigo pola participación cidadá nos asuntos municipais e o axuste á legalidade no canto que esta debe instrumentarse através da vía establecida con carácter extraordinario, por tratarse dun foro de representación política e de goberno".*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 04/04/2011.

Con data 04/07/2011, o interesado comunica por correo electrónico que se lle aclare o texto recibido en canto que non entende a indicación que di así "A mencionada solicitude non se presentou através do Rexistro Xeral do Pleno". Pregando unha entrevista para aclarar o tema en cuestión.

Entrevista que tivo lugar o 19/07/2011, sen incidencias posteriores.

#### REFLEXIÓNS

No escrito do 10/02/2011 no que se solicitaba o preceptivo informe, puntualizábase que os cidadáns teñen dereito a participación nos asuntos públicos, ben directamente ou por medio



dos representantes libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal, de acordo co artigo 23.1 da Constitución Española.

De resto, os interesados teñen dereito a obter información e orientación en relación coas actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar, de acordo co artigo 35 da Lei 30/1992.

## EXPEDIENTE 21/2011

### ASUNTO

Queixa en relación cunha asociación de veciños que levan ano e medio esperando unhas reunións con concelleiros, tendo usadas as solicitudes ao respecto, sen resposta de ningún tipo.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 31/03/2011. Con data 04/04/2011, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 04/05/2011.

Con data 20/05/2011, recébase escrito de Participación Cidadá no que informa o seguinte:

- *“Achégolle o informe emitido polo xefe de negociado do servizo de Vías e Obras, motivado na queixa presentada por D....., en representación da Asociación de Veciños ....., como consecuencia da falta de contestación a varias solicitudes, con núm. de expte. X e Z.*
- *Polo que respecta ás solicitudes presentadas através dos documentos núm. X e Z, correspondentes a sendas peticións de entrevista co alcalde e o concelleiro de Participación Cidadá, lle informo que, desde o ano 2007, existe constancia da celebración de, cando menos, sete reunións nas que se trataron diversos asuntos.*

*Por outra banda, entendemos que, a distribución do tempo de traballo do concelleiro así como a organización da súa axenda persoal son decisións que non atinxen ao correcto funcionamento dos servizos públicos, non existindo ningunha obriga legal para aquel de celebrar reunións ou entrevistas con todas as persoas que así o soliciten.*

*Por último, en canto ao asunto a tratar na entrevista solicitada, lle informo que, tal como se lle indicou por este servizo, aos representantes da asociación, na actualidade, non existe nin previsión orzamentaria nin expediente algún en trámite para a determinación do uso, destino ou posta en funcionamento do Pazo situado na Finca Solita.*

- *En canto á solicitude formulada através do documento núm. XX, trátase dunha reprodución doutras solicitudes anteriores, polo que, a concellería de Distritos, dou traslado da mesma aos servizos afectados.*

Na espera que o informe que se achega cumpra coa súa solicitude.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 25/05/2011, indicándolle a disposición para calquera consulta ou actuación adicional sobre calquera tema do expediente.

Sen incidencias posteriores.

## EXPEDIENTE 28/2011

### ASUNTO

Queixa en relación cunha petición formulada através do servizo 010 do Concello que foi rexistrado co número de documento XX e que unha vez consultado na oficina virtual da páxina web do concello comprobou que o citado expediente foi pechado en xaneiro de 2011, sen ter dado resposta algunha á queixa formulada.

O obxectivo da queixa era, e segue a ser, a situación dunha determinada praza, que está sendo alarmante, proliferando os incidentes que poden dar lugar a situacións graves se non se toman as medidas oportunas.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 04/05/2011. Con data 05/05/2011, solicítase o preceptivo informe. Con data 30/05/2011 recébase o escrito de Participación Cidadá no que informa o seguinte:

*"Dando cumprimento a su escrito de fecha 9 de mayo de 2011, procedemos a informar que:*

*Desde el día 23/11/2010, se tramita en la Oficina de Relaciones Ciudadanas de Policía Local, expediente promovido por D. .... a los que hace referencia, a los problemas relacionados con la señalización y seguridad vial en la plaza....*

*Con fecha del 22/11/2011 a través de internet con el documento nº 100148603, el requirente formula una queja sobre el malestar por una presunta información sobre no actuar en la Plaza....*

*Con fecha 13 y 18 de enero de 2011, se intenta contacto telefónico con el Sr. ...., sin conseguirlo ya que en su queja aportó únicamente un número de teléfono fijo.*

*Con fecha 18 de enero se archiva la queja ante la imposibilidad de contactar con el referido, aunque por parte de este departamento se continúa tratando de solucionar los problemas de la Plaza mencionada por diferentes medios.*

*Con fecha 20 de mayo se consigue hablar telefónicamente con el requirente a las 8:45 horas y tras varias llamadas realizadas en días anteriores. Manifiesta que debido a su horario de trabajo, no pudo entender los requerimientos telefónicos al no encontrarse en su domicilio. Se le informa de las múltiples intervenciones en dicha plaza, manifestando que percibe la mejora y que entiende que no se trataba de un problema policial sino de humanizar más la zona y que no tiene intención de denunciar a ningún agente."*

### REFLEXIÓN

Estas veñen subliñadas polo interesado na propia queixa:

Nas entradas da praza en cuestión figuran sinais de prohibido o paso, agás garaxes; existindo outros avisos informativos regulando a circulación. Indicacións que non se respectan.

Indícase ademais a posibilidade de instalar a iniciativa ZAPA de Francia (Zonas de Acción Prioritaria para a calidade do Aire) que supón ademais unha protección para o medio ambiente.

### EXPEDIENTE 30/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación da defensa das árbores colocadas nas beirarrúas dunha rúa humanizada, así como da vixilancia en canto a normas de tráfico, xa que é continuo o estacionamento nunha das beirarrúas da mesma.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/05/2011. Con data 18/05/2011, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 27/06/2011, 26/07/2011, 25/08/2011, 20/09/2011.

Con data 20/10/2011 recébase escrito de Participación Cidadá ao que achega escrito da Concelleira de Distrito no que o informa que tomarase en consideración a suxestión e cando exista orzamento tomarase as medidas oportunas.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 21/10/2011.

Sen incidencias posteriores.

## CAPÍTULO V- PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

### EXPEDIENTE 24/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación por non recibir resposta a unha petición formulada, en novembro de 2010, por unha asociación.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 06/04/2011. Con data 06/04/2011 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 04/05/2011 e o 06/06/2011.

Con data 13/06/2011, recíbese desde Participación Cidadá escrito no que informa o seguinte:

*“Polo que respecta á solicitude presentada por D., a través do doc. N.º., e correspondente a unha petición de entrevista co concelleiro de Participación Cidadá, para tratar a posibilidade de cesión dun local municipal a prol da Asociación.. lle informo que, dende o ano 2010, existe constancia, neste servizo, da celebración de varias reunións, as últimas das cales tiveron lugar nos meses de xaneiro a febreiro deste ano.*

*En canto ao asunto a tratar na entrevista solicitada, lle informo que, en diversas ocasións, se lle indicou por este servizo e polo concelleiro, ao representante da asociación, que na actualidade, existen mais de 1.200 asociacións e entidades sen ánimo de lucro inscritas no rexistro municipal de asociacións, polo que, o concello non dispón de espazos suficientes para responder a todas as demandas de cesións presentadas ata a data. Tamén se lle indicou que a súa petición foi incorporada a una listaxe de asociacións solicitantes de cesión de locais municipais e que, por outra banda, existen espazos para usos temporais nos centros cívicos municipais, a disposición das asociacións que os soliciten.*

*Por último, entendemos que, a distribución do tempo de traballo do concelleiro así como a organización da súa axenda persoal son decisións que non atinxen ao correcto funcionamento dos servizos públicos, non existindo ningunha obriga legal para aquel de celebrar reunións ou entrevistas con todas as persoas que así o soliciten.*

*Na espera que o informe que se achega cumpra coa súa solicitude.”*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 14/06/2011. Sen incidencias posteriores.

## CAPÍTULO VI - MOBILIDADE E SEGURANZA

### EXPEDIENTE 3/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación cos embargos do que está sendo obxecto por mor dunhas multas de tráfico, sen ter coñecemento previo das mesmas por falta de notificación oportuna.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/01/2011. Con data 11/01/2011 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 14/02/2011, 10/03/2011, 05/04/2011, 26/05/2011, 27/06/2011, 20/07/2011, 24/08/2011, 19/09/2011 e 17/10/2011.

Con data 24/10/2011 recíbese escrito de Seguridade, Tráfico e Transporte achegando informe da Unidade de Recadación Executiva no que informa o seguinte:

*“Aos efectos de cumprimentar a súa solicitude de 11 de xaneiro de 2011, (RECIBIDA NES- TA UNIDADE DE RECADACION EXECUTIVA O 10 DE OUTUBRO DE 2011) relativa ao escrito de queixa presentado ante esa Institución, se lles remite o seguinte INFORME:*

- *Nesta Unidade de Recadación Executiva do Concello de Vigo séguese expediente administrativo de constrinximento nº XX contra o debedor, por diversas multas de tráfico que se atopan pendentes de pagamento en período executivo.*
- *NON CONSTA QUE O SOLICITANTE, TEÑA ACREDITADA A REPRESENTACIÓN DO TITULAR DAS DÉBEDAS. Non obstante, remíteselles o presente Informe, sen prexuízo de que por esa Institución se lle reclame ao solicitante, con anterioridade a súa contestación, a documentación oportuna respecto a representación do titular, en cumprimento da normativa reguladora da Protección de Datos de carácter persoal.*
- *No expediente administrativo de constrinximento consta que con datas 31/12/2009, 15/07/2010 e 10/12/2010 practícaronse retencións por dilixencia de embargo das contas das que o interesado é titular, por un importe de 6,52 €, 232,61 € e 33,67 € respectivamente.*
- *Fronte a ditas retencións, o interesado presenta recursos con datas 04/01/10 e 07/07/10, no que alega sustancialmente falta de notificación anterior das sancións.*

*Ditos recursos foron oportunamente tramitados e ditadas resolucións desestimatorias dos mesmos con datas 8 de febreiro de 2010 e 26 de agosto de 2010. (Achéganse copias dos recursos e das resolucións e notificación das mesmas)*

- *As resolucións fundanse no feito de que as Providencias de Constrinximento foron correctamente notificadas no domicilio fiscal do interesado. Ao non ter sido recorridas en prazo, ditas Providencias adquiren firmeza, non sendo posíbel alegar posteriormente falta de notificación das mesmas ao recurrir as posteriores actuacións executivas. Transcríbese literalmente o contido da resolución desestimatoria do recurso nº 14146-700:*

*"A oposición á DILIXENCIA DE EMBARGAMENTO soamente é posíbel polos MOTIVOS TAXADOS previstos na Lei xeral tributaria (artigo 170.3 L.X.T. 58/2003):*

*Art. 170.3 Lxt: "Contra a dilixencia de embargo só serán admisíbeis os seguintes motivos de oposición:*

- c) Extinción da débeda ou prescrición do dereito a exixi-lo pagamento.*
- d) Falta de notificación da providencia de constrinximento.*
- e) Incumprimento das normas reguladoras do embargo contidas nesta Lei.*
- f) Suspensión do procedemento de recadación".*

*Neste caso, as PROVIDENCIAS DE CONSTRINXIMENTO foron NOTIFICADAS en data 05-06-09 (Nº XX), 05-08-09 (Nº XX, YY, ZZ), 23-02-10 (Nº XX, YY) .?????*

*Respecto da notificación das liquidacións en período voluntario, faise constar que as liquidacións (SANCIONS) das que traen causa as providencias de prema foron NOTIFICADAS en período voluntario o 27-10-08 (Nº XX), 22-12-08 (Nº XX, YY, ZZ), 23-03-09 (Nº XX), 25-02-09 (Nº XX) , tal como consta no expediente.*

*Á súa vez, as DENUNCIAS polas que se inicia o procedemento sancionador foron NOTIFICADAS en data 17-06-08 (Nº XX), 02-09-08 (Nº YY), 01-09-08 (Nº XX, YY), 29-11-08 (Nº XX), 24-10-08 (Nº XX) . Transcorrido o prazo oportuno sen formular alegacións ou, no seu caso, á vista do alegado e probado polo denunciado, ditouse resolución sancionadora, notificada ao interesado na data indicada anteriormente. Unha vez firme en vía administrativa devandita resolución sancionadora, iniciáronse os trámites do procedemento de constrinximento, de conformidade co previsto no artigo 83 da Lei sobre Tráfico e Seguridade Vial.*

*Faise constar que as Providencia de Constrinximento correspondentes, que son o título executivo suficiente para proceder contra os bens e dereitos do debedor foron notificadas no domicilio fiscal do obrigado tributario, de conformidade co regulado no artigo 48 LGT, que, segundo consulta na Base de Datos Municipal, dende o 20/02/2001”.*

- *Dita resolución do recurso nº 14146-700 foi notificada e recibida polo interesado con data 17-09-2010, segundo consta no correspondente acuse de recibo.*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 25/10/2011.

Sen incidencias posteriores.

### REFLEXIÓNS

Tense que resaltar que a Administración ten uns prazos, que lle obrigan, para comunicar as sancións; ademais se os datos que figuran na denuncia non son verdadeiros ou existen erros imputábeis á Administración, o expediente debe ser considerado como nulo.

É obvio que non é posíbel identificar ao condutor porque nin sequera tivo coñecemento que fora multado; entendéndose que ao non respectarse as formalidades esixíbeis nestes supostos ao non producirse a rigorosa e estrita observancia dos requisitos, prodúcese a exclusión de toda posibilidade de defensa, de aí que o resultado producido evidénciase como inxusto e desalentador.

Os Concellos, segundo doutrina do Tribunal Constitucional deben realizar unha mínima labor indagatoria nos seus censos pola posibilidade, coma neste caso, da existencia doutro domicilio onde poida ser notificado persoalmente o debedor.

Caso contrario, o cidadán ao non realizarse esta labor indagatoria, antes de facer a notificación edital, pode alegar vulneración do dereito de defensa.

### RECOMENDACIÓNS

Cumprimento da normativa de xeito rigoroso, así como cumprimento da obriga de responder, en tempo, ao Valedor do Cidadán.

## EXPEDIENTE 4/2011

### ASUNTO

Queixa en relación coa deficiente sinalización das zonas de aparcamento que provoca unha exorbitante contía de multas por mal estacionamento cando se comparten liñas amarelas con brancas, máxime cando explícase neste expediente que existía un afastado sinal de carga e descarga a longa distancia do carril.

O interesado foi sancionado dúas veces pola mesma infracción, sen ter coñecemento oficial das sancións.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/01/2011. Con data 25/01/2011 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 24/02/2011, 29/03/2011, 27/04/2011, 23/05/2011, 22/06/2011, 21/07/2011, 25/08/2011 e 20/09/2011.

Con data 19/10/2011 recébase escrito da Concellería de Seguridade, Tráfico e Transporte no que informa o seguinte:

*"En contestación ao escrito remitido por Vd, en relación coa queixa expediente 4/2011, referente aos expedientes sancionadores XX e YY, a continuación detállanse as actuacións realizadas nos mesmos:*

#### ***Expediente XX***

- 1) O 03/12/2010 o axente XX formula denuncia, ás 09:40 h, contra o vehículo por estacionar en zona reservada a carga e descarga.*
- 2) O 21/12/2010 notifícaselle a denuncia ao titular do vehículo.*
- 3) O 14/01/2011 presenta escrito de alegacións fronte a dita denuncia.*
- 4) O 17/01/2011 dita multa é abonada coa bonificación do 50% .*

#### ***Expediente YY***

- 1) O 07/12/2010 o axente YY formula denuncia, ás 10:05 h, contra o vehículo por estacionar en zona reservada a carga e descarga.*



- 2) O 12/01/2010 notificaselle a denuncia ao titular do vehículo.
- 3) O 14/01/2011 presenta escrito de alegacións fronte a dita denuncia
- 4) O 15/03/2011 notificaselle a desestimación de alegacións.
- 5) O 12/04/2011 presentou recurso de reposición.
- 6) A multa foi abonada o 25/04/2011

## **CONSIDERACIÓNS SOBRE OS EXPEDIENTES SANCIONADORES**

### **Expediente XX**

*Estase utilizando a vía do Valedor como una segunda instancia, xa que o escrito remitido non se trata senón de alegacións fronte á multa imposta no seu día e cuxo procedemento sancionador terminou co abono da multa, xa que o pago coa bonificación do 50% implica a renuncia a formular alegacións e a terminación do procedemento sen necesidade de ditar resolución expresa de acordo co establecido no Artigo 80 do Real Decreto 339/1990 modificado pola Lei 18/2009.*

#### **10. "Artículo 80. Procedimiento sancionador abreviado**

*Una vez realizado el pago voluntario de la multa, ya sea en el acto de entrega de la denuncia o dentro del plazo de quince días naturales contados desde el día siguiente al de su notificación, se tendrá por concluido el procedimiento sancionador con las siguientes consecuencias:*

- 8) *La reducción del 50 por ciento del importe de la sanción de multa.*
- 9) *La renuncia a formular alegaciones. En caso **de que fuesen formuladas se tendrán por no presentadas.***
- 10) *La terminación del procedimiento, sin necesidad de dictar resolución expresa, el día en que se realice el pago.*
- 11) *El agotamiento de la vía administrativa siendo recurrible únicamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo.*
- 12) *El plazo para interponer recurso contencioso-administrativo se iniciará al día siguiente a aquel en que tenga lugar el pago.*

*13) La firmeza de la sanción en vía administrativa desde el momento del pago, produciendo plenos efectos desde o día seguinte.”*

### ***Expediente YY***

*Non existe duplicidade de infraccións xa que se trata de dúas infraccións que aínda que foron cometidas no mesmo lugar, os feitos son de dous días diferentes (03/12/2010 e 07/12/2010) e as denuncias son formuladas por distintos axentes (axente XX e axente YY).*

*No que se refire a ser sancionado de forma severa indicar que a cuantía proposta é a establecida no art. 67 do RD Lexislativo 339/1990 polo que se aproba el texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial (modificado pola Lei 18/2009 de 23 de novembro). De acordo con esta disposición as infraccións graves (Art. 91.2 g .R.G.Circulación ) serán sancionadas con multa de 200 €.*

*A zona está debidamente sinalizada como zona de carga e descarga. Estase a utilizar a vía do Valedor como una segunda instancia, xa que o escrito remitido non se trata senón de reiterar alegacións que xa foron desestimadas el 15/03/2011.*

### REFLEXIÓN

A Administración ten obriga de comunicar, de xeito eficaz, a demanda ao propietario do vehículo.

### RECOMENDACIÓN

Cumprimento, máis unha vez, do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán (artigo 10.2) onde se establece un prazo máximo (quinze días) para remitir informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto da reclamación.

### EXPEDIENTE 8/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude dun vao para poder realizar con xeito a atención a familias necesitadas por mor das actividades, que se levan a cabo nun centro de atención aos necesitados.

Solicitude formulada o 07/06/2010 e que a data de febreiro de 2011 aínda non ten recibido información ao respecto.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/02/2011. Con data 21/02/2011 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 21/03/2011, 20/04/2011, 23/05/2011, 16/06/2011, 20/07/2011, 24/08/2011, 19/9/2011, 17/10/2011 e 22/11/2011.

## REFLEXIÓNS

As actividades do centro interesado precisan dispor dos medios necesarios que permitan o libre acceso das persoas con paquetes de mercadoría destinados ás axudas que se prestan na institución e que habitualmente están obstaculizadas por causa dos vehículos particulares que estacionan nos accesos ao centro.

## RECOMENDACIÓNS

As expostas no expediente anterior.

## EXPEDIENTE 10/2011

### ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por estacionar en dobre fila sen condutor. O interesado, a vista da proba fotográfica que se lle enviou co expediente declara que o vehículo non estaba en situación de abandono ou sen condutor como se deduce de expediente.

A fotografía é tan defectuosa que non recolle a súa localización na praza do condutor o que permite considerar a mesma como dato non fiábel.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 21/02/2011. Con data 23/02/2011 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 23/03/2011, 20/04/2011, 23/05/2011, 16/06/2011, 20/07/2011, 24/08/2011, 19/09/2011 e 17/10/2011.

Con data 19/10/2011 recébase escrito da Concellería de Seguridade, Tráfico e Transporte no que informa o seguinte:

*“En contestación ao escrito remitido por Vd en relación coa queixa presentada, referente ao expediente sancionador XX, detállanse a continuación as **actuacións realizadas no mesmo**:*

1) O 03/08/2010 o axente XX formula denuncia, ás 19:36 h, contra o vehículo por estacionar en dobre fila sen condutor.

2) O 02/09/2010 notifícaselle a denuncia ao titular do vehículo recibindo a mesma a súa irmá.

3) O 10/09/2010 presenta alegacións.

4) O 28/10/2011 notifícaselle a resolución desestimando as alegacións no que entre outras consideracións se lle indica:

*“Las denuncias efectuadas por los Agentes de la autoridad encargados de la vigilancia del tráfico harán fe, salvo prueba en contrario, respecto de los hechos denunciados. Esta presunción de veracidad de lo constatado por los Agentes viene confirmada por la fotografía del vehículo, constituyendo la necesaria prueba de cargo capaz de destruir la presunción de inocencia que protege a todo ciudadano (STC 75/1997, 3/1999, 76/1990, 341/1993) y conlleva el desplazamiento de la carga probatoria al sancionado, que es quien debe acreditar, con las pruebas precisas, que no se ajustan a la realidad los hechos descritos por las actuaciones de la autoridad (STC 45/1997); lo cual no ha sucedido en este expediente sancionador.”*

5) O 11/11/2010 presenta recurso de reposición.

6) O 02/02/2011 notifícaselle a desestimación do recurso de reposición.

7) O 23/02/2011 presenta escrito ante o Valedor do Cidadán.

## **CONSIDERACIÓN S SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR**

*Creemos que se está utilizando a vía do Valedor do Cidadán como unha segunda instancia, xa que o cauce adecuado para a contestación da súa solicitude, é o que fixa o regulamento do procedemento sancionador (presentación de alegacións ante a denuncia; presentación de recurso de reposición ante a sanción) e en caso de desconformidade coa resolución do recurso pode acudir ao Xulgado Contencioso Administrativo.”*

## REFLEXIÓN S

A situación exposta en relación coa fotografía realizada provoca unha realidade distinta da que se reflicte na denuncia (un dato non real, é dicir, un erro) polo que a mesma debe ser considerada como nula por darse unha situación errónea imputábel á Administración, o que debe ser motivo de nulidade do expediente.

## RECOMENDACIÓNS

As expostas nos expedientes anteriores.

### EXPEDIENTE 12/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por acceder a unha praza onde non se permite a entrada nin estacionamento a vehículos de deficientes, inclusive aos que dispoñen de cartón de estacionamento que os acredita como tales.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 04/03/2011. Con data 07/03/2011 solicítase o preceptivo informe que reiterase o 04/04/2011, 28/05/2011, 23/06/2011, 21/07/2011, 25/08/2011 e 20/09/2011.

Con data 19/01/2011 recébase escrito da Concellería de Seguridade, Tráfico e Transporte no que informa o seguinte:

*“En contestación ao escrito remitido por Vd. en relación coa queixa presentada, referente ao expediente 12/2011, a continuación se detallan as actuacións realizadas no mesmo:*

- 1) O 25/01/2011 o axente XX formula denuncia, por estacionar en zona reservada ao tránsito de peóns.*
- 2) O 27/01/2011 o titular do vehículo presenta alegacións fronte ao boletín de denuncia.*
- 3) O 19/04/2011 notifícaselle a denuncia.*

### **CONSIDERACIONS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR**

*Estase a utilizar a vía do Valador do Cidadán como unha segunda instancia, xa que o cauce adecuado para a contestación da súa solicitude é o que fixa o regulamento do procedemento sancionador.*

*Por outro lado indicar que aínda que determinadas circunstancias poderían atenuar a responsabilidade do denunciado, é criterio xurisprudencial asentado que, no ámbito do Dereito administrativo sancionador, o principio de proporcionalidade substitúe a aplicación de circunstancias eximentes ou atenuantes do Dereito Penal.*

*En aplicación do principio de proporcionalidade, a sanción proposta na denuncia situouse no grao mínimo (45 euros) dentro do tramo legalmente previsto para unha infracción da gravidade e características da denunciada.*

*Polo que se refire ao feito de dispoñer da tarxeta de minusválido sinalar que a mesma non lle habilita para estacionar nunha zona reservada ao tránsito de peóns, neste sentido o Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Vigo na súa sentenza 239/10 de 25 de xuño de 2010 establece:*

*“.. Por lo que respecta al hecho de que el vehículo mostrara tarjeta de minusválido, no enerva la tipicidad del hecho, ya que dita tarjeta autoriza el estacionamiento en las plazas reservadas para minusválidos, pero no en las zonas destinadas a carga y descarga dentro del horario reservado a estas operaciones.”*

## REFLEXIÓN

Os servizos públicos, aínda que sexan prestados por concesionarias, deben prestar a correcta colaboración, tratamento e deferencia; así como a accesibilidade a persoas deficientes.

Por outra banda, estamos ante un comportamento dun cidadán que ven definido por unha conduta nun estado de necesidade concreto e obxectivo e ademais demostrábel, que se define como presuposto básico e elemental dun estado de necesidade que o exime de responsabilidade.

Faise preciso sinalar que as contravenzas administrativas non poden ser aplicadas dun xeito mecánico con arranxo á simples enunciación literal xa que se integran no supraconcepto do ilícito administrativo, cuxa unidade substancial é compatíbel tanto no ilícito administrativo como no ilícito penal, ambos necesitados dun comportamento humano positivo ou negativo.

Daí que debe procederse á anulación da sanción e pór no lugar unha sinalización de permisión de estacionamento á vista do servizo público que, naquela zona, se presta actualmente.

## RECOMENDACIÓNS

As expostas nos expedientes anteriores.

## EXPEDIENTE 25/2011

### ASUNTO

Queixa en relación cunha multa de tráfico por causa de estacionar sobre a beirarrúa para efectuar unha descarga duns móbeis, tendo que facelo o máis próximo posíbel do seu portal por estar recentemente intervido cirurxicamente.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/04/2011. Con data 14/04/2011 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 04/05/2011, 06/06/2011, 07/07/2011, 02/08/2011, 05/09/2011 e 05/10/2011.

Con data 17/10/2011 recébase escrito da Concellería de Seguridade, Tráfico e Transporte no que informa o seguinte:

*“En contestación ao escrito remitido por Vd. en relación coa queixa presentada por D. no que solicita información sobre o expediente sancionador XX detállanse a continuación as **actuacións realizadas no mesmo**:*

- 1) O 11/03/2011 o axente XX formula denuncia, por estacionar sobre a beirarrúa.
  - O 13/04/2011 notifícaselle a denuncia ao titular do vehículo recibindo a mesma o interesado.
  - O 13/04/2011 presenta alegacións.
  - O 04/06/2011 notifícaselle a resolución desestimando as alegacións.

### **CONSIDERACIONES SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR**

Existen dous escritos presentados polo interesado nos que reitera os motivos de impugnación :

- Escrito con número de documento XX presentado o 13/04/11, conforme ao cal se presentan alegacións ante a notificación de denuncia cuxa resolución xa foi notificada o 04/06/11.
- Escrito con número de documento YY, presentado o 14/04/11, conforme ao cal se presenta queixa ante o Valador do Cidadán.

*Creemos que se está utilizando a vía do Valedor do Cidadán como unha segunda instancia, xa que o cauce adecuado para a contestación da súa solicitude, é o que fixa o regulamento do procedemento sancionador (doc.110050539).*

*Por outro lado, indicar que aínda que determinadas circunstancias poderían atenuar a responsabilidade do denunciado, é criterio xurisprudencial asentado que, no ámbito do Dereito Administrativo Sancionador, o principio de proporcionalidade substitúe a aplicación de circunstancias eximentes ou atenuantes do Dereito Penal.*

*En aplicación do principio de proporcionalidade, a sanción proposta na denuncia situouse no grado mínimo (45 euros) dentro do tramo legalmente previsto para unha infracción da gravidade e características da denunciada.*

*Polo que se refire á falla de notificación no acto indicar que, de acordo co establecido no Art. 76 del R.D. 339/1990 : “..procederá también la notificación de la denuncia en un momento posterior a su formulación en los casos de vehículos estacionados cuando el conductor no esté presente.”*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 18/10/2011.

Sen incidencias posteriores.

### REFLEXIÓNS

Estamos perante un comportamento definido por unha conduta activa nun estado de necesidade concreto, cal é a convalecencia pola que está a pasar por causa dunha intervención cirúrxica que lle obrigou a situar o seu vehículo enriba da beirarrúa para efectuar unha descarga o menor tempo posíbel.

Este comportamento defínese coma un presuposto básico dun estado de necesidade que o exime de responsabilidade.

### RECOMENDACIÓNS

As expostas nos expedientes anteriores.



## EXPEDIENTE 35/2011

### ASUNTO

Queixa en relación cunha multa de tráfico nun estacionamento no que non existen os contedores que figuran na fotografía, dándose ademais a circunstancia que el non era o condutor facendo no recoñecemento a correspondente identificación.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 03/06/2011. Con data 06/06/2011 solicitouse o preceptivo informe que reitérase o 07/07/2011, 02/08/2011, 05/09/2011 e 05/10/2011.

Con data 19/10/2011 recíbese escrito da Consellería de Seguridade, Tráfico e Transporte no que informa o seguinte:

*“En contestación ao escrito remitido por Vd. en relación coa queixa presentada por D., referente ao expediente sancionador XX (Expediente orixe XX), detállanse a continuación as actuacións realizadas no mesmo:*

- *O 08/10/2010 o axente XX formula denuncia, contra o vehículo por estacionar na beirarrúa obstaculizando o tráfico de peóns.*
- *O 14/10/2010 notifícaselle a denuncia ao titular do vehículo recibindo a mesma o seu fillo.*
- *O 20/10/2010 presenta escrito no que manifesta a súa desconformidade coa denuncia formulada, si ben carece de lexitimación para recorrer xa que identifica como condutor ao seu fillo pero sen indicar o seu DNI, nin o seu domicilio a efectos de notificacións.*
- *O 03/11/2010 notifícaselle requirimento para que aporte o domicilio completo do condutor e o seu DNI.*
- *Ante dito requirimento de identificación o interesado preséntase en persoa o 16/11/2010 no Concello e manifesta que o condutor non era o seu fillo senón el mesmo.*
- *O 16/11/2010 tras identificarse como condutor notifícaselle a denuncia.*
- *Fronte a dita notificación de denuncia non presenta alegacións.*

## **CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR**

*Estase a utilizar a vía do Valedor do Cidadán como unha segunda instancia, xa que o escrito remitido non se trata senón de alegacións fronte á multa imposta que non foi recorrida en tempo e forma. Ao respecto sinalar o que establece o **Artigo 81.5 Decreto 339/1990 modificado pola Lei 18/2009**.*

*“Si el denunciado no formula alegaciones ni abona el importe de la multa en el plazo de quince días naturales siguientes al de la notificación de la denuncia, esta surtirá el efecto de acto resolutorio del procedimiento sancionador. En este supuesto, la sanción podrá ejecutarse transcurridos treinta días naturales desde la notificación de la denuncia.”*

### REFLEXIÓNS

Os datos sobre a suposta infracción, incorrecta situación de vehículos, non son verdadeiros polo que o expediente teríase que declarar nulo.

### RECOMENDACIÓNS

As expostas nos expedientes anteriores.

## **EXPEDIENTE 37/2011**

### ASUNTO

Queixa en relación cunha notificación de providencia de urxencia sen ter recibido notificación previa no seu domicilio. Á vista do que se dirixiu á oficina de recadación para solicitar a reclamación correspondente onde lle indicaron que en novembro de 2010 presentárase en persoa, no seu domicilio os xestores da multa.

O interesado indicoulle que naquelas datas non vivía naquel domicilio, estrañándose ademais que na carpeta do cidadán en internet tampouco consta a existencia da sanción cando segundo as instrucións de dita páxina do Concello activando a mencionada carpeta, daríase constancia das sancións e dos impostos.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/06/2011. Con data 13/06/2011 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 21/07/2011, 25/08/2011, 20/09/2011 e 24/10/2011.

Con data 08/11/2011, recébase escrito da Concellería competente ao que adxunta escrito da Unidade de Recadación Executiva no que se detalla a procedemento a seguir nas dilixencias de embargo.

Do que se da copia literal ao interesado o 09/11/2011.

### REFLEXIÓNS

É de citar que o interesado solicita facer fronte á sanción no tempo e na forma que correspondería segundo a notificación fidedigna.

Á vista do cal enténdese que na tramitación do expediente existe un erro imputábel á Administración polo que o procedemento do urxencia debe ser anulado.

### RECOMENDACIÓNS

As expostas nos expedientes anteriores.

### EXPEDIENTE 38/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coa documentación de autoprotección dun Centro de Día, sen ter recibido resposta.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 09/06/2011. Con data 13/06/2011 solicítase o preceptivo informe que se recibe dende o Servizo de Bombeiros o 06/07/2011 e no que indica o seguinte:

*“En relación co escrito, no que solicita informe actualizado do expediente 38/2011 sobre a entrega dos planes de Autoprotección aos efectos de revisión polos técnicos do Concello, na revisión levada a cabo no Centro de Día, desta cidade, este Servizo de Bombeiros lle informa, de acordo cos datos que figuran nestas dependencias, o seguinte:*

*Primeiro, cóstanos que o Centro ten licenza de actividade dende o 8/10/2008 e a revisión por parte deste servizo foi favorábel e comunicado á interesada en data cercana ao escrito feito pola mesma.*

*Segundo, a xestión do plan de Autoprotección é competencia e aplicación da empresa.*

*Infórmase aos efectos oportunos,*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 07/07/2011.

Sen incidencias posteriores.

### **EXPEDIENTE 39/2011**

#### **ASUNTO**

Queixa en relación coa concesión dunha licenza para a instalación dunha terraza solicitándose ao respecto sobre as medidas disciplinarias adoptadas polo reiterado incumprimento da normativa reguladora, existindo informes da Policía Local ao respecto.

#### **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 14/06/2011. Con data 14/06/2011 solicitouse o preceptivo informe que reitérase o 21/07/2011, 25/08/2011, 20/09/2011, 24/10/2011 e 28/11/2011.

### **EXPEDIENTE 40/2011**

#### **ASUNTO**

Queixa en relación coa posibilidade de acadar unha conexión con algunha liña de VITRASA dende unha zona de Coruxo que permite enlazar coa Gran Vía (de Travesas a Praza de España), coa finalidade de facilitar o desprazamento e o acceso a un hospital.

#### **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 13/06/2011. Con data 14/06/2011 solicitouse o preceptivo informe que reitérase o 21/07/2011, 25/08/2011, 20/09/2011 e 24/10/2011.

#### **REFLEXIÓNS**

A interesada recebeu escrito no que se lle informa concisamente que “non se poden modificar as paradas establecidas”.

Pola nosa parte e ante a finalidade que se pretende, faise preciso insistir dunha medida que ten como obxectivo facilitar a mobilidade e a accesibilidade dun colectivo humano específico, cal é as persoas afectadas na súa saúde, facilitar o acceso a unha institución fundamental, cal é a encargada de vixiar a saúde dos cidadáns.

A Constitución española, no seu artigo 49, sinala a realización de políticas de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos cidadáns.

### RECOMENDACIÓNS

As expostas reiteradamente en expedientes anteriores.

### EXPEDIENTE 42/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coas sucesivas multas que se lle están a pasar ao interesado debido a súa actividade de panadeiro-repartidor.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 21/06/2011. Con data 21/06/2011 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 26/07/2011, 25/08/2011, 26/09/2011 e 28/10/2011.

Con data 08/11/2011 recébase escrito da Concellería de Seguridade, Tráfico e Transporte ao que achega copia do informe da Unidade de Recadación Executiva na que se fai constar que o interesado nunca fixo alegacións contra a imposición das multas.

Do que se deu literal información ao interesado o 10/11/2011.

#### REFLEXIÓNS

O suposto que se recolle neste expediente clara e contundentemente un estado de necesidade concreto e obxectivo e que ademais é patente e demostrábel.

Este comportamento deriva dunhas condicións esenciais e defínese como presuposto básico dun estado de necesidade que o exime de responsabilidade, tal como se mostra na notificación de urxencia.

### RECOMENDACIÓNS

As expostas en expedientes anteriores.

## EXPEDIENTE 43/2011

### ASUNTO

Queixa en relación con dúas sancións de tráfico no mesmo sitio. O interesado considera que no lugar onde se realizou o estacionamento non atranca ningún carril xa que o seu vehículo atópase detrás do bus escolar, como se pode comprobar nas fotografías realizadas.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 21/06/2011. Con data 22/06/2011 solicítase o preceptivo informe que reitérase o 26/07/2011, 25/08/2011 e 26/09/2011.

Con data 17/10/2011 recíbese escrito da Concellería de Seguridade, Tráfico e Transporte no que informa o seguinte:

*"En contestación ao escrito remitido por Vd. en relación coa queixa presentada por D., no que solicitaba información sobre os expedientes sancionadores XX e YY, detállanse a continuación as **actuacións realizadas no mesmo**:*

#### ***Expediente XX***

- 18/02/2011 o axente XX formula denuncia, contra o vehículo por estar estacionado en prohibida a parada.
- 01/03/2011 notifícaselle a denuncia ao titular do vehículo recibindo a mesma a súa esposa.
- 07/03/2011 presenta alegacións.
- 28/03/2011 dita multa é abonada coa bonificación do 50%.

#### ***Expediente YY***

- 18/02/2011 o axente XX formula denuncia, contra o vehículo por estar estacionado obstaculizando un carril de circulación.
- 01/03/2011 notifícaselle a denuncia ao titular do vehículo recibindo a mesma a súa esposa.
- 07/03/2011 presenta alegacións.

- 09/05/2011 notifícaselle a desestimación das alegacións.
- 20/06/2011 abona a multa por importe de 200 euros.

## **CONSIDERACIONS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR**

### **Expediente XX**

*Estase a utilizar a vía do Valador do Cidadán como unha segunda instancia, xa que o escrito remitido non se trata senón de alegacións fronte á multa imposta no seu día e cuxo procedemento sancionador terminou co abono da multa, xa que o pago coa bonificación do 50% implica a renuncia a formular alegacións e a terminación do procedemento sen necesidade de dictar resolución expresa de acordo co establecido no **Artigo 80 do Real Decreto 339/1990 modificado pola Lei 18/2009**.*

#### **11. "Artículo 80. Procedimiento sancionador abreviado**

*Una vez realizado el pago voluntario de la multa, ya sea en el acto de entrega de la denuncia o dentro del plazo de quince días naturales contados desde el día siguiente al de su notificación, se tendrá por concluido el procedimiento sancionador con las siguientes consecuencias:*

*14) La reducción del 50 por ciento del importe de la sanción de multa.*

*15) La renuncia a formular alegaciones. En el caso de que fuesen formuladas se tendrán por no presentadas.*

*16) La terminación del procedimiento, sin necesidad de dictar resolución expresa, el día en que se realice el pago.*

*17) El agotamiento de la vía administrativa siendo recurrible únicamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo. ..."*

### **Expediente YY**

*Tratase dun tema: a gravidade do estacionamento nun carril de circulación, sobre o que tiveron ocasión de pronunciarse o Xulgado Contencioso Administrativo de Vigo en diversas sentenzas entre as que cabe mencionar a Sentenza 122/2011 de 31 de marzo de 2011 nela establécese o seguinte:*

*"Alega el demandante que el vehículo no obstaculizaba la circulación... En un carril de circulación nunca está permitido el estacionamiento el cual solo se puede autorizar fuera de la*

*calzada. A este respecto conviene recordar que conforme al Artículo 91.2 del Reglamento General de Circulación aprobado por Real Decreto 1428/2003*

*Se consideran paradas o estacionamientos peligrosos o que obstaculizan gravemente la circulación los que constituyan un riesgo u obstáculo a la circulación en los siguientes supuestos:*

*l. cuando el estacionamiento se efectúe en medio de la calzada*

*m. las paradas o estacionamientos que sin estar incluidos en los párrafos anteriores constituyan un peligro u obstaculicen gravemente el tráfico de peatones, vehículos o animales”*

*Sendo o feito denunciado estacionar nun carril de circulación sólo podería considerarse enervada a tipicidade do feito mediante a acreditación do lugar exacto ocupado polo vehículo sempre que dito lugar non se correspondese co carril de circulación.*

*Das fotografías realizadas no momento dos feitos despréndese que o vehículo estaba estacionado dentro dun carril de circulación polo cal a infracción tería a consideración de grave e lle correspondería unha sanción de 200 euros.*

*No obstante é certo que se produciu un erro na tramitación do expediente sancionador XX debido á descrición dos feitos realizada polo axente que considerou que se trataba dun “Estacionameento en donde estaba prohibida a parada”(multa leve) e non dun “Estacionamento obstaculizando un carril de circulación” multa grave; en todo caso dita equivocación foi favorábel ao infractor.*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 18/10/2011.

Sen incidencias posteriores.

## **EXPEDIENTE 45/2011**

### **ASUNTO**

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por estacionar sobre a beirarrúa obstaculizando o tráfico de peóns.

### **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 19/07/2011. Con data 20/07/2011 solicitouse o preceptivo informe que reitérase o 25/08/2011 e o 26/09/2011.



Con data 19/10/2011, recíbese escrito da Concellería de Seguridade, Tráfico e Transporte no que informa o seguinte:

*“En contestación ao escrito remitido por Vd. en relación coa queixa presentada por D<sup>o</sup>., referente ao expediente sancionador, detállanse a continuación as **actuacións realizadas no mesmo**:*

*O 02/03/2011 o axente XX formula denuncia, contra o vehículo por estacionar na beirarrúa obstaculizando o tráfico de peóns.*

*O 11/07/2011 notifícaselle a denuncia ao titular do vehículo recibindo a mesma a interesada*

*Non presenta alegacións fronte á denuncia nin abona o importe da mesma .*

### **CONSIDERACIONS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR**

*Estase a utilizar a vía do Valador do Cidadán como una segunda instancia, xa que o escrito remitido non se trata senón de alegacións fronte á multa imposta que **non foi recorrida en tempo e forma**, ao respecto sinalar o que establece o **Artigo 81.5 Decreto 339/1990 modificado pola Lei 18/2009** :*

*“Si el denunciado no formula alegaciones ni abona el importe de la multa en el plazo de quince días naturales siguientes al de la notificación de la denuncia, esta surtirá el efecto de acto resolutorio del procedimiento sancionador. En este supuesto, la sanción podrá ejecutarse transcurridos treinta días naturales desde la notificación de la denuncia.”*

*Actualmente dita multa atópase en vía executiva de acordo co establecido no artigo anterior.”*

Do que se da cumprida información á interesada.

Sen incidencias posteriores.

### REFLEXIÓN

A interesada fai constar que o lugar onde estacionou é unha rampla para a saída de vehículos e non ten sinal algunha que prohiba o estacionamento, sendo o motivo da parada a necesidade de descargar un moble que polas súas dimensións non lle foi doado descargar e non atopando ningunha notificación sobre a infracción, empregando un curto espazo de tempo para a descarga.

No mesmo lugar realiza as funcións de carga e descarga o camión do servizo de butano. Non é unha beirarrúa, senón unha rampla.

## EXPEDIENTE 50/2011

### ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción por estacionar un vehículo nun vao.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/08/2011. Con data 22/08/2011 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 26/09/2011 e o 27/10/2011.

Con data 28/10/2011 recíbese escrito de Seguridade, Tráfico e Transporte no que se informa o seguinte:

*"En contestación ao escrito remitido por Vd, en relación coa queixa presentada, na que solicita información sobre o expediente 50/2011 detállase a continuación as **actuacións realizadas no mesmo**:*

- 1. O 19/07/2010 o axente XX formula a denuncia, por estacionar nun vado obstaculizando.*
- 2. O 30/08/2010 notifícaselle a denuncia ao titular do vehículo, recibindo a mesma o interesado.*
- 3. O 22/09/2010 identifícase ao condutor.*
- 4. O 04/11/2010 notifícaselle a denuncia ao condutor.*
- 5. O 26/11/2010 presenta alegacións manifestando a súa desconformidade.*
- 6. O 15/12/2010 notifícaselle admisión de proba en orden a solicitar informe ao axente denunciante sobre os feitos.*
- 7. O 14/03/2011 notifícaselle o informe do axente ratificándose na denuncia e dáselle audiencia ao interesado para que á vista do mesmo volva a alegar o que estime oportuno.*
- 8. O 31/03/2011 presenta novas alegacións nas que reitera a súa desconformidade.*

9. O 10/05/2011 notifícaselle a resolución desestimando as alegacións.

10. O 15/06/2011 presenta recurso de reposición.

11. O 22/08/2011 presenta escrito ante o Valador do Cidadán.

### **CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR**

Creemos que se está utilizando a vía do Valador do Cidadán como unha segunda instancia, xa que o cauce adecuado para a contestación da súa solicitude, é o que fixa o regulamento do procedemento sancionador.

No obstante indicar dúas cuestións:

\* Que de acordo co establecido no art. 2 do Real Decreto Lexislativo 339/1990 de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

*“Los preceptos de esta Ley serán aplicables en todo territorio nacional y obligarán a los titulares y usuarios de las vías y terrenos públicos aptos para la circulación, tanto urbanos como interurbanos, a los de las vías y terrenos que, sin tener tal aptitud sean de uso común y, en defecto de otras normas, a los titulares de las vías y terrenos privados que sean utilizados por una colectividad indeterminada de usuarios.”*

\* Que a utilización de dominio público autorizado polo Concello límitase a permitir o acceso de vehículos ao inmovible, **non permitíndose** o estacionamento en dito lugar. ”

Do que se deu cumprida información ao interesado.

Sen incidencias posteriores.

### REFLEXIÓN

A situación causante de sanción foi fidedignamente acreditada polo interesado:

- O motivo da estancia no lugar dos feitos débese a unha ocupación laboral xestionada pola Comunidade de Veciños, segundo consta na autorización do presidente da mesma, na que se acredita que, en ningún momento, estivo estacionado nun vao, e que non ocasionou molestias, nin motivou interrupción de ningún tipo.

- Acredítase tamén que o lugar de estacionamento do vehículo denunciado é privado, achegándose plano de situación que o acredita. Feito que se puxo de manifesto por parte dos propietarios ao axente que formalizou a denuncia.
- Acreditouse con informe, de 31/05/2011, por parte do Arquitecto Municipal da Oficina Técnica de Patrimonio que indica que no expediente non figura como público no inventario municipal de bens e dereitos aprobado no seu día polo acordo plenario (04/05/1993).
- Das fotografías achegadas co expediente compróbase que non se provoca impedimento algún de acceso á propiedade.

Por todo solicítase a revisión do expediente xa que os datos que figuran na denuncia, non son verdadeiros, existindo erros imputábeis á propia Administración que fai que o mesmo se teña que considerar nulo procedéndose ao seu arquivo.

## EXPEDIENTE 51/2011

### ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por estacionar en zona de carga e descarga.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/09/2011. Con data 14/09/2011 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 17/10/2011.

Con data 19/10/2011 recíbese informe da Concellería de Seguridade, Tráfico e Transporte no que informa o seguinte:

*"En contestación ao escrito remitido por Vd. en relación coa queixa presentada por D., referente ao expediente 51/2011 detállanse a continuación as **actuacións realizadas no mesmo**:*

*1) O 19/04/2011 o axente XX formula denuncia, contra o vehículo por estacionar en zona reservada a carga e descarga.*

*2) O 20/05/2011 notifícaselle a denuncia ao titular do vehículo, recibindo a mesma a interesada.*

*3) O 30/05/2011 presenta alegacións.*

4) O 29/06/2011 notifícaselle a resolución desestimando as alegacións no que entre outras consideracións se lle indica :

*“Que de acordo con lo establecido en el art. 22 de la Ordenanza Municipal Reguladora de las Operaciones de Carga y Descarga de Mercancías en Vías Urbanas del Concello de Vigo :*

*“ Se considera infracción grave :*

*g) Estacionar o parar con un vehículo no autorizado (turismo, vehículo de mudanzas , ..) en una zona reservada a carga y descarga, esté o no realizando dichas tareas, durante las horas de utilización”*

5) O 29/07/2011 presenta recurso de reposición no que manifesta que estaba realizando tarefas de carga e descarga para o seu centro de traballo.

6) O 05/09/2011 notifícaselle a desestimación do recurso de reposición.

7) O 14/09/2011 presenta escrito ante o Valedor do Cidadán.

8) Actualmente dito expediente atópase en vía executiva.

### **CONSIDERACIONES SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR**

*Creemos que se está a utilizar a vía do Valedor do Cidadán como unha segunda instancia, xa que o cauce adecuado para a contestación da súa solicitude, é o que fixa o regulamento do procedemento sancionador.*

*Volver a reiterar que se trata dun vehículo non autorizado a estacionar nunha zona reservada a carga e descarga.*

Do que se dá cumprida información.

Sen incidencias posteriores.

### REFLEXIÓN

Na solicitude de informe faise constar que o estacionamento en cuestión estímase correcto toda vez que a dirección na que se realizou o mesmo corresponde ao seu centro de traballo, realizándose nese intre a operación de carga de documentación variada corresponde á actividade comercial do local.

Como tantas veces o informe do axente non reflicte o motivo da conduta ou operación realizada o que ven a xustificar un incorrecto procedemento que debe dar lugar á anulación do mesmo.

### EXPEDIENTE 54/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coas actuacións da dirección dun negocio de hostalería que impide coa súa terraza a circulación dos cidadáns dunha zona da cidade.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 19/09/2011. Con data 28/09/2011 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 28/10/2011.

#### REFLEXIÓN

A situación denunciada imposibilita o tránsito normal dos viandantes que por causa da localización da mobilia do negocio vese obrigado a circular pola rúa con serio perigo para a súa integridade.

### EXPEDIENTE 55/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coa cantidade de vehículos abandonados en varias rúas dunha zona da cidade.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 19/09/2011. Con data 28/09/2011 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 28/10/2011.

#### REFLEXIÓN

As zonas afectadas presentan un estado de deterioro. Case que calamitoso cun serio efecto sobre o medio ambiente, que require dunha acción eficaz ao respecto.

## EXPEDIENTE 56/2011

### ASUNTO

Queixa en relación coa discriminación co tratamento dado a estudantes no uso de Vitrasa.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/09/2011. Con data 21/09/2011, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 28/10/2011.

### REFLEXIÓN

A ter en conta que os alumnos do Conservatorio Superior de Música, son alumnos de estudos superiores, e que outros estudantes dese nivel gozan da bonificación no Campus Urbano de Torrecedeira.

## EXPEDIENTE 57/2011

### ASUNTO

Queixa en relación coas vías de circulación en algunha zona da cidade.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 21/09/2011. Con data 28/9/2011 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 28/10/2011.

## EXPEDIENTE 60/2011

### ASUNTO

Queixa en relación coa falta de indicadores de seguridade nalgúns locais públicos.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/10/2011. Con data 19/10/2011 solicítase o preceptivo informe.

## EXPEDIENTE 61/2011

### ASUNTO

Queixa en relación cun embargo por Recadación Executiva sen ser notificado previamente da infracción.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 31/10/2011. Con data 03/11/2011 solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 11/11/2011, e no que se indica o seguinte:

*"Acusamos recibo da súa solicitude de informe, sobre o expediente de queixa de referencia iniciado por D<sup>a</sup>..., a cal foi remitida ao servizo de Seguridade.*

*Con respecto á súa obxección a que a reclamación da interesada fora resolta polo Tribunal Económico-administrativo, lle informo que, o Título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece o réxime dos municipios de gran poboación ao que se somete o concello de Vigo, dispón, no seu artigo 137, baixo a rúbrica, "órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas", que existirá un órgano especializado, entre outras, na función de coñecemento e resolución das reclamacións sobre os actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público, que sexan de competencia municipal.*

*Por outra banda o artigo 108 da mesma norma, dispón que, contra os actos sobre aplicación e efectividade dos tributos locais e restantes **ingresos de Dereito Público** das entidades locais, tales como, prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias, prezos públicos, e **multas e sancións pecuniarias**, se formulará o recurso de reposición previsto na Lei reguladora das Facendas Locais, que terá carácter potestativo nos municipios de gran poboación.*

*En definitiva, a multa derivada de sanción de tráfico, pertence á categoría de ingreso de Dereito Público das facendas locais, e a resolución das reclamacións que se interpoñan contra os actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tales ingresos, corresponde, ao Tribunal Económico-administrativo, sen prexuízo, de que os interesados podan interpoñer, con carácter potestativo, o recurso de reposición.*

Do que se deu cumprida información á interesada, indicándolle que á vista de que non se fai mención das alegacións feitas no seu escrito de 26/02/2011, sobre datos erróneos (hora e lugar da zona), con esta data (15/11/2011) dirixímonos a Participación Cidadá para que se proceda a emisión do informe correspondente por Seguridade, Tráfico e Transporte indicándolle o seguinte:



*“En relación co seu escrito de 09/11/2011, súa referencia XX/321, sen número de rexistro de saída signifícolle o seguinte:*

*1) No noso escrito de 03/11/2011, nº de rexistro de saída 1105, documento XX, non se cuestiona a actuación do Tribunal Económico-Administrativo como órgano competente en materia de ingresos de Dereito Público.*

*2) O que se cuestiona é a falta de precisión nas sancións de Tráfico impostas o 28/07/2008 e o 01/12/2008, con especial referencia a imposta o 28/07/2008, polo axente nº XX (estacionar en zona de carga e descarga).*

*3) Neste senso a interesada cursou o 26/02/2011 o correspondente escrito de alegacións no Rexistro de Entrada do Concello, documento 110023404, indicando que a hora fixada na denuncia está fora do previsto na Ordenanza Municipal do Concello de Vigo. Ademais no enderezo que figura na denuncia non existe tal zona de reserva de carga e descarga.*

*Por outra parte, a sanción por non identificar ao conductor, así como a propia sanción por aparcamento “incorrecto” non lle foi notificada.*

*Por todo entendemos que antes de definirse a resolución do Tribunal Económico-Administrativo, tería de resolverse o escrito das alegacións presentada pola interesada no documento antes citado (XX), pola Concellería de Seguridade, Tráfico e Transportes, tal como se indicaba no nos escrito de 03/11/2011, nº de saída 1105, documento XX.*

*Pola nosa parte faise necesario ter en conta que todo proceso administrativo, por definición, implica a existencia dunha pluralidade de actos función altamente relacionados entre si. Os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario.*

*As actuacións administrativas terán que servir de garantía específica para o administrado que poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, audiencia, recursos) a tutela efectiva dos seus dereitos.*

*As cuestións presentadas polo interesado nas súas peticións non definen por si mesmas exclusivamente o obxecto do procedemento, senón que constitúen o contido mínimo do mesmo, por canto ao resolverse polo órgano competente, este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas ou alegadas polo interesado.*

*Ante o eslamiado comportamento na resposta de algunhas alegacións faise preciso reseñar que existen unha serie de medios de proba suficientes, para substanciar axeitadamente unha resolución de forma razoada e na que se contemplarán as alegacións e probas presentadas.*

*O feito de non atender as peticións e os argumentos produce unha incongruencia no procedemento que debe ser rexeitada.*

*O artigo 35 de Lei 30/1992, entre outros, consagra o dereito dos cidadáns a formular alegacións que deberán ser tidas en conta polo órgano competente.*

*Ademáis ten dereito a obter información así como a ser tratado con respecto e deferencia. Sen esquecer o artigo 3.5 do mesmo texto legal.*

*Unha boa Administración (Ávila Rodríguez e Gutiérrez Rodríguez) nunha visión teórica, non é un dereito, é o obxectivo mesmo do Estado. Os seus fins son exactamente defensa externa e administración interna dunha comunidade, calquera sexa a súa forma prescindindo do orde en que se dea.*

*Segundo o Tribunal de Primeira Instancia das Comunidades Europeas, 27/02/2003; a Administración ten que facilitar todas as informacións pertinentes a outra parte actuante no procedemento administrativo.*

*Detrás da "boa administración" existe algo máis que retórica lexislativa (Souviron Morenilla).*

*Sen esquecer o reflexado no Código Europeo de Boa Conduta Administrativa (06/09/2011), en relación coas actuacións administrativas: dilixencia, corrección, accesibilidade, traslados sen demora a órganos competentes, dereito a ser escoitado e prestar alegacións, decisións e prazos razoábeis, decisións motivadas, etc.)*

*Para rematar, faise preciso ter en conta que se os datos que figuran na denuncia (recordar as alegacións=hora incorrecta; non existir tal zona de carga e descarga), non son verdadeiros; erros imputábeis á Administración o expediente debería darse por anulado e proceder o seu arquivo cuestións que deberían obrar no expediente e figurar na resolución pola que se ordena a dilixencia de embargo.*

*Por todo, e co ánimo de completar adecuadamente o expediente prégase información ao respecto".*

## REFLEXIÓNS

Do contido da queixa resulta evidente que a reclamación interposta pola interesada tería que ser resolta pola Concellería de Seguridade, Tráfico e Transporte e non polo Tribunal Económico - Administrativo o cal, aliás, declarouse incompetente ao respecto; sendo incomprendíbel que as alegacións ou recursos non se trasladasen á Concellería competente, tal como se indica no artigo 20 da Lei 30/1992.

Todo o exposto, sen prexuízo que o motivo da sanción sexa considerado inexacto, e polo tanto xusto de ser anulado e arquivado o expediente por causa de que os datos de denuncia non son verdadeiros.

Faise mención no expediente que encanto se refire a sanción resulta que a mesma está fora do tempo sinalado na Ordenanza Municipal vixente; no que implica que en tal situación o uso da zona será de carácter público.

Ademais indícase que o lugar ou zona onde estaba estacionado o vehículo non é zona reservada, polo que se estima que a sanción é, a todas luces, improcedente.

### **EXPEDIENTE 62/2011**

#### ASUNTO

Queixa en relación coas deficientes liñas de transporte con orixe e destino á nova estación de ferrocarril de Guixar.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 03/11/2011. Con data 04/11/2011 solicítase o preceptivo informe.

## **CAPÍTULO VII - SERVIZOS XERAIS**

### **EXPEDIENTE 9/2011**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa retirada dos contentores do lixo dunha beirarrúa por causa das obras de humanización dunha rúa, existindo a única posibilidade de uso os que están situados na beirarrúa de enfronte sen que exista paso peonil próximo, véndose as persoas de certa idade con serias dificultades e perigos para depositar o lixo.

Interesándose, polo tanto, dun contentor na beirarrúa afectada.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/02/2011. Con data 21/02/2011 solicítase o preceptivo informe que reitérase o 21/03/2011, 20/04/2011, 23/05/2011 e 20/06/2011.

Con data 15/07/2011 recébase escrito da Concellería de Limpeza no que informa o seguinte:

*"En contestación do seu escrito de data 21 de febreiro de 2011, e reiterado en datas 23 de maio e 20 de xuño de 2011, dirixido dende esa institución a este Servizo, no que solicita informe sobre a instalación de colectores no entorno do., o seu número Expte, 9/2011, por mor da denuncia efectuada por D<sup>a</sup> ..., procede INFORMAR que:*

*Con motivo das obras de humanización da rúa, esta sofre modificación no deseño viario, o que promove a unificación dos modelos de colectores de toda a rúa, que pasan a ser todos de caga lateral automática de 2400 litros de capacidade, retirando os de carga manual tra-seira de 800 litros que estaban instalados na beirarrúa correspondente aos números impares. Este cambio de colectores implica unha redución do número total de colectores instalados na rúa, polo que estes estarán máis distanciados entre si. Cabe destacar que, debido ás dimensións dos novos colectores, faise recomendábel a súa instalación en carril de estacionamento.*

*O colector máis próximo ao domicilio da reclamante está ubicado na rúa..e dista, aproximadamente, uns 700 metros utilizando os pasos de peóns das rúas.. respectivamente.*

*O ancho da beirarrúa, na fronte do nº 29 da rúa., é de 3 metros. Tendo en conta que a instalación dos mencionados colectores necesita dun ancho de 1,8 metros, isto permitiría un paso libre para peóns de somentes, 1,2 m. incumpriría a normativa en materia de accesibilidade, polo que non resulta viábel a instalación de colectores neste lugar tal como solicita a denunciante."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 21/07/2011.

Sen incidencias posteriores.

## EXPEDIENTE 11/2011

### ASUNTO

Queixa en relación cunha focha á entrada dun polígono, con evidente perigo para os vehículos e para as persoas que frecuentan aquela vía.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 21/02/2011. Con data 23/02/2011 solicítase o preceptivo informe que recíbese o 18/03/2011 e no que indícase o seguinte:

*“En relación ao asunto de referencia e en resposta ao seu escrito de data 23/02/2011, comunicámoslle que unha vez realizadas as pertinentes comprobacións no Inventario do Patrimonio Municipal, non podemos atender a súa solicitude ao constatar que a zona indicada non é de titularidade pública, non sendo por tanto competencia desta administración municipal.*

*Polo que non pode admitirse a súa solicitude a trámite.”*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 21/03/2011.

Sen incidencias posteriores.

### EXPEDIENTE 19/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coa retirada e posterior colocación dun contentor de lixo.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 16/03/2011. Con data 21/03/2011 solicítase o preceptivo informe que reitérase o 25/04/2011, 25/05/2011 e 20/06/2011.

Con data 15/07/2011 recébase escrito da Concellería de Limpeza no que informa o seguinte:

*“ En contestación do seu escrito de data 21 de marzo de 2011 e reiterado en data o 25 de abril de 2011, dirixido dende a institución a este Servizo, instando informe sobre a instalación dun colector de lixo á altura do número., Expt. 19/2011 do seu protocolo, por mor da denuncia efectuada por D.. procede indicar que:*

*O colector de carga lateral para a recollida de lixo domiciliario instalado na rúa .. retirouse conforme o decreto da Concellería-Delagada de Limpeza de data 5 de maio do 2010, quedando o servizo garantido para toda a zona con outros dous colectores do mesmo tipo a escasos corenta metros de distancia do lugar referido”.*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 21/07/2011.

Sen incidencias posteriores.

## EXPEDIENTE 27/2011

### ASUNTO

Queixa en relación cos cargos efectuados pola concesionaria de servizo de auga.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 02/05/2011. Con data 03/05/2011 solicítase o preceptivo informe que reitérase o 06/06/2011.

Con data 10/06/2011 recébase escrito da Área de Servizos Xerais, o que achega informe da concesionaria no que se indica o seguinte:

*"En relación al asunto de referencia, le informamos de lo siguiente:*

*El contrato correspondiente al inmueble sito en .. se formalizó en fecha 9 de febrero de 2010.*

*Al realizarse el alta en mitad de un período facturable, no se emite la factura correspondiente al bimestre Enero/Febrero.*

*La primera factura que se emite es la correspondiente al bimestre Marzo/Abril, incluyéndose aquí la parte proporcional de consumos mínimos (15 m<sup>3</sup>/mes) generados desde la fecha de alta. La vigente Ordenanza Fiscal reguladora de las tasas por la prestación de servicios de abastecimiento de agua potable, red de alcantarillado, saneamiento, y depuración de aguas residuales establece que el consumo mínimo que se les deberá facturar a los usuarios no podrá ser inferior a 15 m<sup>3</sup>/mes.*

*Es decir, el primer período facturado comprende desde la fecha del alta (9/2/10) hasta el fin del período impositivo (30/04/10) con el siguiente desglose:*

- *Febrero (20 días) = 11 m<sup>3</sup>*
- *Marzo (mes completo) = 15 m<sup>3</sup>*
- *Abril (mes completo) = 15 m<sup>3</sup>*

*Todo el consumo así calculado se factura a la tarifa correspondiente al primer tramo de consumo por lo que no existe ningún perjuicio al cliente."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 13/06/2011.

Sen incidencias posteriores.

### EXPEDIENTE 29/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coa situación das árbores dun parque, toda vez que superan a altura dun edificio de nove plantas, facendo especial efecto nos momentos de temporal, así como a proliferación de mosquitos.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 05/05/2011. Con data 09/05/2011 solicítase o preceptivo informe que reitérase o 06/06/2011, 07/07/2011, 26/07/2011 e 10/08/2011.

Con data 23/08/2011, recíbese escrito da Concellería de Parques e Xardíns no que informa o seguinte:

*“ En relación a queixa presentada por Dª. representación da Comunidade de Propietarios da rúa..sobre a poda de árbores do Parque de Castrelos cuxas polas tropezan en fiestras do citado inmobile, fágolle saber que na data que a cidadá fixo a reclamación as árbores estaban en período de actividade, polo que se procederá a realizar a poda en época de letargo”.*

Do que se deu cumprida información á interesada o 24/08/2011.

Sen incidencias posteriores.

### EXPEDIENTE 32/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coa situación en que se atopa un parque municipal instalado preto dun ambulatorio, así como a telo dedicado a parque infantil.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/05/2011. Con data 23/05/2011 solicítase o preceptivo informe que reitérase o 20/06/2011, 21/07/2011, 25/08/2011 e 20/09/2011.

Con data 07/10/2011 recíbese escrito dende Participación Cidadá ao que achega informe da Concellería de Distritos no que indícase que, segundo o Servizo de Limpeza, "durante o pasado 16 de setembro quedaron retirados os restos denunciados".

O que se participa ao interesado, totalmente abraiado, comunícanos moi excitado que a información trasladada é totalmente contraria á realidade. O que se pon en coñecemento de Participación Cidadá, para que a Comisión de Queixas e Suxestións adopte as medidas que estime convenientes o 24/10/2011.

Con data 18/11/2011, recébase escrito de Participación Cidadá no que informa o seguinte:

*"Moi sr. Meu*

*Con data 26 de outubro de 2011, ten recibido o servizo de Participación e Atención Cidadá o expediente de queixa nº 32/2011, na que se fai referencia a diversas queixas presentadas por D. ..., relacionada coa suposta "desatención que se ten co parque municipal instalado detrás do ambulatorio de ..., onde ademais da herba, solicita se retire diversos obxectos que se atopan no mesmo (mesa, cadeiras, etc)", unha vez recabada información dos servizos municipais afectados INFORMO:*

*1. Conforme aos datos catastrais dos que se achega copia, os terreos nos que se atopa emprazado o "parque municipal", son propiedade:*

*a. Dunha banda do SERGAS dependente da Xunta de Galicia e se atopan destinados a Sanidade e Beneficiencia, tal e como se achega no anexo I.*

*b. Doutra banda da urbanización realizada polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, por cuanto non se atopan no inventario municipal de bens.*

*2. A concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a petición de veciños e veciñas da zona e dentro do programa de "...", procedeu a acondicionar parcialmente os terreos de zona verde da parte posterior por un importe de 55.417,39 €, obras das que se achegan fotografías no anexo II e que consistiu en:*

*a. Melloras de accesibilidade aos patios entre as vivendas, executándose un camiño pavimentado en baldosa, e evitar que os veciños e veciñas pisen o cespede.*

*b. Dotación dun pequeno parque infantil dotado de pavimento de seguridade.*

*c. Dotación de mobiliario urbano: bancos, papeleiras e luminaria.*



*d. Melloras de acceso ao Centro de Saude, dotando o camiño de baranda e pasamans.*

*3. O servizo de Montes, Parques e Xardíns, debido ao abandono que está a sufrir o terreo obxecto da queixa por parte do SERGAS e IGVS, ten realizado de xeito continuo labores de mantemento da zona verde, aínda que a mesma non sexa da súa competencia a fin de mellorar as condicións de suo e habitabilidade da mesma.*

*4. Por último e con relación aos obxectos a que se refire o interesaso os mesmos son utilizados por persoas que teñen o seu lugar de residencia no entorno da zona verde e aínda que foron retirados en máis dunha ocasión foron restituídos.*

*Na espera de ter dado resposta as queixas presentadas.”*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 22/11/2011.

## EXPEDIENTE 36/2011

### ASUNTO

Queixa en relación ao estado de abandono en que se atopa o propietario dun local de hostalaría por causa dos contentores de lixo, sitos diante do seu local, dos que se desprenden cheiros que impeden axeitar a colocación dunha terraza. A tal fin ten presentado solicitudes no Concello sen ningunha resposta.

Achéganse fotocopias de fotografías que mostran a situación.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 03/06/2011. Con data 06/06/2011 solicítase o preceptivo informe, pedimento que reitérase o 07/07/2011, 10/08/2011, 13/09/2011 e 13/10/2011.

Con data 17/10/2011 recíbese escrito da Concellería de Limpeza no que informa o seguinte:

*“En contestación do seu escrito de data 6 de xuño de 2011, e reiterado en datas 10 de agosto e 13 de setembro do 2011, dirixido dende esa institución a este Servizo, no que solicita información sobre os colectores instalados no nº .., Expte.: 36/2011 do seu protocolo, por mor da denuncia efectuada por D .., procede INFORMAR que:*

*Atendendo ao denunciado por D .. no documento .. do 24 de setembro do 2010, o día 14 de setembro do 2011 procedeuse a modificar a distribución dos colectores para reciclaxe, des-*

*prazando o colector para vidro ata o nº..da devandita rúa, de modo que quede totalmente libre o fronte da fachada do edificio do reclamante.”*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 17/10/2011.

### **EXPEDIENTE 52/2011**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa situación que se está a producir nunha avenida urbana, por causa da tala das árbores da mesma.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 19/09/2011. Con data 26/09/2011 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 31/10/2011.

#### REFLEXIÓNS

A solución non é a da tala das árbores sen máis, xa que existen outras medidas ou tratamentos de protección que poidan evitar a destrución dunha zona verde e privilexiada para o descanso e o desfrute da natureza dentro dun ámbito urbano con notábel índice de habitantes.

## **CAPÍTULO VIII - URBANISMO E VIVENDA**

### **EXPEDIENTE 2/2011**

#### ASUNTO

Queixa en relación cun expediente de protección de legalidade urbanística que data do ano 2007 e a súa denuncia data de marzo do ano 2003.

#### SITUACIÓN

A interesada solicitou no Concello información sobre a situación do expediente, do que informóuselle en febreiro de 2010 que o tema estaba pendente do informe da Inspección Municipal.

A realidade é que a mencionada reposición data de 2003.

A queixa preséntase o 30/12/2010. Con data 04/01/2011 solicítase o preceptivo informe que reitérase o 04/02/2011, 07/03/2011, 05/04/2011, 04/05/2011, 06/06/2011, 07/07/2011, 02/08/2011, 05/09/2011, 05/10/2011 e 14/11/2011.

### REFLEXIÓN

Todo procedemento administrativo ten que supor unha garantía, unha protección simples para os dereitos e intereses dos cidadáns que obrigue ao ente xestor a proceder con atención ás normas de economía, celeridade e eficiencia.

Sen un bo funcionamento non se poden considerar efectivas moitas liberdades, é dicir, moitos dereitos públicos. Sendo interese primordial do cidadán que os servizos de competencia municipal sexan prestados de xeito eficaz. Estas prestacións comezan coa axilidade na resolución dos expedientes e trámite, e rematan coa adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá. O transcendente é a efectividade.

### RECOMENDACIÓNS

Cumprimento do disposto no artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán en canto se refire aos prazos para a remisión dos informes que esta institución solicite.

### EXPEDIENTE 15/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coa licenza de abertura dun local de tetería que está a circular do Concello á Xunta de Galicia e volta a inversa.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 07/03/2011. Con data 09/03/2011 solicítase o preceptivo informe que reitérase o 05/04/2011, 04/05/2011, 06/06/2011, 07/07/2011 e 02/08/2011.

Con data 19/08/2011 recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as queixas efectuadas por D<sup>o</sup>. (ref. expte. 15/2011) infórmolle o seguinte:*

*Con data 02/07/2008 ten entrada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo escrito de D<sup>o</sup>., no que solicita Licenza para obra de adaptación de local para Tetería/Cafetería, polo que se abriu o expediente n<sup>o</sup> XX/421.*

*Así mesmo, con data 07/07/2008 ten entrada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo escrito de D<sup>a</sup>., no que solicita Licenza para uso de local como Tetería/Cafetería que se situará na Rúa .. e polo que se abriu o expediente nº XX/422.*

*Mediante notificación remitida con data 01/08/2008 a D<sup>a</sup> .., se lle require a seguinte documentación:*

- *"Fotocopia da presente notificación.*
- *Oficio de dirección das obras.*
- *Según el artículo 196.2 de la Ley 9/2002 del 30 de diciembre de la LOUGA. Se deberá de presentar y anexas la correspondiente licencia de actividad para su tramitación conjunta.*
- *Nomeamento do contratista e xustificación de alta para os efectos do imposto das actividades económicas.*
- *Fotocopia da licenza de primeira ocupación ou datos do promotor e ano de construción".*

*En resposta a dita notificación, con data 19/08/2008 D<sup>a</sup>.. achega a documentación requirida para unir ao expediente XX/421 (doc. 80102147).*

*De conformidade co artigo 30.2 letra a) do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (D.2414/61, de 30 de novembro) e 37.1 do Regulamento xeral da policía de espectáculos públicos e actividades recreativas (RD 2816/1982 de 27 de agosto), en relación co 86 da Lei estatal 30/92, os expedientes XX/422 e YY/421 sometéronse a información pública por un prazo de VINTE DIAS, contados a partir de día seguinte o da publicación do edicto no BOP de 07/10/2008, para que todo aquel que se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer poida face-las observacións pertinentes, sen que se presentasen alegacións.*

*Con data 15/12/2008, a aparelladora municipal requiriulle a D<sup>a</sup> .., para poder continuar coa tramitación a seguinte documentación:*

- *"Fotocopia da presente notificación.*
- *De acuerdo con el PGOM vigente del local deberá tener una altura libre de 3 m. por lo que deberán justificar esta exigencia en planos.*

- *El local deberá cumplir con el Decreto 35/200 de la Ley de Accesibilidad y supresión de barreras arquitectónicas”.*

*En resposta a dita notificación, con data 09/01/2009 achega a seguinte documentación (doc. XX):*

- *“Proyecto de actividad para local destinado a tetería”.*

*Con data 18/03/2009 a aparelladora municipal, co fin de continuar coa tramitación requiriu-lle a Dª.. a seguinte documentación:*

- *“Fotocopia da presente notificación.*
- *De acuerdo con Ley de Accesibilidad y supresión de barreras arquitectónicas en la Comunidad Autónoma de Galicia, el local no puede contar únicamente con el acceso existente a través de las escaleras exteriores. Por lo que deberán resolver este requerimiento o conseguir la autorización de la Comisión Técnica de Accesibilidad para eximirlos de su cumplimiento”.*

*En resposta a dita notificación, con data 21/04/2009 Dª.. comunica a Xerencia Municipal de Urbanismo que solicitou a autorización da Comisión Técnica de Accesibilidade achega a seguinte documentación:*

- *“Copia da notificación.*
- *Memoria entregada a Comisión Técnica de Accesibilidad.*
- *Copia de instancia con sello de entrada en la Vicepresidencia da Igualdade.”*

*Así mesmo, Dª, con data 17/06/2009, achega esa mesma documentación para unir ao expediente nº XX/422.*

*Con data 07/09/2009 a aparelladora municipal, co fin de continuar coa tramitación, requiriu-lle a Dª.. a seguinte documentación:*

- *“Fotocopia da presente notificación.*
- *En el momento en que cuenten con la autorización de la Comisión Técnica de accesibilidad, deberán aportar una copia para continuar con la tramitación del presente expediente.”*

*Dita notificación foi recibida con data 16/09/2009, segundo consta no expediente.*

*En relación con dita documentación, a día de hoxe non se recibiu a copia solicitada da autorización da Comisión Técnica de accesibilidade para poder continuar coa tramitación do expediente.*”

Do que se deu cumprida información á interesada, en espera a que se proceda ao cumprimento da notificación anterior, o 22/08/2011.

### **EXPEDIENTE 31/2011**

#### ASUNTO

Queixa en relación cos danos producidos polo túnel do AVE nunha veciñanza que provocaron a seca dos pozos de auga.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/05/2011. Con data solicítase o preceptivo informe que reitérase o 27/06/2011, 26/07/2011, 25/08/2011, 26/09/2011 e 27/10/2011.

### **EXPEDIENTE 33/2011**

#### ASUNTO

Queixa en relación cunhas obras sen retranqueo con respecto a un colector de auga.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 30/05/2011. Con data 30/05/2011 solicitouse o preceptivo informe e, de novo, o 26/07/2011, 25/08/2011, 26/09/2011 e 27/10/2011.

#### REFLEXIÓNS

A solicitude de informe por parte da interesada no expediente data de xullo de 2010, é dicir, de case un ano.

Os cidadáns teñen dereito a ser informados dos expedientes nos que son parte interesada.

Uns dos requisitos básicos de toda Administración é ser receptivas e resolutivas, soamente así pódese acadar unha valoración positiva por rendementos.

### EXPEDIENTE 44/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación cunha actividade comercial sen a debida licenza para a mesma.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 01/07/2011. Con data 07/07/2011 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 02/08/2011, 05/09/2011, 05/10/2011 e 14/11/2011.

### EXPEDIENTE 45/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación cunha información solicitada sobre unha derruba dunha entreplanta sen a oportuna licenza.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 04/07/2011. Con data 11/07/2011 solicítase o preceptivo informe que reitérase o 25/08/2011, 26/09/2011 e 27/10/2011.

Con data 28/12/2011 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo no que informa o seguinte:

- 1. Que con data 03/03/2011 resolveuse desestimar a petición de licenza de obras.*
- 2. Que con data 19/05/2011 realizouse unha inspección ao local e comprobouse que o local estaba aberto e realizando actividade e que as obras foron realizadas , non obstante ao dito anteriormente.*

Con data 30/12/2011 deuse cumprida información á interesada e coa mesma dirixímonos á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando información á vista da contradición exposta anteriormente.

### EXPEDIENTE 47/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coa instalación dunha antena de telefonía móbil, nas proximidades de centros escolares e unha casa de acollida, sen licenza.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/07/2011. Con data 27/07/2011 solicítase o preceptivo informe que reitérase o 25/08/2011, 26/09/2011 e 31/10/2011.

### REFLEXIÓNS

No Concello indícase aos interesados que se a antena instálase sen licenza, ao día seguinte sería retirada, o cal non é certo.

A tal fin precísase que os interesados atópanse desamparados polo abandono no que os ten o Concello, e cítase a Herrera del Rey, que escribe que no ámbito administrativo, os expedientes urbanísticos dificilmente chegan a unha tutela efectiva. A execución forzosa resulta practicamente imposible, e que as normas (RD 1066/2001) que regulan este ámbito non de difícil entendemento; samente técnicas moi especializadas poden chegar a comprender e entender as normas e aínda é mais, difícil chegar a demostrar a infracción das mesmas. A pericial mais prestixiosa a mellor pagada.

### EXPEDIENTE 49/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación cuns recheos sen licenza.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/08/2011. Con data 11/08/2011 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 13/09/2011 e 13/10/2011.

### REFLEXIÓNS

Unha denuncia efectuada en 2007, e declarada obra sen licenza, segue na mesma situación de ilegalidade urbanística catro anos despois.

O que pon a reflectir unha total paralización por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo en canto á protección efectiva da legalidade urbanística o que ven a demostrar unha falta de lexitimación por rendemento.



## EXPEDIENTE 59/2011

### ASUNTO

Queixa en relación cunha solicitude de licenza de abertura dun taller.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/10/2011. Con data 13/10/2011 solicítase o preceptivo informe que reitérase o 31/10/2011 a petición do interesado que manifesta a súa inquedanza á vista do atraso na concesión da licenza que verbalmente se lle ten comunicado como concedida, reiterando a súa situación económica por non poder realizar a súa actividade.

### REFLEXIÓNS

Con data 27/07/2011, o interesado solicita mediante escrito de alegacións se revoque o informe técnico municipal, que contradecía a opinión da Asesoría Xurídica do Concello, facendo as precisións legais oportunas ao efecto.

Cando se inicia o expediente xa transcorreran dous meses e medio do mencionado escrito sen constar a resposta, de aí que o interesado con data 25/08/2011, solicitou unha resolución ao respecto dado que a súa situación económica é extremadamente precaria ao non poder por en funcionamento a actividade do seu establecemento.

Faise preciso reiterar o principio de eficiencia e servizo aos cidadáns. Así como recordar o disposto nos artigos 30 e 35 da Lei 30/1992, e o RD.208/1996; así como a resolución de 06/09/2011 (Regulamento Europeo de Boa Conduta Administrativa).

## EXPEDIENTE 59/2011

### ASUNTO

Queixa en relación cun persoal de Urbanismo que informa ao exterior de actividades duns cidadáns que formularon a queixa.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 04/11/2011. Con data 08/11/2011 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo.

## CAPÍTULO IX - XESTIÓN MUNICIPAL

### EXPEDIENTE 1/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación cunha caída cando conducía a súa motocicleta causándolle unha lesión nunha perna, así como estragos no vehículo. A queda tivo lugar nun sumidoiro.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 30/12/2010. Con data 04/01/2011 solicitouse o preceptivo informe que recíbese o 11/01/2011 e no que indícase o seguinte:

*"O expediente de referencia atópase na actualidade en fase de tramitación inicial, solicitándose o día 10 de xaneiro o informe correspondente ao servizo de Vías e Obras."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 11/01/2011, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada, o que se fai o 10/02/2011, reiterándose o pedimento o 07/03/2011, no que se indica que xa se informou o expediente por parte de Vías e Obras e que con data 18/02/2011 solicitouse documentación ao interesado que aportou o 11/03/2011; seguidamente enviouse o expediente á Policía Local para informe, quen respondeu o 16/03/2011, enviándose o día seguinte ó Parque Móbil para que emite o correspondente informe.

Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 21/03/2011, indicándolle que, en datas vindeiras, solicitarase información actualizada ao respecto; o que se fai o 20/04/2011, reiterándose o pedimento o 12/05/2011, informe que se recibe o 18/05/2011 e no que se indica que o expediente se acha pendente do informe do Parque Móbil. Do que se dá cumprida información ao interesado o 19/05/2011.

Con data 13/06/2011 solicítase información actualizada do expediente que se reitera o 13/07/2011 e que se recibe o 02/08/2011, no que se indica que o expediente atópase pendente do informe de Aqualia. Do que se deu oportuna información ao interesado o 03/08/2011; indicándolle que, en datas vindeiras, solicitarase de novo información actualizada, o que se fai o 13/09/2011, 13/10/2011.

Con data 20/10/2011 recébase escrito de Patrimonio no que informa que o expediente se acha pendente de formular a proposta resolutoria que unha vez adoptada darase cumprida información. O que se comunica ao interesado o 21/10/2011

## RECOMENDACIÓNS

Sublíñase a dilixencia na resolución dos distintos requirimentos solicitando información actualizada da situación do expediente.

### EXPEDIENTE 7/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coa discriminación pola que están a pasar unha sección sindical encanto ao nomeamento dos membros dos órganos de selección para cubrir vagas vacantes ou contratacións.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/02/2011. Con data 21/02/2011 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 21/03/2011, 20/04/2011, 12/05/2011 e 23/05/2011.

Con data 27/05/2011 recébase escrito da Área de Xestión Municipal no que informa o seguinte:

*“Tendo sido recibida a súa solicitude de información en relación á queixa tramitada en expediente nº 7/2011 pola presente prÁCeme informarlle o seguinte:*

*I.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, configura por primeira vez no noso ordenamento xurídico o réxime do emprego público nas Administracións Públicas. A citada norma está vixente dende o 13 de maio do 2007 e ten carácter básico, ao estar dictada ao abeiro dos títulos competenciais que a vixente Constitución de 1978 atribúe ao lexislador estatal en materia de bases do réxime xurídico da función pública (artigo 148.1.18ª).*

*Esta norma introduce como unha das innovacións fundamentais **os principios de profesionalización e especialización técnica dos órganos de selección de persoal**; así, o artigo 60 da referenciada Lei contempla expresamente que:*

*“Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade a profesionalidade dos seus membros, e se tenderá, asimesmo, á paridade entre muller e home.*

*O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.*

***A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse ésta en representación ou por conta de ningún.***

*III.- A Comisión de Expertos para o estudo e preparación de Estatuto Básico do Empregado Público – designada polo Ministerio de Administracións Públicas por Orden APU/3018/2004, de 16 de setembro – emitiu no ano 2005 un exhaustivo Informe – dispoñíbel na web [www.inap.mpt.es](http://www.inap.mpt.es) – no cal, e en relación ao aspecto que nos ocupa, sinala que (páxinas 98-100):*

*“No cabe duda de que una de las claves fundamentales de la credibilidad de todo proceso de selección para el acceso al empleo público gira en torno a la imparcialidad y objetividad de los órganos de selección. Eso significa que su composición debe quedar por completo al margen de toda influencia o interferencia partidaria, gremial o corporativa. Debe, pues, asegurarse al máximo la independencia de actuación de los mismos.*

*Requisito esencial para ello es que quien seleccione lo haga sobre la base de estrictos criterios de profesionalidad. Las personas que formen parte de aquellos órganos deben poseer, pues, un amplio conocimiento del área profesional en que estén incardinados los puestos o funciones a que se dirige la selección o un dominio de las técnicas y habilidades específicas de selección de personal, o ambas cosas al mismo tiempo.*

*Es indudable que en nuestro país se ha hecho un esfuerzo durante los últimos años en diferentes Administraciones para avanzar en estas garantías elementales de los principios de igualdad en el acceso y de mérito y capacidad. Pero ese esfuerzo no ha sido el mismo en todos los casos. Así puede constatararse mediante la simple lectura de las bases de algunas convocatorias y de normas de diferente rango y ámbito de aplicación, que aún hoy, con excesiva frecuencia (y sin ningún reparo), determinan la composición de ciertos órganos de selección mediante la designación de sus miembros por o “en representación” de grupos políticos o sindicales o, en menor medida, de otras asociaciones u organizaciones.*

*Estas prácticas no solo carecen de toda justificación objetiva, sino que resultan absolutamente discordantes con las reglas consolidadas desde hace tiempo en los países democráticos de nuestro entorno. En consecuencia, el Estatuto Básico del Empleado Público debería ser riguroso en este punto, como -estamos convencidos- el conjunto de nuestra sociedad espera y desea. Al efecto, debe recalcarse el carácter exclusivamente técnico que debe tener la composición de aquellos órganos. Más aún, el Estatuto debe incluir, como hace la legislación de otros países europeos, ciertas reglas mínimas de exclusión, exigidas por los citados principios de especialización, imparcialidad y profesionalidad.*

*Nos parece que ésta debe ser una de las aportaciones más nítidas que la nueva legislación sobre el empleo público debe realizar, para garantizar efectivamente el derecho fundamental establecido en el artículo 23.2 de la Constitución.*

*Las mismas reglas deben aplicarse en el ámbito de la Administración Local, pues no es especializado, ya que nada les impide nombrar como miembros de los órganos de selección a profesionales ajenos a su organización. Para ello podrían contar con la asistencia de las Comunidades Autónomas o, en su caso, Diputaciones Provinciales o Forales, tal como hoy sucede ya parcialmente.*

*Por ello, la Comisión propone que es Estatuto Básico establezca de manera expresa que la composición de los órganos de selección de empleados públicos de todo tipo debe ajustarse a estrictos criterios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, excluyéndose en todo caso de formar parte de ellos el personal de elección o designación política, comprendido el personal eventual, representantes de los sindicatos, órganos unitarios de representación del personal o asociaciones que ejerzan funciones representativas de los empleados públicos, personas que hayan intervenido en la preparación de los candidatos y todas aquellas afectadas por alguna causa de abstención o recusación."*

*As ditas previsións, en xusta lóxica, foron cotempladas polo lexislador estatal á hora de ditar unha norma que contou no seu proceso de elaboración co consenso das organizacións sindicais representativas a nivel nacional.*

*III.- Por tanto, o Concello de Vigo debe dar cumprimento á normativa vixente en materia de acceso ao emprego público, como é ben coñecido por todas as seccións sindicais representadas no mesmo, de xeito tal que non se priva nin impide a asistencia aos órganos de selección de todos aqueles funcionarios/as públicos municipais en propiedade que cumpran cos requisitos de profesionalidade, capacitación e especialización técnica legalmente esixidos, sempre que asistan aos mesmos a título estrictamente individual; motivo polo cal enténdese que carece de todo sustento a queixa formulada.*

O cal se lle traslada aos efectos que por Vde. Se estimen oportunos en relación coa queixa plantexada.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 30/05/2011.

Sen incidencias posteriores.

## EXPEDIENTE 22/2011

### ASUNTO

Queixa en relación cun embargo por impostos pendentes e multas considerando que os seus ingresos teñen como orixe o RISGA e axuda para vivenda, non son ingresos de orixe contributiva.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 31/03/2011. Con data 04/04/2011 solicítase o preceptivo informe que reitérase o 04/05/2011.

Con data 19/05/2011 recíbese escrito de Recadación Executiva no que informa o seguinte:

*"Aos efectos de cumprimentar a súa solicitude de 31 de marzo de 2011, relativa ao escrito de queixa presentado ante esa Institución por Dna. ..., se lles remite o seguinte INFORME:*

- *Nesta Unidade de Recadación Executiva do Concello de Vigo séguese expediente administrativo de constrinximento nº.. contra a debedora Dna. ... , por diversas débedas tributarias e de dereito público.*
- *O procedemento executivo iniciouse mediante as correspondentes Providencias de constrinximento, notificadas no domicilio da obrigada tributaria, nas que se identifica a débeda pendente, coa advertencia de que no caso de non efectuar o pagamento das mesmas procederíase ao embargo dos seus bens, de conformidade co establecido na Lei 58/2003, Xeral Tributaria e normativa complementaria.*
- *No expediente administrativo de constrinximento consta que con data 08/02/2011 practicouse retención por dilixencia de embargo da c/c nº ..., da que a interesada é titular, por un importe de 255,59 euros*
- *Fronte a dita retención, a interesada presenta recurso con data 17 de febreiro de 2011, no que alega substancialmente que as cantidades ingresadas na conta embargada son inembargábeis por tratarse de ingresos non contributivos. Dito recurso foi tramitado e ditada resolución desestimatoria do mesmo con data 1 de marzo de 2011, con base nos seguintes fundamentos xurídicos:*

*"A oposición á DILIXENCIA DE EMBARGAMENTO samente é posíbel polos MOTIVOS TAXADOS previstos na Lei xeral tributaria (artigo 170.3 L.X.T. 58/2003):*

*Art. 170.3 Lxt: "Contra a dilixencia de embargamento só serán admisíbeis os seguintes motivos de oposición:*

- 1. Extinción da débeda ou prescrición do dereito a esixir o pagamento.*
- 2. Falta de notificación da providencia de constrinximento.*
- 3. Incumprimento das normas reguladoras do embargamento contidas nesta Lei.*

#### 4. Suspensión do procedemento de recadación”.

A estes efectos, o artigo 171,3 LGT establece o seguinte:

*“Cando na conta afectada polo embargo se efectúe habitualmente o abono de soldos, salarios ou pensións, deberán respetarse as limitacións establecidas na Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de Enjuiciamiento Civil, mediante a súa aplicación sobre o importe que deba considerarse soldo, salario ou pensión do debedor. A estes efectos considerarase soldo, salario ou pensión o importe ingresado en devandita conta por ese concepto no mes en que se practique o embargo ou, na súa falta, no mes anterior”.*

*No entanto, da documentación achegada pola titular (extracto de movementos da conta embargada) despréndese que dita conta arroxaba un saldo de 295,76 euros con anterioridade á data en que se lle ingresa a prestación do mes de febreiro. Isto é, as limitacións establecidas na Lei de Enjuiciamiento Civil respecto ao embargo de soldos han de aplicarse ao importe efectivamente ingresado en concepto de salario ou pensión no mes de febreiro, pero non ao saldo anterior a devandito ingreso, como sucede no presente caso, en que dito saldo anterior é superior á cantidade finalmente retida e, por iso, non se ve afectada polas limitacións legais respecto dos bens inembargábeis”.*

- *A resolución do recurso foi notificada e recibida pola interesada con data 7 de abril de 2011, segundo consta no correspondente acuse de recibo.*
- *A maior abundamento, faise constar a efectos aclaratorios que as limitacións fixadas na Lei de Enjuiciamiento Civil e na Lei Xeral Tributaria respecto ao embargo de soldos ou salarios veñen establecidas en función da cuantía das prestacións (da cuantía que exceda o Salario Mínimo Interprofesional) e non en función de se se trata de prestacións contributivas ou non contributivas, e que, ademais as limitacións non se aplicarían en ningún caso ás percepcións que non podan ser consideradas soldo, salario, pensión ou equivalente (como sucede no presente caso, no que a titular di que percibe unhas cantidades en concepto de “axuda vivenda”)*

Do que se deu cumprida información á interesada o 23/05/2011.

Sen incidencias posteriores.

## EXPEDIENTE 26/2011

### ASUNTO

Queixa en relación co trato recibido por parte do funcionariado do departamento de Administración de Tributos.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 25/04/2011. Con data 25/04/2011 solicítase o preceptivo informe que reitérase o 23/05/2011.

Con data 25/05/2011 recíbese escrito de Administración de Tributos-Lixo Vivenda no que informa o seguinte:

*"S/Ref. Expte. 26/2011*

*DOC.110055451*

*Dª.*

*Acto recorrido: Desestimación exención lixo vivendas*

*Expte. XX/513*

*Respecto do escrito presentado por Dª.. mostrando a súa desconformidade coa Taxa de Lixo de Vivendas do exercicio 2010 do inmovible indicando ter solicitada a exención dentro do prazo establecido na Ordenanza Fiscal reguladora desta taxa, se informa do seguinte:*

*1. Nas bases informáticas deste Concello non consta a presentación de tal solicitude de exención, feito constatado pola reclamante xa que indica que non posúe documentación ao respecto.*

*2. O Negociado de Lixo de Vivendas non realiza a recollida e rexistro das solicitudes de exención, xa que esta función compete única e exclusivamente ao Rexistro Xeral do Concello, circunstancia que contradí o exposto pola reclamante.*

*3. Esta oficina de Lixo Vivendas ten por costume facilitarlle aos cidadáns os trámites da presentación de recursos e solicitudes, prestándose de forma voluntaria a encher ditas documentos co fin de axilizar e facilitar estes procesos, pero en ningún caso recolle as solicitudes ou recursos, nin realiza o seu rexistro, xa que é o solicitante*



*quen debe facelo co fin de que o Rexistro Xeral lle expida copia selada e numerada da solicitude presentada.*

*4. A reclamante dá a entender que de forma reiterada, ano tras ano realiza tal solicitude e indica “.. quedándose con fotocopia da súa declaración da renda, como sempre, e dando por feito que todo quedaba correctamente”.*

*Nas bases de datos se comproba que con anterioridade ao presente exercicio 2011, tales solicitudes só tiveron entrada para os exercicios 2008 e 2009, e foron presentadas en datas 10.10.2007 e 08.10.2008 no Rexistro Xeral do Concello cos números de documento 70112912 e 80124055 respectivamente, feitos dos que se desprende o coñecemento da reclamante sobre a presentación de solicitudes.*

*5. Indicar que a reclamante recibiu a primeira notificación da Recadación Executiva polo impago do recibo 110828/2010 da Taxa de Lixo Vivendas en data 03.01.2011, non no mes de febreiro como indicou na súa reclamación, presentando recurso dous meses máis tarde, o 01.03.2011, co nº Doc. 110024710 e nº expediente XX/513, baseando este na mesma argumentación e solicitando a anulación do recibo 110828/2010. Dito recurso, do que se achega copia, foi desestimado por Resolución da Alcaldía e notificado á reclamante en data 04.04.200, unha vez comprobada a non existencia física nin informática da obrigada solicitude, considerando por tanto a súa presentación fóra do prazo establecido no art. 4 de Ordenanza Fiscal reguladora da taxa: do 1 de OUTUBRO AO 31 DE DECEMBRO de cada ano, para os seus efectos no seguinte exercicio.*

*6. Cabe engadir ao anterior que, aínda constando efectivamente presentada a solicitude de exención da Taxa de Lixo Vivendas no exercicio 2009 para a súa efectividade no 2010, no caso de non recibir notificación ao respecto, situación da reclamante ata o 03.01.2011, debería entenderse sempre desestimada tal solicitude segundo o establecido no Art. 136.4 do RD 1065/2007, Regulamento xeral das actuacións e procedementos de xestión e inspección tributaria e desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos:*

*“El plazo máximo para notificar la resolución del procedimiento será el que establezca la normativa reguladora del beneficio fiscal y, en su defecto, será de seis meses. Transcurrido el plazo para resolver sin que se haya notificado la resolución expresa, la solicitud podrá entenderse desestimada, salvo que la normativa aplicable establezca otra cosa”.*

*7. Respecto do presente exercicio 2011, a reclamante presentou igualmente a súa solicitude de exención en data 25.10.2010, e ten concedido actualmente dito beneficio por resolución da Alcaldía de data 18.03.11.*

*8. Enténdese o malestar da reclamante por considerar que tiña dereito ao beneficio da exención no ano 2010, cando tal consideración resulta invalidada pola inexistencia da necesaria solicitude, pero tal e como indica esa Institución, a Administración debe prestar un bo servizo á cidadanía e actuar de forma imparcial, xusta e razoábel. Desde este negociado enténdese que así se fai cando se aplican as normas e prazos establecidos no ordenamento e nas Ordenanzas Fiscais a toda a cidadanía por igual, buscando precisamente non incorrer en trato desigual ou discriminatorio na xestión de beneficios fiscais, e nos demais procedementos que aquí se tramitan."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 27/05/2011.

Con data 17/06/2011, recébase comunicación, por vía electrónica, da interesada na que indica unha serie de precisións que transcribimos:

*"-que sempre solicitou a exención da taxa do lixo na xanela do departamento encargado da xestión do lixo. Nunca tivo, que presentalo no rexistro xeral, agás este ano que, por primeira vez tivo que cubrir un impreso, presentalo no rexistro, selalo e devolveo ao departamento do lixo, onde sempre foi atendida polo mesmo funcionario agás neste ano que atendeu unha funcionaria e como xa ten dito, e reitérase, nisto o único que lle pedían era a fotocopia da declaración e nada máis.*

*-a súa intención cando se dirixiu a esta Institución do Valedor do Cidadán era a de que se buscara onde está arquivada a copia da súa declaración, o que demostraría que si compareceu na data correcta, igual que en anos anteriores, pois que informaticamente non figura o que xa lle habían dito.*

*-Insiste en que se localice a súa declaración, que ten que constar no arquivo, e non na papeleira ao alcance de calquera, e de ter feito a funcionaria ben o seu traballo, esto no sucedería."*

Do anterior dáse traslado á Administración de Tributos o 20/06/2011, quen o 06/07/2011, infórmanos o seguinte:

*"Respecto da comunicación electrónica por Dª.., reiterando a súa desconformidade coa Taxa de Lixo de Vivendas do exercicio 2010 do inmovible, por considerar os seu dereito ao beneficio da exención da taxa, este Negociado de Lixo Vivenda ratifica todo se cada un dos puntos contidos no informe realizado en data 23/05/2011 indicando que, tralas consultas realizadas, non consta presentada nin rexistrada a necesaria solicitude no prazo sinalado na Ordenanza Fiscal reguladora desta taxa, cuestión que concorda co feito de que a reclamante non posúa tampouco documento que así o xustifique."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 07/07/2011.

Sen incidencias posteriores.

### REFLEXIÓNS

Todas as administracións públicas ademais de intelixentes, teñen que ser receptivas e ademais resolutivas, de acordo coa realidade da xestión.

Nisto consiste a orientación que se lle debe presentar ao cidadán.

Unha administración é intelixente cando conta cuns mecanismos para dirixir o seu comportamento como organización, utilizando a información captada, aprendida, elaborada e producida por ela mesma.

O Código Europeo de Boa Conduta indica que o bo servizo a os cidadáns require obxectividade, austeridade e proximidade coa mesma cidadanía; e dicir, actuacións imparciais, xustas e razoables, corrixindo os efectos negativos da forma mais rápida posible. Como pode ser o caso que nos ocupa.

### RECOMENDACIÓNS

Seguimento da pauta sinalada na puntualidade mostrada na xestión deste expediente.

### EXPEDIENTE 34/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coas condicións fixadas para os aspirantes a un posto de técnico do Concello.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 01/06/2011. Con data 02/06/2011 solicítase o preceptivo informe que recébase o 05/07/2011, e no que se informa o seguinte:

*“ En resposta ao seu escrito de data 2 de xuño de 2011 (expediente 34/2011, documento nº 110081401) pola presente prácese comunicarlle o seguinte:*

*1.-No cadro de persoal orzamentario do Concello de Vigo existe unha praza denominada “ técnico /a superior de Arquivos”, escala de Administración Especial, Subgrupo A1, clase superior. Dita praza está asociada a un posto de traballo de igual denominación, obrante na Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo, que estable-*

*ce como requisitos do desempeño do posto, entre outros, estar en posesión das seguintes titulacións académicas oficiais:*

*a) Licenciado/a en documentación*

*b) Licenciado/a en xeografía e historia ou Licenciado en Historia*

*2.-A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, contempla no seu artigo 4.1, a) a potestade de autoorganización, que no ámbito da actividade de planificación e xestión dos recursos humanos ao servizo do sector público local concrétase na liberdade para a organización de postos de traballo o prazas asociadas, sempre co pleno respecto á legalidade vixente e observando o principio de eficacia na prestación do servizo, de xeito tall que os perfís académicos dos postos de traballo respostan ás demandas e necesidades do Arquivo Municipal.*

*3.-A relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo foi actualizada no ano 2010 (publicada no BOP nº 220, do martes 16 de novembro de 2010) sen que ata data conste a presentación de recurso algún por parte da Sra., en canto aos requisitos de desempeño do posto.*

*Igualmente debe lembrarse que a dita praza atópase incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, actualmente en execución; oferta de emprego probada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/12/2008, e publicada no BOP nº 27, do martes 19 febreiro do 2009, e contra a cal tampouco consta a presentación de recurso en canto á concreta praza de técnico superior de Arquivos.*

*4.-Como queira que o actual estado da convocatoria e execución dos procesos selectivos impide a modificación das características e condicións das prazas obxecto da oferta, así como dos requisitos daqueles postos de traballo asociados á mesma, non resulta viábel acceder á pretensión formulada pola reclamante no actual estado dos procesos selectivos indicados.*

*Do cal se lle informa, aos efectos de dar cumprimento ao requerido remitíndolle un cordial saludo."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 08/07/2011.

Sen incidencias posteriores.

## EXPEDIENTE 41/2011

### ASUNTO

Queixa en relación cun embargo sobre o pagamento das taxas lixo-vivendas.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/06/2011. Con data 16/06/2011 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 13/07/2011.

Con data 22/07/2011 recébase escrito de Recadación Executiva, no que informa o seguinte:

*“En contestación á súa solicitude de data 16 de xuño de 2011 , por esta Unidade de Recadación Executiva se INFORMA :*

*Con data 14/04/2011 practicouse por esta Unidade de Recadación Executiva diligencia de embargamento sobre conta bancaria da que é titular D. ... , para o cobro por vía executiva da seguinte débeda :*

CONCEPTO	Nº RECIBO	OBJ.TRIBUTARIO PRINCIPAL	NOTIF.APREMIO	OTRAS ACTUACIONES QUE INTERRUMPEN PRESCRIPCIÓN
LIXO VIV 2002	023009094	65,12	10/03/2003 Y 30/04/2003: INTENTO NOTIF. RESULTADO AUSENTE. PUBLICACIÓN: <b>BOP 21/11/2005</b>	8/03/2006 Y 22/03/2006: INTENTO NOTIF. PROVIDENCIA DE EMBARGO RESULTADO DESCONOCIDO. PUBLICACIÓN: <b>BOP 20/12/2007</b>
LIXO VIV 2004	043009094	67,45	10/03/2005 Y 17/03/2005: INTENTO NOTIF. RESULTADO DESCONOCIDO. PUBLICACIÓN: <b>BOP 20/11/2006</b>	23/05/2009 : INTENTO NOTIF. DILIGENCIA DE EMBARGO RESULTADO DESCONOCIDO. PUBLICACIÓN: <b>BOP 20/08/2009</b>
LIXO VIV 2006	063009094	71,65	23/01/2007 Y 6/02/2007 : INTENTO NOTIF. RESULTADO DESCONOCIDO. PUBLICACIÓN: <b>BOP 6/08/2007</b>	
LIXO VIV 2007	073009094	74,45	16/04/2010 Y 19/04/2010 : INTENTO NOTIF. RESULTADO AUSENTE. PUBLICACIÓN: <b>BOP 5/07/2010</b>	

Con data 13/06/2011 o interesado formula recurso fronte a devandita dilixencia de embargo, alegando basicamente a falta de notificación da débeda tributaria con anterioridade á práctica da dilixencia de embargo, prescrición, e indebida execución do acto administrativo recorrido.

O recurso formulado polo interesado foi desestimado en data 11 de xuño de 2011 en base os seguintes fundamentos xurílicos:

1º En canto á falta de notificación da débeda con anterioridade á práctica da dilixencia de embargo:

A providencia de constrinximento, **que é título suficiente para proceder contra os bens e dereitos do debedor** (artigo 167.2 da Lei 58/2003 xeral Tributaria) foi NOTIFICADA nas datas e circunstancias detaiadas na taboa inicial, segundo consta no expediente.

Faise constar que todos os intentos de notificación persoal da providencia de prema se realizaron no que era o domicilio fiscal declarado ante esta administración ao tempo da práctica destes intentos. Así despréndese do informe emitido polo Departamento de Base de Datos desta Administración en data 29/06/2011 que foi elaborado nos seguintes termos:

"Con motivo da solicitude presentada no Departamento de Recadación Executiva por D. /Dª ..., este negociado informa que segundo consta na base de datos tributaria, figura como domicilio fiscal do/a mesmo/á rúa ... dende o día 24/05/2007 sendo a dirección anterior a rúa ..., dende o 06/05/1993.

Á vista do escrito presentado polo interesado, cámbiase a día de hoxe o seu domicilio á rúa... "

A este respecto o art.º 48,3 da Lei 58/2003 Xeneral Tributaria establece que:

**"3. Os obrigados tributarios deberán comunicar o seu domicilio fiscal e o cambio deste á Administración tributaria que corresponda, na forma e nos termos que se establezan regulamentariamente. O cambio de domicilio fiscal non producirá efectos fronte á Administración tributaria ata que se cumpra con dito deber de comunicación, pero iso non impedirá que, conforme ao establecido regulamentariamente, os procedementos que se iniciasen de oficio antes da comunicación do devandito cambio, poidan continuar tramitándose polo órgano correspondente ao domicilio inicial, sempre que as notificacións derivadas dos devanditos procedementos se realicen de acordo co previsto no artigo 110 desta Lei. "**

Así pois, é sobre o obrigado tributario sobre o que recae a obriga de comunicar puntualmente á administración tributaria correspondente os posíbeis cambios que se produzan en rela-

*ción co seu domicilio fiscal. É criterio xurisprudencial asentado ( RJ 2001,6027 / RTC 1986,133 / RTC 1987,188 / RTC 1993,68 / RTC 1993,103) , tanto do Tribunal Supremo coma do Constitucional , en materia de notificación edictal de **notificacións tributarias** que:*

- *Intentada a notificación polo Administración Tributaria , de acordo cos requisitos previstos legalmente (actualmente no art. 48 da Lei 58/2003 anteriormente referido ) no enderezo fiscal declarado expresamente polo suxeito pasivo e , no caso de que non se poidera practicar , deixando de todo elo constancia no expediente administrativo , é procedente efectuar a notificación edictal sustitutoria na forma prevenida pola Lei , sen que a Administración teña obriga algunha de localizar outro domicilio distinto ó declarado expresamente , pois si o suxeito pasivo cambiou de enderezo debeu presentar declaración tributaria expresa pondo en coñecemento da Administración este feito e , se non o fixo , dito cambio de enderezo non surtiu efecto ante a Administración actuante .*
- *O art. 48 da Lei Xeral Tributaria é unha norma de protección da Administración Tributaria , dirixida a procurar unha xestión tributaria áxil , dispensando á Administración da búsqueda do enderezo fiscal real do interesado , facendo recaer as consecuencias da falta de dilixencia na declaración puntual do cambio de enderezo fiscal sobre o interesado que a cometeu.*
- *Non pode manter unha alegación de indefensión quen , co seu propio comportamento omisivo é o causante da limitación de medias de defensa que se poidera producir.*

*2º En canto á alegación de prescripción : segundo o artigo 66 da Lei 58/2003 Xeneral Tributaria, Prescribirán aos catro anos os seguintes dereitos:*

*b. O dereito da Administración para esixir o pagamento das débedas tributarias liquidadas e autoliquidadas.*

*Por outra parte o art . 68 da mesma Lei dispón que o cómputo do prazo de prescripción se interrompe por calquera acción administrativa realizada con coñecemento formal do suxeito pasivo encamiñada á recadación da débeda. Producida a interrupción, iniciárase de novo o cómputo do prazo.*

*Neste sentido, as Providencias de Prema foron notificadas nas datas indicadas na táboa inicial interrompendo o cómputo do prazo de prescripción. Tamén quedaron sinaladas na devandita táboa outras actuacións executivas encamiñadas á recadación da débeda ( providencia e dilixencias de embargo ) realizadas por esta Administración e que interromperon novamente o cómputo do prazo de prescripción con posterioridade á notificación da providencia de prema.*

*3º Por último , en relación coa alegación do interesado referida á non suspensión da execución do acto impugnado dentro do prazo previsto para a interposición do recurso de reposición , debemos remitirnos ao establecido no art.º 25 do Real Decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa que dispón: "A mera interposición do recurso de reposición non suspenderá a execución do acto impugnado. "*

*O que comunicamos ós efectos oportunos."*

### REFLEXIÓNS

Neste senso existen sentenzas nas que se subliña que a Administración ten que poñer o máximo celo en lograr a notificación persoal das súas resolucións.

O Tribunal Constitucional ten establecido que os Concellos deben realizar unha mínima labor indagatoria dos seus censos.

### EXPEDIENTE 53/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación cunha solicitude presentada o 24/05/2010, interesando información sobre os custos de protocolo.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 19/09/2011. Con data 28/09/2011 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 31/10/2011.

### REFLEXIÓNS

A Constitución española (artigo 20.1d) protexe os dereitos a comunicar ou recibir libremente información veraz.

Ademais, pola súa parte, a Lei 30/1992 (artigo 3.5) establece que as Administracións Públicas actuarán de conformidade cos principios de transparencia e de participación.

Tamén non se debe esquecer o disposto no artigo 35 da mesma Lei, así como os dereitos recoñecidos no Real Decreto 208/1996, de 9 de febreiro.



## CAPÍTULO X - TENENCIA DE ALCALDÍA

### EXPEDIENTE 23/2011

#### ASUNTO

Queixa en relación coa desatención da que foi obxecto por non recibir resposta a súa petición efectuada en nome de unha asociación.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 06/04/2011. Con data 06/04/2011 solicitouse o preceptivo informe que recíbese o 15/04/2011, no que se indica que na Tenencia de Alcaldía non se atopa ningunha petición en relación coa temática da queixa; esperando que se lle remita copia para poder solucionar o tema en cuestión.

Trasladado o informe ao interesado fai achega da copia que se da traslado a Tenencia de Alcaldía o 23/05/2011.

Sen incidencias posteriores.

**RESUMO ESTADÍSTICO**

<b>ÁREA</b>	<b>NÚMERO</b>	<b>%</b>
<b>BENESTAR SOCIAL</b>		
Centro Emerxencia Social	1	
<b>TOTAL</b>	<b>1</b>	<b>1.85</b>
<b>EDUCACIÓN</b>		
Actividades escolares	1	
Certificación académica	1	
Participación en pleno	1	
<b>TOTAL</b>	<b>3</b>	<b>4.76</b>
<b>MEDIO AMBIENTE</b>		
Animais abandonados	1	
Contaminación Acústica	1	
Fincas en estado calamitoso	2	
Sistemas de ventilación	1	
<b>TOTAL</b>	<b>5</b>	<b>7.93</b>
<b>PARTICIPACIÓN CIDADÁ</b>		
Incumprimento normativa	1	
Incidencias praza pública	1	
Participación no pleno	1	
Reunión Asociación Veciñal	1	
<b>TOTAL</b>	<b>4</b>	<b>6.34</b>
<b>PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO</b>		
Local para Asociación	1	
<b>TOTAL</b>	<b>1</b>	<b>1.85</b>
<b>SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTE</b>		
Embargos por multas non comunicadas	2	
Sancións de tráfico	11	
Solicitud vado	1	
Revisión documentación	1	
Información terrazas	2	
Conexións liñas bus	3	
Bonificación billete bus	1	
Falta carteis seguridade	1	
Abandono vehículos	1	

<b>TOTAL</b>	<b>23</b>	<b>36.5</b>
<b>SERVIZOS XERAIS</b>		
Contedores lixo	2	
Focha acceso polígono	1	
Facturas consumo auga	1	
Situación arborado	2	
Situación zona verde	1	
Local hostalaría	1	
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>12.69</b>
<b>URBANISMO – VIVENDA</b>		
Protección legalidade urbanística	1	
Licenza apertura	2	
Danos obra AVE	1	
Información expediente	1	
Obras sen licenza	4	
Filtracións actividades	1	
<b>TOTAL</b>	<b>10</b>	<b>15.71</b>
<b>XESTIÓN MUNICIPAL</b>		
Responsabilidade Patrimonial	1	
Selección persoal	1	
Embargo impostos pendentos	2	
Xestión tramitación	1	
Acceso posto técnico	1	
Custos protocolo	1	
<b>TOTAL</b>	<b>7</b>	<b>11.11</b>
<b>TENENCIA ALCALDÍA</b>		
Solicitude entrevista	1	
<b>TOTAL</b>	<b>1</b>	<b>1.85</b>
<b>TOTAL</b>	<b>63</b>	<b>100</b>

**REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2011**

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN DE INFORME	RECEPCIÓN DE INFORME
<b>BENESTAR SOCIAL</b>			
16/2011	Centro emerxencia social	14-03-2011	05-04-2011
<b>EDUCACIÓN</b>			
17/2011	Queixa sobre actividades Escola de Artes e Oficios	14-03-2011 24-04-2011	13-05-2011
18/2011	Participación no Pleno	17-03-2011	21-03-2011
58/2011	Certificación académica	28-09-2011 31-10-2011	
<b>MEDIO AMBIENTE</b>			
6/2011	Animais abandonados	10-02-2011	02-03-2011
13/2011	Finca en estado calamitoso	08-03-2011 05-04-2011	13-04-2011
14/2011	Adecuación sistema de ventilación	09-03-2011 05-04-2011 04-05-2011	13-04-2011 21-06-2011
20/2011	Estado calamitoso dun baixo	29-03-2011	13-04-2011
48/2011	Contaminación acústica	01-08-2011 13-09-2011	13-09-2011
<b>PARTICIPACIÓN CIDADÁ</b>			
5/2011	Participación no Pleno	10-02-2011 10-03-2011	01-04-2011
21/2011	Reunións cunha Asociación Veciñal	04-04-2011 04-05-2011	20-05-2011
28/2011	Incidencias nunha praza pública	05-05-2011	30-05-2011
30/2011		18-05-2011 27-06-2011 26-07-2011 25-08-2011 20-09-2011	20-10-2011
<b>PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO</b>			
24/2011	Petición dun local para unha asociación	06-04-2011 04-05-2011	13-06-2011
<b>MOBILIDADE E SEGURIDADE</b>			
3/2011	Embargos por multas non comunicadas	11-01-2011 14-02-2011 10-03-2011 05-04-2011	

		26-05-2011	
		27-06-2011	
		20-07-2011	
		24-08-2011	
		19-09-2011	
		17-10-2011	21-10-2011
4/2011	Sanción de tráfico	25-01-2011	
		24-02-2011	
		29-03-2011	
		27-04-2011	
		23-05-2011	
		22-06-2011	
		21-07-2011	
		25-08-2011	
		20-09-2011	19-10-2011
8/2011	Solicitude dun bado	21-02-2011	
		21-03-2011	
		20-04-2011	
		23-05-2011	
		16-06-2011	
		20-07-2011	
		24-08-2011	
		19-09-2011	
		17-10-2011	
		21-11-2011	
10/2011	Sanción de tráfico	21-02-2011	
		21-03-2011	
		20-04-2011	
		23-05-2011	
		16-06-2011	
		20-07-2011	
		24-08-2011	
		19-09-2011	
		17-10-2011	19-11-2011
12/2011	Sanción de tráfico	07-03-2011	
		04-04-2011	
		28-05-2011	
		23-06-2011	
		21-07-2011	
		25-08-2011	
		20-09-2011	19-10-2011

25/2011	Sanción de tráfico	13/04/2011 04/05/2011 06/06/2011 07/07/2011 02/08/2011 05/09/2011 05/10/2011	17/10/2011
35/2011	Sanción de tráfico	06-06-2011 07-07-2011 02-08-2011 05-09-2011 05-10-2011	19-10-2011
37/2011	Expediente de apremo sen notificación previa	13-06-2011 21-07-2011 25-08-2011 20-09-2011 24-10-2011	08-11-2011
38/2011	Revisión documentación	13-06-2011	06-07-2011
39/2011	Información sobre unha terraza	14-06-2011 21-07-2011 25-08-2011 20-09-2011 24-10-2011 28-11-2011	
40/2011	Conexións liñas vitrasa	14-06-2011 21-07-2011 25-08-2011 20-09-2011 24-10-2011	
42/2011	Retirada sancións de tráfico	21-06-2011 26-07-2011 25-08-2011 26-09-2011 28-10-2011	10-11-2011
43/2011	Retirada sancións de tráfico	22-06-2011 26-07-2011 25-08-2011 26-09-2011	
46/2011	Sanción de tráfico	20-07-2011 25-08-2011 26-09-2011	19-10-2011

50/2011	Sanción de tráfico	22-08-2011 26-09-2011 27-10-2011	28-10-2011
51/2011	Sanción de tráfico	14-09-2011 17-10-2011	19-10-2011
54/2011	Perigo para os viandantes por mor dunha terraza	28-09-2011 28-10-2011	
55/2011	Abandono de vehículos	28-09-2011 28-10-2011	
56/2011	Bonificación billetes vitrasa	21-09-2011 28-10-2011	
57/2011	Liñas de circulación	28-09-2011 28-10-2011	
60/2011	Falta de carteis de seguridade	17-10-2011	
61/2011	Sanción de tráfico	03-11-2011 15-11-2011	11-11-2011
62/2011	Deficiente a liña de transporte á estación de Guixar	04-01-2011	
<b>SERVIZOS XERAIS</b>			
9/2011	Contedores de lixo	21-02-2011 21-03-2011 20-04-2011 23-05-2011 20-06-2011	15-07-2011
11/2011	Focha nos accesos a un polígono	23-02-2011	18-03-2011
19/2011	Colocación dun contedor de lixo	21-03-2011 25-04-2011 25-05-2011 20-06-2011	15-07-2011
27/2011	Cargos factura consumo auga	03-05-2011 06-06-2011	10-06-2011
29/2011	Situación ramas parque público	09-05-2011 06-06-2011 07-07-2011 26-07-2011 10-08-2011	23-08-2011
32/2011	Situación dun parque	23-05-2011 20-06-2011 21-07-2011 25-08-2011 20-09-2011 24-10-2011	21-10-2011 18-11-2011

36/2011	Situación local hostalaría	06-06-2011	
		07-07-2011	
		10-08-2011	
		13-09-2011	
		13-10-2011	17-10-2011
52-2011	Situación zona verde	26-09-2011	
		31-10-2011	
<b>URBANISMO E VIVENDA</b>			
2/2011	Protección da legalidade urbanística	04-01-2011	
		04-02-2011	
		07-03-2011	
		05-04-2011	
		04-05-2011	
		06-06-2011	
		07-07-2011	
		02-08-2011	
		05-09-2011	
		05-10-2011	
		14-11-2011	
15/2011	Licenza de apertura dun local	09-03-2011	
		05-04-2011	
		04-05-2011	
		06-06-2011	
		07-07-2011	
31/2011	Danos polas obras do AVE	02-08-2011	
		19-05-2011	
		27-06-2011	
		26-07-2011	
		25-08-2011	
33/2011	Información sobre un expediente	26-09-2011	
		27-10-2011	
		30-05-2011	
		26-07-2011	
		25-08-2011	
44/2011	Actividade sen licenza	26-09-2011	
		27-10-2011	
		07-07-2011	
		02-08-2011	
		05-09-2011	
		05-10-2011	
		14-11-2011	



45/2011	Derruba sen licenza	11-07-2011 25-08-2011 26-09-2011 27-10-2011 30-12-2011	28-12-2011
47/2011	Antena sen licenza	27-07-2011 25-08-2011 26-09-2011	
49/2011	Obra sen licenza	11-08-2011 13-09-2011 13-10-2011	
59/2011	Licenza urbanística	13-10-2011 31-10-2011	
63/2011	Filtracións de actividades	08-11-2011	
<b>XESTIÓN MUNICIPAL</b>			
1/2011	Caída con danos nun sumidoiro	04-01-2011 10-02-2011 07-03-2011 20-04-2011 12-05-2011 13-06-2011 13-07-2011 13-09-2011 13-10-2011	11-01-2011 18-03-2011 18-05-2011 02-08-2011 20-10-2011
7/2011	Nomeamentos órganos selección persoal	21-02-2011 21-03-2011 20-04-2011 12-05-2011 23-05-2011	27-05-2011
22/2011	Embargo por impostos pendentes	04-04-2011 04-05-2011	19-05-2011
26/2011	Xestión na tramitación dun expediente	25-04-2011 23-05-2011 20-06-2011	25-05-2011 06-07-2011
34/2011	Condicións acceso a posto técnico	02-06-2011	05-07-2011
41/2011	Embargo por impostos pendentes	16-06-2011 13-07-2011	22-07-2011
53/2011	Información custos de protocolo	28-09-2011 31-10-2011	
<b>TENENCIA DE ALCALDÍA</b>			
23/2011	Solicitude de entrevista	06-04-2011	15-04-2011

## PARTE VII ENTREVISTAS E CONSULTAS POR CORREO ELECTRÓNICO

### ENTREVISTAS E CONSULTAS ANO 2011

ÁREA	NÚMERO	%
BENESTAR SOCIAL	59	5.7
CULTURA, ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL	42	4.06
EDUCACIÓN	21	2.03
MEDIO AMBIENTE	125	12.08
SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTE	109	10.54
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	44	4.25
SERVIZOS XERAIS	93	8.99
URBANISMO	117	11.31
XESTIÓN MUNICIPAL	86	8.22
OUTROS	338	32.68
* Consumo	136	
* Cuestións civís	98	
* Outras adm.	104	
<b>TOTAL</b>	<b>1034</b>	<b>100</b>

### CONSULTAS POR CORREO ELECTRÓNICO ANO 2011

ÁREA	NÚMERO	%
ASUNTOS SOCIAIS	14	9.21
MEDIO AMBIENTE	17	11.18
SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTE	41	26.97
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	6	3.94
SERVIZOS XERAIS	23	15.13
URBANISMO	14	9.21
XESTIÓN MUNICIPAL	9	5.92
OUTROS	28	18.42
<b>TOTAL</b>	<b>152</b>	<b>100</b>



## PARTE VIII ACTUACIÓNS DE OFICIO

Sobre as Actuacións de Oficio, foron realizadas 4.028 entrevistas por un equipo de 15 enquisadores.

As monografías publicadas foron:

- Pobreza e exclusión social. Perspectiva comparada e estudo específico do municipio de Vigo (edición en galego e castelán).
- Percepción cidadá sobre a calidade de vida. Aplicación ao municipio de Vigo e comparativa con outras cidades europeas.

### **POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL.**

**Perspectiva comparada e estudo específico do municipio de Vigo**

No ano 2010 o número de actuacións a instancia de parte ascendeu a 1.036, duplicando os casos presentados en 2006 (484). Do total destas actuacións destacan as entrevistas que deron lugar a xestións ou avinzas e cuxo número ascendeu a 844, das cales 123 non estaban relacionadas coa Administración Local. Estas entrevistas relacionábanse con asuntos variados pero con similares problemas expostos (pagamento de hipotecas, desemprego, dificultades económicas para chegar con diñeiro ao fin do mes, pensións...) temáticas que, en principio, non tiñan cabida dentro das competencias estatutarias que rexen a figura do Valedor do Cidadán.

Motivados por esta situación, en setembro de 2010 tomouse a decisión de analizar as causas da pobreza e exclusión social desta cidadanía que expuña con preocupación estes problemas. Considerando que o estudo ficaba aínda incompleto, planificouse unha serie de enquisas co fin de solicitar datos e opinións dos profesionais e voluntarios de centros e institucións públicas e privadas que acollían a diversos colectivos relacionados coa pobreza e exclusión social. No total foron 45 os centros que colaboraron fornecendo informacións sobre os seus obxectivos e actividades que, na súa maior parte, son referidas á axuda humanitaria que prestan aos sectores sociais máis carenciados (fornecemento de alimentos e/ou roupa, inmigrantes, asesoramento xurídico-laboral, persoas sen abrigo, sen ingresos suficientes ou desempregadas, atención a enfermos, alcohólicos, prostitución, doenzas mentais crónicas, maternidade e infancia, coidados integrais,...). De forma complementar, e por medio dos responsábeis deses centros, levouse a cabo outro tipo de enquisas para solicitar a opinión das persoas que utilizan estes servizos.

Do punto de vista metodolóxico, nos catro primeiros apartados en que está dividido o estudo, relátase a perspectiva histórica da riqueza e pobreza das nacións, para centrarse posteriormente na análise da situación da pobreza e a exclusión social na Unión Europea, España e Galicia. Finalmente, nunha última parte, analísase esta situación en Vigo desde tres ópticas diferentes, máis relacionadas entre si, que abranxen a opinión dos profesionais e voluntarios dos centros e asociacións públicas e privadas, a experiencia que poden ofrecer as persoas acollidas nesas institucións relacionadas co combate á pobreza e á exclusión social e a percepción da cidadanía viguesa sobre este tema. Neste caso foi aplicada unha enquisa con certa similitude ás doutras cidades europeas, para poder así levar a cabo unha comparación entre as respostas obtidas en nivel local e as situacións, españolas e europeas, máis xerais.

## Unión Europea

De acordo cos últimos datos da UE, cerca de 80 millóns de europeos viven abaixo do limiar da pobreza e 19 millóns de menores non teñen os medios fundamentais para satisfacer as súas necesidades máis básicas. Os grupos máis vulnerábeis á pobreza son as familias numerosas ou uniparentais (como as nais solteiras), os vellos, os inmigrantes ou persoas con deficiencias. Son tamén estes que máis sofren co desemprego e, consecuentemente, coa exclusión social.

Apesar dos esforzos desdobrados, a poboación en situación de pobreza, que en 2002 era de 15%, segundo os datos de Eurostat, subiu a unha taxa de 17% no ano 2010. Esta situación está en contradición cos valores comúns da UE de solidariedade e de xustiza social. As taxas de risco, porén, varían segundo os países oscilando entre as máis baixas da República Checa (8,6%), Eslovaquia (11,0%) e Países Baixos (11,1%) e as taxas máis altas da Letonia (25,7%), Romenia (22,4%), Bulgaria (12,8%) e Lituania (20,6%). A taxa de España é de 19,5%.

O nivel de pobreza atinxe tamén o 19,6% no caso infantil e dos mozos até 17 anos. Esta taxa dáse en aproximadamente a maioría dos estados-membros, salvo os países nórdicos, Eslovenia, Chipre e República Checa (entre 9-13%), Romenia (32,8%), Bulgaria (24,4%), Lituania (21,4%) e Italia (24,0%). A taxa española sitúase no 23,3%. Na pobreza infantil da UE inflúen grandemente tanto a situación laboral familiar como a eficacia da intervención dos poderes públicos en materia de axudas ao rendemento e dos servizos e asistencia. Isto é particularmente evidente no caso das familias monoparentais, onde o risco de pobreza é de 32%.

No caso das persoas de máis de 65 anos, a taxa dos que viven en situación de pobreza é de 17,8%. Neste sentido, as taxas máis elevadas sitúanse en países como Chipre (48,6%), Letonia (47,5%), Bulgaria (39,3%) e Estonia (33,9%). Por outra parte, Hungría (4,6%), Luxemburgo (6,0%), República Checa (7,2%) e Países Baixos (7,7%) presentan os niveis máis baixos. A taxa de España é de 25,2%.

A taxa de desemprego na UE-27 mantense inalterada desde marzo de 2010 no 9,6% (10,0% na zona do euro). Esta é a maior taxa de desocupación desde xullo de 1998. No total, o Eurostat estima que en novembro de 2010 existían 23,24 millóns de homes e mulleres desempregados na UE (16 millóns están na zona euro). A taxa europea de desemprego é igual á rexistrada nos EUA e superior á do Xapón (5,1%).

O Gabinete de Estatística Europeo mostra que España presenta a taxa de desemprego máis elevada, no 20,6%, seguido pola Letonia (20,1%), Lituania (17,8%), Estonia (16,3%), Eslovaquia (14,5%), Irlanda (13,9%), Hungría (10,3%) e Portugal (11,0%).

A taxa de desemprego dos menores de 25 anos na UE- 27 é de 20,7% (20,0% na zona do euro), a proporción máis alta desde o ano 2000. As menores taxas deste indicador rexístranse nos Países Baixos (8,7%), Austria (8,8%) e na Alemaña (9,1%). O Reino Unido e a Franza rexistran 19,5% e 23,9%, respectivamente. A maior taxa prodúcese en España (41,6%), seguido pola Lituania (35,1%), Eslovaquia (34,3%), Estonia (32,9%), Irlanda (27,3%) e Hungría (27,0%).

A taxa de desemprego de longa duración, isto é, a proporción da poboación activa que estivo desempregada polo menos doce meses, alcanzou en 2009 o 3,0% na UE- 27 (3,1% na zona do euro). As taxas máis baixas producíronse na Dinamarca (0,5%), Países Baixos (0,9%) e Austria (1,0%) contra as máis altas, localizadas na Eslovaquia (6,5%), Letonia (4,6%) e España e Portugal (4,3% as dúas). As taxas da Alemaña, Franza e Italia foron 3,4%, 3,3% e 3,5%, respectivamente.

A poboación vivindo en lares sen emprego indica o grao de exclusión dos lares en relación aos mercados de traballo. En 2009, 10,1% dos cidadáns adultos da UE-27 en idade de traballar (poboación non estudantil comprendida entre os 18-59 anos) vivían en lares integridos exclusivamente por persoas sen emprego. Estas cifras oscilaban entre o 5,6% de Chipre ou 6,6% nos Países Baixos e 13,1% da Hungría, 12,9% da Irlanda e 12,8% dos Países Baixos. En España este indicador alcanzaba 10,8%.

Segundo os datos de 2009, a proporción infantil nesta situación na UE- 27 era do 10,2% e variaba fortemente dun estado-membro para outro: de 3,9% da Eslovenia, 4,2% do Chipre e 4,4% do Luxemburgo a 17,5% do Reino Unido, 17,2% da Irlanda ou 15,6% da Hungría. En España este parámetro situábase no 9,9%. Esta circunstancia inflúe nas condicións de existencia do menor e na evolución do seu desenvolvemento persoal.

O desemprego (52%) e salarios que non chegan para suportar o custo da vida (49%) son, de forma xeral, indicados como explicacións "sociais" para a pobreza. Outra explicación é o custo elevado da vivenda, con dous terzos dos europeos (67%) a consideraren ser difícil arranxar vivenda decente a un prezo razoábel. Esta opinión é particularmente común na República

ca Checa e en Chipre (cada un con 89%), ben como no Luxemburgo e Malta (86% en ambos os países) e na Eslovaquia (84%).

## España

Á hora de analizar a situación no Estado español e nas distintas Comunidades Autónomas resulta imprescindible usar como referencia a Enquisa de Condicións de Vida (ECV) realizada polo Instituto Nacional de Estatística (INE) e que foi actualizándose anualmente desde 2004. Esta enquisa é unha valoración estatística obtida dos lares españois mais que tamén se realiza en todos os países da Unión Europea.

Grazas a estes datos poden facerse análises obxectivas comparadas cos demais países da UE. Tamén podemos saber a evolución da taxa de pobreza relativa en España e datos esenciais referidos á pobreza. Segundo a ECV de 2010 actualmente en España a taxa de pobreza é de 20,8%, calculada segundo os ingresos percibidos polos lares en 2009. Isto significa que unha en cada cinco persoas vive abaixo do que se considera o limiar de pobreza relativa; isto é, vive cuns ingresos por baixo do 60% da media do país. Esta taxa experimentou un aumento respecto ao ano anterior cando se situaba no 19,5%.

Por idades, obsérvase que o grupo de cidadáns maiores de 65 anos é o que presenta a maior taxa de pobreza relativa, apesar da redución experimentada nos últimos tempos ao pasar de 28,2% en 2007 a 24,6% en 2010.

En 2009 o ingreso medio anual dos lares españois foi de 25.732€. A renda media en España foi aumentando durante os anos de prosperidade entre 2005 e 2008. En 2009 cando se produce unha diminución de 2,9%. O ingreso medio por persoa durante 2009 foi de 9.627€ (2,4% menos que o ano anterior) que alcanzou os 9.865€. En 2008, a comunidade autónoma na que se rexistrou o maior ingreso líquido anual medio por persoa foi a Comunidade Foral de Navarra, con 12.701€, e a comunidade en que se rexistrou o menor ingreso foi Estremadura (7.551€).

En 2009 a autonomía que rexistraba maiores taxas de poboación en situación de pobreza relativa foi Estremadura, co 36,2%, seguida de Andalucía (29,3%), e as que rexistraban unha taxa máis baixa foron a Comunidade Foral de Navarra con unicamente 7,4% da poboación e o País Basco co 9,4%.

Segundo a ECV existe unha gran proporción da poboación que presenta apuros para chegar con diñeiro ao fin do mes. Alén diso, grazas á evolución dos datos obsérvase claramente que esta é unha tendencia en aumento entre os anos 2007 e 2009. No ano 2010, o 58,6% dos fogares tiveron problemas para chegar con diñeiro ao fin do mes, entre eles, 13,4% afirma-

ba ter moitas dificultades. No 2009 estas porcentaxes foron lixeiramente superiores: 59% e 13,7%, respectivamente.

Se estudarmos a capacidade que teñen as familias para afrontar gastos imprevistos, no 2010 unha porcentaxe de 36,7% afirma non ter unha solvencia económica suficiente para facer fronte a un gasto inesperado, a porcentaxe máis elevada dos últimos seis anos. En 2009 esta taxa era do 33,9%.

Segundo o último relatorio de 2010 sobre a infancia publicado por UNICEF e elaborado por causa das impresións do Comité de Dereitos do Neno, en España existe un total de 8.192.866 menores de 18 anos que constitúen o 17,5% da poboación total. Respecto da poboación inmigrante hai 971.479 que viven en España e representan o 13,5% da poboación menor de 18 anos. Os datos sinalan que 24,1% da poboación infantil áchase en situación de risco de pobreza relativa. Se considerarmos os menores de 16 anos, a porcentaxe aumenta a 24,5% de nenos que viven en familias cuxos ingresos non chegan a alcanzar o limiar considerado como risco de pobreza.

## Galicia

Na actualidade o mercado laboral galego alcanza a maior taxa de destrución de postos de traballo ao día desde o inicio da crise (280), fronte á producida durante o ano 2009 (153) ou de xaneiro-outubro de 2010 (125). Desta maneira, en xaneiro de 2011, segundo datos do Ministerio de Traballo, o número de desempregados galegos alcanza a cifra máis alta desde que se contabiliza o mercado laboral (245.800).

Galicia, segundo os últimos datos oficiais publicados en outubro de 2010 na “Encuesta de Condiciones de Vida. Año 2010”, realizada polo Instituto Nacional de Estadística (INE), ten unha taxa de pobreza do 19,1%. Case un en cada cinco galegos encóntrase abaixo da liña que marca o 60% do ingreso medio.

A taxa de desemprego de longa duración, isto é, a porcentaxe da poboación activa que estivo desempregada polo menos doce meses durante o ano 2009, foi de 3,7%, un valor superior á rexistrada nos anos anteriores (2,3% en 2008 e 2,2% en 2007, ano en que se produciu o mínimo da década). No entanto, non está situada no seu máximo, xa que no ano 2000 alcanzou o 7,8%.

A porcentaxe da poboación activa que estivo desempregada polo menos 24 meses (taxa de desemprego de moi longa duración) alcanzou en 2009 o 7,6%, segundo valor histórico máis alto desde 2000, só superado en 2001 (8,1%). Sobre o total de desempregados galegos, aqueles que procuran emprego de un ou máis anos representan o 29,6%. A taxa de desem-



prego de moi longa duración é do 1,8% (porcentaxe de desempregados en busca de emprego de dous ou máis anos con respecto á poboación activa).

O número de mozos desempregados non deixou de crecer a un ritmo vertixinoso desde 2007 (17,5%), 2008 (23,8%) até alcanzar no final de 2009 a cifra de 31,4%. A taxa de desemprego xuvenil en Galicia é case o dobre que a da UE (18,4%).

Segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) en 2010, a poboación galega entre 18 e 59 anos que vivía en lares onde nengunha persoa tiña emprego en 2009 foi do 9,1%. A taxa galega é inferior á da UE a 27 (10,1%) e á española (10,8%). Os países europeos que tiñan unha menor porcentaxe foron Chipre (5,6%), Países Baixos (6,0%), Portugal e República Checa (6,7% ambos os países). No extremo contrario sitúanse Hungría (13,1%), Irlanda (12,9%) e Bélxica (12,8%), todos eles por en cima do 12% desa poboación.

Os datos publicados pola Xunta de Galicia através da “Enquisa de Condicións de vida das familias” galegas, elaborada polo IGE, dados a coñecer en decembro de 2010 e correspondente ao ano 2009, sinalan que até 14,3% dos galegos teñen risco de caír nunha situación de pobreza, cifra superior á do ano 2008 (13,9%). Estes datos indican que na actualidade un total de 130.000 lares galegos viven por debaixo dos limiares da pobreza e 34.000 o fan en situación de pobreza extrema.

O limiar depende, logo, do número de persoas que compoñen o lar. Para un lar unipersoal o limiar en 2009 era de 605,02€/mes, encanto para un lar composto por dous adultos (1,5 unidades de consumo) o limiar é de 907,5 €/mes e en 1.270,54 €/mes para un lar composto por dous adultos e dous menores de 14 anos. O 22,3% dos lares galegos teñen ingresos de 1000€ ou menos (15,9% superiores aos 600 euros). Un 2,0% ten ingresos inferiores aos 400 euros e 4,4% entre 400-600 euros.

Segundo a tipoloxía do lar, a taxa de risco de pobreza é do 23,2% nos unipersoais, 19,3% nos niparentais e 12,8% nas parellas sen fillos. Nunha situación intermedia, áchase a taxa de risco de pobreza das parellas con fillos (14,1%). En 2009, o 41,9% dos lares galegos chega con facilidade ou moita facilidade con diñeiro ao fin do mes, 42,2% con dificultade e o 15,9% restante con moita dificultade, o que representa un aumento do 11,0% con respecto ao ano 2008.

A día 31 de decembro de 2009 existían en Galicia 1.036.931 lares, dos cales 19,8% estaba formado por unha única persoa, 31,3% por dúas, 24,7% por tres e o 24,2% restante por catro ou máis membros. A tipoloxía máis habitual é a constituída por unha parella con fillos (34,2% do total). O lar monoparental constitúe o 9,4%.

Os lares compostos por persoas de 65 ou máis anos representa o 20,8% de todos os lares, sendo Pontevedra a provincia cunha menor porcentaxe de lares deste tipo (17,7%) contra Ourense (29,1%).

En cada cen mozos galegos comprendidos entre 16 e 24 anos, 31% están no desemprego, 6% traballan por conta propia, 62% son asalariados, dos cales 41% teñen contrato eventual e o 21% contrato indefinido. Dentre os mozos da clase traballadora, un 12% teñen un salario inferior a 600€/mes e 37% menor de 1.000€/mes. A porcentaxe de mozos que viven cos pais sen ingresos representa o 50,4% no caso das idades comprendidas entre 18-24 anos e de 21,1% no dos comprendidos entre 25-34 anos. Receben ingresos do traballo o 32,3% dos mozos entre 19-24 anos e o 60,8% dos comprendidos entre 25-34 anos.

## Vigo

Desde o inicio da crise económica, o número de desempregados en Vigo pasou de 19.969 en setembro de 2008 (momento da irrupción da crise) até os 29.156 en decembro de 2010.

O sector máis afectado pola crise é o dos servizos. No total representa máis da metade (58,9%) das persoas desempregadas. A crise está a afectar a todos os comercios pola importante contracción do consumo, situación que orixinou o feche de moitos establecementos. Non obstante, as consecuencias non son as mesmas en todos os subsectores do comercio ao retalho. Os negocios de alimentación son os que máis están a sufrir, xa que un 87,8% reduciron as súas vendas e 25,6% deste negocios máis dun 30,0% a respecto de 2009.

A situación de deterioración do mercado laboral de Vigo non difire do que acontece nos municipios que integran a área metropolitana, unha zona que suma 41.884 traballadores desempregados. Durante o ano 2010 até un total de 332 empresas da área de Vigo solicitaron un ERE, enviando temporariamente ao desemprego a 4.000 persoas.

Segundo a Enquisa de Condicións de Vida das familias do IGE, un en cada dez habitantes da cidade de Vigo (11,1%) encóntrase en risco de pobreza. Entre as sete principais cidades galegas só está superada pola producida en Ourense (13,6%) e seguida pola da Coruña (10,3), Pontevedra (9,8%), Santiago de Compostela (9,5%), Lugo (8,6%) e Ferrol (8,5%). A porcentaxe de lares vigueses con dificultade ou moita dificultade para chegar con diñeiro ao fin do mes no ano 2009 foi do 59,2%, algo superior á media galega (58,1%). Trátase da taxa máis elevada dos sete grandes concellos galegos fronte á de Ferrol (37,8%), Ourense (47,9%), Compostela (49,0%), Coruña (49,3%), Lugo (50,0%) e Pontevedra (53,1%).

A situación económica dos/as vigueses/as chega ao extremo que unha en cada tres familias (35,8%) subsiste ao mes con menos de 1.500€ (16,6% ingresan até 1.000€ e o 19,2% entre

1000,01 e 1500,00 €). No extremo oposto, con ingresos superiores aos 3.000€ mensais, áchase o 21,8% dos lares vigueses (11,4% entre 3000-4000€ e 10,4% máis de 4000€).

Segundo datos da Axencia Tributaria referidos a 2008, dos 141.024 declarantes do IRPF no municipio de Vigo, un 17,8% declararon un rendemento tributábel anual menor de 6000€, 19,1% comprendido entre 6000-12000€, 29,1% entre 12000- 20000€ e o 36,1% superior a 20.000€. Os rendementos medios declarados foron 19.163€, na súa maioría procedentes de rendementos do traballo (89,8%) contra os rendementos procedentes de actividades económicas (5,8%).

No ano 2009 no municipio de Vigo o 24,5% dos lares tiñan ingresos procedentes unicamente de prestacións, e no 27,8% de casos estas prestacións sociais representan o 75,0% dos seus ingresos e no 34,7% a metade dos seus ingresos. Isto significa que 26.012 familias viguesas viven só de prestacións sociais (pensións, axudas sociais e de desemprego) con orixe íntegra de recursos públicos. O número de familias que se encontran nesta situación viu-se incrementado un 24%, habida conta que en 2008 contabilizábanse 20.965 familias nesta situación. A cidade galega con maior dependencia unicamente destes ingresos é Ferrol (29,1%) e a menor é Lugo (19,1%).

A día 31 de decembro de 2009 no municipio de Vigo existían 106.226 lares, dos cales o 16,6% estaba constituído por unha única persoa, 29,3% por dúas, 25,3% por tres e o 28,9% restante contaba con catro ou máis membros. O número medio de persoas no fogar é de 2,73. Segundo a súa tipoloxía, o lar máis habitual é o formado por unha parella con fillos (41,5%) seguido polo dunha parella sen fillos (21,7%), unipersoal (16,6%), monoparental (10,7%) e outro tipo (9,6%).

Até 16,5% do total dos lares vigueses está composto por persoas de 65 ou máis anos, proporción que se viu incrementada desde 2007 (15,2%) e 2008 (16,3%). Ferrol e Ourense son os dous grandes concellos que presentan unha maior porcentaxe deste tipo de lar (24,1% e 22,3%, respectivamente).

Segundo a última estatística realizada polo Concello, un en cada cinco vigueses con máis de 60 anos (13.630 dos 67.887 rexistrados) viven só en casa, tendo que valerse por si mesmos todo o tempo. Esta proporción atinxe o 30% no caso dos tres distritos urbanos. Esta situación vese agravada no caso das mulleres maiores, tendo que vivir dunha mínima pensión de viuvez.

A taxa de ocupación de Vigo, isto é, proporción de poboación ocupada sobre o total de poboación de 16 e máis anos, é do 48,1%, superior á de Ferrol (43,8%), Pontevedra (46,6%) e Ourense (47,5%), mais por debaixo da de Compostela (56,4%), Lugo (52,9%) e Coruña (48,8%). A taxa de actividade de Vigo (porcentaxe de poboación activa do total de poboación

ción de 16 e máis anos) é de 59,4%, superior á producida en Ferrol (53,9%), Ourense (55,1%) e Coruña (56,8%), mais por abaixo da de Compostela (63,2%), Lugo (61,4%) e Pontevedra (60,1%).

Desde o 4º trimestre de 2009 a 2010, a cidade de Vigo viu reducida tanto a súa taxa de ocupación (do 51,5% ao 48,1%) como a da actividade (do 61,3% ao 59,4%).

Segundo o INE a finais do ano 2006 existían no municipio de Vigo 21.000 vivendas vacías (15,2% do parque inmobiliario existente) contra o promedio estatal de 14,9%. Ese ano (2006), pola primeira vez, o prezo medio do metro cadrado da vivenda construída atinxía os 2000€, case 300€ a máis do que o ano anterior, tornándose na cidade máis cara da Galicia para comprar unha vivenda no centro urbano. Na actualidade o 24,0% dos lares vigueses ten gasto en hipoteca da vivenda principal, cun valor medio de 548,6€, proporción e cantidade que superan á media galega (22% e 467,7€, respectivamente). A cidade galega que conta unha maior porcentaxe de lares con gasto en hipoteca é Lugo (31,7%), sendo Pontevedra a que rexistra un maior gasto medio mensual neste concepto (551,7€/mes).

Entre o ano 2002 e 2010 a cidade de Vigo viu cuadruplicado o número de persoas estranxeiras. Nese período o número de inmigrantes pasou de 6.157 persoas (2,1% da poboación) a 16.735 (5,6%).

## **OPINIÓ DOS PROFESIONAIS E VOLUNTARIOS DOS COLECTIVOS E DAS INSTITUCIÓNS PRIVADAS**

### *1.- Resposta ás preguntas formuladas con varias opcións:*

- 1) Actuacións para diminuír a situación de pobreza e exclusión social
  - Con mellorías do emprego (principalmente), da vivenda e da educación
- 2) Grao de satisfacción coas actuacións das administracións no combate á pobreza e á exclusión social.
  - Nivel de compromiso satisfactorio (37,7%). Nunha escala de 0-10, a valoración alcanza unha media de 4,2.
  - Nivel de eficacia-eficiencia das medidas implementadas polas administracións. Satisfacción: 25,6%. Nunha escala de 0-10, a valoración alcanza unha media de 3,5.
- 3) Valoración do nivel de comunicación existente entre os centros.
  - Satisfacción: 61,9%. Nunha escala de 0-10, a valoración alcanza unha media de 5,5.
- 4) Comportamento da pobreza e exclusión social en Vigo, a curto e medio prazo:
  - Aumentará de forma moderada (51,1%), aumentará considerabelmente (28,9%), diminuirá (6,6%).

### *2.- Resposta prioritaria ás cuestións abertas formuladas:*

- 1) Cales cre que son as principais causas da pobreza no noso contorno?  
O desemprego.
- 2) Identifique os colectivos en risco de pobreza.  
Desempregados de longa duración
- 3) Hai novos pobres, cales e por que?  
Novos desempregados (que nunca recorran a axudas)
- 4) É suficiente a renda mínima de inserción?  
Non (Non chega. É só unha pequena axuda)
- 5) A crise financeira é a causa de máis pobreza? en que medida?  
Si (Destruíu emprego. Produce desempregados)
- 6) Estima adecuado o tratamento da pobreza nos medios de comunicación?  
Non. (Informes manipulados, sensacionalistas, tendenciosos, non exactos, frívolos, con morbo, non se lles dá o tratamento adecuado)
- 7) Hai conciencia suficiente entre a poboación xeral sobre a pobreza no noso municipio ou cremos que é algo doutros países?  
A resposta divídese practicamente, á metade, entre o si e o non.
- 8) Cre que se discrimina ás minorías/ mulleres/ drogodependentes/ recluídos/ maiores/ inmigrantes/ desempregados/ deficientes/ sen abrigo..? por que?  
Si. (Uns porque teñen un estigma e outros por razóns culturais e sociais)
- 9) Como evitar esa discriminación respecto de minorías/ mulleres/ drogodependentes/ recluídos/ maiores/ inmigrantes/ desempregados/ deficientes/ sen abrigo?  
Educación (campañas de sensibilización e divulgación, políticas de integración, información obxectiva)
- 10) Aumentou a afluencia de persoas en situación de pobreza nos últimos tempos na súa entidade?  
Si (25-40%) (Dous centros responderon que non e outros dous que igual)
- 11) Como mellorar a atención ao colectivo que atende a súa entidade: que propostas fai a súa organización?  
Variábel en función dos obxectivos e fins de cada centro (contratar máis profesionais, incrementar recursos, máis implicación da administración)
- 12) Son suficientes os programas e recursos que as administracións públicas destinan a terminar coa pobreza no ámbito no que traballa o seu colectivo? como evolucionaron?  
Insuficientes (a evolución de recursos é máis lenta que o aumento das necesidades)
- 13) Cumpren a súa función e son suficientes os programas de axuda económica familiar, de emerxencia social, as rendas mínimas de inserción ou as pensións non contributivas?  
Non (son escasas e tardan moito en tramitarse. Son só paliativos)
- 14) As redes de traballo social están suficientemente dotadas e coordinadas?  
Non están dotadas aínda que si coordinadas. (Hai algunhas, poucas, institucións que responden que nen están dotadas nen coordinadas)
- 15) Sería necesario un plano integral de inclusión social e unha lei específica? por que?  
En xeral, si. (Pero con planos específicos e concretos para conseguir unha mellor coor-

denación entre entidades, administración e usuarios) sete entidades non o cren necesario.

- 16) Cales son as principais dificultades que encontra a súa organización no seu traballo?  
Falta de recursos (Subsidios escasos e tardíos. Estabilidade no financiamento dos convenios e axudas)
- 17) Traballa o suficiente en coordinación con outros colectivos?  
Si (aínda que se podería mellorar)
- 18) Suxestións e opinións.

Variábeis en función dos obxectivos de cada centro.

Demandan centro de inclusión social. Non un albergue senón un fogar con talleres ocupacionais, zonas de recreo.. Conseguir consenso co albergue. Evitar a duplicidade de accións sociais. As prestacións sociais deberían ter a mesma contía que o salario mínimo interprofesional.

## ENQUIISA SOBRE A EXPERIENCIA DA POBREZA

Até unhas dúas terceiras partes (66,0%) son desempregados (36,0% sen prestacións e 30,0% con elas). O resto distribúese entre traballadores activos e xubilados (7,5% ambos os grupos) e persoas que realizan traballos non remunerados (1,6%). A proporción de persoas que se identifican con outra situación laboral é de 17,4%.

Entre as persoas que recoñecen ser traballadores en activo predomina a ocupación de obreiro cualificado (21,1%), empregado nalgún servizo, de oficina e industrial/propietario dunha empresa (15,8% en ambas as actividades), mando dentro dunha empresa e comerciante, artesán ou propietario dun comercio (10,5% en ambos os casos) así como o exercicio dunha profesión liberal (5,3%). Tres cuartas partes das persoas que declararon realizar traballos non remunerados nunca exerceron unha actividade profesional remunerada.

As persoas que asisten a centros de tratamento de drogodependencias e alcoholismo representan o 45,3% dos inquiridos, seguidos polos que recorren a centros de exclusión social (39,0%). A maior distancia áchanse os relacionados con colectivos de inmigración e minorías étnicas (10,2%). Pola súa baixa representatividade e procedencia diversa (por exemplo, maternidade e infancia), a efectos da súa análise, o 5,5% das enquisas recibidas foron clasificadas como noutra situación.

Ao seren preguntados sobre a identificación persoal das persoas entrevistadas cos grupos da poboación con máis probabilidades de caír na pobreza, definidos na enquisa do Eurobarómetro "Pobreza e Exclusión Social", o 28,0% responden á situación de desempregados e o 18,1% á de persoas con dependencias (drogas, álcool ou outras). Outros grupos sociais son as persoas con baixo nivel de educación, formación ou habilitacións (7,9%), mulleres (7,5%), persoas con deficiencias ou que padecen doenzas crónicas (6,3%), inmigrantes (5,1%) e per-

soas da terceira idade con pensión mínima (4,3%). A maior distancia sitúanse as persoas en situación de prostitución e con problemas mentais (2,0% en ambos os colectivos), con traballo precario (1,6%), xuventude con traballos precarios e xitanos (1,2% en ambos os casos) e familias monoparentais (0,8%).

Segundo a enquisa realizada, recorren a centros especializados no seguimento de situacións de drogodependencia e alcoholismo a totalidade das mulleres en situación de prostitución, o 82,6% das persoas dependentes de sustancias (drogas, álcool ou outras), 80,0% das que teñen problemas mentais, 66,7% dos mozos con traballos precarios, 50,0% dos que non se identificaron con ningún grupo en particular, 42,1% das mulleres, 32,4% dos desempregados e o 9,1% das persoas maiores con pensión mínima.

Os motivos persoais máis comúns son as dependencias (álcool, drogas,...), referida polo 29,1% dos inquiridos, o feito de non ser suficientemente apoiados polos seus familiares ou amigos cando necesitaron (27,2%), a falta de educación, formación ou habilitacións (25,2%) ou proceder dunha familia pobre (23,2%).

A opinión máis habitual que explica porque é que algunhas persoas se tornan en sen abrigo é a perda do emprego e a imposibilidade de arranxar outro (55,9%) e a dificultade para pagar unha vivenda (53,5%). Até 44,5% pensa que é debido a que son persoas dependentes de sustancias tóxicas e 28,0% a que non teñen acceso ás prestacións sociais ou aos servizos de axuda.

Con relación aos programas públicos aplicados no combate á pobreza, case dúas en cada cinco persoas inquiridas (39,4%) opinan que estas políticas e programas mellorarían a situación, mentres o 42,5% cre que non teñen moito efecto. Até 7,5% cre que as agravarían.

Se nos fixarmos no que a maioría das persoas inquiridas pensan que o goberno debería facer para axudar a saír da pobreza, obsérvase que a prioridade absoluta debería ser proporcionar postos de traballo (72,8%) seguida de axudar os pobres a acceder a unha vivenda digna e a un prezo razoábel (50,4%). Igualmente, garantir o crecemento económico para mellorar o nivel de vida en xeral (48,4%), ofrecer prestacións sociais/pensións suficientes que aumenten regularmente (38,2%), ofrecer formación e titulacións (34,3%), mellorar o acceso aos servizos sociais (31,9%) e loitar contra todos os tipos de discriminación (26,0%).

## ENQUISA SOBRE A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

### *1. Percepción da cidadanía viguesa*

Nos anos 2007 e 2009 a Comisión Europea elaborou un Eurobarómetro sobre a Pobreza e a Exclusión Social abranxendo os vinte e sete países da Unión Europea

sobre a situación da cidadanía relativamente a esta realidade social. O último destes relatos, realizado entre agosto e setembro de 2009, foi publicado pola Comisión Europea en xaneiro de 2010 coincidindo coa declaración do Ano Europeo de Combate á Pobreza e á Exclusión Social.

Con base nesta experiencia a Oficina do Valedor do Cidadán deseñou un cuestionario de 25 preguntas (ver Anexo IV) para coñecer a percepción que sobre a pobreza e a exclusión social ten a cidadanía no municipio de Vigo. Esta foi realizada nos meses de febreiro e marzo de 2011.

Os resultados desta enquisa foron analizados en nivel global de Vigo nunha primeira instancia e logo por zonas e distritos. Algunhas variábeis socio-demográficas, tais como o xénero, a idade e a situación laboral dos entrevistados foron utilizadas para detallar aínda máis a análise.

A fin de comprender mellor as percepcións e as actitudes dos/as vigueses/as relativamente á pobreza e á exclusión social tivéronse en conta algunhas variábeis

chave como a facultade dos lares para chegar con diñeiro ao fin do mes, a percepción dos entrevistados sobre a xeneralización da pobreza ou a capacidade dos lares a pagar as súas facturas ou a facer frente aos seus créditos.

A maioría da poboación viguesa (54,7%) encádrase entre os tramos de idade comprendidos entre 31-60 anos (30,2% entre os 31-45 e 24,5% entre 46-60). O de idade maior de sesenta anos (26,8%) supera ao da poboación máis nova (18,5%). No total, o 48,7% das persoas entrevistadas son menores de 45 anos.

Un 44,3% considérase traballador/a en activo desde as definicións habituais. O restante distribúese entre persoas xubiladas (19,5%), desempregadas (15,9%), que realizan traballos non remunerados (11,5%) e estudantes (8,7%).

De resto, as persoas en situación de desemprego representan case unha cuarta parte (23,4%) entre os 31-45 anos, 21,4% das situadas entre os 18-30 e o 17,3% das que teñen 46-60 anos. Entre as persoas con idade superior aos 60 anos, os desempregados representan un 2,5%.

Na mostra analisada están en situación de desemprego unha cuarta parte dos habitantes da zona rural (25,3%), un en cada cinco da semiurbana (20,0%) e 10,6% na urbana. Na zona rural é tamén onde se rexistra a maior proporción de persoas a realizar un traballo non remunerado (15,6%) contra 8,5% da urbana. A maior proporción de traballadores/as en activo, estudantes e xubilados rexistrouse na zona urbana cunhas porcentaxes do 47,2%, 12,5% e



21,2%, respectivamente. Por distritos, a maior proporción de desempregados produciuse no 7 (28,1%) e 8 (25,8%) contra o 6 e 2 (6,9% e 7,1%, respectivamente). Destaca igualmente a maior proporción de persoas xubiladas nos Distritos 2 (29,9%) e 6 (29,0%) contra o 8 (5,6%).

Segundo o estudo realizado, os/as vigueses/as teñen diferentes percepcións da noción da pobreza. Para máis dun terzo dos inquiridos (34,6%) pobreza significa non poder comprar bens de primeira necesidade (alimentación, vivenda, roupa,...). Un 17,7% identifícaa cando os recursos dunha persoa son limitados ao punto de as impedir de participar activamente na sociedade en que viven. Unha minoría non desprezábel de vigueses/as (11,8%) é da opinión de que as persoas son pobres se viven con menos rendementos por mes do que os definidos polo limiar da pobreza. Para o 7,4% ser pobre é depender de institucións de caridade ou de subsidios do Estado.

Ao pesquisar ao conxunto da cidadanía onde situaría a marxe económica a partir da cal unha persoa se pode considerar en situación de pobreza. Até 61,1% situou esta marxe nuns rendementos mensais inferiores a 600 euros e o 13,0% fíxoo en 700 euros.

Máis de dous terzos dos inquiridos (67,2%) achán que a pobreza no municipio de Vigo está bastante (50,0%) ou moito (17,7%) xeneralizada; mentres un cuarto (27,1%) é da opinión inversa e un 5,8% declara non saber.

Máis de nove en cada dez vigueses estiman que a pobreza aumentou en España (93,6%), na Galicia (91,9%) e en Vigo (91,2%); mentres o 85,9% pensan se incrementou no mundo e o 71,4% declaran que o fíxo no conxunto da UE.

O pesimismo da cidadanía de Vigo relativamente á melloría do comportamento da situación da pobreza no municipio ao longo dos próximos mesesponse de manifesto no feito de o 68,1% dos entrevistados acreditar que esta se verá incrementada, contra o 22,3% que opina que se irá manter estábel, 5,5% que diminuirá e un 4,0% que non se pronuncia.

Os/as vigueses/as non cren que haxa moitas persoas sen abrigo no seu lugar de morada. De forma xeral, o 20,5% afirma que non existe nengunha persoa sen abrigo onde viven, mentres que o 8,4% cre que hai moitas persoas nesa situación. Case un terzo (32,7%) dos entrevistados estima que hai algunhas persoas e algo máis dun cuarto (27,0%) pensa que hai poucos sen abrigo onde viven.

Case dúas terceiras partes dos vigueses/as (63,6%) acha que os desempregados corren máis riscos de seren pobres. Un 35,9% acreditan que son os traballadores precarios os máis vulnerábeis e o 33,7% ven maior risco entre as persoas dependentes de substancias (álcool, drogas ou outras). Outros grupos sociais vistos como máis vulnerábeis son as persoas maiores (22,2%), con baixo nivel de educación, formación ou habilitacións (20,2%), os inmigran-

tes (19,8%), con problemas de saúde mental (13,0%) e os deficientes ou os doentes crónicos (12,8%). Até 18,6% das persoas entrevistadas consideraron que non existe ningún grupo en particular en risco de ser pobre, podendo ser todos.

A maioría dos entrevistados non xulgan correr o risco de non poder pagar a alimentación ou outros bens de consumo habituais (82,0%), as facturas da súa vivenda (76,8%) ou os seus créditos ao consumo (51,4%). Os inquiridos que pensan que poden enfrentar un gasto inesperado ou dun montante elevado son menos numerosos (40,9%).

A percepción do risco de tornarse nunha persoa sen abrigo é considerábel entre a cidadanía viguesa. Así sendo, até 20,6% (suma de "moi" e "algo probábel") pensan que algún día poderían verse nesta situación. No total, o 71,3% manifesta non sentirse nunha situación de risco (38,0% nada probábel e 33,3% pouco probábel) e un 8,3% non respondeu á cuestión.

Nove en cada dez viganes/as desempregados/as (93,4%) achan difícil conseguir unha hipoteca, mentres que a media viguesa de persoas con esas dificultades é do 76,2%. Un 86,7% dos desempregados, en comparación coa media viguesa de 63,1%, teñen problemas para conseguir empréstimos, e o 31,0% achan difícil conseguir un cartón de crédito (a media viguesa é de 14,6%). Os impedimentos para acceder a unha conta bancaria (18,1%) triplican ás que encontra o resto da poboación (6,9%).

O elevado desemprego (62,9%) e os salarios baixos (40,6%) son as explicacións sociais máis comúns para a pobreza, ás que se xuntan a insuficiencia das prestacións sociais/pensións (28,4%) e o elevado custo dunha vivenda digna (21,5%). A maior distancia sitúanse as inxustizas existentes na sociedade (12,4%) ou a inevitabilidade da pobreza (7,7%).

Os motivos persoais máis comúns son as dependencias de substancias (álcool, drogas ou outras), referida polo 26,3% dos entrevistados, a falta de educación, formación ou habilitacións (22,2%), o feito de non seren suficientemente apoiados pola familia ou polos amigos cando precisaron (19,6%) e a existencia de problemas de saúde, doenzas crónicas ou deficiencias (16,2%).

A opinión máis habitual que explica porque algunhas persoas se tornan en sen abrigo é a perda do emprego e a imposibilidade de arranxar outro (64,9%). Máis de dúas persoas en cada cinco achan que é debido a que non poden pagar unha vivenda (44,3%) ou por causa das súas débedas (43,4%). As dúas seguintes razóns son referidas por máis dun cuarto das persoas: son dependentes de substancias (29,3%) e non teñen acceso ás prestacións sociais ou aos servizos de axuda (28,4%).

Tres viganes en cada dez afirman que o seu lar é capaz de chegar con diñeiro ao fin do mes lle facer facilmente (5,5% moi facilmente e 24,8% facilmente). Polo contrario, o 15,1% afir-

ma chegar con diñeiro ao fin do mes con dificultades (6,6% con moita dificultade, 8,5% con dificultade). A maioría de entrevistados (53,1%) seleccionaron as dúas categorías centrais (30,5% relativamente con facilidade e 22,6% con algunhas dificultades).

Dunha maneira xeral, os entrevistados teñen a tendencia a pensar que a súa situación económico-financeira durante este ano vai ficar igual (46,4%). Os que pensan que a súa situación se vai agravar (32,0%) son máis numerosos dos que pensan o contrario (19,3%). Isto dá conta do pesimismo sobre a situación económica.

A maioría dos vigueses/as que traballan (58,2%) esperan conservar o seu emprego nos próximos meses contra o 32,3% que non ten a impresión de gozar da seguranza no seu emprego.

Existe un amplo consenso (94,8%) de que a pobreza no noso país é un problema que require a acción urxente do goberno. A cidadanía viguesa tamén concorda que hoxe en día as diferenzas de ingresos entre as persoas son moi importantes (89,7%) e, en consecuencia, as máis abastadas deberían pagar máis impostos para que o goberno teña máis recursos para combater á pobreza (77,0%) e que o goberno debería asegurar que as riquezas do país se distribuísen equitativamente ente todos (69,3%).

Relativamente aos programas públicos aplicados no combate á pobreza, o 22,9% dos/as vigueses/as pensan que estas políticas e programas mellorarían a situación, mentres que o 59,1% pensa que non teñen moito efecto. O 14,0% considera que agravarían as cousas.

Segundo os/as vigueses/as, deberían recibir unha atención social prioritaria os menores abandonados ou vítimas dos maos tratos (72,9%), antes que as persoas sen abrigo (66,5%), as persoas desempregadas (59,7%) e as de idade (49,1%).

Unha esmagadora maioría concorda en que os gobernos consagran pouco ou nengún medio financeiro para axudar os sen abrigo: o 81,3% no caso do Goberno español, 81,2% no caso do municipal e o 80,1% no do galego.

En materia de combate á pobreza, os/as vigueses/as confían máis nas accións das ONG ou institucións de beneficencia (58,4%) que na propia cidadanía (54,2%) ou as institucións relixiosas (45,9%). Aínda que unha maioría esmagadora do 94,5% desexa que os gobernos actúen rapidamente, apenas o 35,1%, 32,6% e o 25,6% confían, respectivamente, nas accións da UE, Goberno galego e español de combate á pobreza, o que representa un nivel de confianza superior ao que se ten polas empresas privadas (19,1%). As accións do Concello de Vigo (27,4%) obteñen nesta materia mellores resultados que as do Goberno central. A confianza nas accións do Concello e, en xeral, do resto de administracións, é máis alta nas persoas con maior idade (34,6%) do que nas máis novas (21,4%).

Apesar do fraco nivel de confianza nas súas accións, os/as vigueses/as pensan en maior proporción que a responsabilidade primaria da redución ou da prevención da pobreza cabe ao goberno do Estado (49,7%) máis do que á UE (17,5%). A responsabilidade do Concello de Vigo (1,3%) ou do Goberno galego (4,5%) pola redución ou prevención da pobreza expresada polos entrevistados é inferior á depositada nas ONG ou institucións de beneficencia (9,9%), institucións relixiosas (4,9%) ou a propia cidadanía (5,4%). A responsabilidade nas empresas privadas situouse no 0,7%.

A “boa acción” máis referida polos/as vigueses/as ao seren inquiridos polo que fan para axudar ás persoas en situación de pobreza é a doazón de roupa (56,3%), seguida da entrega de alimentos (38,7%) ou diñeiro (32,0%). Case unha cuarta parte manifesta dar diñeiro a organizacións de beneficencia ou ás asociacións de axuda aos pobres (23,4%). Un en cada dez vigueses (11,3%) declarou non axudar nunca aos pobres.

## *2. Comparativa entre Vigo, UE e España*

Segundo o Eurobarómetro, para un cuarto dos europeos (24%), unha persoa é pobre cando os seus recursos son limitados ao punto de as impedir participar activamente na sociedade en que viven. Porén, a definición da pobreza preferida polos vigueses (35%) e españois (34%) é que unha persoa non se pode comprar bens de primeira necesidade (escollida como segunda opción polos europeos co 22%). A definición preferida polos europeos obtén o 22% en España e un 18% en Vigo.

Con respecto á evolución da pobreza en nivel estatal, vigueses (93%) e españois (91%) concordan en considerar que esta ten aumentado. Máis de oito en cada dez europeos (84%) tamén son da opinión de que se incrementou no seu país.

Con diferente proporción, vigueses, europeos e españois (64%, 56% e 51%, respectivamente) concordan en opinar que os desempregados teñen máis probabilidades de caír na pobreza. Por outro lado, a diferenza de Vigo (22%), europeos e españois coinciden en indicar (cunha proporción do 41% en ambos os casos) que a terceira idade é o grupo máis vulnerábel. Os europeos valoran máis a importancia da educación, formación ou habilitacións, xa que un 31% dos inquiridos, contra o 20% de Vigo e 17% de España, sitúa nese colectivo un risco maior. As persoas con empregos precarios é outro grupo social que os vigueses (36%), europeos e españois (29%) consideran máis vulnerábeis. O risco dos deficientes ou persoas que sofren doenzas crónicas é valorado en maior proporción polos europeos (29%) que por españois (21%) e vigueses (13%). No entanto, 34% dos vigueses sinalan ás persoas dependentes de substancias con maior risco, contra españois (14%) e europeos (26%).

Os españois mostran un maior risco de non poder pagar a tempo a hipoteca (25%)

ou aluguer (21%) que os europeos (13% en ambos os casos) e vigueses (17% e 16%, respectivamente). Porén, estes mostran os maiores índices de risco no referente a enfrentar un gasto imprevisto que alcance o limiar da pobreza (55%) ou a pagar a tempo os créditos ao consumo (34%). Europeos (19%) e vigueses (18%) presentan unha taxa de risco de falta de pagamento de facturas de subministracións da vivenda inferior á dos españois (24%). O risco de non cubrir a alimentación ou outros bens de consumo habituais é semellante entre españois (15%), vigueses (14%) e europeos (13%).

O risco que recoñecen os vigueses entrevistados de se tornar nun sen abrigo (21%) triplica ao manifestado por españois e europeos.

A alta taxa de desemprego é a causa social máis aparente da pobreza expresada tanto por españois e vigueses (63% en ambos os casos) como polos europeos (52%). A seguir, sitúase a precariedade dos soldos e salarios, referida polo 49%, 43% e 41% de europeos, españois e vigueses entrevistados, respectivamente. A proporción de entrevistados que opinan que a pobreza está ligada ao alto custo da vivenda alcanza o 27% en España, 26% na UE e o 22% en Vigo.

Entre as causas persoais destacan o baixo nivel de educación, formación e habilitacións (37% de media europea contra 23-22% de España e Vigo) ou as dependencias, referida como primeira causa persoal polos vigueses (26%) contra un 23% e 20% da media europea e española, respectivamente.

Españois (69%), vigueses (65%) e, en menor proporción, europeos (51%) concordan en situar a perda do emprego e a incapacidade de arranxar outro como a principal causa pola que algunhas persoas poden chegar a tornarse en sen abrigo. En segundo lugar, sitúase o alto custo da vivenda, manifestado polo 44%, 42% e 40% de vigueses, europeos e españois, respectivamente. O sobreendebedamento é referido por unha proporción considerábel de cidadáns (43% de vigueses, 40% de europeos e 39% de españois). A importancia da dependencia das substancias tóxicas é referida por 39% de europeos contra vigueses (29%) e españois (25%).

A facilidade coa que os lares vigueses, europeos (30% en ambos os casos) e españois (28%) declaran chegar con diñeiro ao fin do mes é semellante. Aínda así, son os lares vigueses os que declaran padecer unha situación máis difícil (15%) contra europeos (12%) e españois (10%).

A cidadanía viguesa declarou ser máis pesimista do que a media europea e española con base nunha maior proporción das que consideran que as súas expectativas serán piores (32%) contra o 12% e 17% da media española e europea, respectivamente.

A confianza en conservar o seu emprego nos próximos meses é superior na UE (78%) e España (75%) do que os inquiridos no municipio de Vigo (58%). A proporción de vigueses que manifestan non estar nada seguros co seu futuro laboral (16%) quintuplica á media española (3%) e triplica á europea (5%).

De media, un 89% dos europeos, 91% de españois e o 95% de vigueses piden aos gobernos estatais que tomen medidas urxentes para combater á pobreza. De forma semellante, o 90% de vigueses, 88% de europeos e o 87% de españois consideran que na actualidade as diferenzas de ingresos entre as persoas son moi importantes.

A maioría das persoas entrevistadas na Europa (64%), Vigo (59%) e España (53%) consideran que as políticas e programas públicos destinados a axudar ás persoas en situación de pobreza non teñen moita efectividade. No entanto, os vigueses entrevistados móstranse máis pesimistas (14%) do que os españois (11%) e europeos (10%).

Case tres cuartas partes dos vigueses (73%) e dous terzos de europeos (65%) e españois (64%) concordan en identificar aos menores abandonados ou vítimas de maos tratos entre os grupos máis vulnerábeis que deberían recibir unha atención social prioritaria.

A media da cidadanía viguesa entrevistada que considera que o gasto das institucións públicas estatais non axuda en nada ás persoas sen abrigo é superior (32%) á española e europea (12% en ambos os casos).

O grao de confianza nas institucións europeas para combater á pobreza é maior entre os españois (54%) que entre os europeos (45%) e vigueses (35%). Aínda que existe unha opinión xeneralizada de desconfianza no papel dos gobernos estatais neste combate, o grao mostrado polas persoas inquiridas en Vigo é menor (26%) ao de españois (40%) e europeos (36%). Igualmente, os gobernos autónomos e locais obteñen as medias máis baixas.

A confianza no papel das ONG ou institucións benéficas é xeneralizada, con medias que van do 67% da española ao 58% da viguesa. De igual maneira, os vigueses entrevistados son os que menos confían na acción da propia cidadanía (54%) contra o 57% de europeos e 69% de españois.

A maioría dos inquiridos en toda España (67%), Europa (53%) e Vigo (50%) opina que os gobernos estatais son os principais responsábeis á hora de combater á pobreza.

Dar roupa ás persoas en situación de pobreza é a acción preferida pola cidadanía entrevistada tanto na Europa e España (57% en ambos os casos) como en Vigo

(56%). A media española (41%) e viguesa (39%) que declara dar alimentos a estas persoas

é superior á europea (28%). No entanto, a media europea (36%) é superior á viguesa (23%) e española (28%) á hora de contribuír economicamente coas institucións de beneficencia ou asociacións de axuda aos pobres.

A opción de dar diñeiro directamente ás persoas en situación de necesidade é máis referida polos españois (42%) que por vigueses (32%) e europeos (30%).

Información complementar

- Recursos das administracións públicas existentes no municipio de Vigo (páxs.118-142)
- Recursos da iniciativa social e das institucións privadas existentes no municipio de Vigo (páxs. 142-192).

## **PERCEPCIÓN CIDADÁ SOBRE A CALIDADE DE VIDA.**

### **Aplicación ao municipio de Vigo e comparativa con outras cidades europeas.**

A enquisa de Percepción Cidadá sobre a Calidade de Vida realizada polo Urban Audit, publicada en 2010 pola Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea, foi o punto de partida para a realización de parte do estudo que se presenta pois, pola primeira vez, foi posible comparar os resultados obtidos destas enquisas en 75 cidades europeas e que asinaran a Carta de Aalborg (Carta das Cidades e Poboacións Europeas cara á Sustentabilidade, 1994) cos de Vigo.

Por iso, levouse a cabo en Vigo durante os meses de xaneiro e febreiro de 2011 un estudo semellante, mantendo as mesmas técnicas e métodos operativos, para conseguir así criterios de medición uniformes que servisen para comparar os valores obtidos para Vigo coa media e con cada unha das cidades do estudo Urban Audit.

Este programa, posto en marcha pola Dirección Xeral de Política Rexional da UE, existe grazas á actuación conxunta dos 27 institutos estatais de estatística, coordinados polo Eurostat. A información recollida fai referencia a variábeis que describen a calidade de vida en diversas cidades europeas. Os datos recompilados mediante esta actuación, sen precedentes, foron utilizados na elaboración dun relatorio. Alén diso, para obter informacións complementares, foi realizada unha enquisa de opinión entre os habitantes sobre a calidade de vida na propia cidade de residencia.

Este inquérito abranxeu 75 poboacións (70 dos 27 países da UE e 5 da Croacia e Turquía) para comprobar a opinión dos seus residentes sobre a calidade de vida na súa propia cidade. Na enquisa foron tratadas varias cuestións como o emprego, o medio ambiente, a vivenda, o

transporte, a cultura e os servizos urbanos.

Aproveitando esta circunstancia, analisáronse tamén as valoracións cidadás obtidas sobre diferentes indicadores que definen a calidade de vida da cidade de Vigo a partir de tres perspectivas: global, a súa comparativa con outras cidades do seu entorno e a súa evolución desde 2007. Alén diso, foi analisada especificamente a valoración cidadá sobre os servizos municipais.

A enquisa foi levada a cabo entre os meses de xaneiro e febreiro de 2011 mediante unha entrevista persoal con cuestionario na vía pública por parte dunha equipa de colaboradores/as da Oficina do Valedor do Cidadán. O universo da enquisa é representativo para o número de habitantes de Vigo e é proporcionalmente semellante ou superior ao das enquisas de percepción cidadá realizadas por outras cidades consultadas. O tamaño da mostra foi de 2.014 individuos, sendo os resultados pormenorizados tanto globalmente como por zonas (urbana, semiurbana e rural).

### **Valoración cidadá sobre a calidade de vida na cidade**

*Parámetros xeradores de maior grao de satisfacción:*

1. Vigo é unha cidade para vivir e traballar (88,8%)
2. Vigo goza de capacidade de atracción turística (83,1%)
3. Vigo é unha cidade adecuada para crear e desenvolver empresas (72,0%)
4. Vigo integrouse nas novas tecnoloxías (72,0%)
5. A calidade do espazo construído (rúas, prazas, espazos públicos) (70,2%)

*Parámetros xeradores de menor grao de satisfacción:*

1. O Goberno español axuda o suficiente a Vigo (22,1%)
2. A calidade e nivel de retribución dos postos de traballo (24,0%)
3. Facilitade para encontrar unha vivenda a un prezo razoábel (24,5%)
4. As oportunidades laborais (24,6%)
5. A Deputación presta axuda á cidade (24,6%)

### **Valoración cidadá sobre os servizos no municipio**

*Parámetros xeradores de maior grao de satisfacción:*

1. Hostalería e restauración (86,8%)
2. A calidade do comercio existente (85,6%)
3. A rede educativa (colexios e escolas públicas) (79,2%)
4. O porto da cidade (77,8%)
5. Os espazos verdes (parques e xardíns) (74,9%)



*Parámetros xeradores de menor grao de satisfacción:*

1. Sistema público de pensións (26,3%)
2. Os servizos de benestar e asistencia social (48,4%)
3. A accesibilidade a Internet desde lugares públicos (48,9%)

### **Comparación cos resultados da enquisa de 2007**

Os estudo tamén compara comparados os resultados obtidos nesta “Enquisa de percepción cidadá sobre a calidade de vida no municipio de Vigo” cos parámetros do Indicador Común Europeo de Sustentabilidade A-11 editado en 2007 pola Oficina do Valedor do Cidadán de Vigo.

O grao de satisfacción da cidadanía de Vigo como lugar para vivir e traballar mantense, dentro do período analizado, en niveis elevados (88,8%). Con respecto ao indicador do ano 2007 experimenta un incremento do 20,0%.

Entre os parámetros analisados o nivel de satisfacción aumenta en todos eles, excepto a posibilidade de encontrar un emprego e os servizos culturais e de lecer, que experimenta unha baixada de 32,6% e 8,2%, respectivamente.

A seguir reflíctense as variacións experimentadas polos diferentes servizos:

*Parámetros que experimentan un maior incremento de valoración desde 2007:*

1. Mobilidade e tráfico: + 84,4%
2. Calidade do espazo construído: + 50,0%
3. Seguraza cidadá: + 47,0%
4. Servizo de transporte público: + 38,8%

*Parámetro que diminúe o grao de satisfacción desde 2007:*

1. Oportunidades laborais: -32,6%
2. Servizos culturais e de lecer: - 8,2%

### **Análise comparativa con outras cidades europeas**

O estudo compara os niveis de calidade de vida en Vigo coas cidades europeas de poboación comprendida entre 200.000 e 400.000 habitantes (un total 28 urbes europeas pertencentes a 18 países europeos), destacándose o seguinte:

- Parámetro en que Vigo é superior ao rexistro máximo das cidades: Valoración da dificultade para chegar con diñeiro no fin de mes
- Parámetros en que Vigo é similar ao máximo das cidades:

- A contaminación acústica é un problema
- A integración dos estranxeiros
- Parámetro en que Vigo é similar ao mínimo das cidades: Satisfacción cos equipamentos culturais
- No resto de parámetros o municipio de Vigo está situado entre os valores máximos e mínimos.

En relación á media da UE, Vigo sitúase nunha posición notabelmente superior à media europea en integración dos estranxeiros e limpeza, levemente superior en seguranza cidadá e satisfacción coas instalacións deportivas, levemente inferior en gasto responsábel dos recursos, calidade do espazo construído, accesibilidade á vivenda e asistencia sanitaria e hospitalar e notabelmente inferior en contaminación acústica, equipamentos culturais, servizos administrativos eficientes e dificultades para chegar con diñeiro no fin de mes. Nun nivel semellante prodúcese nos parámetros seguranza cidadá na zona de residencia, oportunidades laborais, transporte público, espazos verdes e contaminación atmosférica.



## **ANEXOS**

- Expedientes actualizados até marzo de 2012
- IV Encontro Estatal de Defensorías Locais
- Resumo das actuacións levadas a cabo no ano 2011



## EXPEDIENTES ACTUALIZADOS ATÉ MARZO DE 2012

Non obstante o período real que abranxe esta memoria, faise unha sucinta referencia a aqueles expedientes que tiveron actividade por parte das distintas unidades municipais en forma de resposta ou información e que se consideran pechadas en marzo de 2012, cando se rematou de redactar o presente informe.

### ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

#### EXPEDIENTE 61/2006

Queixa en relación co estado de abandono dun terreo propiedade do Concello, o que supón un perigo para a saúde dos residentes da zona.

Con data 17/02/2012 recíbese informe do Departamento de Sanidade no que indícase que xira da visita da inspección municipal de Sanidade o 08/02/2012 resulta que o terreo emprazado atópase limpo de maleza.

Do que se da cumprida información ao interesado o 22/02/2012.

Sen mais incidencias.

### ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

#### EXPEDIENTE 76/2008

Queixa en relación coa denegación da execución da taxa pola recollida de lixo.

Con data 10/02/2012 recíbese informe do Tribunal Económico Administrativo no que se acorda resolver desestimando a reclamación económica-administrativa cuestionada.

Do que se da cumprida información ao interesado o 14/02/2012.

Sen mais incidencias.

## INFORMACIÓNS PARCIAIS RECIBIDAS ATA MARZO DE 2012

### EXPEDIENTE 79/2008

Queixa en relación coas obras de peche dun espazo ao redor duns edificios, espazo cedido á cidade de Vigo.

Con data 17/02/2012 recíbese informe do Servizo de Patrimonio no que indica que o expediente está pendente do informe da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Do que se da cumprida información ao interesado o 22/02/2012, indicando que en datas vindeiras instarase de novo a información necesaria.

### EXPEDIENTE 67/2010

Queixa en relación co estado calamitoso dunhas fincas.

Con data 17/02/2012 recíbese informe do Servizo de Sanidade (Medio Ambiente) no que indica que o 09/12/2011 o inspector municipal de Sanidade xira nova visita de inspección aos terreos denunciados e comproba que seguen con maleza, polo que o 18/01/2012 a Concellería de Medio Ambiente dita nova resolución pola que se ordena, de novo, levar a cabo a limpeza dos terreos dando un prazo de 30 días para cumprir coa orde de execución.

O que se comunica ao interesado o 22/02/2012 indicando que, en datas vindeiras, instarase información actualizada.

### EXPEDIENTE 1/2011

Queixa en relación cos danos e lesións acaecidos pola colocación dun sumidoiro.

Con data 03/01/2012 recíbese informe de Patrimonio no que indica que o expediente atópase pendente de formular a correspondente proposta resolutoria ó órgano municipal correspondente.

Do que se da cumprida información ao interesado o 05/01/2012, indicándolle que en datas vindeiras instarase nova información ao respecto, que se formaliza o 09/02/2012, recibíndose resposta o 24/02/2012 no que se informa que o expediente resolveuse con data 16/02/2012 atopándose pendente da súa notificación ao interesado o que se levará a cabo na maior brevidade posible, o que se traslada ao interesado o 27/02/2012.

## IV ENCONTRO ESTATAL DE DEFENSORÍAS LOCAIS

No pasado 5-7 de outubro de 2011 tivo lugar en Granada o IV Encontro Estatal de Defensorías Locais. A seguir reproducimos as conclusións, propostas e acordos tomados nese encontro, recollidas como DECLARACIÓN DE GRANADA.

“Reunidos en Granada, en el IV Encuentro Estatal de Defensorías Locales, después de compartir nuestras experiencias y opiniones sobre las ponencias presentadas acordamos las siguientes conclusiones, propuestas y acuerdos:

### I.- La acción de las defensorías en tiempos de crisis.

*Ante la actual situación de crisis que vivimos en nuestra sociedad las defensorías deben ser capaces de generar un discurso propio y consistente jurídicamente que les permita desarrollar sus actuaciones de forma eficaz para la protección y la defensa de los derechos económicos, sociales y culturales de la ciudadanía.*

*Los síndicos y defensores locales nos comprometemos a efectuar un seguimiento del impacto de los eventuales recortes en las políticas públicas de protección social, con el objeto de poner de manifiesto aquellas acciones u omisiones que supongan un detrimento o reducción de prestaciones que lesionen los contenidos esenciales de los derechos sociales.*

*El necesario respeto al propio ejercicio de las competencias de las defensorías locales, en cuanto a la protección de los derechos de la ciudadanía, ante la administración municipal, no excluye a la vez, su capacidad y función de mediar, informar y orientar a aquellas personas que se encuentran en situaciones de precariedad.*

### II.- Las Defensorías Locales como impulso de la buena administración

*Las Defensorías pueden y deben jugar un papel relevante en la promoción del Derecho a la Buena Administración, compendio de todos los derechos:*

- 1.- actuando como un verdadero control de calidad democrática*
- 2.- como agente de participación ciudadana*
- 3.- y como mecanismo de denuncia de toda clase de desviaciones de poder.*

### III.- Actuaciones y soluciones de las Defensorías Locales.

*En el último año se han tramitado más de 16.000 quejas por parte de las 74 Defensorías Locales, que han sido atendidas favorablemente en un 65% por parte de las Administraciones.*



*Las encuestas de satisfacción de la ciudadanía resaltan como fortalezas de las Defensorías Locales la atención personalizada, la proximidad de la institución, la agilidad en la tramitación y su independencia política.*

#### **IV.- Demanda y prestaciones sociales.**

*Se detecta un aumento de las demandas de prestaciones sociales que en algunos casos han llegado a las propias Defensorías, sin embargo no se ha producido en general un aumento del presupuesto social. Los Defensores locales somos plenamente conscientes de nuestras limitaciones en esta materias sin embargo entendemos que podemos desarrollar determinadas medidas tales como:*

- 1.- Información más clara y concreta sobre los recursos sociales.*
- 2.- Supervisión del cumplimiento de los plazos administrativos.*
- 3.- Proponer la creación de Mesas cívicas, compartidas con el tercer sector para construir consensos en esta materia.*
- 4.- Recomendar la adecuación de unos servicios sociales más adaptados a los nuevos usuarios.*
- 5.- Proponer que para el 2012 no se disminuyan los presupuestos sociales en tanto en cuanto son servicios fundamentales que se encuentran recogidos en el artículo 26 de la Ley de Bases de Régimen Local.*

#### **V.- Escasez de recursos y prioridades municipales.**

*Las defensorías locales deben aprovechar y potenciar la proximidad con la ciudadanía para hacer llegar al gobierno local sus necesidades; en ese sentido las Defensorías deben ser rigurosas en la defensa de la aplicación de la Ley haciendo un seguimiento de las actuaciones de la Administración para no generar indefensión.*

*En sus propuestas las Defensorías deben impulsar:*

- 1.- La racionalización de los recursos y transparencia en las actuaciones de la Administraciones Públicas.*
- 2.- La oportunidad para revisar las competencias y procesos optimizando las inversiones.*

*3.- Una redistribución equitativa de las cargas y gravámenes de la ciudadanía*

*En consecuencia con todo lo anterior las Defensorías locales se comprometen a reforzar sus estándares de calidad para ser más eficaces y eficientes a través de herramientas como pueden ser: autoevaluaciones, cartas de servicios, certificaciones ISO de calidad..*

**VI. Acuerdos**

*Las sindicaturas locales acordamos celebrar nuestro V Encuentro Estatal en la ciudad de Barcelona y convocar, en la misma ciudad, a la Comisión Permanente para una sesión de trabajo preparatoria del mismo.*

*En Granada a 7 de octubre de 2011".*



## RESUMO DAS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO NO ANO 2011

**ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE:** 1250 (un 11% máis que no ano 2010).

**Consultas diarias e entrevistas persoais que deron lugar a intervencións e mediacións:** 1034 (un 22,5% máis que no ano 2010).

A súa distribución por temáticas foi a seguinte:

- BENESTAR SOCIAL: 59 (5,7%)
- CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL: 42 (4,1%)
- EDUCACIÓN: 21 (2,0%)
- MEDIO AMBIENTE: 125 (12,1%)
- MOBILIDADE E SEGURANZA: 109 (10,5%)
- PARTICIPACIÓN CIDADÁ: 44 (4,3%)
- SERVIZOS XERAIS: 93 (9,0%)
- URBANISMO: 117 (11,3%)
- XESTIÓN MUNICIPAL: 86 (8,2%)
- OUTROS: 338 (32,7%) Neste apartado destacan as consultas/entrevistas relacionadas con Consumo (136), cuestións civís (98) e outras administracións (104).

Ao igual que o observado no ano 2010, as entrevistas que se engloban dentro do apartado "outros" no están estrictamente vinculados con conflitos relacionados con el Concello, incrementáronse en 7,6% ao longo do ano 2011. Estas están relacionadas con asuntos variados: pagamento de hipotecas de desemprego, dificultades económicas para chegar ao fin de mes, pensións, temas de consumo, comunidades de veciños, cuestións xudicializadas.

**Consultas por correo electrónico:** 152 (un 36,9% máis que no ano 2010).

Por temáticas a distribución foi:

- ASUNTOS SOCIAIS: 14 (9,2%)
- MEDIO AMBIENTE: 17 (11,2%)
- MOBILIDADE E SEGURANZA: 41 (27,0%)
- PARTICIPACIÓN CIDADÁ: 6 (3,9%)
- SERVIZOS XERAIS: 23 (15,1%)
- URBANISMO: 14 (9,2%)
- XESTIÓN MUNICIPAL: 9 (5,9%)
- OUTROS: 28 (18,4%)

**Expedientes:** Estas actuacións teñen lugar cando fracasan as mediacións expostas no apartado anterior.

Por terceiro ano consecutivo, o número de expedientes resoltos 73, supera aos que se rexistraron por primeira vez no ano 2011 (64).

Foron concluídos 34 expedientes pertencentes aos anos anteriores, 3 (2006), 5 (2007), 3 (2008), 3 (2009), 20 (2010), alén de 40 do ano 2011.

Desde o comezo das actividades desta Valedoría do Cidadán no ano 2002, o número de expedientes resoltos ata o momento actual (Decembro 2011) é do 89,6% dos iniciados, cifra que aproximase a media das 74 cidades españolas nas que existe esta figura.

## ACTUACIÓNS DE OFICIO

Foron analizadas as causas da pobreza e da exclusión social da cidadanía que formulaba con preocupación estes problemas: *Probreza e exclusión social. Perspectiva comparada e estudo específico do municipio de Vigo* (edicións en galego e castelán).

Por outra parte, publicouse o estudo *Percepción cidadá sobre a calidade de vida. Aplicación ao municipio de Vigo e comparativa con outras cidades europeas*.

O obxectivo deste estudo foi seguir as directrices do Urban Audit., publicadas pola Dirección Xeral da Política Rexional da Comisión Europea, comparando así os resultados obtidos, mediante enquisas, en 75 cidades europeas asonantes da Carta de Aalborg (Carta das Cidades e Poboacións Europeas cara a Sustentabilidade, 1994).

O número total de enquisas realizadas entre os dous estudos foi de 4028.

## Páxina web do Valedor do Cidadán

A web do Valedor do Cidadán (<http://hoxe.vigo.org/oconcello/valedor>) rexistrou no ano 2011 un total de 14.543 visitas e 10.920 descargas de documentos.

Os informes e monografías máis solicitadas foron *Rutas peonís do municipio de Vigo (1901)*, *o informe ao Pleno do ano 2009 (1207)*, *Percepción social do fenómeno do botellón. Aplicación ao municipio de Vigo (1150)*, *Hábitos de consumo sobre enerxía, auga, xeración de residuos e produtos que fomentan a sustentabilidade (820)*, *Gestión de la contaminación acústica. Análisis de la legislación estatal y propuestas de aplicación para la administración local (809)*.

1 "Satisfacción de la ciudadanía con su comunidad local. Aplicación al municipio de Vigo" Ed. Valedor do Cidadán (2007).